

61 Regap

Revista Galega de Administración Pública

Núm. 61 (xaneiro-xuño 2021)

_ESTUDIOS **[01]** CERRILLO I MARTÍNEZ, Agustí. Robots, asistentes virtuais e automatizacións das administracións públicas **[02]** REY MARTÍNEZ, Fernando. O organismo español para a igualdade: claves para a súa converxencia co modelo europeo **[03]** DE LA TORRE MARTÍNEZ, Lourdes. Os concellos e as infraestruturas da sociedade da información **[04]** CARRO CASTRO, Francisco Javier. As edificacións tradicionais do artigo 40 da Lei do solo de Galicia: concepto, evolución e análise **[05]** PARDO RODRÍGUEZ, Sabela. Os condominios no Dereito comparado e no Dereito urbanístico galego **_COMENTARIOS E CRÓNICAS** **[06]** BARBEITO POSE, Víctor José e BUSTELO ABUÍN, Julián. As deficiencias das ferramentas de xeolocalización dos xacementos arqueolóxicos e as súas consecuencias sobre a protección do patrimonio cultural de Galicia **[07]** IGLESIAS REY, Patricia. Ideas forza en clave xurídica para a captación dos fondos europeos de recuperación: Next Generation EU **[08]** NEIRA BARRAL, Daniel. Os efectos da Directiva ECN+ no sistema de competencia español **[09]** DE COMINGES CÁCERES, Francisco. Xurisprudencia contencioso-administrativa **_RECENSIÓNS** **[10]** FUERTES LÓPEZ, Mercedes. Administración y doctrina de los actos propios. Incoherencias aplicativas **[11]** ARMAS CASTILLA, Noel. El derecho de acceso a la información pública **[12]** VARELA HERNÁNDEZ, Anxo. Buen gobierno y buena administración. Cuestiones clave **[13]** VIOQUE MARTÍNEZ, Emma. Mujer y desarrollo sostenible en el medio rural **[14]** ÁLVAREZ BUJÁN, María Victoria. La responsabilidad patrimonial en tiempos de pandemia

_ESTUDIOS **[01]** CERRILLO I MARTÍNEZ, Agustí. Robots, asistentes virtuales y automatización de las administraciones públicas **[02]** REY MARTÍNEZ, Fernando. El organismo español para la igualdad: claves para su convergencia con el modelo europeo **[03]** DE LA TORRE MARTÍNEZ, Lourdes. Los municipios y las infraestructuras de la sociedad de la información **[04]** CARRO CASTRO, Francisco Javier. Las edificaciones tradicionales del artículo 40 de la Ley del suelo de Galicia: concepto, evolución y análisis **[05]** PARDO RODRÍGUEZ, Sabela. Los condominios en el Derecho comparado y en el Derecho urbanístico gallego **_COMENTARIOS Y CRÓNICAS** **[06]** BARBEITO POSE, Víctor José y BUSTELO ABUÍN, Julián. Las deficiencias de las herramientas de geolocalización de los yacimientos arqueológicos y sus consecuencias sobre la protección del patrimonio cultural de Galicia **[07]** IGLESIAS REY, Patricia. Ideas fuerza en clave jurídica para la captación de los fondos europeos de recuperación: Next Generation EU **[08]** NEIRA BARRAL, Daniel. Los efectos de la Directiva ECN+ en el sistema de competencia español **[09]** DE COMINGES CÁCERES, Francisco. Jurisprudencia contencioso-administrativa **_RECENSIONES** **[10]** FUERTES LÓPEZ, Mercedes. Administración y doctrina de los actos propios. Incoherencias aplicativas **[11]** ARMAS CASTILLA, Noel. El derecho de acceso a la información pública **[12]** VARELA HERNÁNDEZ, Anxo. Buen gobierno y buena administración. Cuestiones claves **[13]** VIOQUE MARTÍNEZ, Emma. Mujer y desarrollo sostenible en el medio rural **[14]** ÁLVAREZ BUJÁN, María Victoria. La responsabilidad patrimonial en tiempos de pandemia

A REGAP, que iniciou a súa andaina en 1992, estruturárase ao xeito clásico das publicacións deste tipo con estudos doutrinarios, xurisprudenciais e normativos. Pero é vontade desta Administración que se dedique a temas de actualidade, que analice e achegue a contribución dos máximos e máis destacados especialistas en temas como o dereito autonómico, as novas tecnoloxías, os retos da Administración no século XXI, o estatuto dos empregados públicos ou a ordenación do territorio e o medio. E en especial, pretende reservarlle un espazo destacado á Administración local, aos seus funcionarios, ao réxime xurídico destas administracións e a problemas que lle afectan directamente, como a súa articulación territorial, financiamento, réxime xurídico dos seus bens, urbanismo, etc. Os principais destinatarios desta revista son os empregados públicos e os profesionais do sector privado que desenvolven as súas actividades no eido do dereito.

En suma, pretende converterse na publicación de dereito público de referencia da Comunidade Autónoma de Galicia, e ao tempo alcanzar as máis altas cotas de calidade científica. Actualmente atópase catalogada no Directorio Latindex e está incluída na base de datos DICE (Difusión e Calidade Editorial das Revistas Españolas de Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas - CSIC), REBUIN (Rede de Bibliotecas Universitarias) e DIALNET.

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Directora: **Sonia Rodríguez-Campos González**, directora da Escola Galega de Administración Pública (Galicia, España); codirector: **Juan J. Raposo Arceo**, UDC (Galicia, España); directora técnica: **Diana Santiago Iglesias**, USC (Galicia, España); secretario: **Alejandro Villanueva Turnes**, USC (Galicia, España). Vogais: **Beatriz Allegue Requeijo**, xefa do Gabinete de Asesoramento e Apoio á Actualización Normativa da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia (España); **Marcos Almeida Cerredá**, USC (Galicia, España); **Raquel Belén Bahillo Varela**, subdirectora xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidades Locais da Xunta de Galicia (España); **José Manuel Blanco González**, subdirector xeral de Análise e Programación da DX RREE e UE da Xunta de Galicia (España); **José Julio Fernández Rodríguez**, USC (Galicia, España); **Juan José Gallego Fouz**, letrado do Consello Consultivo de Galicia (España); **Pablo González Mariñas**, UDC (Galicia, España); **Jacinto Lareo Jiménez**, UVigo (Galicia, España); **Ana M.ª López Guizán**, letrada do Consello Consultivo de Galicia (España); **António Cândido Macedo de Oliveira**, Universidade do Minho (Braga, Portugal); **Jesús Martínez Girón**, UDC (Galicia, España); **Luis Miguez Macho**, USC (Galicia, España); **Montserrat M.ª Otero Oitavén**, UVigo (Galicia, España); **Carlos Pérez González**, técnico xurista de Urbanismo do Concello de Sada (Galicia, España); **Manuel Pillado Quintáns**, director xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia (España); **José Antonio Redondo López**, USC e conselleiro maior do Consello de Contas (Galicia, España); e **Xosé Antón Sarmiento Méndez**, USC (Galicia, España).

COMITÉ CIENTÍFICO:

Jean-Bernard Auby, SciencesPo (París, Francia); **Luis J. Béjar Rivero**, Universidad Panamericana (México); **Roberto Blanco Valdés**, USC (Galicia, España); **M.ª José Bravo Bosch**, UVigo (Galicia, España); **M.ª Pilar Canedo Arrillaga**, Deustuko Unibertsitatea (País Vasco, España); **Pedro Costa Gonçalves**, UC (Coimbra, Portugal); **Iñigo del Guayo Castiella**, Universidad de Almería (Andalucía, España); **Antonio Fernández de Buján y Fernández**, UAM (Madrid, España); **Juan Ramón Fernández Torres**, UCM (Madrid, España); **Giuseppe Franco Ferrari**, Università Luigi Bocconi (Milán, Italia); **Jesús A. Fuentetaja Pastor**, UNED (Madrid, España); **José L. García-Pita y Lastres**, UDC (Galicia, España); **Julio González García**, UCM (Madrid, España); **Vicente González Radío**, UDC (Galicia, España); **Carlos Lema Devesa**, UCM (Madrid, España); **M.ª Belén Noguera de la Muela**, UB (Barcelona, España); **Fernanda Paula Oliveira**, UC (Coimbra, Portugal); **Miguel A. Pérez Álvarez**, UDC (Galicia, España); **Thomas Perroud**, Université Panthéon-Sorbonne (París, Francia); **Johann-Christian Pielow**, RUB (Alemaña); **Giuseppe Piperata**, IUAV (Venecia, Italia); **Ricardo Rivero Ortega**, USAL (Castilla y León, España); **Jaime Rodríguez-Arana Muñoz**, UDC (Galicia, España); **Joan Manuel Trayter Jiménez**, UdG (Girona, España); e **Claudia Tubertini**, UNIBO (Bologna, Italia).

Entidade editora:

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Rúa de Madrid 2-4 – As Fontiñas
15707 Santiago de Compostela (Galicia, España)
Tel. +34 981 546 040 - Fax +34 981 546 249
Web: <http://egap.xunta.es/publicacions> | correo-e: regap@xunta.gal

Periodicidade: semestral (xuño e decembro)

Formato: en liña | papel

ISSN-L: 1132-8371

DOI: <https://doi.org/10.36402/regap.v0i61>

Depósito legal: C-1.596-91

Tradución e supervisión lingüística: Ramiro Combo García

Deseño cuberta: Campus na nube, sl

Deseño gráfico e impresión: Campus na nube, sl

Siglas utilizadas:

UDC: Universidade da Coruña

USC: Universidade de Santiago de Compostela

UVigo: Universidade de Vigo

UAM: Universidad Autónoma de Madrid

UB: Universitat de Barcelona

UCM: Universidad Complutense de Madrid

UdG: Universitat de Girona

UNED: Universidad Nacional de Educación a Distancia

USAL: Universidad de Salamanca

IUAV: Università IUAV di Venezia

RUB: Ruhr-Universität Bochum

UC: Universidade de Coimbra

UNIBO: Università di Bologna

A EGAP non se identifica necesariamente cos xuízos emitidos polos autores dos artigos que aparezan nesta revista, senón que serán única e exclusivamente responsabilidade do ou dos seus autores.
Ningunha parte desta revista poderá ser reproducida sen o consentimento expreso dos titulares do *copyright*.

Revista Galega de Administración Pública

ISSN-L: 1132-8371

Núm. 61, xaneiro-xuño 2021 \ Number 61, January-June 2021

Sumario/Summary

1 ESTUDOS / STUDIES

Agustí Cerrillo i Martínez

Robots, asistentes virtuais e automatizacións das administracións públicas. . . 5
Robots, virtual assistants and automation of public administrations

Fernando Rey Martínez

O organismo español para a igualdade: claves para a súa converxencia
 co modelo europeo 43
The Spanish body for equality: keys to its convergence with the European model

Lourdes de la Torre Martínez

Os concellos e as infraestruturas da sociedade da información 75
Municipalities and infrastructures of information society

Francisco Javier Carro Castro

As edificacións tradicionais do artigo 40 da Lei do solo de Galicia:
 concepto, evolución e análise. 113
*Traditional buildings of the article 40 in the Galician urban Law: concept,
 evolution and analysis*

Sabela Pardo Rodríguez

Os condominios no Dereito comparado e no Dereito urbanístico galego 139
Condominiums in comparative law and in Galician urban law

2 COMENTARIOS E CRÓNICAS / COMMENTS AND CHRONICLES

Víctor José Barbeito Pose e Julián Bustelo Abuín

As deficiencias das ferramentas de xeolocalización dos xacementos arqueolóxicos e as súas consecuencias sobre a protección do patrimonio cultural de Galicia. 163
The deficiencies of the geolocation tools of archaeological sites and their consequences on the protection of the cultural heritage of Galicia

Patricia Iglesias Rey

Ideas forza en clave xurídica para a captación dos fondos europeos de recuperación: Next Generation EU 177
Strong legal ideas for attracting European recovery funds: Next Generation EU

Daniel Neira Barral

Os efectos da Directiva ECN+ no sistema de competencia español. 195
The effects of the ENC+ Directive in the Spanish legal system

Francisco de Cominges Cáceres

Xurisprudencia contencioso-administrativa 205
Contentious-administrative jurisprudence

3 RECENSIÓNS / REVIEWS

Mercedes Fuertes López

Administración y doctrina de los actos propios. Incoherencias aplicativas. . . . 241

Noel Armas Castilla

El derecho de acceso a la información pública 245

Anxo Varela Hernández

Buen gobierno y buena administración. Cuestiones clave. 249

Emma Vioque Martínez

Mujer y desarrollo sostenible en el medio rural 255

María Victoria Álvarez Buján

La responsabilidad patrimonial en tiempos de pandemia. 261

Regap

Estudios

1



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 61_xaneiro-xuño 2021 | pp. 5-42
Santiago de Compostela, 2021
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i61.4791>
© Agustí Cerrillo i Martínez
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371

Recibido: 02/06/2021 | Aceptado: 16/06/2021
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

Robots, asistentes virtuais e automatizacións das administracións públicas

Robots, asistentes virtuales y automatización de las administraciones públicas

61 Regap

Robots, virtual assistants and automation of public administrations

Regap



ESTUDOS

AGUSTÍ CERRILLO I MARTÍNEZ
Catedrático de Dereito Administrativo
Universitat Oberta de Catalunya

<https://orcid.org/0000-0002-1577-4194>

acerrillo@uoc.edu

Resumo: Os robots software son dispositivos utilizados para automatizar tarefas ou para interactuar con dispositivos. Nos últimos tempos, algúns robots software están a utilizar intelixencia artificial para poder desenvolver tarefas complexas ou aprender da experiencia. Todo iso xa está a ter aplicacións nas administracións públicas.

Neste artigo analízase como a automatización das administracións públicas incide nos principios da Administración dixital. Así mesmo, estúdase a regulación da actuación administrativa a través de robots e os límites que impón a normativa de protección de datos. Ademais, expónse o impacto que o uso de robots pode ter no emprego público. Finalmente, identifícanse os procedementos que utilizan as administracións públicas para incorporar robots software.

Palabras clave: Robot software, chatbot, intelixencia artificial, automatización, Administración pública, transparencia.

Resumen: Los robots software son dispositivos utilizados para automatizar tareas o para interactuar con dispositivos. En los últimos tiempos, algunos robots software están utilizando inteligencia artificial para poder desarrollar tareas complejas o aprender de la experiencia. Todo ello ya está teniendo aplicaciones en las administraciones públicas.

En este artículo se analiza cómo la automatización de las administraciones públicas incide en los principios de la Administración digital. Asimismo, se estudia la regulación de la actuación administrativa a través de robots y los límites que impone la normativa de protección de datos. Además, se expone el impacto que el uso de robots puede tener en el empleo público. Finalmente, se identifican los procedimientos que utilizan las administraciones públicas para incorporar robots software.

Palabras clave: Robot software, chatbot, inteligencia artificial, automatización, Administración pública, transparencia.

Abstract: Software robots are devices used to automate tasks and to interact with devices. In recent times, some software robots are using artificial intelligence to develop more complex tasks or to learn from experience to improve results. All this has several applications in public Administration.

In this paper, we analyse how public Administration automatization through software robots has an impact in e-government principles. As well, we study the regulation of public activity through robots and the limits stated by data protection regulation. Furthermore, we explain the impact that the use of software robots can have in public employment. Finally, we identify the different procedures used by public Administration to add software robots.

Key words: Software robot, chatbot, artificial intelligence, automatization, public Administration, transparency.

SUMARIO: 1 Robots, asistentes virtuais e intelixencia artificial. 1.1 Robots software e robots conversacionais. 1.2 Robots software e intelixencia artificial. 2 Os robots na Administración pública. 3 Os principios da automatización robótica da Administración pública. Especial mención aos principios de transparencia, igualdade e non discriminación. 3.1 Os principios da automatización robótica. 3.2 O principio de transparencia da actuación administrativa. 3.3 O principio de igualdade e non discriminación. 4 A automatización a través de robots como actuación administrativa automatizada. 4.1 A actuación administrativa robótica. 4.2 A protección de datos persoais como límite á automatización. 5 Automatización e emprego público. 6 A incorporación dos robots á Administración pública. 7 Reflexións finais.

1 Robots, asistentes virtuais e intelixencia artificial

O Concello do pequeno municipio coruñés de Rois puxo en marcha un robot para automatizar diversas tarefas como cubrir formularios, transcribir información ou cruzar bases de datos e, a medio prazo, tamén poder replicar algunhas das actividades que levan a cabo as empregadas e empregados públicos¹.

Na outra punta de España, o Concello de Málaga puxo en funcionamento a *Victoria la Malagueña*, un robot conversacional que facilita a veciños e veciñas información de interese xeral como aparcadoiros públicos dispoñibles, a frecuencia dos autobuses ou os equipamentos da cidade e, por se fose pouco, tamén conta chistes e explica expresións típicas da cidade aos turistas².

¹ "El pueblo gallego donde los robots son burócratas", *El País*, 2 de novembro de 2020. Acceso web: <https://elpais.com/tecnologia/2020-11-01/el-pueblo-gallego-donde-los-robots-son-burocratas.html> (maio de 2021).

² "Victoria la Malagueña: la asistente de voz virtual enamorada de su ciudad", *La Vanguardia*, 16 de febreiro, 2020. Acceso web: <https://www.lavanguardia.com/ocio/viajes/20200216/473600007571/victoria-la-malaguena-la-asistente-de-voz-virtual-enamorada-de-su-ciudad.html> (maio de 2021).

Estes son dous exemplos do uso de robots nas administracións públicas e na prestación dos servizos públicos.

Desde un punto de vista xeral, os robots son dispositivos que se definen pola súa capacidade para relacionarse co contorno a través de sensores ou do intercambio de datos, para analizar os datos á súa disposición, así como para adaptar de xeito autónomo o seu comportamento ao contorno.

Con frecuencia, os robots tamén se caracterizan por ter un soporte físico. Non obstante, non todos os robots comparten este elemento. En efecto, os robots citados como exemplo ao inicio deste artigo non se caracterizan por ter un soporte físico, senón dixital, son aplicacións. Nestes casos, atopámonos ante o que se coñece como robots software. Estes robots non son físicos nin actúan sobre obxectos, senón que interactúan con outras aplicacións, pantallas ou sistemas. Non obstante, os robots software non son só un programa, senón que se definen por desenvolver tarefas automaticamente actuando como se fosen persoas³.

O uso de robots software polas administracións públicas é un instrumento para a automatización da actuación administrativa. Como se afirmou, os robots son unha “forza de traballo virtualizada”⁴. Non obstante, malia a utilidade que poden ter estes robots na automatización da Administración pública, a súa expansión no sector público está bastante lonxe de atoparse xeneralizada e está distanciada do que se observa no sector privado⁵.

Normalmente, os robots software empréganse para desenvolver tarefas sinxelas e rutineiras, así como para a comunicación entre persoas e máquinas. Non obstante, cada vez estanse a utilizar máis estes robots para realizar labores máis complexos que requiren maiores capacidades. A iso está a contribuír o uso de intelixencia artificial polos robots software.

³ GAVILÁN, I.G.R., *Robots in la sombra: RPA, robots conversacionales y otras formas de automatización cognitiva*, Anaya, Madrid, 2021.

⁴ ALBERTH, M. e MATTERN, M., “Understanding robotic process automation (RPA)”, *Journal of Financial Transformation*, n. 46, 2017, p. 55.

⁵ No sector privado, os robots software estanse a estender rapidamente. De feito, algúns autores falan do “tsunami dos chatbots” (GRUDIN, J. e JACQUES, R., “Chatbots, Humbots, and the Quest for Artificial General Intelligence”, *2019 CHI Conference on Human Factors in Computing Systems*, Association for Computing Machinery, Glasgow, Scotland UK, 2019, p. 4). Segundo Gartner, en 2021, o 15% das interaccións dos consumidores xestionaríanse completamente con chatbots (BRYAN, J., *Trends in Gartner Hype Cycle for Customer Service and Customer Engagement*, Gartner, 2018). Iso comportará un incremento do mercado dos chatbots que pasará dos 250 millóns de dólares en 2017 aos 1,34 billóns de dólares en 2024 (PISE, R., “Chatbot market size is set to exceed USD 1.34 billion by 2024”, *ClickZ*, 6 de xullo, 2018). De feito, é de esperar que, coa recente extensión de asistentes virtuais da man das grandes empresas tecnolóxicas, tamén se vaian estendendo os robots conversacionais entre as administracións públicas (LOMMATZSCH, A., “A next generation chatbot-framework for the public administration”, *International Conference on Innovations for Community Services*, Springer, Žilina, Slovakia, 2018, p. 127). De Cicco sintetiza as razóns do éxito dos robots conversacionais no feito de que “axudan aos consumidores a atopar solucións en calquera lugar, en calquera momento e con calquera dispositivo” (DE CICCIO, R., DA COSTA E SILVA, S.C.L. e PALUMBO, R., *Should a Chatbot Disclose Itself? Implications for an Online Conversational Retailer*, Springer International Publishing, Cham, 2021, p. 4).

1.1 Robots software e robots conversacionais

Seguindo a Gavilán, existen dúas grandes clases de robots software: os robots software utilizados para a automatización robótica de procesos e os robots conversacionais tamén coñecidos como chatbots⁶.

a) Robots software para a automatización de procesos

Os robots software para a automatización robótica de procesos (RPA, nas súas siglas en inglés) son programas deseñados para realizar un conxunto de accións predefinidas en sistemas de información⁷. Os robots software son un termo xenérico para referirse a aqueles programas de ordenador que emulan e replican actividades humanas como interpretar ou manipular pantallas, acceder a bases de datos ou realizar cálculos⁸.

As tarefas que en xeral se automatizan utilizando robots software caracterízanse por ser repetitivas e rutinieras. Normalmente, estas tarefas tamén son masivas⁹.

Os robots desenvolven tarefas sinxelas e tradicionalmente non achegan intelixencia a estas¹⁰. Polo xeral, as tarefas realizadas por robots software baséanse en regras precisas, sinxelas, fixadas previamente, altamente formalizadas e con poucas excepcións. A realización destas tarefas non require ter grandes coñecementos nin tampouco efectuar ningún xuízo.

Os robots software interactúan con aplicacións xa existentes tal como o faría unha persoa sen a necesidade de que esta interveña¹¹. Os robots non modifican as aplicacións coas que interactúan, senón que simplemente xestionan información de e entre aplicacións. Deste xeito, os robots software len os datos contidos en ficheiros, bases de datos, documentos ofimáticos ou pantallas de aplicacións; realizan cálculos con eles ou toman decisións a partir deles e, se é o caso, escriben nas ditas aplicacións ou en bases de datos os resultados obtidos, cobren formularios ou conéctanse a sistemas. Tamén poden ser utilizados para coordinar aplicacións ou para navegar por Internet buscando información.

⁶ GAVILÁN, I.G.R., *Robots en la sombra: RPA, robots conversacionales y otras formas de automatización cognitiva*, cit.

⁷ LINDGREN, I., "Exploring the Use of Robotic Process Automation in Local Government", *EGOV-CeDEM-ePart 2020*, Linköping University, Sweden, 2020, p. 249. Unha definición máis técnica da automatización robótica de procesos atopámola en IEEE STANDARDS ASSOCIATION, IEEE Guide for Terms and Concepts in Intelligent Process Automation. IEEE Std 2755-2017 (IEEE Std 2755-2017), 2017.

⁸ VIEHHAUSER, J., "Is Robotic Process Automation Becoming Intelligent? Early Evidence of Influences of Artificial Intelligence on Robotic Process Automation", Asatiani, A. et al. (ed.), *Business Process Management: Blockchain and Robotic Process Automation Forum. BPM 2020. Lecture Notes in Business Information Processing*, Springer, Cham, 2020, p. 102.

⁹ HOFMANN, P., SAMP, C. e URBACH, N., "Robotic process automation", *Electronic Markets*, n. 30, 2020, p. 100; SYED, R., SU-RIADI, S., ADAMS, M., BANDARA, W., LEEMANS, S. J.J., OUYANG, C., TER HOFSTEDE, A.H.M., VAN DE WEEERD, I., WYNN, M.T. e REIJERS, H.A., "Robotic Process Automation: Contemporary themes and challenges", *Computers in Industry*, n. 115, 2020.

¹⁰ Como advierte Gavilán, "non encontramos apenas intelixencia artificial na lóxica, no verdadeiro pensamento do robot" (GAVILÁN, I.G.R., *Robots en la sombra: RPA, robots conversacionales y otras formas de automatización cognitiva*, cit.).

¹¹ Como recordan HOFMANN et al., "os robots software automatizan procesos orixinalmente levados a cabo con traballo humano" (HOFMANN, P., SAMP, C. e URBACH, N., "Robotic process automation", cit., p. 99). Na mesma dirección, ANDERSEN, K.N., LEE, J. e HENRIKSEN, H.Z., "Digital Sclerosis? Wind of Change for Government and the Employees", *ACM Journal on Digital Government Research and Practice*, n. 1, 2020, p. 6.

Os robots software poden achegar numerosos beneficios a unha organización¹². A primeira e principal é unha redución de custos grazas a unha menor dedicación de persoas á realización das tarefas automatizadas, unha redución do tempo necesario para efectualas ou unha redución de erros ou de incumprimento das normas no desenvolvemento destas actividades ao desaparecer a intervención humana. Os robots tamén poden comportar maior calidade á prestación dos servizos.

Ademais, o uso de robots pode incrementar a dispoñibilidade ofrecendo un servizo permanente e ininterrompido 24 horas ao día 7 días á semana. Así mesmo, a súa incorporación nunha organización é relativamente sinxela, xa que non supón un traballo complexo de deseño e implementación, o que evita ter que facer grandes investimentos e aforra realizar cambios importantes nas aplicacións ou sistemas de información xa existentes. O feito de que os robots non substitúan ou manipulen o código das aplicacións coas que interactúan, senón que se relacionen con elas de igual xeito que o faría un usuario, simplifica enormemente a súa incorporación a unha organización e o seu encaixe nas aplicacións e os sistemas de información existentes, facilitando a automatización.

b) Os robots conversacionais

Os robots conversacionais son aplicacións deseñadas para que as persoas poidan interactuar con dispositivos en linguaxe natural¹³. A persoa relaciónase co robot a través da linguaxe oral ou escrita e este é capaz de entender o contido da mensaxe e actuar en consecuencia.

Os robots conversacionais poden ter distintas capacidades, como facilitar información previamente gardada ou manter unha conversa cunha persoa.

Alguns robots conversacionais, ademais, poden realizar algunhas funcións para dar resposta ás necesidades manifestadas pola persoa (por exemplo, comprar billetes de avión ou realizar reservas nun restaurante). Estes robots conversacionais coñécense como asistentes virtuais e, ademais de permitir a interacción coas persoas a través da voz ou o texto, realizan determinadas funcións ou danlles apoio na realización de tarefas concretas necesarias para poder gozar de servizos dixitais¹⁴.

Xunto a estas capacidades, que son as máis habituais, os robots conversacionais tamén poden chegar a analizar a información facilitada polo usuario e, a partir da

¹² SYED, R., SURIADI, S., ADAMS, M., BANDARA, W., LEEMANS, S. J.J., OUYANG, C., TER HOFSTEDE, A.H.M., VAN DE WEERD, I., WYNN, M.T. e REIJERS, H.A., "Robotic Process Automation: Contemporary themes and challenges", cit., p. 3.

¹³ Os chatbots teñen xa unha longa historia que se iniciou co deseño en 1966 de ELIZA, un chatbot que simulaba un psicoterapeuta. Pero, mesmo con anterioridade a esa data, a interacción entre humanos e ordenadores xa fora obxecto de atención, entre outros, por Turing, quen en 1950 creou un test para discernir se unha máquina tiña ou non un comportamento intelixente. Non obstante, non foi ata 1991 cando por primeira vez se utilizou o termo chatbot. Na década actual, os chatbots experimentaron un desenvolvemento significativo especialmente da man dos asistentes virtuais incorporados en distintos dispositivos deseñados por grandes empresas tecnolóxicas (por exemplo, Siri de Apple, Google Assistant, Cortana de Microsoft, Alexa de Amazon ou Watson de IBM). Véxase un breve repaso histórico en ADAMOPOULOU, E. e MOUSSIADES, L., "Chatbots: History, technology, and applications", *Machine Learning with Applications*, n. 2, 2020, pp. 2-3.

¹⁴ En calquera caso, debemos advertir que non existe unha distinción clara entre robots conversacionais e asistentes virtuais. De feito, propuxéronse numerosos criterios para clasificar os robots conversacionais; por exemplo, en función do seu contexto físico, a memoria de intercambio, a relación entre a conversación e a función realizada ou a profundidade, amplitude e duración da relación coas persoas. Véxase ao respecto CASAS, J., TRICOT, M.-O., ABOU KHALED, O., MUGELLINI, E. e CUDRÉ-MAUROUX, P., "Trends & Methods in Chatbot Evaluation", *Companion Publication of the 2020 International Conference on Multimodal Interaction*, Virtual Event Netherlands, 2020, p. 281; e GRUDIN, J. e JACQUES, R., "Chatbots, Humbots, and the Quest for Artificial General Intelligence", cit.

dita análise, predicir necesidades futuras¹⁵ ou fomentar determinados comportamentos na persoa¹⁶.

Os robots conversacionais poden interactuar coas persoas de maneiras máis ou menos complexas¹⁷: facilitando información a partir das preguntas xenéricas formuladas ou das palabras propostas por elas; ofrecendo unha axuda orientada a dar resposta ás necesidades específicas dunha persoa que implica a recompilación e análise de información relevante e personalizada ou, mesmo, negociando con cada persoa a opción que mellor se axusta ás súas necesidades en función da información facilitada.

O uso de robots conversacionais tamén pode entrañar numerosos beneficios para unha organización. Ademais da redución de custos, como no caso dos robots software, o uso de robots conversacionais permite mellorar significativamente a experiencia do usuario ao ofrecerlle unha maior dispoñibilidade, xa que sempre hai un robot conversacional dispoñible e unha redución de tempo de espera para recibir un servizo ou para a realización dunha xestión. Ademais, o uso de robots conversacionais facilita a personalización dos servizos¹⁸.

1.2 Robots software e intelixencia artificial

Os robots software polo xeral utilízanse para automatizar tarefas sinxelas e rutineiras reguladas por normas básicas que admiten poucas excepcións. Como graficamente describe Viehhauser, estes robots son “substitutos dos brazos e as pernas dos traballadores humanos”¹⁹. En cambio, engadimos nós, habitualmente os robots software non substitúen o seu cerebro.

En efecto, os robots software non utilizan xeralmente intelixencia artificial²⁰. Non son capaces de entender e aprender, adaptarse a distintas circunstancias, afrontar excepcións, xerar novos coñecementos ou exhibir novos comportamentos se non están previstos nas regras que regulan as tarefas que desenvolven. Os robots software normalmente non aprenden da experiencia para tomar decisións por si mesmos identificando correlacións entre os datos que son utilizadas para xerar patróns e

¹⁵ PETRIV, Y., ERLNHEIM, R., TSAP, V., PAPP, I. e DRAHEIM, D., “Designing Effective Chatbot Solutions for the Public Sector: A Case Study from Ukraine”, Chugunov, A., Khodachek, I., Misnikov, Y. e Trutnev, D. (eds.), *Electronic Governance and Open Society: Challenges in Eurasia: 7th International Conference, EGOS 2020*, Springer International Publishing, Cham, 2020, p. 321.

¹⁶ Nesta dirección, os robots conversacionais poden ser un acicate (*nudge*). Respecto ás consideracións éticas dos *robot nudges*, véxase BORENSTEIN, J. e ARKIN, R., “Robotic nudges: the ethics of engineering a more socially just human being”, *Science and engineering ethics*, n. 22, 2016, pp. 31-46.

¹⁷ Seguimos neste punto a MAKASI, T., NILI, A., DESOUZA, K. e TATE, M., “Chatbot-mediated public service delivery: a public service value-based framework”, *First Monday*, n. 25(12), 2020.

¹⁸ BELEN SAĞLAM, R. e NURSE, J.R.C., “Is your chatbot GDPR compliant? Open issues in agent design”, *2nd Conference on Conversational User Interfaces*, Association for Computing Machinery, Bilbao, 2020, p. 1.

¹⁹ VIEHHAUSER, J., “Is Robotic Process Automation Becoming Intelligent? Early Evidence of Influences of Artificial Intelligence on Robotic Process Automation”, cit., p. 102.

²⁰ VIEHHAUSER observa ao analizar distintos robots software que “a automatización robótica de procesos non é intelixente e non necesita capacidades intelixentes. É, por definición, un software para o procesamento de secuencias de clics baseado en regras con resultados previsibles e estables” (VIEHHAUSER, J., “Is Robotic Process Automation Becoming Intelligent? Early Evidence of Influences of Artificial Intelligence on Robotic Process Automation”, cit., p. 102).

modelos. Os robots software tampouco son capaces habitualmente de xestionar información incerta ou excepcións²¹.

Non obstante, iso non quere dicir que a intelixencia artificial sexa allea aos robots software²². En efecto, os robots software poden utilizar a intelixencia artificial, e cada vez fano con maior frecuencia, para desenvolver determinadas operacións previas á automatización de tarefas, como recoñecer ou procesar datos non estruturados (por exemplo, textos ou imaxes) ou para relacionarse con persoas²³.

Nesta dirección, os robots software utilizan a intelixencia artificial para o procesamento da linguaxe natural e o recoñecemento de imaxes. É habitual que os robots software usen algoritmos de intelixencia artificial para poder captar e comprender o que lles din as persoas a través da comprensión automática da linguaxe humana (escrita ou oral) ou para identificar os obxectos presentes nunha imaxe estática ou nun vídeo mediante a visión computadorizada. Deste xeito os robots adquiren a capacidade de entender o contido dunha mensaxe ou dunha conversa a través do procesamento da linguaxe natural, de identificar datos non estruturados, de recoñecer caracteres que conforman unha palabra a través da visión computadorizada ou de identificar a connotación positiva ou negativa dun texto mediante a análise de sentimentos²⁴.

Pero, nos últimos tempos, algúns robots software utilizan a intelixencia artificial para *ser máis listos*²⁵. Nesta dirección, algúns robots están empezando a usar a intelixencia artificial non de xeito complementario (entender textos ou conversas), senón en relación coa súa *lóxica de negocio*, é dicir, ás tarefas que se automatizaron.

Pouco a pouco os robots software utilizados para a automatización robótica de procesos empregan intelixencia artificial non só para buscar datos, senón tamén para definir as funcións a realizar a partir dos datos obtidos²⁶.

Así mesmo, os novos robots conversacionais non só responden ás persoas usuarias de modo regulado seleccionando a resposta axeitada dun conxunto de respostas predefinidas, recollidas nunha base de datos, polo deseñador ou desenvolvedor do chatbot (o que se coñece como chatbot baseado en regras), senón que son capaces de xerar as respostas a partir do que aprenden da propia conversa e tendo en conta o

²¹ NG, K.K.H., CHEN, C.-H., LEE, C.K.M., JIAO, J. e YANG, Z.-X., "A systematic literature review on intelligent automation: Aligning concepts from theory, practice, and future perspectives", *Advanced Engineering Informatics*, n. 47, 2021, p. 8.

²² Autores como ADAMOPOULOU e MOUSSIADES definen o chatbot como un programa de intelixencia artificial (ADAMOPOULOU, E. e MOUSSIADES, L., "Chatbots: History, technology, and applications", cit., p. 1).

²³ VIEHHAUSER, J., "Is Robotic Process Automation Becoming Intelligent? Early Evidence of Influences of Artificial Intelligence on Robotic Process Automation", cit., p. 102; HOFMANN, P., SAMP, C. e URBACH, N., "Robotic process automation", cit., p. 99. De feito, o renovado interese polos robots conversacionais é debido en parte aos avances experimentados nos últimos anos pola intelixencia (FØLSTAD, A., NORDHEIM, C.B. e BJØRKLİ, C.A., "What makes users trust a chatbot for customer service? An exploratory interview study", *Internet Science. 5th International Conference. INSCI 2018*, Springer, Cham, 2018).

²⁴ VIEHHAUSER, J., "Is Robotic Process Automation Becoming Intelligent? Early Evidence of Influences of Artificial Intelligence on Robotic Process Automation", cit., p. 102, observa que sete de cada dez casos de automatización robótica de procesos analizados utilizan a visión computadorizada para identificar, entender ou clasificar elementos dixitais en obxectos, constituíndo a intelixencia artificial o núcleo da automatización.

²⁵ VIEHHAUSER, J., "Is Robotic Process Automation Becoming Intelligent? Early Evidence of Influences of Artificial Intelligence on Robotic Process Automation", cit., p. 102; VAN NOORDT, C. e MISURACA, G., "New wine in old bottles: Chatbots in government", *International Conference on Electronic Participation*, Springer, Cham, 2019, p. 50.

²⁶ HOFMANN, P., SAMP, C. e URBACH, N., "Robotic process automation", cit., p. 99.

contexto en que se produce ou a experiencia previa utilizando técnicas para a comprensión da linguaxe natural grazas ao uso de algoritmos de aprendizaxe automática, redes neuronais e aprendizaxe profunda (chatbot xenerativo)²⁷.

Aínda que os primeiros poden resultar de utilidade para poder facilitar resposta a unha ou dúas preguntas xerais sobre un tema, os segundos permiten levar a cabo unha auténtica conversa entre a persoa e o robot e poden dar resposta a preguntas máis complexas ou específicas ou facilitar información personalizada en función do perfil do usuario ou dos datos que facilitase ao robot. Tamén poden chegar a propor ou recomendar servizos ou información de maneira proactiva.

Grazas ao uso da aprendizaxe automática, a aprendizaxe profunda e as redes neuronais, algúns robots conversacionais aprenden das conversas mantidas coas persoas, o que lles permite mellorar a calidade das súas respostas, capturar información, procesar datos non estruturados ou cooperar con elas²⁸. Deste modo, o robot irá aprendendo e irá mellorando as súas respostas no futuro²⁹.

A intelixencia artificial tamén pode ser utilizada polos robots conversacionais para a análise predictiva, de maneira que a partir dos datos xerados nas interaccións entre os chatbots e os usuarios se poidan identificar patróns ou perfís ou predicir situacións³⁰.

A pesar de todas estas posibilidades, como observa Viehhauser, o uso da aprendizaxe automática polos robots software aínda é limitado, focalizado en lograr unha maior eficiencia ou ampliar a súa utilidade³¹. En calquera caso, diversos estudos sinalan como o futuro dos robots software pasa pola intelixencia artificial, o que lles permitirá ampliar o abano de utilidades e, sobre todo, poder substituír as persoas en tarefas máis complexas³².

A incorporación da intelixencia artificial pode levar os robots software a un novo nivel de desenvolvemento³³. Así mesmo, pode abrir novas posibilidades na automatización da actuación administrativa. Pero tamén pode entrañar novos riscos que as administracións públicas deberán coñecer e valorar e, se é o caso, abordar.

²⁷ ADAMOPOULOU, E. e MOUSSIADES, L., "Chatbots: History, technology, and applications", cit., p. 1; ANDROUTSOPOULOU, A., KARACAPILIDIS, N., LOUKIS, E. e CHARALABIDIS, Y., "Transforming the communication between citizens and government through AI-guided chatbots". *Government Information Quarterly*, n. 36, 2019, p. 358.

²⁸ VIEHHAUSER, J., "Is Robotic Process Automation Becoming Intelligent? Early Evidence of Influences of Artificial Intelligence on Robotic Process Automation", cit., p. 102.

²⁹ MAKASI, T., NILI, A., DESOUZA, K.C. e TATE, M., "A Typology of Chatbots in Public Service Delivery", *IEEE Software*, abril 2021, p. 4.

³⁰ ANDROUTSOPOULOU, A., KARACAPILIDIS, N., LOUKIS, E. e CHARALABIDIS, Y., "Transforming the communication between citizens and government through AI-guided chatbots", cit. p. 360.

³¹ VIEHHAUSER, J., "Is Robotic Process Automation Becoming Intelligent? Early Evidence of Influences of Artificial Intelligence on Robotic Process Automation", cit., p. 102.

³² ALBERTH, M. e MATTERN, M., "Understanding robotic process automation (RPA)", cit.

³³ En función do nivel de uso da intelixencia artificial polos robots software, atopámonos ante o proceso de automatización intelixente (IPA), o proceso de automatización intelixente aumentado (AIPA) ou os axentes autónomos (AA). Véxase ao respecto NG, K.K.H., CHEN, C.-H., LEE, C.K.M., JIAO, J. e YANG, Z.-X., "A systematic literature review on intelligent automation: Aligning concepts from theory, practice, and future perspectives", cit.

2 Os robots na Administración pública³⁴

As administracións públicas xa empezaron a incorporar os robots software no desenvolvemento das súas actividades e na prestación de servizos públicos³⁵. En efecto, como expón Bermúdez, “a robotización non é unha tecnoloxía do futuro. Actualmente a Seguridade Social está a empregar a automatización robótica de procesos para substituír tratamentos manuais no proceso de alta de autónomos, conseguíndose pasar de tempos de tratamento de minutos no proceso realizado por persoas a segundos no proceso robotizado”³⁶.

De feito, segundo o informe *Inteligencia artificial en el sector público*, os axentes virtuais xa son utilizados polo 30 % das entidades que afirman utilizar a intelixencia artificial, malia que este uso non se atopa aínda entre os usos da intelixencia artificial máis estendidos entre as administracións públicas³⁷.

Máis alá destes datos, non existe un catálogo ou inventario de experiencias de uso dos robots software por parte das administracións públicas españolas³⁸. Non obstante,

³⁴ Nestas páxinas non analizamos os robots cun soporte físico utilizados para a prestación de servizos públicos. Máis alá do uso tradicional destes robots para realizar tarefas perigosas ou custosas, nos últimos anos foise estendendo o uso de vehículos autónomos nalgúns concellos para prestar transporte público ou realizar tarefas de seguridade cidadá, así como, de xeito experimental, para dar apoio ou axuda a persoas que teñan determinadas necesidades (asistenciais, sanitarias, sociais) non só realizando tarefas físicas, senón tamén facilitando apoio psicolóxico aos seus usuarios. Como exemplo deste último uso, podemos traer colación a ARI, o robot de compañía para persoas maiores de Barcelona que permite recordarlles a medicación ou detectar situacións de urxencia. Véxase máis información en: https://ajuntament.barcelona.cat/personesgrans/es/noticia/el-robot-social-misty-ii-se-incorpora-a-la-vida-de-una-veintena-de-personas-mayores_907595 (maio de 2021).

³⁵ Como observan PIETERSON, W., EBBERS, W. e MADSEN, C.Ø., “New channels, new possibilities: A typology and classification of social robots and their role in multi-channel public service delivery”, *International Conference on Electronic Government, EGOV 2017*, Springer, Cham, 2017, a incorporación dos robots sociais abre a porta a unha nova xeración de canles para a relación coas administracións públicas. De feito, a automatización robótica de procesos é unha das tendencias máis recentes da Administración dixital BARCEVIČIUS, E., CIBAITĖ, G., CODAGNONE, C., GINEIKYTĖ, V., KLIMAVIČIŪTE, L., LIVA, G., MATULEVIČ, L., MISURACA, G. e VANINI, I., *Exploring Digital Government transformation in the EU*, Publications Office of the European Union, Luxembourg, 2019, p. 24.

Máis alá das oficinas administrativas, algúns estudos sinalan que o 80 % das empresas estaban a estudar incorporar chatbots en 2020 (citado por ALMANSOR, E.H. e HUSSAIN, F.K., *Survey on Intelligent Chatbots: State-of-the-Art and Future Research Directions*, Springer International Publishing, Cham, 2020, p. 534). Así mesmo, Gartner prognosticaba en 2017 que unha persoa tería máis conversacións cun chatbot que coa súa parella. Acceso web: <https://www.gartner.com/smarterwithgartner/gartner-predicts-a-virtual-world-of-exponential-change/> (maio de 2021).

Véxase unha análise exhaustiva de distintos robots conversacionais utilizados por administracións públicas a nivel comparado en MAKASI, T., NILI, A., DESOUZA, K.C. e TATE, M., “A Typology of Chatbots in Public Service Delivery”, cit.

³⁶ PASTOR BERMÚDEZ, A., “Innovando con servicios digitales en la administración pública”, Ramió Matas, C. (ed.), *Administración digital e innovación pública. Repensando la Administración Pública*, Instituto Nacional de Administración Pública, Madrid, 2021. Segundo este autor, “Esta combinación de produtividade, precisión e baixo custo é unha tormenta perfecta que se dirixe cara ao mercado de traballo e afectará necesariamente ao sector público”.

³⁷ ERNST & YOUNG LLP, *Inteligencia artificial en el sector público. Cómo se benefician 213 organizaciones públicas de la IA. Perspectivas europeas para 2020 y años siguientes*, Microsoft, Madrid, 2020, pp. 44-45. Segundo o estudo, os usos máis entendidos da intelixencia artificial son mellorar a experiencia do usuario (39%), detección de fraudes (35%) ou personalización do servizo (35%).

En paralelo, cada vez son máis as persoas que afirman utilizar esta canle de comunicación. Segundo Statista, un terzo dos españois usa os asistentes virtuais de voz con frecuencia (un 4,2% case constantemente, o 9,4% varias veces ao día ou o 6,1% cada día). Acceso web: <https://es.statista.com/estadisticas/1018541/uso-de-asistentes-virtuales-de-voz-en-espana/> (maio de 2021).

³⁸ Como puxo de manifesto a Red Derecho Administrativo e Inteligencia Artificial (DAIA) nas súas conclusións do I Seminario Internacional Derecho Administrativo e Inteligencia Artificial celebrado en Toledo, 1 de abril de 2019, “hai serios problemas para identificar e controlar as que están en marcha ou van ser implantadas nun futuro inmediato”. Por iso, propúxose que “[c] alquera intento de abordar a análise dos retos xurídicos que presenta a IA no sector público debería partir da elaboración dun catálogo exhaustivo das experiencias e iniciativas”.

iso non é obstáculo para poder sistematizar os seguintes usos nas administracións públicas³⁹:

En primeiro lugar, as administracións públicas utilizan os robots software para a automatización de procesos (por exemplo, cálculos de impostos, xestión de solicitudes de autorización, procesamento de sancións, xestión de admisións en centros educativos)⁴⁰. Nesta dirección, por exemplo, o Concello de Barcelona puxo en marcha un proxecto de automatización robótica de procesos para tramitar expedientes de terrazas ou para localizar persoas que se encontran en concurso de acredores e teñen algunha débeda co concello⁴¹.

En segundo lugar, as administracións públicas tamén usan os robots software para ofrecer servizos de información e atención á cidadanía. Así, por exemplo, o Concello de Córdoba dispón de Carina, un robot conversacional que ofrece información sobre o coronavirus⁴². Tamén podemos traer a colación a experiencia da Axencia Estatal de Administración Tributaria, que dispón dun chatbot para solucionar dúbidas sobre o IVE aos autónomos⁴³. Na mesma dirección, o Concello de Madrid pon á disposición da cidadanía un robot para atender dúbidas tributarias⁴⁴.

En terceiro lugar, as administracións públicas poden utilizar os robots software como asistentes virtuais, é dicir, non só para informar ou asesorar, senón tamén para realizar tarefas. Non obstante, na actualidade non é unha aplicación estendida entre as administracións públicas españolas malia que, en ocasións, se ofrecen os servizos de robots conversacionais como asistentes virtuais (por exemplo, nos casos da AEAT ou o Concello de Madrid referidos anteriormente). Noutros países, desde hai tempo, algunhas administracións públicas están a utilizar os asistentes virtuais comercializados polas grandes empresas tecnolóxicas para canalizar a comunicación

³⁹ O uso de robots conversacionais non só pode estar orientado á cidadanía, senón tamén aos empregados públicos. Esta é a finalidade, por exemplo, do chatbot PAIGE (*Procurement Answers and Information Guided Experience*) da cidade de San Francisco que facilita información aos empregados públicos sobre os procedementos de contratación pública ou do chatbot Mrs. Landingham utilizado para orientar novos empregados públicos na súa incorporación á Administración federal (acceso web: <https://18f.gsa.gov/2015/12/15/how-bot-named-dolores-landingham-transformed-18fs-onboarding/>).

⁴⁰ BARCEVIČIUS, E., CIBAITĖ, G., CODAGNONE, C., GINEIKYTĖ, V., KLIMAVIČIŪTĖ, L., LIVA, G., MATULEVIČ, L., MISURACA, G. e VANINI, I., *Exploring Digital Government transformation in the EU*, cit., p. 24.

⁴¹ Acceso web: <https://ajuntament.barcelona.cat/imi/es/proyectos/automatizacion-de-procesos-traves-de-la-robotica-rpa> (maio de 2021).

⁴² Acceso web: <https://www.cordoba.es/> (maio de 2021).

⁴³ Acceso web: https://www.agenciatributaria.es/AEAT.internet/Inicio/RSS/Todas_las_Novedades/Le_interesa_conocer/Ampliacion_de_contenido_en_el_Asistente_Virtual_IVA.shtml (maio de 2021).

⁴⁴ Acceso web: <https://www.madrid.es/portales/munimadrid/es/Inicio/Actualidad/Noticias/El-Ayuntamiento-de-Madrid-pone-en-marcha-un-asistente-virtual-para-atender-dudas-tributarias/?vgnnextfmt=default&vgnnextoid=852c423b6c0a1710VgnVCM2000001f4a900aRCRD&vgnnextchannel=a12149> (maio de 2021).

e a asistencia á cidadanía⁴⁵. En España, o Concello de Madrid presentou en xaneiro de 2021 un proxecto para facilitar o acceso á información urbanística a través de Alexa⁴⁶.

É previsible que o uso dos robots software se estenda nos próximos tempos entre as administracións públicas españolas de igual modo que está a suceder no sector privado, polos numerosos beneficios que pode xerar⁴⁷. De feito, durante a crise sanitaria provocada pola Covid-19, observouse un incremento dos robots conversacionais postos á disposición da cidadanía polas administracións públicas⁴⁸.

A iso pode contribuír o Plan de dixitalización das administracións públicas 2021-2025, que define a Estratexia en materia de Administración dixital e servizos públicos dixitais⁴⁹, aprobado polo Goberno en xaneiro de 2021, no marco da Axenda España Dixital 2025⁵⁰. O plan contempla especificamente a automatización dixital de procesos no eixe relativo á transformación dixital da Administración xeral do Estado⁵¹. En particular, esta medida persegue deseñar e implantar unha plataforma corporativa que permita a automatización de actuacións administrativas e tarefas dos distintos departamentos ministeriais, incorporando compoñentes reutilizables de tratamento de datos, documentos, imaxes, vídeos, audios, etc., baseados en robotización e intelixencia artificial. Así mesmo, o plan tamén propón facilitar axuda financeira ás comunidades autónomas e entidades locais para a realización de proxectos vinculados coa transformación dixital, entre os que se inclúe a automatización de procesos⁵².

Regap



ESTUDIOS

⁴⁵ OBSERVATORY OF PUBLIC SECTOR INNOVATION (OPSI) e UNITED ARAB EMIRATES (UAE) MOHAMMED BIN RASHID CENTRE FOR GOVERNMENT INNOVATION (MBRCGI), *Seamless Government*, Embracing Innovation in Government. Global Trends, 2020, p. 16. En particular, algunhas administracións públicas xa están a utilizar experimentalmente asistentes virtuais para a prestación de servizos sociais. Véxase ao respecto WRIGHT, quen relata a experiencia dalgúns municipios británicos que utilizan asistentes virtuais como Alexa de Amazon ou Siri de Apple como alternativa ou substituto dos servizos e dispositivos de teleasistencia (WRIGHT, J., "The Alexification of Adult Social Care: Virtual Assistants and the Changing Role of Local Government in England", *International Journal of Environmental Research and Public Health*, n. 18, 2021, p. 812).

Nos Estados Unidos de América, algunhas administracións públicas utilizan Alexa para axudarlle á cidadanía con cuestións relacionadas co censo (Las Vegas), facilitar información aos visitantes (Mississippi). 7 State or Local Governments Using Amazon Alexa. *Government technology* (26 de setembro de 2017). Acceso web: <https://www.govtech.com/civic/7-state-or-local-governments-using-amazon-alexa.html> (maio de 2021).

⁴⁶ Acceso web: <https://www.madrid.es/portales/munimadrid/es/Inicio/Actualidad/Noticias/El-Ayuntamiento-presenta-el-Prototipo-Cibeles-un-proyecto-de-inteligencia-artificial-para-facilitar-el-acceso-a-la-informacion-urbanistica/?vgnnextfm=t=default&vgnnextoid=d672d703f2d4771> (maio de 2021).

⁴⁷ Ao respecto, podemos traer a colación o Informe do 30 de xaneiro de 2019 (A8-0019/2019) do Comité de Industria, Investigación e Enerxía do Parlamento Europeo sobre a política industrial europea en materia de intelixencia artificial e robótica, onde se subliñou que "son moitos os beneficios que se poden obter da intelixencia artificial e a robótica no sector público", recoñecendo, en particular, "o uso da automatización robótica de procesos e o impacto que pode ter na mellora dos procesos no sector público".

⁴⁸ Así, o robot conversacional Carina, incorporado en distintos concellos alacantinos (por exemplo, Alacante ou Novelda) ou Maia do Servizo Vasco de Saúde.

BONALES DAIMIEL e MARTÍNEZ advirten que, xeralmente, estes robots conversacionais incorporan un baixo nivel de intelixencia artificial, dándose a circunstancia de que con frecuencia non chegan a entender as preguntas formuladas, o que leva consigo que as respostas sexan limitadas (BONALES DAIMIEL, G. e MARTÍNEZ, E., "Using Virtual Assistants and Chatbots for Crisis Communication", *adResearch: Revista Internacional de Investigación en Comunicación*, n. 25, 2021, p. 79).

⁴⁹ Acceso web: https://administracionelectronica.gob.es/pae/Home/dam/jcr:ae43f87a-9cdb-4ed9-9d78-d665a-5d8491a/20210127_Plan_Digitalizacion_AP_2021-2025.pdf (maio de 2021).

⁵⁰ Acceso web: https://www.lamoncloa.gob.es/presidente/actividades/Documents/2020/230720-EspañaDigital_2025.pdf (maio de 2021).

⁵¹ Medida 5.

⁵² Medida 17.

Ademais do impulso que se poida dar desde a estratexia de Administración dixital, a Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial tamén prevé, entre as medidas para a mellora dos servizos á cidadanía recollidas no eixe estratéxico relativo a potenciar o uso da intelixencia artificial na Administración pública, a automatización tanto para ofrecer á cidadanía e ás empresas uns servizos máis adaptados, usables, accesibles e personalizados como para optimizar o tempo e os recursos e mellorar a calidade dos servizos a través da automatización de tarefas rutineiras e repetitivas, de maneira que o funcionariado se poida dedicar a actividades de maior valor⁵³.

De todos os xeitos, máis alá das experiencias que xa se foron pondo en marcha por parte de distintas administracións públicas ou dos resultados que se poidan ir obtendo en relación coa automatización das administracións públicas a través de robots software a medida que se vaian implementando as diversas estratexias adoptadas, aínda queda un amplo camiño para xeneralizar o seu uso entre as administracións públicas e para conseguir todo o seu potencial.

3 Os principios da automatización robótica da Administración pública. Especial mención aos principios de transparencia, igualdade e non discriminación

Os principios da Administración dixital definen o marco xeral no que se debe desenvolver calquera servizo electrónico e, polo tanto, tamén a automatización robótica da actuación e o funcionamento das administracións públicas ou o uso de robots conversacionais na prestación de servizos públicos. Así mesmo, estes principios teñen unha importante función interpretativa do ordenamento xurídico e dan resposta ás lagoas que pode ter a lexislación vixente, particularmente respecto á incorporación dos robots software, sobre todo a medida que vaian incorporando tamén intelixencia artificial.

En efecto, como foi amplamente recoñecido, o noso ordenamento xurídico non regula explicitamente o uso da intelixencia artificial nas administracións públicas, o que non é óbice para que non se apliquen a esta tecnoloxía tanto os principios de actuación das administracións públicas como as normas que regulan o uso dos medios electrónicos⁵⁴.

Nas próximas páxinas expomos brevemente os principios da Administración dixital que inciden de modo particular na automatización da actuación e o funcionamento das administracións públicas, prestando unha especial atención aos principios de transparencia e igualdade e non discriminación debido á incidencia que o uso da intelixencia artificial pode ter en relación con estes.

⁵³ Acceso web: <https://www.lamoncloa.gob.es/presidente/actividades/Documents/2020/ENIA2B.pdf> (maio de 2021).

⁵⁴ Por todos, CERRILLO I MARTÍNEZ, A., "El impacto de la inteligencia artificial en el Derecho administrativo ¿Nuevos conceptos para nuevas realidades técnicas?"; *Revista General de Derecho Administrativo*, n. 50, 2019; GAMERO CASADO, E., "Compliance (o Cumplimiento Normativo) de desarrollos de Inteligencia Artificial para la toma de decisiones administrativas", *Diario La Ley*, n. 50, 2021.

3.1 Os principios da automatización robótica

Cando as administracións públicas deciden incorporar os robots software na súa actuación e funcionamento, deben ter en conta os principios da Administración dixital que recolle a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e que desenvolveu e ampliou o Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos⁵⁵.

En particular, entre os principios da Administración dixital que teñen unha incidencia directa na automatización da actuación e o funcionamento das administracións públicas, podemos traer a colación os seguintes.

En primeiro lugar, o uso de robots software debe ter en conta o principio de servizo efectivo aos cidadáns, é dicir, o uso destas aplicacións debe perseguir mellorar o servizo que presta a Administración pública á cidadanía, por exemplo, reducindo tempos de tramitación ou de espera ou simplificando os trámites grazas á súa automatización. Os servizos prestados a través de robots software ou que contén coa súa intervención nalgún dos trámites deben estar orientados a satisfacer as necesidades da cidadanía. Por iso, os robots software deben ademais basearse no principio da facilidade de uso que persegue pór a persoa usuaria no centro do servizo, minimizando os coñecementos que deban ser necesarios para podelos utilizar.

En segundo lugar, o uso de robots software debe contribuír á simplicidade, claridade e proximidade á cidadanía. Este é un reto importante á vista do estadio de desenvolvemento dalgúns robots conversacionais que con certa frecuencia son incapaces de entender o que se lles pregunta ou simplemente responden as preguntas formuladas pola cidadanía con respostas predefinidas sen ter a capacidade de entender calquera solicitude de aclaración ou personalizar a información ás necesidades específicas de cada persoa. Deste xeito, as administracións públicas, antes de decidir se incorporan un robot conversacional para prestar o servizo de información ou atención á cidadanía, deben valorar se efectivamente con iso se fomentará a proximidade á cidadanía ou a claridade da información. Aínda que o uso dos robots conversacionais é un instrumento que permite substituír a atención a través de empregados públicos nalgúns servizos de atención, non poden converterse nun obstáculo para poder obter unha resposta efectiva e personalizada. Tampouco para que as persoas poidan exercer o seu dereito a elixir en todo momento se se comunican coas administracións públicas para o exercicio dos seus dereitos e obrigas a través de medios electrónicos ou non⁵⁶.

En terceiro lugar, a automatización a través do emprego de robots software debe promover os principios de racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión. Tal como vimos antes, precisamente unha das finalidades principais do uso dos robots software é a automatización de tarefas de maneira que se poidan realizar de forma áxil e se incremente a dispoñibilidade dos servizos 24 horas ao día 7 días á semana. Así mesmo, a automatización a través

⁵⁵ Véxase, ao respecto, o artigo 3 da Lei 40/2015 e artigo 2 do Real decreto 203/2021.

⁵⁶ Artigos 13 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

do uso de robots software debe perseguir o principio de simplificación que pretende facilitar que a incorporación dos medios electrónicos na actividade administrativa supoña un auténtico redeseño dos procedementos administrativos para reducir os tempos ou os prazos para a súa tramitación ou suprimir as cargas administrativas⁵⁷.

En cuarto lugar, o uso de robots software debe respectar o principio de confianza léxítima. A confianza das persoas nos robots conversacionais é o resultado da concorrencia de distintos elementos, como a súa capacidade de interpretar correctamente as preguntas, a calidade das súas respostas ou a súa aparencia humana. Tamén inciden outros elementos, como a seguridade ou privacidade percibida ou calquera outro risco apreciado⁵⁸. En todo caso, a actuación externa dun robot conversacional pode xerar na persoa aparencia suficientemente atinada de que a Administración pública actuará dun determinado xeito que debe ser respectada pola Administración pública cando adopte unha decisión.

En quinto lugar, o principio de responsabilidade pola xestión pública exige que as persoas que interactúan con robots software utilizados polas administracións públicas poidan reclamar por calquera dano que lles poida xerar, por exemplo, unha información incorrecta facilitada polo robot. Auditar se a información facilitada é incorrecta é máis sinxelo que cando esta se dá, por exemplo, oralmente nunha oficina de atención cidadá. O uso de robots software permite gravar as transaccións que levan a cabo, de maneira que é relativamente sinxelo auditar o seu funcionamento. Así mesmo, no caso dos robots conversacionais, as persoas poden gardar proba da información intercambiada co robot para os efectos de poder acreditar o contido⁵⁹.

En sexto lugar, os robots software deben dar cumprimento aos principios de eficacia par lograr os obxectivos fixados; economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais; e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Tal como indicamos anteriormente, a automatización de tarefas administrativas a través do uso de robots software pode facilitar a actuación das administracións públicas. Ademais, a súa incorporación é un proceso relativamente sinxelo que non debe exixir realizar grandes investimentos nin levar a cabo cambios importantes, polo que o seu uso pode ser unha medida económica e eficiente. A escalabilidade e adaptabilidade tamén poden contribuír significativamente a estes principios.

En sétimo lugar, os robots software deben desenvolverse de acordo cos principios de cooperación e de interoperabilidade. Estes principios teñen diversas manifestacións. Por exemplo, os robots constitúen un mecanismo idóneo para automatizar o intercambio de datos entre administracións públicas. Ademais, os robots software

⁵⁷ Non entramos neste punto a analizar o proceso de deseño da automatización robótica. Respecto ao proceso de automatización, véxase, ARTIFICIAL SOLUTIONS, *Chatbots: La Guía Definitiva*, 2020.

⁵⁸ FØLSTAD, A., NORDHEIM, C.B. e BJØRKL, C.A., "What makes users trust a chatbot for customer service? An exploratory interview study", cit.

⁵⁹ Nesta dirección, a Axencia Estatal de Administración Tributaria ofrece a posibilidade de xerar un documento en formato PDF que conteña unha copia exacta da información ofrecida polo asistente virtual. Non obstante, esa información unicamente ten o carácter de mera información dos criterios administrativos existentes para a aplicación da normativa tributaria e non dunha consulta tributaria de acordo co que dispón o artigo 87 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en contraposición ao previsto nos artigos 88 e 89 da dita lei. <https://www2.agenciatributaria.gob.es/wlpl/AVAC-CALC/AsistenteIVA> (maio de 2021).

poden estenderse entre as distintas administracións públicas a través da reutilización das aplicacións que utilicen as administracións públicas. En última instancia, as administracións públicas poden promover a cooperación a través do uso de robots software⁶⁰. Así, por exemplo, en vez de ter que consultar diversos portais de transparencia ou sedes electrónicas, os robots software poden interactuar cos robots software doutras administracións públicas e facilitar de xeito unificado a información requirida⁶¹.

En oitavo lugar, a automatización a través do uso de robots software debe respectar o principio de accesibilidade para garantir que a información e os servizos que se prestan a través de medios electrónicos poidan ser recibidos e coñecidos por calquera persoa independentemente das súas circunstancias persoais. Ao respecto, cómpre recordar que a accesibilidade debe terse presente de forma integral no proceso de deseño, xestión, mantemento e actualización de contidos dos sitios web e as aplicacións para dispositivos móbiles⁶².

Finalmente, os robots software tamén deben promover o principio de personalización e proactividade que perseguen adaptar os servizos ás necesidades ou preferencias das persoas e anticiparse ás súas necesidades e deste modo incrementar a relevancia para elas. A personalización de servizos públicos implica sobre todo deseñar formas de prestación dos servizos que poñan a cidadanía no centro do sistema. A proactividade implica que a Administración pública se anticipa ofrecendo ou prestando un servizo sen esperar a que a persoa manifeste que o necesite ou solicite a súa prestación.

3.2 O principio de transparencia da actuación administrativa

O uso de robots software na Administración pública ten distintas incidencias no principio de transparencia da actuación administrativa.

Por unha banda, o emprego de robots software pode contribuír a unha maior transparencia das administracións públicas, ben facilitando a difusión da información pública, ben facilitando a localización ou o acceso á información pública⁶³.

Por outro lado, non obstante, con frecuencia o uso destas aplicacións pode supor un obstáculo para a transparencia das administracións públicas. En efecto, o uso de

⁶⁰ Así, por exemplo, o Goberno de Finlandia creou unha rede de distintos robots software (Migri, utilizado no servizo de inmigración; Vero, usado na área de impostos; e Patentti-ja Rekisterihallitus, utilizado no rexistro de empresas). Grazas a esta iniciativa, os tres robots software poden intercambiar datos ou transferir usuarios en función do tema formulado. Véxase ao respecto MAKASI, T., NILI, A., DESOUZA, K.C. e TATE, M., "A Typology of Chatbots in Public Service Delivery", cit.

⁶¹ VAN NOORDT, C. e MISURACA, G., "New wine in old bottles: Chatbots in government", cit., p. 56.

⁶² Segundo o que dispón a Directiva (UE) 2016/2102 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, sobre a accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles dos organismos do sector público e o Real decreto 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do sector público, as administracións públicas deben ofrecer un mecanismo de comunicación que permita presentar suxestións e queixas, así como informar sobre calquera posible incumprimento dos requisitos de accesibilidade ou que as administracións públicas difundan unha declaración de accesibilidade detallada, exhaustiva e clara sobre a conformidade co disposto na normativa vixente dos seus sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles.

⁶³ Como poñen de manifesto VAN NOORDT e MISURACA, "os chatbots facilitarán á xente superar o exceso de información: en vez de ter que encontrar a información por si mesmas, o chatbot axudaralles a atopar a información que necesitan" (VAN NOORDT, C. e MISURACA, G., "New wine in old bottles: Chatbots in government", cit., p. 56).

robots software pode xerar opacidade porque non sexa posible dispor de información sobre o deseño e o funcionamento do robot software (trazabilidade), de información sobre como o robot software realizou unha determinada tarefa, tomou unha determinada decisión ou chegou a un determinado resultado (explicabilidade) ou de información sobre a existencia mesma dun robot na interacción entre a Administración pública e unha persoa (comunicación).

A garantía do principio de transparencia cando a Administración pública emprega robots software é particularmente complexa sobre todo cando os robots utilizan algoritmos de intelixencia artificial debido aos problemas de opacidade que entraña o uso desta tecnoloxía. Ao respecto, non podemos descoñecer que, como foi amplamente recoñecido, os algoritmos son caixas negras⁶⁴.

A opacidade dos algoritmos pode ter diversas causas (técnicas, xurídicas ou organizativas)⁶⁵ que poden impedir que a cidadanía teña información suficiente e axeitada sobre os robots software que están a utilizar as administracións públicas no desenvolvemento da súa actividade e funcionamento ou na prestación de servizos públicos. Pero tamén se pode dar a circunstancia de que as propias administracións públicas carezan desta información, entre outros motivos, porque adquiriran os robots software do mercado. Mesmo no caso de que os robots sexan desenvolvidos pola propia Administración pública, xeralmente os desenvolvedores non programan o código do robot, senón que o seu deseño se basea na combinación de distintos compoñentes preconstituídos a través de ferramentas gráficas, o que, malia que simplifica enormemente o proceso, dificulta coñecer os fundamentos e o funcionamento do robot⁶⁶.

Polo que respecta á trazabilidade, é dicir, á capacidade de poder coñecer cando interveu un robot software, que tecnoloxía utiliza ou que datos empregou para desenvolver unha determinada tarefa, desde un punto de vista xeral a transparencia pode canalizarse a través dos mecanismos que considera a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como as normas autonómicas e locais que a desenvolveron⁶⁷. Non obstante, a día de hoxe, tanto a difusión proactiva da información sobre os robots software como o exercicio do dereito de acceso á información pública mostráronse como ineficaces mecanismos

⁶⁴ Por todos, PASQUALE, F., *The Black Box Society: The Secret Algorithms That Control Money and Information*, Harvard University Press, Cambridge (MA), 2015.

⁶⁵ CERRILLO I MARTÍNEZ, A., "Com obrir les caixes negres de les Administracions públiques? Transparència i rendició de comptes en l'ús dels algoritmes", *Revista Catalana de Dret Públic*, n. 56, 2019; CERRILLO I MARTÍNEZ, A., "La transparencia de los algoritmos que utilizan las administraciones públicas", *Anuario de Transparencia Local 2020*, Fundación Democracia y Gobierno Local, Madrid, 2021.

⁶⁶ GAVILÁN, I.G.R., *Robots en la sombra: RPA, robots conversacionales y otras formas de automatización cognitiva*, cit.

⁶⁷ Así mesmo, debe terse presente, naqueles casos en que o robot poida tratar datos persoais, que os artigos 13 e 14 RXPD prevén que o responsable do tratamento debe facilitar ao interesado información sobre a existencia de decisións automatizadas que inclúa información significativa sobre a lóxica aplicada, así como a importancia e as consecuencias previstas do dito tratamento para o interesado. Ademais, o artigo 15 RXPD recoñece o dereito de acceso para poder coñecer información significativa sobre a lóxica aplicada na toma de decisións automatizada, así como a importancia e as consecuencias previstas dese tratamento para o interesado.

para garantir a transparencia da actuación e o funcionamento das administracións públicas a través de robots software⁶⁸.

De todos os xeitos, debemos valorar positivamente que o Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, ampliase a información que as administracións públicas deben difundir a través das sedes electrónicas, incluíndo agora tamén a relación actualizada das actuacións administrativas automatizadas vinculadas aos servizos, procedementos e trámites. Para iso, informárase da descrición do deseño e funcionamento da actuación administrativa automatizada, dos mecanismos de rendición de contas e transparencia, así como dos datos utilizados na súa configuración e aprendizaxe⁶⁹. A pesar do interese do anterior, non podemos deixar de advertir a dificultade ante a que se poden atopar as administracións públicas para cumprir con iso.

En relación coa intervención dun robot software determinado na realización dunha tarefa nun procedemento administrativo, debemos ter presente que, polo xeral, todas as accións realizadas por un robot software quedan rexistradas, normalmente cun identificador único, o que facilita a súa trazabilidade e, polo tanto, a transparencia.

Respecto á explicabilidade, ou sexa, a capacidade para revelar como un robot realizou unha tarefa, debemos ter presente que o ordenamento xurídico non reconece un dereito á explicación máis alá do que deriva da obriga que teñen as administracións públicas de motivar as súas decisións⁷⁰. Ante a falta de concreción desta cuestión, iniciativas como a Carta de Dereitos Dixitais tratan de reconecer un dereito a obter unha motivación comprensible en linguaxe natural das decisións que se adopten no ámbito dixital, con xustificación das normas xurídicas relevantes ao caso e dos criterios de aplicación destas⁷¹.

En calquera caso, non podemos descoñecer que, como advirte Gavilán, a falta de explicabilidade “de cara aos robots software aínda non constitúe un problema incitante”⁷². Mesmo nos casos nos que utilizan intelixencia artificial, como vimos, é xeralmente complementaria ao proceso de toma de decisións, por exemplo achegando ao robot software a capacidade de captar e comprender o que lle din as persoas, pero sen darlle unha capacidade de decisión autónoma que no caso da maioría dos robots software se limita á aplicación dunhas regras claras e sinxelas. Pero é evidente que, a medida que os robots software vaian adquirindo maior intelixencia a través de algoritmos de aprendizaxe automática, cada vez terán unha maior autonomía e, polo

⁶⁸ Véxanse, ao respecto, as consideracións realizadas en CERRILLO I MARTÍNEZ, A., “La transparencia de los algoritmos que utilizan las administraciones públicas”, cit.

⁶⁹ Artigo 11.1.i) do Real decreto 203/2021.

⁷⁰ Artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. De todos os xeitos, debe terse en conta, como observa GAMERO, que “non fai falta... O problema reside entón en determinar como deben motivarse estes actos, non en discutir se deben motivarse ou non” (GAMERO CASADO, E., “Compliance (o Cumplimiento Normativo) de desarrollos de Inteligencia Artificial para la toma de decisiones administrativas”, cit.).

⁷¹ Apartado XVI. Cabe pór de manifesto que, no momento de redactar estas páxinas, a Carta de Dereitos Dixitais promovida pola Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital se atopa en fase de aprobación.

⁷² GAVILÁN, I.G.R., *Robots en la sombra: RPA, robots conversacionales y otras formas de automatización cognitiva*, cit.

tanto, será máis necesario garantir a transparencia do proceso decisional, aínda que tamén iso será máis difícil de conseguir.

Finalmente, polo que se refire á comunicación, as persoas que se relacionan coa Administración pública deben saber que están a interactuar cun robot software e non cun empregado público⁷³. Así, o Grupo de expertos de alto nivel independente sobre intelixencia artificial destacou nas súas directrices éticas para unha intelixencia artificial fiable que “os sistemas de intelixencia artificial non deben presentarse aos usuarios como humanos: os humanos teñen dereito a ser informados de que están a interactuar cun sistema de intelixencia artificial”⁷⁴. Nesta dirección, o Código francés de relacións entre a cidadanía e a Administración prevé que “unha decisión individual tomada sobre a base do procesamento algorítmico inclúe unha mención explícita informando o interesado”⁷⁵. O noso ordenamento xurídico non inclúe, polo momento, ningunha regra neste sentido, o que non impide que cando unha Administración pública utilice un robot software informe claramente as persoas diso⁷⁶.

3.3 O principio de igualdade e non discriminación

Desde un punto de vista xeral, cando a Administración pública automatiza o desenvolvemento de tarefas ou a prestación de servizos a través do uso de robots software, debe garantir que se respecte a igualdade das persoas. Deste modo, debe evitar que o uso dos robots software poida causar restricións no acceso da cidadanía ás administracións públicas ou discriminacións entre as persoas que usen estes medios e aquelas que non os utilicen. Así, as administracións deben adoptar as medidas necesarias para impedir que a automatización xere unha brecha dixital. Para evitalo, as administracións públicas deben garantir o dereito á asistencia no uso dos medios electrónicos a través das oficinas de asistencia en materia de rexistros. Este dereito pode vehicularse a través de distintas canles (presencial, portais de Internet e sedes electrónicas, redes sociais, telefónica e correo electrónico)⁷⁷. Non obstante, non podemos descoñecer que, a pesar de ser unha nova canle de interacción entre

⁷³ De todos os modos, algúns estudos mostraron que as persoas non están particularmente preocupadas por se están a interactuar con outra persoa ou cun robot, aínda que polo xeral se considera maioritariamente que o elemento humano é importante: OBSERVATORY OF PUBLIC SECTOR INNOVATION (OPSI) e UNITED ARAB EMIRATES (UAE) MOHAMMED BIN RASHID CENTRE FOR GOVERNMENT INNOVATION (MBRCGI), *Seamless Government*, cit. Non obstante, tamén é relevante observar que outros estudos conclúen que o coñecemento de estar a interactuar cun robot ten unha influencia significativa nos seus usuarios, incidindo na súa confianza a actitude respecto á empresa ou negocio (DE CICCIO, R., DA COSTA E SILVA, S.C.L. e PALUMBO, R., *Should a Chatbot Disclose Itself? Implications for an Online Conversational Retailer*, cit.). Respecto ás causas que xeran confianza nos robots conversacionais, véxase FØLSTAD, A., NORDHEIM, C.B. e BJØRKL, C.A., “What makes users trust a chatbot for customer service? An exploratory interview study”, cit.

⁷⁴ INDEPENDENT HIGH-LEVEL EXPERT GROUP ON ARTIFICIAL INTELLIGENCE, *Ethics Guidelines for Trustworthy Artificial Intelligence*, European Commission, Brussels, 2019, p. 18. Na mesma dirección, posteriormente, manifestouse a COMISIÓN EUROPEA, *Libro branco sobre a intelixencia artificial - un enfoque europeo orientado á excelencia e a confianza COM(2020) 65 final*. 2020.

⁷⁵ Artigo 311-3-1 do Código de relacións entre a cidadanía e a Administración.

⁷⁶ MAKASI, T., NILI, A., DESOUZA, K.C. e TATE, M., “Chatbot-mediated public service delivery: a public service value-based framework”, cit. De feito, polo xeral xa é así. De todos os xeitos, non podemos descoñecer que ALMANSOR, E.H. e HUSSAIN, F.K. *Survey on Intelligent Chatbots: State-of-the-Art and Future Research Directions*, cit., p. 534, destacan que os chatbots se desean co obxectivo de convencer as persoas de que están a falar con humanos en vez de con máquinas.

⁷⁷ Artigo 4 do Real decreto 203/2021.

as administracións públicas e a cidadanía, os robots software non se incluíron entre as canles de asistencia para o acceso aos servizos electrónicos previstos no artigo 4 do Real decreto 203/2021⁷⁸.

Máis alá destas consideracións xerais, debemos advertir que o uso de robots software, sobre todo cando utilizan dunha ou doutra maneira intelixencia artificial, pode levar discriminacións xeradas polos nesgos que poidan ter os algoritmos⁷⁹. Os robots poden ofrecer unha imaxe da Administración pública ou chegar a resultados distorsionados ou incorrectos que non representen a realidade sen que exista unha causa obxectiva e razoable que xustifique a diferenciación de trato.

Dous exemplos poden ilustralo. En primeiro lugar, é habitual que os avatares utilizados polos robots conversacionais sexan femininos. Así, Carina, Victoria ou a avoa Elvira son as asistentas virtuais dos Concellos de Córdoba, Málaga e Arganda⁸⁰. En segundo lugar, con frecuencia os algoritmos para a tradución automática que utilizan os robots conversacionais tamén teñen nesgos (por exemplo, traducen do inglés *nurse* por enfermeira mentres que *lawyer* é avogado).

O nesgo de xénero foi un dos que se observou de xeito máis xeneralizado⁸¹.

Pero, ademais dos nesgos de xénero, é habitual que os algoritmos poidan xerar discriminacións con relación a persoas con diversidade funcional⁸². Así, os algoritmos utilizados para o procesamento da linguaxe natural están a dar maiores erros cando se trata de comprender o contido de textos escritos por unha persoa que ten dislexia e pode confundir as letras ou a súa grafía ou outra que ten disgrafía que lle xera dificultades para espazar correctamente as letras ou para escribilas co mesmo tamaño. Tamén poden mostrar máis dificultades cando se procesa un discurso pronunciado por unha persoa que sofre unha depresión ou autismo⁸³.

Todo iso é debido a que o proceso de deseño e aprendizaxe dos algoritmos utilizados polos robots software pode incorporar nesgos que están nos datos que se usan para construír os modelos (por exemplo, os rostros utilizados para adestrar a maioría dos algoritmos de recoñecemento facial corresponden un 75 % a homes e

⁷⁸ En calquera caso, debe terse en conta a remisión que contén o dito artigo a “[c]alquera outra canle que poida establecerse de acordo co previsto no artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro”.

⁷⁹ Tivemos oportunidade de tratar en detalle estas cuestións en CERRILLO I MARTÍNEZ, A., “La inteligencia artificial y el control de sus posibles sesgos”, Villoria Mendieta, M. (ed.), *Ética pública en el siglo XXI*, Instituto Nacional de Administración Pública, Madrid, 2021 (en prensa).

⁸⁰ Esta situación non é exclusiva dos avatares das administracións públicas, senón que se dá tamén en grandes corporacións tecnolóxicas (algúns exemplos son Alexa, Cortana, Aura ou Siri), o que deu lugar a unha campaña para desfeminizar os asistentes virtuais (#VocesEnIgualdad) que se iniciou en novembro de 2018 para facer fronte a esta situación.

⁸¹ Desde un punto de vista xeral, advirteno ADAMOPOULOU e MOUSSIADES, os cales observan que “a maioría dos chatbots se utilizan normalmente como asistentes persoais ou secretarías para executar actividades que imitan estereotipos femininos” (ADAMOPOULOU, E. e MOUSSIADES, L., “Chatbots: History, technology, and applications”, cit., p. 1). Igualmente, BONALES DAIMIEL, G. e MARTÍNEZ, E., “Using Virtual Assistants and Chatbots for Crisis Communication”, cit., p. 76.

⁸² MAKASI, T., NILI, A., DESOUZA, K.C. e TATE, M., “Chatbot-mediated public service delivery: a public service value-based framework”, cit., recordan que un chatbot foi interrompido polas súas dificultades para ser utilizados por persoas con discapacidade. Acceso web: <https://www.abc.net.au/news/2017-09-21/government-stalls-ndis-virtual-assistant-voiced-by-cate-blanchet/8968074> (maio de 2021).

⁸³ WHITTAKER, M., ALPER, M., BENNETT, C.L., HENDREN, S., KAZIUNAS, L., MILLS, M., MORRIS, M.R., RANKIN, J., ROGERS, E. & SALAS, M., *Disability, Bias, and AI*, AI Now Institute, New York, 2019.

máis dun 80 % de raza branca)⁸⁴. Noutras ocasións, outros nesgos débense ao deseño do propio algoritmo ao trasladarlle, de xeito consciente ou inconsciente, nesgos dos propios deseñadores. En última instancia, o nesgo deriva da actuación dos responsables públicos que deciden que algoritmos se utilizan e, por exemplo, deciden que o avatar sexa feminino.

Para evitar que o uso de robots software poida derivar en discriminacións por razón de xénero ou de calquera outra condición persoal ou social, as administracións públicas deben adoptar medidas axeitadas⁸⁵. Nesta dirección, o Consello de Europa, na recomendación sobre os impactos nos dereitos humanos dos sistemas algorítmicos do 8 de abril de 2020, sinala que os Estados deben revisar as normas e as políticas para garantir que a contratación, deseño, desenvolvemento e despregamento da intelixencia artificial respecte, entre outros aspectos, a non-discriminación.

Entre outras medidas, as administracións públicas deben asegurarse de que os algoritmos que utilizan os robots software fosen adestrados con datos de calidade que respondan á diversidade do colectivo que se verá afectado polas tarefas a desenvolver. Tamén poden fomentar a participación no deseño dos algoritmos co fin de diversificar o perfil dos deseñadores e evitar os nesgos que poidan ter. Así mesmo, deben promover a transparencia sobre como están deseñados os robots software, sobre como funcionan ou sobre os datos que utilizan para realizar unha tarefa, de maneira que calquera persoa pode identificar se un algoritmo contén nesgos ou os resultados obtidos por el son discriminatorios. Por último, o fortalecemento da gobernanza da intelixencia artificial nas entidades públicas é outro mecanismo para previr os nesgos nos robots software.

4 A automatización a través de robots como actuación administrativa automatizada

A principal finalidade do uso dos robots software nas administracións públicas é automatizar a súa actuación e funcionamento.

Cando o uso de robots software substitúa a intervención dun empregado ou empregada pública, atoparémonos ante unha actuación administrativa automatizada que debe desenvolverse e está sometida ás normas que analizamos a continuación. Ademais, cando a automatización supoña o tratamento de datos persoais, estará suxeita a distintos principios e límites que recolle o Regulamento xeral de protección de datos.

⁸⁴ Segundo datos do informe elaborado en febreiro de 2018 por BUOLAMWINI, investigadora do MIT Media Lab. O mesmo informe observou que o erro no recoñecemento dos rostros era menor ao 1% no caso de homes con pel clara; un 7% no de mulleres brancas; un 12% no de homes de pel escura e ata un 35% no de mulleres de pel escura (BUOLAMWINI, J. e GEBRU, T., "Gender shades: Intersectional accuracy disparities in commercial gender classification", *Proceedings of Machine Learning Research*, n. 81 (Conference on fairness, accountability and transparency), 2018, pp. 77-91).

⁸⁵ A Carta de Dereitos Dixitais a que fixemos referencia anteriormente recoñece que "se deberá garantir o dereito á non discriminación algorítmica", calquera que fose a súa orixe, causa ou natureza do nesgo, en relación coas decisións e procesos baseados en algoritmos".

4.1 A actuación administrativa robótica

As administracións públicas poden adoptar decisións automatizadas utilizando para iso robots software. En efecto, desde un punto de vista xeral, debemos ter presente que a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), regula a actuación administrativa automatizada, entendendo como tal “calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración pública no marco dun procedemento administrativo e na que non interviñese de forma directa un empregado público”⁸⁶.

O uso de robots para realizar actuacións administrativas de xeito automatizado entraña algunhas cuestións específicas, tales como o seu alcance e uso, a vinculación da decisión adoptada por un robot por parte das administracións públicas, as fases do procedemento administrativo en que poden intervir os robots ou a motivación das decisións públicas que toman a través de algoritmos.

a) Actuación realizada a través de medios electrónicos

A LRXSP utiliza de xeito xenérico a expresión *medios electrónicos* á hora de definir a actuación administrativa automatizada e o Real decreto 203/2021 non concreta no seu anexo con definicións que tecnoloxías deben entenderse incluídas nesta expresión⁸⁷. Aínda que é probable que o lexislador non tivese en mente a posibilidade de utilizar robots software e, moito menos, intelixencia artificial nun procedemento administrativo, ao noso entender non hai obstáculo ningún para considerar que estas aplicacións poden ser utilizadas polas administracións públicas para automatizar a súa actividade.

Na actualidade, o deseño dun robot software non responde á tramitación dun procedemento específico. Tampouco a decisión de usar robots software na Administración pública se atopa formalizada⁸⁸.

Non obstante, esta situación non é óbice para sinalar que sería oportuno que a lexislación incorporase un procedemento específico para aprobar o uso de robots software e, en xeral, de algoritmos nas administracións públicas. Na nosa opinión, a extensión dos robots software, así como da intelixencia artificial entre as administracións públicas, debería ir acompañada da previsión dun procedemento que permitise valorar axeitadamente os riscos que o uso destas aplicacións e tecnoloxías poida comportar, que facilitase a participación tanto de técnicos como da cidadanía

⁸⁶ Artigo 4.1.1 da LRXSP. Véxase, así mesmo, o artigo 13 do Real decreto 203/2021.

⁸⁷ A LRXSP non define na actualidade qué debe entenderse por medio electrónico, como si facía a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que definía o medio electrónico dun xeito moi amplo.

⁸⁸ Como é coñecido, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, prevía que as administracións públicas debían aprobar previamente os programas e aplicacións electrónicos, informáticos e telemáticos e difundir as súas características. Non obstante, esta previsión desapareceu na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e non se incorporou na LRXSP. Esta involución foi criticada por diversos autores. Así, para BOIX “o retroceso producido en 2007 neste punto, e consolidado definitivamente en 2015, é manifesto” (BOIX PALOP, A., “La necesidad de extender las garantías propias de las normas reglamentarias a los programas empleados por la administración para la adopción de decisiones”, *Revista de Derecho Público: Teoría y Método*, n. 1, 2020, pp. 223-270). Así mesmo, VALERO TORRIJOS, J., “Las garantías jurídicas de la inteligencia artificial en la actividad administrativa desde la perspectiva de la buena administración”, *Revista Catalana de Dret Públic*, n. 58, 2019.

en xeral na dita valoración e que permitise formalizar axeitadamente a decisión, así como darlle a máxima publicidade e transparencia.

A pesar do anterior, non consideramos que o xeito de dar resposta a todas estas necesidades pase pola consideración dos robots software ou dos algoritmos como normas regulamentarias, posto que non deixan de ser un medio técnico ao servizo da Administración pública que, polo impacto que o seu uso pode ter en distintos bens ou dereitos, exige que o seu emprego pola Administración pública se dote dunhas determinadas garantías que, por outro lado, probablemente o procedemento de elaboración de disposicións regulamentarias na práctica tampouco ofrecerá de xeito eficaz⁸⁹.

Xunto á previsión dun procedemento, sería necesario tamén deseñar un marco institucional que permita garantir a seguridade –xurídica e tecnolóxica–, a transparencia e a rendición de contas no uso dos robots software polas administracións públicas tal como tivemos oportunidade de propor especificamente en relación coa intelixencia artificial⁹⁰.

b) Actuación no marco dun procedemento administrativo

A LRXSP refírese deste xeito a actuacións administrativas formalizadas realizadas durante a tramitación dun procedemento administrativo⁹¹. En moitos casos o uso de robots software realizarase no marco dun procedemento administrativo para obter, xestionar ou analizar datos, para enviar ou comunicar documentos ou para comunicar, recibir ou interpretar información das persoas interesadas⁹². Así mesmo, os robots poden chegar a ser utilizados no marco dun procedemento para a emisión de calquera declaración de vontade, de xuízo, de coñecemento ou de desexo. Con este obxectivo, por exemplo, modificouse o Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, para prever o inicio dun procedemento administrativo sancionador na orde social mediante a extensión de actas de infracción automatizadas⁹³.

⁸⁹ A favor do carácter reglamentario dos algoritmos manifestouse BOIX PALOP, A., “La necesidad de extender las garantías propias de las normas reglamentarias a los programas empleados por la administración para la adopción de decisiones”, cit. En contra desta postura, HUERGO LORA, A., “Una aproximación a los algoritmos desde el derecho administrativo”, Huelgo Lora, A. (ed.), *La regulación de los algoritmos*, Aranzadi-Thomson-Reuters, Cizur Menor, 2020, pp. 64 e ss.

⁹⁰ CERRILLO I MARTÍNEZ, A., “¿Son fiables las decisiones de las administraciones públicas adoptadas por algoritmos?”, *European review of digital administration & law*, n. 1, 2020.

⁹¹ Valero pon de manifesto que “a regulación de 2015 se segue centrando na actividade administrativa formalizada e, en particular, no acto e o procedemento administrativos como paradigmas das garantías subxacentes”, o que, advirte, é “un enfoque manifestamente insuficiente desde a perspectiva da transformación dixital que se demanda do sector público” (VALERO TORRIJOS, J., “Las garantías jurídicas de la inteligencia artificial en la actividad administrativa desde la perspectiva de la buena administración”, cit.).

⁹² Nesta dirección, o artigo 44 da Lei 26/2010, de 3 de agosto, de réxime xurídico e de procedemento das administracións públicas de Cataluña, dispón que as actuacións automatizadas poden utilizarse “para constatar a concorrencia dos requisitos que establece o ordenamento xurídico, declarar as consecuencias previstas, adoptar as resolucións e comunicar ou certificar os datos, actos, resolucións ou acordos que consten nos seus sistemas de información”, sempre e cando os actos “poidan adoptarse cunha programación baseada en criterios e parámetros obxectivos”.

⁹³ Artigo 53.1.a) modificado polo Real decreto-lei 2/2021, do 26 de xaneiro, de reforzo e consolidación de medidas sociais en defensa do emprego. Véxase, en xeral, sobre a selección automatizada de suxeitos a investigar, TODOLÍ SIGNES, A., “Retos legales del uso del *big data* en la selección de sujetos a investigar por la Inspección de Trabajo y de la Seguridad Social”, *Revista Galega de Administración Pública*, n. 59, 2020, pp. 313-337.

Non obstante, máis alá do concepto estrito da actuación administrativa automatizada que inclúe a LRXSP, iso non debe ser obstáculo para que a Administración pública poida utilizar a intelixencia artificial no desenvolvemento doutras actuacións materiais que non se verán sometidas ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Este sería o caso, por exemplo, do uso dos robots conversacionais ou asistentes que se utilicen para informar ou atender a cidadanía⁹⁴.

En función da capacidade do robot software, tanto a súa intervención no procedemento como os efectos xurídicos da actuación automatizada serán distintos e incrementaranse significativamente a medida que se lle dote de maior capacidade de aprendizaxe automática a través da intelixencia artificial. En función dos riscos que iso poida entrañar, deberanse adecuar as medidas que se adopten para garantir o cumprimento dos distintos principios da Administración dixital ou o respecto dos dereitos das persoas interesadas ou o nivel de supervisión humana, que en todo caso deberá ser proporcional a estes⁹⁵.

c) Actuación sen intervención directa de empregado público

A ausencia de intervención humana é o elemento esencial á hora de determinar se nos atopamos ante unha actuación administrativa automatizada⁹⁶. Esta é precisamente a principal característica dos robots software, tal como os definimos, ao desenvolver as súas tarefas non só de xeito automático sen a necesidade de que interveña, senón de igual xeito que o faría unha persoa.

Os robots software son unha tecnoloxía para automatizar a actuación e o funcionamento das administracións públicas e, desde esta perspectiva, a súa intervención nun procedemento levará consigo que non participe unha persoa.

Iso non quere dicir que cando interveña un robot software non haxa ningún tipo de implicación humana. Precisamente, para garantir a fiabilidade dos robots software e, en xeral, da intelixencia artificial é necesario garantir a supervisión humana⁹⁷. A supervisión humana dos robots software pódese dar en distintos momentos e o seu alcance tamén pode ser diferente.

Á marxe doutras consideracións, a lectura da LRXSP permite observar que a actuación administrativa automatizada exige a intervención humana a través do órgano ou órganos competentes en dous momentos.

⁹⁴ Por exemplo, tal como dispón o artigo 87 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

⁹⁵ Véxase ao respecto ROIG BATALLA, A., *Las garantías frente a las decisiones automatizadas. Del Reglamento General de Protección de Datos a la gobernanza algorítmica*, JM Bosch, Barcelona, 2020.

⁹⁶ Máis alá do previsto na lexislación vixente, non podemos descoñecer que tradicionalmente algúns autores negaran a posibilidade de que un acto administrativo puidese ditarse sen a intervención dunha persoa, posto que estas “manifestacións de vontade e as máquinas, ao non tela, carecen de posibilidade de producir actos xurídicos” (PARADA VÁZQUEZ, R., *Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y Procedimiento Administrativo Común (Estudio, comentarios y texto de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre)*, Marcial Pons, Madrid, 1999, p. 174).

⁹⁷ A fiabilidade foi recoñecida como principio ético que debe guiar o desenvolvemento da intelixencia artificial. Así, segundo as Directrices éticas para unha IA fiable, a fiabilidade do algoritmo consiste na litude do uso da intelixencia artificial; na súa eticidade e na súa robustez (Grupo de expertos de alto nivel sobre intelixencia artificial, 2019). Posteriormente referiuse a este principio COMISIÓN EUROPEA, *Libro branco sobre a intelixencia artificial - un enfoque europeo orientado á excelencia e a confianza COM(2020) 65 final*, 2020.

En primeiro lugar, ao definir as especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, se é o caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte⁹⁸. Este é un aspecto esencial non só para garantir a transparencia no uso dos robots software, senón tamén para asegurar o respecto dos principios e normas que deben guiar o uso destes dispositivos no exercicio de potestades públicas. Tal como indicamos anteriormente, na actualidade non existe un procedemento específico para concretar estes elementos. Non obstante, resulta de interese observar que, aínda que sen carácter básico, o Real decreto 203/2021 engadiu, respecto ao que dispón a LRXSP, que a resolución pola que se autorice o uso dun robot software para automatizar unha actuación administrativa deberá establecer as medidas que sexan adecuadas para salvagardar os dereitos e liberdades e os intereses lexítimos das persoas interesadas⁹⁹.

En segundo lugar, ao resolver os recursos contra as decisións automatizadas, para o que a Administración pública terá que definir o órgano que deberá ser considerado responsable para os efectos de impugnación¹⁰⁰. En relación con este elemento, máis alá dos mecanismos de control administrativo e xudicial que xa recoñece o ordenamento xurídico, sería oportuno promover a creación de órganos administrativos específicos para o control do uso dos robots software e, en xeral, de intelixencia artificial nas administracións públicas.

A LRXSP dispón que a decisión automatizada debe imputarse ao órgano ou organismo determinado por cada Administración pública¹⁰¹. Para iso, debe determinar que sistema de sinatura electrónica utilizará no exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada (o selo electrónico de Administración pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, baseado en certificado electrónico recoñecido ou cualificado ou o código seguro de verificación)¹⁰².

Non obstante, na actualidade iso non se fai ou, se se fai, non coa publicidade e a transparencia necesarias para garantir as finalidades que deberían derivar destes trámites que perseguen asegurar a trazabilidade do uso dos robots software na automatización, así como a comunicación á cidadanía de que estes robots son utilizados

⁹⁸ Véxase ao respecto GAMERO, quen destaca que “a supervisión do sistema e a súa auditoría son, polo tanto, o primeiro e moi relevante mecanismo de control que debe existir sobre a intelixencia artificial no sector público” (GAMERO CASADO, E., “Compliance (o Cumplimiento Normativo) de desarrollos de Inteligencia Artificial para la toma de decisiones administrativas”, cit.).

⁹⁹ Artigo 13 do Real decreto 203/2021.

¹⁰⁰ O artigo 13 do Real decreto 203/2021 previu que, no ámbito estatal, a resolución pola que se autorice o uso dun robot software na actuación administrativa automatizada deberá indicar os recursos que procedan contra a actuación, o órgano administrativo ou xudicial, se é o caso, ante o que terían que presentarse e prazo para interpoñelos.

¹⁰¹ Ao respecto, o artigo 13 do Real decreto 203/2021 dispón que, no ámbito local, en caso de actuación administrativa automatizada, se observará o establecido na disposición adicional oitava do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional. En particular, a dita disposición prevé que, no exercicio electrónico das funcións reservadas aos funcionarios con habilitación de carácter xeral, os postos reservados a eles terán a consideración de órgano.

¹⁰² Artigo 42 da Lei 40/2015. Non entramos neste punto a analizar se os robots software deberían ter recoñecida personalidade xurídica tal como, con carácter xeral, suxeriu o Parlamento Europeo, na súa resolución do 20 de outubro de 2020, con recomendacións destinadas á Comisión sobre un marco dos aspectos éticos da intelixencia artificial, a robótica e as tecnoloxías conexas. Respecto ao estado actual deste debate, pode consultarse, entre outros, MESSÍA DE LA CERDA BALLESTEROS, J.A., “Robots inteligentes y personalidad”, *Revista Aranzadi de Derecho y Nuevas Tecnologías*, n. 53, 2020.

en determinadas actuacións. Ademais, malia ser habitual que os robots software empreguen un identificador que permite monitorizar a súa actuación, iso non determina que se faga usando os mecanismos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Máis alá destas limitacións prácticas, a non intervención dunha persoa ao automatizar a actuación administrativa xerou un amplo debate académico, en particular en relación con que potestades poden ser exercidas de xeito automatizado polas administracións públicas e tamén se pode automatizarse o exercicio de potestades discrecionais.

A primeira cuestión que debemos ter presente ao respecto é que na actualidade os robots software dificilmente substituirán as persoas no exercicio de potestades discrecionais. En efecto, como tivemos oportunidade de pór de manifesto anteriormente, polo xeral estes robots son utilizados para desenvolver tarefas seguindo regras claras que non admiten excepcións. O habitual será, pois, que sexan usados para automatizar a realización de trámites regulados.

A segunda cuestión é que, aínda no caso de que un robot software empregado por unha Administración pública incorpore algoritmos de aprendizaxe automática, será utilizada en contornos pouco complexos, xa que, hoxe por hoxe, a intelixencia artificial só demostrou resultados óptimos en contornos de certa incerteza cando a complexidade é baixa¹⁰³. Malia ser habitual que desenvolva de xeito satisfactorio procesos analíticos ou de razoamento, aínda non é capaz de levar a cabo axeitadamente e de modo xeneralizado procesos racionais como realizar xuízos ou ponderacións complexos¹⁰⁴. Polo tanto, os robots software dotados con intelixencia artificial poderían ser usados para desenvolver tarefas cun baixo nivel de discrecionalidade ou cando o exercicio da potestade discrecional supón o uso de criterios técnicos e non políticos¹⁰⁵.

En cambio, non parece que o estadio de desenvolvemento actual dos robots software e, en xeral, da intelixencia artificial permita considerar que estes poidan ser utilizados en situacións con maior complexidade ou incerteza, así como en xuízos ou ponderacións máis complicados ou que exixan o uso de criterios non estritamente técnicos, é dicir, cun maior nivel de discrecionalidade. Nestes ámbitos, os robots software poden ser útiles para automatizar algunhas tarefas preparatorias da toma de decisión; por exemplo, a análise de grandes cantidades de datos ou de datos distribuídos en numerosas bases de datos, de maneira que poida pór á disposición dos decisores os elementos necesarios para que estas sexan da máxima calidade posible.

¹⁰³ BULLOCK, J. B., "Artificial intelligence, discretion, and bureaucracy", *The American Review of Public Administration*, n. 49, 2019, p. 756.

¹⁰⁴ NOTO LA DIEGA, G., "Against the Dehumanisation of Decision-Making – Algorithmic Decisions at the Crossroads of Intellectual Property, Data Protection, and Freedom of Information", *Journal of Intellectual Property, Information Technology and E-Commerce Law*, n. 9, 2018, p. 6; YEUNG, K., "Why worry about decision-making by machine?", Yeung, K. e Lodge, J. (eds.), *Algorithmic Regulation*, Oxford University Press, Oxford, 2019, p. 24.

¹⁰⁵ CERRILLO I MARTÍNEZ, A., "¿Son fiables las decisiones de las administraciones públicas adoptadas por algoritmos?", cit. Na mesma dirección, aínda que con carácter xeral respecto ao ámbito de aplicación da actuación administrativa automatizada, MARTÍN DELGADO, I., "Naturaleza, concepto y régimen jurídico de la actuación administrativa automatizada", *Revista de Administración Pública*, n. 180, 2009, pp. 353-386.

En calquera caso, tal como tivemos oportunidade de analizar noutra ocasión, a decisión sobre se se poden utilizar robots software no exercicio de potestades discrecionais non pode ser nin absoluta nin xeral e debe estar presidida polo principio de precaución e responder a un coñecemento do estado de desenvolvemento técnico da intelixencia artificial e a unha análise dos riscos que o uso dos robots software poida comportar respecto a outros principios e bens¹⁰⁶.

Pero, máis alá do que efectivamente poida chegar a permitir o desenvolvemento tecnolóxico, debe valorarse se un robot software pode efectivamente exercer potestades discrecionais ou se se debe establecer “unha reserva para a toma de certas decisións a humanos, o que denominaremos aquí unha reserva de humanidade”, entre outros motivos polas necesidades de garantir a empatía na toma de decisións públicas, habilidade inherente ás persoas¹⁰⁷.

En relación con esta cuestión, máis alá de traer a colación o feito de que a pesar de que de xeito aínda moi rudimentario xa se deseñaron algoritmos que son capaces de analizar emocións, debemos recordar a necesidade de garantir a supervisión humana do uso da intelixencia artificial polos robots software. Esta supervisión non debe reservarse en exclusiva á toma da decisión en sentido estrito, senón que tamén pode producirse *ex ante* ao analizar os riscos inherentes ao uso dun robot software na fase de resolución dun procedemento administrativo ou prever mecanismos de certificación ou auditoría ou *ex post* ao articular mecanismos *ad hoc* para o control das decisións adoptadas de xeito automatizado.

4.2 A protección de datos persoais como límite á automatización

A medida que os robots software e, en particular, os robots conversacionais adquiren unha maior habilidade para interactuar coas persoas, increméntase significativamente a posibilidade de intercambiar datos persoais e que estes sexan tratados sen que as persoas afectadas teñan coñecemento diso¹⁰⁸, ou a posibilidade de inferir novos datos persoais a partir dos datos intercambiados¹⁰⁹. Ademais, tamén se incrementan os riscos de que os ditos datos sexan coñecidos por terceiras persoas sen que teñan lexitimidade para iso¹¹⁰.

¹⁰⁶ CERRILLO I MARTÍNEZ, A., “¿Son fiables las decisiones de las administraciones públicas adoptadas por algoritmos?”, cit.

¹⁰⁷ PONCE SOLÉ, J., “Inteligencia artificial, Derecho administrativo y reserva de humanidad: algoritmos y procedimiento administrativo debido tecnolóxico”, *Revista General de Derecho Administrativo*, n. 50, 2019.

¹⁰⁸ ISCHEN, C., ARAUJO, T., VOORVELD, H., VAN NOORT, G. e SMIT, E., “Privacy concerns in chatbot interactions”, *International Workshop on Chatbot Research and Design*, Springer, Cham, 2019, pp. 34-48, constataron que os robots conversacionais que teñen unha maior aparencia humana levan a unha maior relevación de información persoal e a unha menor preocupación por cuestións relacionadas coa privacidade por parte das persoas que os que teñen unha aparencia de máquina.

¹⁰⁹ Nesta dirección advirteno BELEN SAĞLAM, R. e NURSE, J.R.C., “Is your chatbot GDPR compliant? Open issues in agent design”, cit.

¹¹⁰ Non podemos descoñecer as cuestións de seguridade relacionadas cos robots e asistentes virtuais. Ao respecto, son ilustrativos os seguintes titulares: “Amazon’s Alexa recorded private conversation and sent it to random contact” (Alexa de Amazon gravou conversas privadas e enviounas a un contacto ao chou), *The Guardian*, 24 de maio, 2018. Acceso web: <https://www.theguardian.com/technology/2018/may/24/amazon-alexa-recorded-conversation> (maio de 2021), ou “Amazon employees listen in to thousands of customer Alexa recordings” (Traballadores de Amazon escoitan miles de gravacións de clientes de Alexa), *The Telegraph*, 11 de abril, 2019. Acceso web: <https://www.telegraph.co.uk/technology/2019/04/11/amazon-employees-listen-thousands-customer-alexa-recordings/> (maio de 2021). En relación con estas cuestións, véxase BOLTON, T.,

Desde un punto de vista xeral, iso supón o sometemento dos tratamentos de datos persoais que realicen de xeito automatizado os robots software aos principios previstos no Regulamento xeral de protección de datos. Ademais, será necesario que a Administración pública dispoña dunha base xurídica lexitimadora adecuada para que os robots software poidan tratar os datos.

Así mesmo, a Administración pública, como responsable do tratamento realizado polo robot software, deberá informar as persoas afectadas acerca da existencia de decisións automatizadas que inclúa información significativa sobre a lóxica aplicada, así como a importancia e as consecuencias previstas do dito tratamento para o interesado¹¹¹. En xeral, as administracións públicas non informan especificamente sobre estes extremos fóra do que poidan recoller os avisos legais ou condicións de uso dos portais de Internet ou sedes electrónicas a través dos que se poida acceder ao robot software¹¹².

Máis alá desta información, os interesados poderán exercer o seu dereito de acceso para poder coñecer se se están a tratar ou non datos persoais que lles concirnen e obter información significativa sobre a lóxica aplicada na toma de decisións automatizada, así como a importancia e as consecuencias previstas do dito tratamento para a persoa interesada¹¹³.

Ademais, cando o tratamento de datos persoais que leve a cabo o robot software poida supor un alto risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas, por exemplo porque permita realizar unha elaboración de perfís, o responsable do tratamento debe avaliar o impacto na protección dos datos persoais dese tratamento. Deste xeito, poderá coñecer a necesidade e proporcionalidade do tratamento, a gravidade e a probabilidade de risco para os datos persoais e, se é o caso, identificar as medidas, as garantías e os mecanismos que se deban adoptar para mitigar o risco, garantir a protección dos datos persoais e demostrar a conformidade co RXPD¹¹⁴.

Desde un punto de vista particular, debemos recordar que o RXPD reconece o dereito de todo interesado a non ser obxecto dunha decisión baseada unicamente no tratamento automatizado que produza efectos xurídicos nel ou lle afecte significativamente de modo similar¹¹⁵. Este dereito reconeceuse como unha prohibición

DARGAHI, T., BELGUTH, S., AL-RAKHAMI, M.S. e SODHRO, A.H., "On the security and privacy challenges of virtual assistants", *Sensors*, n. 21, 2021, p. 2312.; CHUNG, H., IORGA, M., VOAS, J. e LEE, S., "Alexa, Can I Trust You?", *Computer*, n. 50, 2017, pp. 100-104.

¹¹¹ Artigos 13 e 14 do RXPD.

¹¹² De todos os modos, xa existen robots conversacionais que informan sobre a política de protección de datos con carácter previo ao inicio da conversa. Véxase como exemplo o robot conversacional do Concello de Córdoba, que ademais de informar sobre a política de privacidade tamén solicita o consentimento á persoa usuaria sobre a gravación das conversas para os efectos de poder mellorar o algoritmo. Acceso web: <https://www.cordoba.es/> (maio de 2021). De todos os xeitos, chama a atención que a política de privacidade é a da empresa proveedora. Acceso web: <https://1millionbot.com/politica-de-privacidad/> (maio de 2021).

¹¹³ Artigo 15 do RXPD. Así mesmo, poderán exercer o dereito de rectificación cando os datos persoais utilizados na elaboración do perfil sexan inexactos (artigo 16 RXPD). Tamén poderán exercer o dereito de supresión dos datos persoais (artigo 17 RXPD).

¹¹⁴ Artigo 28.1 da LOPDGD. Véxase ao respecto a lista dos tipos de operacións de tratamento elaborada pola Axencia Española de Protección de Datos, de acordo co disposto no artigo 35.4 RXPD. Acceso web: <https://www.aepd.es/media/criterios/listas-dpia-es-35-4.pdf> (maio de 2021).

¹¹⁵ Artigo 22.1 do RXPD.

de que se adopten decisións automatizadas cando concorran os elementos a que nos referiremos a continuación e non exista unha habilitación para iso¹¹⁶.

En primeiro lugar, que a decisión se basee unicamente nun tratamento automatizado, é dicir, que non conte cunha intervención humana ou que, aínda que interveña unha persoa, non teña unha participación significativa¹¹⁷. Este podería ser o caso de decisións administrativas automatizadas adoptadas a través dun robot software.

En segundo lugar, que a decisión produza efectos xurídicos na persoa ou lle afecte significativamente de modo similar; por exemplo, que a decisión adoptada por un robot software afecte ao acceso dunha persoa aos servizos públicos ou lle denegue unha axuda á que teña dereito¹¹⁸.

Deste xeito, un robot software non poderá tratar datos persoais para tomar unha decisión automatizada que produza efectos xurídicos se non concorre algunha das excepcións que considera o propio RXP. En particular, o robot software poderá tratar datos persoais se a decisión que se automatice é necesaria para a celebración ou a execución dun contrato entre o interesado e un responsable do tratamento; está autorizada polo dereito da Unión ou dos Estados membros que se lle aplique ao responsable do tratamento e que estableza así mesmo medidas axeitadas para salvagardar os dereitos e liberdades e os intereses lexítimos do interesado, ou se basea no consentimento explícito do interesado¹¹⁹.

No caso dos tratamentos realizados polas administracións públicas, polo xeral só será de aplicación o segundo suposto, é dicir, que estea previsto nunha norma con rango de lei¹²⁰, xa que é pouco probable que, na maioría de casos, a persoa interesada poida manifestar de xeito completamente libre o seu consentimento ante o prexuízo de que a súa eventual negativa poida chegar a ter na actuación pública¹²¹. Non obstante, nalgúns casos, por exemplo cando a persoa utiliza un robot conversacional para obter información á que tamén poida acceder a través doutras canles, o tratamento podería chegar a basearse no dito consentimento.

O responsable do tratamento deberá adoptar as medidas adecuadas para protexer os dereitos e as liberdades e os intereses lexítimos do interesado¹²². Estas medidas

¹¹⁶ Como recoñeceu o Grupo de traballo do artigo 29 (2018), o feito de que o artigo 22 do RXP se refira a un dereito non quere dicir que “se aplique só cando se invoque de forma activa por parte do interesado”.

¹¹⁷ GRUPO DE TRABAJO DO ARTIGO 29, *Directrices sobre decisións individuais automatizadas e elaboración de perfís para os efectos do Regulamento 2016/679*, 2018, p. 23; VEALE, M. E EDWARDS, L., “Clarity, surprises, and further questions in the Article 29 Working Party draft guidance on automated decision-making and profiling”, *Computer Law & Security Review*, n. 34, 2018.

¹¹⁸ GRUPO DE TRABAJO DO ARTIGO 29, *Directrices sobre decisións individuais automatizadas e elaboración de perfís para os efectos do Regulamento 2016/679*, cit., p. 24.

¹¹⁹ Artigo 22.2 do RXP.

¹²⁰ Artigo 8.1 da LOPDGD. No caso das decisións automatizadas adoptadas polas administracións públicas, atopa o seu acomodo no artigo 41 LRXSP. Nesta dirección, BOIX PALOP, A., “La necesidad de extender las garantías propias de las normas reglamentarias a los programas empleados por la administración para la adopción de decisiones”, cit.

¹²¹ Como puxo de manifesto o Grupo de Traballo do Artigo 29 (2018), “sempre hai un claro desequilibrio de poder na relación” entre o responsable do tratamento e o interesado”. Véxase ao respecto CERRILLO I MARTÍNEZ, A., “Las características del consentimiento del interesado y su incidencia en el tratamiento de datos en las administraciones públicas”, *El Consultor de los Ayuntamientos*, n. III, 2019.

¹²² Artigo 22.3 do RXP.

deben incluír como mínimo as seguintes¹²³: o dereito a obter intervención humana por parte do responsable, o dereito a expresar o seu punto de vista e o dereito a impugnar a decisión¹²⁴.

5 Automatización e emprego público

A automatización da Administración pública a través de robots software ten un impacto evidente no emprego público. En efecto, na medida en que os robots software ao realizar as súas tarefas substitúan empregadas e empregados públicos é evidente que estas persoas deixarán de realizar estas tarefas¹²⁵.

De feito, non podemos descoñecer que, nos últimos anos, algúns estudos concluíron que o 47 % dos traballos actuais están en alto risco de ser automatizados nos próximos 10 ou 20 anos¹²⁶. Así mesmo, outros estudos indicaron que, en 2025, o tempo dedicado ás tarefas actuais por humanos e por máquinas será o mesmo. Este proceso non só se producirá en relación coas tarefas rutinarias, senón tamén respecto a outras de perfil auxiliar, administrativo e técnico¹²⁷.

No entanto, estes mesmos estudos tamén apuntaron que esta situación non debe supor unha desaparición do emprego público, senón un cambio no modelo de emprego público¹²⁸. En primeiro lugar, os empregados e empregadas públicos poderán centrarse en tarefas máis complexas ás que poidan engadir maior valor en vez de en tarefas rutinarias ou sinxelas que poden realizar perfectamente os robots software¹²⁹. En segundo lugar, as empregadas e empregados públicos poderán realizar aquelas tarefas en que os robots poidan ter maiores dificultades ou ser incapaces de desenvolver (por exemplo, por requirir empatía, creatividade, intelixencia emocional e social ou capacidade de negociación)¹³⁰. En terceiro lugar, os empregados e empregadas públicos poderán ocupar novos perfís profesionais que serán creados, precisamente,

¹²³ O artigo 9 do Convenio 108+ do Consello de Europa é ilustrativo sobre o alcance que deben ter estas medidas de garantía. En calquera caso, é necesario adoptar as medidas suficientes. Ao respecto, resulta de interese traer a colación a Sentenza do Tribunal de Distrito da Haia do 5 de febreiro de 2020, na que anulou a elaboración automatizada de perfís para loitar contra a fraude na Seguridade Social (SyRI), que entre outros motivos considera que as garantías adoptadas non eran suficientes (6.81 e 6.92).

¹²⁴ Nesta dirección, debe terse en conta o previsto nos artigos 4.1.2 da LRXSP e 13.2 do Real decreto 203/2021.

¹²⁵ Incluso xa existe algunha experiencia de robots utilizados no proceso de selección de empregados públicos. Véxase ao respecto a experiencia do robot Tengai, impulsada polo Municipio sueco de Upplands-Bro (VAN NOORDT, C. e MISURACA, G., "New wine in old bottles: Chatbots in government", cit., p. 24).

¹²⁶ FREY, C.B. e OSBORNE, M.A., "The future of employment: how susceptible are jobs to computerisation?", *Technological forecasting and social change*, n. 114, 2017, p. 38.

¹²⁷ RAMIÓ MATAS, C., "El impacto de la inteligencia artificial y de la robótica en el empleo público", *GIGAPP Estudios Working Papers*, n. 98, 2018, pp. 403-404.

¹²⁸ ANDERSEN, K.N., LEE, J. e HENRIKSEN, H.Z., "Digital Sclerosis? Wind of Change for Government and the Employees", cit., p. 7.

¹²⁹ SYED, R., SURIADI, S., ADAMS, M., BANDARA, W., LEEMANS, S. J.J., OUYANG, C., TER HOFSTEDE, A.H.M., VAN DE WEERD, I., WYNN, M.T. e REIJERS, H.A., "Robotic Process Automation: Contemporary themes and challenges", cit., p. 3.

¹³⁰ De feito,ponse de manifesto que unha das diferenzas máis importantes na interacción entre humanos e na interacción entre humanos e chatbots é a menor capacidade de empatía destes últimos últimos (ADAMOPOULOU, E. e MOUSSIADES, L., "Chatbots: History, technology, and applications", cit., p. 1). De todos os modos, non podemos descoñecer os avances experimentados nesta dirección, como se recolle en: <https://www.bbvaopenmind.com/humanidades/sociologia/en-busca-de-la-nueva-empatia-humano-maquina/> (agosto de 2020).

para dar resposta á extensión dos robots software e, en xeral, á intelixencia artificial nas administracións públicas (desde enxeñeiros e informáticos que os deseñen ou implementen ata xuristas ou filósofos que se preocupen de dar resposta aos retos xurídicos ou éticos que a extensión dos robots software poida entrañar)¹³¹.

A dúbida que se presenta é ata que punto os robots software poden chegar a substituír os funcionarios e funcionarias en calquera tarefa¹³². Ao respecto, máis alá das limitacións tecnolóxicas que fomos pondo de manifesto ao longo do traballo, é evidente que a lexislación vixente reserva a funcionarios algunhas funcións, o que, a noso entender, supón un claro límite á substitución do funcionariado polos robots software¹³³.

6 A incorporación dos robots á Administración pública

Os robots software que utilizan as administracións públicas poden ser deseñados polos servizos informáticos ou técnicos das propias entidades públicas.

Non obstante, polo momento, non é habitual que sexan as propias administracións públicas as que programen o código ou deseñen os robots software e, na actualidade, a maioría dos robots que utilizan están xeralmente programados e son implementados por empresas externas que licencian o seu uso á Administración pública. Estes robots poden incorporarse á Administración pública que se encarga de administralos ou simplemente poden ser usados sendo a empresa externa quen se encarga da súa administración (*Robot as a Service, RaaS*)¹³⁴.

Deste xeito, pódense reducir os custos, así como fomentar a innovación no desenvolvemento destas aplicacións¹³⁵. Emporiso, tamén se pode xerar unha dependencia tecnolóxica das administracións públicas particularmente nun ámbito, o dos robots conversacionais e a intelixencia artificial, dominado por poucas empresas¹³⁶. Así

¹³¹ RAMÍO MATAS, C., "El impacto de la inteligencia artificial y de la robótica en el empleo público", cit., pp. 406-409; WORLD ECONOMIC FORUM, *The Future of Jobs Report 2020*, World Economic Forum, Cologny/Geneva, 2020.

¹³² GORRITI BONTIGUI, M., "Evolución de los puestos y nuevos perfiles profesionales en la Administración pública del siglo XXI", Ramió Matas, C. (ed.), *Administración digital e innovación pública. Repensando la Administración Pública*, Instituto Nacional de Administración Pública, Madrid, 2021, recolle distintos criterios para obxectivar a automatización de tarefas na Administración pública.

¹³³ Así, por exemplo, o artigo 9.2 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, reserva en exclusiva aos funcionarios públicos o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas.

¹³⁴ Un rápido repaso dos procedementos para a adquisición dos robots software polas administracións públicas españolas permite observar que nalgúns casos se adquiren mediante un contrato de servizos e noutros como un contrato de subministracións. Noutras ocasións canalízase como un convenio, tal como explica a noticia publicada no portal do Concello de Santa Pola. Acceso web: <https://www.santapola.es/2020/03/27/el-ayuntamiento-de-santa-pola-habilita-un-asistente-virtual-en-su-web-para-informar-las-24-horas-del-covid-19/> (maio de 2021). Noutros supostos adxudicouse un acordo marco para homologar a diversos provedores para a prestación de servizos de chatbots e asistentes virtuais (por exemplo, o Consorci de Serveis Universitari de Catalunya).

¹³⁵ En relación coa incorporación da innovación no deseño dos robots software desde o mercado, debemos remitirnos aos instrumentos que dispón a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, como a asociación para a innovación (artigo 177 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público) ou as consultas preliminares ao mercado (artigo 115 LCSP).

¹³⁶ O desenvolvemento dos robots software atópase en mans dunhas poucas empresas (WAJCMAN, J., "Automation: is it really different this estafe?", *The British journal of sociology*, n. 68, 2017, p. 121). No caso dos robots software, as principais empre-

mesmo, debe terse presente que o desenvolvemento de determinadas tarefas por robots software pode chegar a supor o exercicio privado de funcións públicas de autoridade¹³⁷. En última instancia, pode entrañar problemas respecto ao cumprimento dos principios reitores da actividade pública; por exemplo, tal como advertimos respecto á transparencia pública.

Deste modo, os pregos de cláusulas técnicas deben poder concretar axeitadamente non só os requisitos que deban cumprir os robots software para automatizar de xeito eficaz, eficiente ou económico as actuacións administrativas, senón tamén os elementos suficientes para velar por que estes cumpran cos valores e principios propios das administracións públicas¹³⁸. Tamén determinar o alcance dos dereitos de propiedade intelectual da contratista respecto ao robot software que desenvolvese para a Administración pública ou que poña a disposición desta para o seu uso¹³⁹.

Nesta dirección, sería adecuado fomentar un marco institucional que poida impulsar e facilitar a incorporación dos robots software nas administracións públicas de acordo con estes parámetros, como indicamos anteriormente¹⁴⁰.

Xunto a esta posibilidade, algunhas administracións públicas están a incorporar os robots software a través da reutilización de aplicacións desenvolvidas por outras entidades públicas de acordo co principio de cooperación¹⁴¹. Para iso, de acordo co que

sas son UiPath, Automation Anywhere e Blue Prism. No caso dos chatbots, DialogFlow (Google), Azure Bot (Microsoft), Lex (Amazon) IBM Watson Assistant. No caso dos robots conversacionais, Amazon, Apple ou Microsoft están liderando o mercado dos asistentes virtuais. Véxase ao respecto ALBERTH, M. e MATTERN, M., "Understanding robotic process automation (RPA)", cit.; SYED, R., SURIADI, S., ADAMS, M., BANDARA, W., LEEMANS, S. J.J., OUYANG, C., TER HOFSTEDE, A.H.M., VAN DE WEERD, I., WYNN, M.T. e REIJERS, H.A., "Robotic Process Automation: Contemporary themes and challenges", cit., p. 121. Desde un punto de vista máis xeral, véxanse ao respecto as reflexións de RANCHORDÁS, S. e KLOP, A., "Data-Driven Regulation and Governance in Smart Cities", Berlee, A., Mak, V. e Tjong Tjin Ta, E. (eds.), *Research Handbook on Data Science and Law*, Edward Elgar, Cheltenham, 2018; e VALCÁRCEL FERNÁNDEZ, P., "La innovación como objeto prestacional en los contratos del sector público. La Compra Pública de Innovación", *Contratación administrativa práctica: revista de la contratación administrativa y de los contratistas*, n. 153, 2018, pp. 56-68. Esta autora advirte que será o sector público o que deberá definir o alcance da innovación que espera que lle provea o sector privado.

¹³⁷ CANALS I AMETLLER, D., "El ejercicio de potestades administrativas por operadores privados en régimen de mercado", Gámero Casado, E. (ed.), *La potestad administrativa: concepto y alcance práctico de un criterio clave para la aplicación del Derecho administrativo*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2021, p. 374; MIRANZO DÍAZ, J., "Inteligencia artificial y contratación pública", Martín Delgado, I. e Moreno Molina, J.A. (eds.), *Administración electrónica, transparencia y contratación pública*, Iustel, Madrid, 2020, p. 131.

¹³⁸ Neste sentido, podemos traer a colación a experiencia do Concello de Barcelona que elaborou a Guía de Compra Pública de TIC (2017), que proporciona unha visión global da estratexia municipal en canto á compra de tecnoloxía e servizos tecnolóxicos. Así mesmo, resultan de interese as directrices para a adquisición de intelixencia artificial desenvolvidas por OFFICE FOR ARTIFICIAL INTELLIGENCE, *Guidelines for AI Procurement*, 2020.

¹³⁹ En relación con esta cuestión, debe terse presente o que dispón o artigo 308 da LCSP.

¹⁴⁰ Véxase ao respecto CERRILLO I MARTÍNEZ, A., "Com obrir les caixes negres de les Administracions públiques? Transparència i rendició de comptes en l'ús dels algoritmes", cit. Nesta mesma dirección, RAMÍO MATAS, C., "Inteligencia artificial y robotización reclaman un nuevo modelo de gestión del empleo público", *Consultor de los ayuntamientos y de los juzgados: Revista técnica especializada en administración local y justicia municipal*, n. 5, 2019, pp. 30-46, sinalou que "a Administración pública debería ter un departamento de gobernanza da robótica que, entre outras funcións, se encargase da selección dos robots e dos dispositivos de intelixencia artificial. Os posibles candidatos deberían ser probados atendendo ao principio de capacidade e á superación de determinados filtros con valores públicos (non intrusivos, respecto ao principio de privacidade, amables, etc.)."

¹⁴¹ Como exemplo, podemos traer a colación a experiencia do chatbot do Consorci Administració Oberta de Catalunya. Acceso web: <https://www.aoc.cat/2021/1000280696/nova-versio-aplicacio-nativa-signador-2> (maio de 2021), ou do servizo de chatbot do Consorci de Serveis Universitaris de Catalunya. Acceso web: <https://www.csuc.cat/ca/compres-conjunes/xatbot> (maio de 2021). De todos os xeitos, nos dous casos, o deseño piloto desta experiencia non foi desenvolvido polos propios consorcios, senón a través de empresas externas.

dispón a LRXSP, as administracións públicas porán á disposición doutras entidades públicas, a través de directorios actualizados, os robots software desenvolvidos polos seus servizos técnicos ou que fosen adquiridos do mercado sempre e cando sexan titulares dos seus dereitos de propiedade. Ademais, para facilitar a reutilización das devanditas aplicacións, poden decláralas como de fontes abertas¹⁴².

7 Reflexións finais

Ao longo destas páxinas tivemos a oportunidade de mostrar numerosos exemplos tanto das tarefas que poden desenvolver os robots software como de distintas experiencias de uso para a automatización da actividade e o funcionamento das administracións públicas. Á vista de todo iso, é evidente que a automatización das administracións públicas a través dos robots software pode xerar numerosos beneficios en termos de eficacia, eficiencia e economía, pero tamén de servizo efectivo á cidadanía, máis transparente, personalizado e proactivo. Estes beneficios poden verse incrementados a medida que os robots software se vaian desenvolvendo, o que permitirá que os robots presten máis servizos e que as tarefas que se automaticen sexan máis complexas ou completas¹⁴³.

Porén, a pesar dos beneficios que pode entrañar a automatización das administracións públicas a través do uso de robots software e da innovación que pode comportar, non podemos deixarnos impresionar por esta tecnoloxía nin caer no nesgo da automatización confiando máis no resultado obtido automaticamente por un robot software que na actividade que poidan desenvolver as empregadas e empregados públicos¹⁴⁴.

Malia que os robots software van incrementando as súas prestacións e os avances que están a experimentar co uso da intelixencia artificial están a reportar melloras significativas na calidade e complexidade das tarefas que desenvolven ou os servizos que prestan, non podemos descoñecer que aínda en moitas ocasións os robots conversacionais son incapaces de entender correctamente o que se lles pregunta, de manter unha conversa cunha persoa ou de mostrar empatía con ela¹⁴⁵.

Ademais, a pesar de que moitas persoas poden quedar admiradas por ser atendidas por asistentes virtuais¹⁴⁶, outras tantas poden non querer ou non saber interactuar con robots en vez de con persoas¹⁴⁷. De feito, hoxe en día a experiencia das per-

¹⁴² Artigos 157 e 158 da LRXSP.

¹⁴³ Nesta dirección, MAKASI, T., NILI, A., DESOUZA, K.C. e TATE, M., "A Typology of Chatbots in Public Service Delivery", cit.

¹⁴⁴ Os robots non son a panacea. Segundo unha enquisa sobre esta materia publicada polo portal *Chatbots*, o 53% dos enquisados consideran que os robots conversacionais non son efectivos ou son pouco efectivos. Acceso web: https://www.chatbots.org/images/news/chatbot_survey_2018.pdf (maio de 2021).

¹⁴⁵ Segundo Gartner, en 2020 o 40% dos chatbots lanzados en 2018 xa terán sido abandonados. Acceso web: <https://www.gartner.com/smarterwithgartner> (maio de 2021).

¹⁴⁶ Referímonos ao coñecido *factor wow* ou efecto "guau" (GAVILÁN, I.G.R., *Robots en la sombra: RPA, robots conversacionales y otras formas de automatización cognitiva*, cit.).

¹⁴⁷ Ao respecto, ADAMOPOULOU e MOUSSIADES observan que, "cando os clientes descubren durante unha conversación que están a falar cun chabot, se molestan e compran menos produtos" (ADAMOPOULOU, E. e MOUSSIADES, L., "Chatbots: His-

soas usuarias aínda non é moi positiva, polo que a maioría delas aínda prefiren utilizar as canles habituais de relación (tanto presenciais como mesmo a distancia, pero coa participación de empregados públicos; por exemplo, mediante o correo electrónico)¹⁴⁸. Por iso, cómpre que, de xeito paralelo á extensión do uso dos robots software entre as administracións públicas, estas garantan o acceso da cidadanía a través doutras canles, non necesariamente electrónicas, de maneira que poida exercerse efectivamente o dereito a elixir en todo momento se se comunican coas administracións públicas a través de medios electrónicos ou non.

En calquera caso, a incorporación dos robots software ou a automatización de determinadas tarefas non debe ser froito dunha moda pasaxeira ou do influxo das tendencias innovadoras experimentadas ou promovidas por grandes empresas tecnolóxicas e debe ser o resultado dunha análise con carácter previo dos seus usos nas administracións públicas á vista dos riscos que poidan entrañar ou do impacto que poida ter nos principios que deben rexer o desenvolvemento da Administración dixital. Ademais, este proceso non debe desenvolverse de xeito illado, senón que debe ser un elemento máis da transformación dixital que están a experimentar as administracións públicas.

Bibliografía

- ADAMOPOULOU, E. e MOUSSIADES, L., “Chatbots: History, technology, and applications”, *Machine Learning with Applications*, n. 2, 2020.
- ALBERTH, M. e MATTERN, M., “Understanding robotic process automation (RPA)”, *Journal of Financial Transformation*, n. 46, 2017.
- ALMANSOR, E.H. e HUSSAIN, F.K., *Survey on Intelligent Chatbots: State-of-the-Art and Future Research Directions*, Springer International Publishing, Cham, 2020.
- ANDERSEN, K.N., LEE, J. e HENRIKSEN, H.Z., “Digital Sclerosis? Wind of Change for Government and the Employees”, *ACM Journal on Digital Government Research and Practice*, n. 1, 2020.
- ANDROUTSOPOULOU, A., KARACAPILIDIS, N., LOUKIS, E. e CHARALABIDIS, Y., “Transforming the communication between citizens and government through AI-guided chatbots”, *Government Information Quarterly*, n. 36, 2019.
- ARTIFICIAL SOLUTIONS, *Chatbots: La Guía Definitiva*, 2020.
- BARCEVIČIUS, E., CIBAITĖ, G., CODAGNONE, C., GINEIKYTĖ, V., KLIMAVIČIŪTĖ, L., LIVA, G., MATULEVIČ, L., MISURACA, G. e VANINI, I., *Exploring Digital Government transformation in the EU*, Publications Office of the European Union, Luxembourg, 2019.

tory, technology, and applications” cit.). Iso veu ser coñecido como a teoría do val inquietante que experimenta unha persoa cando non sabe se está a interactuar cunha persoa ou cun robot.

¹⁴⁸ ANDROUTSOPOULOU, A., KARACAPILIDIS, N., LOUKIS, E. e CHARALABIDIS, Y., “Transforming the communication between citizens and government through AI-guided chatbots”, cit.

- BELEN SAĞLAM, R. e NURSE, J.R.C., “Is your chatbot GDPR compliant? Open issues in agent design”, *2nd Conference on Conversational User Interfaces*, Association for Computing Machinery, Bilbao, 2020.
- BOIX PALOP, A., “La necesidad de extender las garantías propias de las normas reglamentarias a los programas empleados por la administración para la adopción de decisiones”, *Revista de Derecho Público: Teoría y Método*, n. 1, 2020.
- BOLTON, T., DARGAHI, T., BELGUITH, S., AL-RAKHAMI, M.S. e SODHRO, A.H., “On the security and privacy challenges of virtual assistants”, *Sensors*, n. 21, 2021.
- BONALES DAIMIEL, G. e MARTÍNEZ, E., “Using Virtual Assistants and Chatbots for Crisis Communication”, *aDResearch: Revista Internacional de Investigación en Comunicación*, n. 25, 2021.
- BORENSTEIN, J. e ARKIN, R., “Robotic nudges: the ethics of engineering a more socially just human being”, *Science and engineering ethics*, n. 22, 2016.
- BRYAN, J., *Trends in Gartner Hype Cycle for Customer Service and Customer Engagement*, Gartner, 2018.
- BULLOCK, J.B., “Artificial intelligence, discretion, and bureaucracy”, *The American Review of Public Administration*, n. 49, 2019.
- BUOLAMWINI, J. e GEBRU, T., “Gender shades: Intersectional accuracy disparities in commercial gender classification”, *Proceedings of Machine Learning Research*, n. 81 (Conference on fairness, accountability and transparency), 2018.
- CANALS I AMETLLER, D., “El ejercicio de potestades administrativas por operadores privados en régimen de mercado”, Gamero Casado, E. (ed.), *La potestad administrativa: concepto y alcance práctico de un criterio clave para la aplicación del Derecho administrativo*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2021.
- CASAS, J., TRICOT, M.-O., ABOU KHALED, O., MUGELLINI, E. e CUDRÉ-MAUROUX, P., “Trends & Methods in Chatbot Evaluation”, *Companion Publication of the 2020 International Conference on Multimodal Interaction*, Virtual Event Netherlands, 2020.
- CERRILLO I MARTÍNEZ, A., “El impacto de la inteligencia artificial en el Derecho administrativo ¿Nuevos conceptos para nuevas realidades técnicas?”, *Revista General de Derecho Administrativo*, n. 50, 2019.
- CERRILLO I MARTÍNEZ, A., “Las características del consentimiento del interesado y su incidencia en el tratamiento de datos en las administraciones públicas”, *El Consultor de los Ayuntamientos*, n. III, 2019.
- CERRILLO I MARTÍNEZ, A., “Com obrir les caixes negres de les Administracions públiques? Transparència i rendició de comptes en l’ús dels algoritmes”, *Revista Catalana de Dret Públic*, n. 56, 2019.
- CERRILLO I MARTÍNEZ, A., “¿Son fiables las decisiones de las Administraciones públicas adoptadas por algoritmos?”, *European review of digital administration & law*, n. 1, 2020.
- CERRILLO I MARTÍNEZ, A., “La transparencia de los algoritmos que utilizan las administraciones públicas”, *Anuario de Transparencia Local 2020*, Fundación Democracia y Gobierno Local, Madrid, 2021.

- CERRILLO I MARTÍNEZ, A., “La inteligencia artificial y el control de sus posibles sesgos”, Villoria Mendieta, M. (ed.), *Ética pública en el siglo XXI*, Instituto Nacional de Administración Pública, Madrid, 2021 (en prensa).
- CHUNG, H., IORGA, M., VOAS, J. e LEE, S., “Alexa, Can I Trust You?”, *Computer*, n. 50, 2017.
- COMISIÓN EUROPEA, *Libro Blanco sobre la inteligencia artificial – un enfoque europeo orientado a la excelencia y la confianza COM(2020) 65 final*, 2020.
- DE CICCO, R., DA COSTA E SILVA, S.C.L. e PALUMBO, R., *Should a Chatbot Disclose Itself? Implications for an Online Conversational Retailer*, Springer International Publishing, Cham, 2021.
- ERNST & YOUNG LLP, *Inteligencia Artificial en el Sector Público. Cómo se benefician 213 organizaciones públicas de la IA. Perspectivas europeas para 2020 y años siguientes*, Microsoft, Madrid, 2020.
- FØLSTAD, A., NORDHEIM, C.B. e BJØRKLI, C.A., “What makes users trust a chatbot for customer service? An exploratory interview study”, *Internet Science. 5th International Conference. INSCI 2018*, Springer, Cham, 2018.
- FREY, C.B. e OSBORNE, M.A., “The future of employment: how susceptible are jobs to computerisation?”, *Technological forecasting and social change*, n. 114, 2017.
- GAMERO CASADO, E., “Compliance (o Cumplimiento Normativo) de desarrollos de Inteligencia Artificial para la toma de decisiones administrativas”, *Diario La Ley*, n. 50, 2021.
- GAVILÁN, I.G.R., *Robots en la sombra: RPA, robots conversacionales y otras formas de automatización cognitiva*, Anaya, Madrid, 2021.
- GORRITI BONTIGUI, M., “Evolución de los puestos y nuevos perfiles profesionales en la Administración pública del siglo XXI”, Ramió Matas, C. (ed.), *Administración digital e innovación pública. Repensando la Administración Pública*, Instituto Nacional de Administración Pública, Madrid, 2021.
- GRUDIN, J. e JACQUES, R., “Chatbots, Humbots, and the Quest for Artificial General Intelligence”, *2019 CHI Conference on Human Factors in Computing Systems*, Association for Computing Machinery, Glasgow, Scotland Uk, 2019.
- GRUPO DE TRABAJO DO ARTIGO 29, *Directrices sobre decisiones individuales automatizadas e elaboración de perfís para os efectos do Regulamento 2016/679*, 2018.
- HOFMANN, P., SAMP, C. e URBACH, N., “Robotic process automation”, *Electronic Markets*, n. 30, 2020.
- HUERGO LORA, A., “Una aproximación a los algoritmos desde el derecho administrativo”, Huergo Lora, A. (ed.), *La regulación de los algoritmos*, Aranzadi-Thomson-Reuters, Cizur Menor, 2020.
- IEEE STANDARDS ASSOCIATION, *IEEE Guide for Terms and Concepts in Intelligent Process Automation. IEEE Std 2755-2017 (IEEE Std 2755-2017)*, 2017.
- INDEPENDENT HIGH-LEVEL EXPERT GROUP ON ARTIFICIAL INTELLIGENCE, *Ethics Guidelines for Trustworthy Artificial Intelligence*, European Commission, Brussels, 2019.

Regap



ESTUDIOS

- ISCHEN, C., ARAUJO, T., VOORVELD, H., VAN NOORT, G. e SMIT, E., “Privacy concerns in chatbot interactions”, *International Workshop on Chatbot Research and Design*, Springer, Cham, 2019.
- LINDGREN, I., “Exploring the Use of Robotic Process Automation in Local Government”, *EGOV-CeDEM-ePart 2020*, Linköping University, Sweden, 2020.
- LINDGREN, I., MADSEN, C.Ø., HOFMANN, S. e MELIN, U., “Close encounters of the digital kind: A research agenda for the digitalization of public services”, *Government Information Quarterly*, n. 36, 2019.
- LOMMATZSCH, A., “A next generation chatbot-framework for the public administration”, *International Conference on Innovations for Community Services*, Springer, Žilina, Slovakia, 2018.
- MAKASI, T., NILI, A., DESOUSA, K.C. e TATE, M., “Chatbot-mediated public service delivery: a public service value-based framework”, *First Monday*, n. 25(12), 2020.
- MAKASI, T., NILI, A., DESOUSA, K.C. e TATE, M., “A Typology of Chatbots in Public Service Delivery”, *IEEE Software*, abril 2021.
- MARTÍN DELGADO, I., “Naturaleza, concepto y régimen jurídico de la actuación administrativa automatizada”, *Revista de Administración Pública*, n. 180, 2009.
- MESSÍA DE LA CERDA BALLESTEROS, J.A., “Robots inteligentes y personalidad”, *Revista Aranzadi de derecho y nuevas tecnologías*, n. 53, 2020.
- MIRANZO DÍAZ, J., “Inteligencia artificial y contratación pública”, Martín Delgado, I. e Moreno Molina, J.A. (eds.), *Administración electrónica, transparencia y contratación pública*, Iustel, Madrid, 2020.
- MISURACA, G. e VAN NOORDT, C., *Overview of the use and impact of AI in public services in the EU*, Publications Office of the European Union, Luxembourg, 2020.
- NG, K.K.H., CHEN, C.-H., LEE, C.K.M., JIAO, J. e YANG, Z.-X., “A systematic literature review on intelligent automation: Aligning concepts from theory, practice, and future perspectives”, *Advanced Engineering Informatics*, n. 47, 2021.
- NOTO LA DIEGA, G., “Against the Dehumanisation of Decision-Making – Algorithmic Decisions at the Crossroads of Intellectual Property, Data Protection, and Freedom of Information”, *Journal of Intellectual Property, Information Technology and E-Commerce Law*, n. 9, 2018.
- OBSERVATORY OF PUBLIC SECTOR INNOVATION (OPSI) e UNITED ARAB EMIRATES (UAE) MOHAMMED BIN RASHID CENTRE FOR GOVERNMENT INNOVATION (MBRCGI), *Seamless Government, Embracing Innovation in Government*. Global Trends, 2020.
- OFFICE FOR ARTIFICIAL INTELLIGENCE, *Guidelines for AI Procurement*, 2020.
- PARADA VÁZQUEZ, R., *Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y Procedimiento Administrativo Común (Estudio, comentarios y texto de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre)*, Marcial Pons, Madrid, 1999.
- PASQUALE, F., *The Black Box Society: The Secret Algorithms That Control Money and Information*, Harvard University Press, Cambridge (MA), 2015.
- PASTOR BERMÚDEZ, A., “Innovando con servicios digitales en la administración pública”, Ramió Matas, C. (ed.), *Administración digital e innovación pública*.

- Repensando la Administración Pública*, Instituto Nacional de Administración Pública, Madrid, 2021.
- PETRIV, Y., ERLLENHEIM, R., TSAP, V., PAPPEL, I. e DRAHEIM, D., “Designing Effective Chatbot Solutions for the Public Sector: A Case Study from Ukraine”, Chugunov, A., Khodachek, I., Misnikov, Y. e Trutnev, D. (eds.), *Electronic Governance and Open Society: Challenges in Eurasia: 7th International Conference, EGOSE 2020*, Springer International Publishing, Cham, 2020.
- PIETERSON, W., EBBERS, W. e MADSEN, C.Ø., “New channels, new possibilities: A typology and classification of social robots and their role in multi-channel public service delivery”, *International Conference on Electronic Government, EGOV 2017*, Springer, Cham, 2017.
- PISE, R., “Chatbot market size is set to exceed USD 1.34 billion by 2024”, *ClickZ*, 6 de xullo, 2018.
- PONCE SOLÉ, J., “Inteligencia artificial, Derecho administrativo y reserva de humanidad: algoritmos y procedimiento administrativo debido tecnológico”, *Revista General de Derecho Administrativo*, n. 50, 2019.
- RAMIÓ MATAS, C., “El impacto de la inteligencia artificial y de la robótica en el empleo público”, *GIGAPP Estudios Working Papers*, n. 98, 2018.
- RAMIÓ MATAS, C., “Inteligencia artificial y robotización reclaman un nuevo modelo de gestión del empleo público”, *Consultor de los ayuntamientos y de los juzgados: Revista técnica especializada en administración local y justicia municipal*, n. 5, 2019.
- RANCHORDÁS, S. e KLOP, A., “Data-Driven Regulation and Governance in Smart Cities”, Berlee, A., Mak, V. e Tjong Tjin Ta, E. (eds.), *Research Handbook on Data Science and Law*, Edward Elgar, Cheltenham, 2018.
- ROIG BATALLA, A., *Las garantías frente a las decisiones automatizadas. Del Reglamento General de Protección de Datos a la gobernanza algorítmica*, JM Bosch, Barcelona, 2020.
- SYED, R., SURIADI, S., ADAMS, M., BANDARA, W., LEEMANS, S. J.J., OUYANG, C., TER HOFSTEDÉ, A.H.M., VAN DE WEERD, I., WYNN, M.T. e REIJERS, H.A., “Robotic Process Automation: Contemporary themes and challenges”, *Computers in Industry*, n. 115, 2020.
- TODOLÍ SIGNES, A., “Retos legales del uso del *big data* en la selección de sujetos a investigar por la Inspección de Trabajo y de la Seguridad Social”, *Revista galega de administración pública*, n. 59, 2020.
- VALCÁRCEL FERNÁNDEZ, P., “La innovación como objeto prestacional en los contratos del sector público. La Compra Pública de Innovación”, *Contratación administrativa práctica: revista de la contratación administrativa y de los contratistas*, n. 153, 2018.
- VALERO TORRIJOS, J., “Las garantías jurídicas de la inteligencia artificial en la actividad administrativa desde la perspectiva de la buena administración”, *Revista Catalana de Dret Públic*, n. 58, 2019.
- VAN NOORDT, C. e MISURACA, G., “New wine in old bottles: Chatbots in government”, *International Conference on Electronic Participation*, Springer, Cham, 2019.

regap



ESTUDIOS

Outro punto feble da proposición é, ao meu xuízo, que non lle permite ao Comisionado acudir directamente aos tribunais para defender a prohibición de discriminación, polo menos nos casos máis graves, institucionais e sistemáticos, como si suxire a recomendación. A proposición modifica a Lei de axuízamento civil e a Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (disposicións derradeiras segunda e terceira) para outorgar lexitimación procesual ao Comisionado en defensa da prohibición de discriminación, pero sempre coa autorización das persoas afectadas, lexitimación da que xa dispoñen moitos outros suxeitos respecto dos que o Comisionado non logra distinguirse especialmente. Neste punto pérdese, na miña opinión, outra magnífica oportunidade para crear unha institución de referencia na loita contra a discriminación. A súa misión de defensa das vítimas cumpriría a normativa europea, pero no seu rango máis básico ou mínimo.

5 Tese conclusiva: a conveniencia de atribuír as funcións do organismo para a igualdade ao Defensor do Pobo estatal e aos seus equivalentes autonómicos

En definitiva, atopámonos no contexto dunha segunda fase de implantación dos organismos de igualdade en Europa, máis seria e precisa aínda que a anterior, cunha transposición española inicial preguiceira e tramposa que revela, dun lado, a carencia de vontade política para atallar un problema, as discriminacións, que, salvo no xénero, a orientación e identidade sexual e a discapacidade, apenas se recoñece; e, doutro, a falta de conexión do emerxente dereito antidiscriminatorio europeo coa tradicional cultura xurídica patria, así como co intento (de novo) de facer converxer o modelo europeo e o español. A proposición sumariamente analizada debe ser, neste sentido, benvida, aínda que finalmente o organismo para a igualdade prefigurado,

malia cumprir cos estándares europeos, faino dun modo mínimo, na miña opinión. Case no limiar da mediocridade.

Con bo criterio, o Comisionado é unha institución completamente diferente do CEDRE, aínda que este último Consello podería, quizais, subsistir, coas debidas reformas, como o órgano de participación e consulta dentro do Comisionado ao que se refire o artigo 39 da proposición. Tamén o servizo actual de atención a vítimas podería manterse no marco do traballo do Comisionado, coas modificacións oportunas, entre outras non menores a incorporación de entidades de loita contra todo tipo de discriminacións e non só a racial/étnica. As vantaxes do servizo son: a experiencia adquirida en todos estes anos; a súa presenza no territorio; a capacidade das entidades especializadas do terceiro sector de suscitar denuncias, informar e sensibilizar os grupos en desvantaxe e a posibilidade que supón de implicalas institucionalmente na loita contra a discriminación. Loxicamente, agora sería o propio Comisionado quen asumiría en primeira persoa as funcións de mediación e conciliación, a asistencia xudicial ás vítimas (co consentimento destas), etc., pero podería ser co apoio das entidades do terceiro sector. Non tería sentido que o Comisionado traballase á marxe do terceiro sector, que, na experiencia española, veu ata agora cubrindo con eficacia as carencias e ausencias das institucións públicas neste eido.

A proposición tamén prevé que o Comisionado asine convenios de colaboración co Defensor ou Defensora do Pobo para coordinar as súas actuacións (art. 41). Vimos mesmo (art. 36) que o proxecto de norma permite que as figuras autonómicas equivalentes ao Defensor do Pobo poidan ser, se as leis autonómicas de creación que puidesen ditarse así o recoñecesen, os organismos para a igualdade. O modelo europeo e o comparado consideran a posibilidade de que defensorías do pobo e organismos de igualdade converxan nunha soa institución, a do Defensor, cun departamento especializado e con perfil propio (liderado, persoal, orzamento, etc.) dentro dela, ou ben que sexan dúas institucións diferentes, aínda que, iso si, debidamente coordinadas. O Informe de avaliación da Recomendación (2021) sinala que a metade dos países europeos seguen un modelo e a outra metade o alternativo, pero non se pronuncia sobre cal sexa o modelo óptimo⁵⁴.

A cuestión é, polo tanto, altamente opinable. Para concluír esta análise, formularé a tese final: ao meu entender, o mellor para o noso país sería engadir esta nova función de loita contra a discriminación entre as competencias da Defensoría do Pobo. En definitiva, o Comisionado non é máis que un Defensor especializado en razón da materia. Recordo algunhas das vantaxes que sinalaba a recomendación e engado outras. Primeira: a Defensoría cumpre perfectamente e sen dúbida ningunha o requisito de independencia que exige o dereito comunitario. Faino aínda máis que o Comisionado, dado o nomeamento parlamentario coa maioría reforzada. De feito, o quinto informe de seguimento a España da ECRI⁵⁵ constata que o Defensor do Pobo si

⁵⁴ Na miña opinión, Francia, que inicialmente creou un organismo especializado e máis tarde o integrou, con especificidade, dentro da institución do *Défenseur des Droits* como *Lutte contre les discriminations et promotion de l'égalité*, é un modelo especialmente interesante.

⁵⁵ ECRI, *Informe da ECRI sobre España (Quinto ciclo de supervisión)*, do 28 de febreiro de 2018, p. 19.

é unha institución independente e, por certo, moi útil na loita contra o racismo. Non o di claramente, pero entre liñas parece lerse que atribuír as funcións do organismo de igualdade a esta institución podería resultar sinxelo e factible. Segunda: acumular esta función na Defensoría é aconsellable porque se trata da protección dun dereito fundamental (art. 14 CE). Isto permitiría, ademais, crear sinerxías entre os distintos ámbitos a protexer. Terceiro: produciríase, no contexto de restrición de recursos públicos, un importante aforro de custos na implantación da figura (estatal e autonómica). Os aumentos irían dirixidos, tan só, a contratar o persoal que se requirise, pero non a edificios e infraestruturas. Cuarto: a Defensoría ten implantación estatal, pero os seus equivalentes autonómicos aínda máis, de modo que se aseguraría unha maior presenza en todo o territorio, así como a eventual utilización doutras linguas diferentes do castelán. Quinto: un problema grave dos organismos para a igualdade é que os seus potenciais usuarios non os coñecen nin son accesibles para eles. Pois ben, sen dúbida, a figura da Defensoría podería acadar maior visibilidade cidadá que a do Comisionado.

A única dúbida xurídica de calado é a de se a asunción deste modelo requiriría ou non dunha reforma previa do artigo 54 da Constitución, que é o precepto que se dedica ao Defensor e que o configura como unha institución que só pode coñecer queixas de actuacións procedentes dos poderes públicos e non dos particulares, sendo evidente que o organismo de igualdade debe poder coñecer posibles lesións discriminatorias cuxa fonte non sexa pública, senón privada. É evidente que habería que modificar a fondo a arquitectura institucional do Defensor do Pobo, incluíndo no seu seo con especificidade o organismo para a igualdade e reforzando as súas competencias e potestades neste ámbito, o que, por outra parte, non lle viría nada mal á figura porque teño a sensación de que a súa configuración constitucional xa era no ano 1978 cando se creou excesivamente desdentada. A miña opinión é, polo tanto, que se debería converter o Defensor do Pobo no organismo de igualdade que nos exige a lexislación europea. Alí onde existan defensorías autonómicas, estas poderían asumir, logo de convenio coa estatal, as funcións de organismo para a igualdade en ámbitos autonómico e local (en canto a administracións) e a posibles lesións de igualdade entre particulares en territorio de Comunidade respectiva, reservando a Defensoría estatal a defensa da igualdade fronte á Administración estatal e a institucional. Este sería, ao meu xuízo, o modelo de transposición máis sustentable e potente da normativa europea neste eido.

Non ignoro que, en realidade, calquera modelo potente e non flácido (como o vixente e como, temo, o que se planea neste tempo para o noso país) de organismo para a igualdade ten que elixir, como manifesta a experiencia comparada, entre un tipo de organismo de acompañamento real das vítimas, mesmo en sede xudicial e mesmo ás veces, con lexitimación procesual propia (e aí a figura do Defensor do Pobo, previamente modificada, sería a óptima), e un modelo de organismo con capacidade sancionadora, de corte “cuasi-xudicial” (caso en que o patrón da Axencia de Protección de Datos sería o exemplo a seguir). Os dous modelos presentan vantaxes e inconvenientes, pero comparten un elemento fundamental común: son dúas

maneiras de tomar en serio o dereito comunitario e, por riba de todo, o dereito fundamental a non sufrir discriminacións do artigo 14 CE. Por iso, calquera das dúas serían benvidas porque suporían un avance cualitativo respecto da situación actual.

Bibliografía

- COMISIÓN EUROPEA, *Recomendación da Comisión 2018/951*, do 22 de xuño de 2018.
- COMISIÓN EUROPEA, *Informe que avalía a aplicación da Recomendación da Comisión 2018/951*, do 22 de xuño de 2018, do 19 de marzo de 2021.
- CROWLEY, N., *Equality bodies making a difference*, ECRI / Comisión Europea, Bruxelas, agosto de 2018.
- ECRI, *Recomendación n. 2 de política xeral da Comisión do Consello de Europa contra o Racismo y a Intolerancia (ECRI)*, do 13 de xuño de 1997.
- ECRI, *Informe da ECRI sobre España (Quinto ciclo de supervisión)*, do 28 de febreiro de 2018.
- FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO, *Aportaciones de la alianza por la ley de igualdad de trato a la proposición de ley integral para la igualdad de trato y la no discriminación*, FSG, Madrid, marzo 2021.
- HOLMAAT, R., *Catalyst for Change? Equality bodies according to Directive 2000/43/EC-existence, independence and effectiveness*, Comisión Europea, Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Igualdade de Oportunidades, (Unidad G 2), Bruxelas, marzo de 2006.
- REY MARTÍNEZ, F., “Los discursos del odio en la jurisprudencia del Tribunal Constitucional español”, Álvarez Vélez, M.^a I. e Carlos Vidal Prado, C. (coords.), *La Constitución Española: 1978-2018*, Francis Lefebvre, Madrid, 2018.
- REY MARTÍNEZ, F., *Derecho Antidiscriminatorio*, Thomson Reuters Aranzadi, Pamplona, 2019.
- SEBASTIANI, L., “Investigando los límites de la lucha legal contra el racismo: El marco español de antidiscriminación por origen racial o étnico”, *Oñati Socio-legal series*, n. 11(3), 2021. DOI 10.35295/osls.iisl/0000-0000-0000-1183 (19 de abril de 2021).

Regap



ESTUDIOS



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 61_xaneiro-xuño 2021 | pp. 75-111
Santiago de Compostela, 2021
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i61.4765>
© Lourdes de la Torre Martínez
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371
Recibido: 17/05/2021 | Aceptado: 16/06/2021
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

Os concellos e as infraestruturas da sociedade da información¹

Los municipios y las infraestructuras de la sociedad de la información

Municipalities and infrastructures of information society

61 Regap

Regap



ESTUDIOS

LOURDES DE LA TORRE MARTÍNEZ
Profesora titular de Dereito Administrativo
Universidade de Jaén
<https://orcid.org/0000-0001-5295-0807>
lоторre@ujaen.es

Resumo: A eliminación de barreiras e a globalización tiveron incidencia, tamén, no ámbito local. Boa mostra diso é a crecente instalación de infraestruturas que permitan un desenvolvemento axeitado de servizos propios da denominada sociedade da información. Na actualidade xurdiron algunhas cuestións controvertidas respecto das ordenanzas reguladoras desta materia, que impoñen limitacións á citada instalación, como a existencia de autorizacións ou licenzas previas, aínda sabendo que os operadores gozan do dereito de ocupación legalmente recoñecido ou mesmo tendo estes presentado un plan de despregamento. Malia que a lexislación sectorial e a xurisprudencia dos distintos tribunais contribuíron á

¹ Este traballo realízase no marco do Proxecto I+D+i do Plan Nacional "Las entidades locales, sus relaciones y competencias. Realidad, efectos y consecuencias de la racionalización y sostenibilidad financiera en Andalucía" (DER2016-74843-C3-3-R), do que son investigadora principal. Este proxecto intégrase no proxecto coordinado: "Las entidades locales, sus relaciones y competencias. Realidad, efectos y consecuencias de la racionalización y sostenibilidad financiera en clave nacional y europea" (DER2016-74843-C3-1-R), do que a investigadora principal é Eloísa Carbonell Porras. Pola súa vez, ambos están integrados no Grupo de Investigación PAIDI SEJ-630: "Administración Pública y Ciudadanos: régimen jurídico" (APCI).

súa delimitación e aplicación, recentemente xurdiron novos conflitos, pois tales restricións poden impedir o desenvolvemento desta actividade económica.²

Palabras clave: Concellos, sociedade da información, autorización ou licenza previa, plan de despregamento de infraestruturas, unidade de mercado, razón imperiosa de interese xeral.

Resumen: La eliminación de barreras y la globalización han tenido incidencia, también, en el ámbito local. Buena muestra de ello es la creciente instalación de infraestructuras que permitan un desarrollo adecuado de servicios propios de la denominada sociedad de la información. En la actualidad han surgido algunas cuestiones controvertidas respecto de las ordenanzas reguladoras de esta materia, que imponen limitaciones a la citada instalación, como la exigencia de autorizaciones o licencias previas, aun sabiendo que los operadores gozan del derecho de ocupación legalmente reconocido o incluso habiendo estos presentado un plan de despliegue. Si bien la legislación sectorial y la jurisprudencia de los distintos tribunales han contribuido a su delimitación y aplicación, recientemente se plantean nuevos conflictos, pues tales restricciones pueden impedir el desarrollo de esta actividad económica.

Palabras clave: Municipios, sociedad de la información, autorización o licencia previa, plan de despliegue de infraestructuras, unidad de mercado, razón imperiosa de interés general.

Abstract: The elimination of barriers and the globalization have had an impact at the local level too. A good example is the installation of infrastructures for an adequate development of the services that the so-called information society entails. At present, some controversial issues have arisen regarding the regulatory ordinances on this matter, which impose limitations on the aforementioned facility, such as the requirement of prior authorizations or licenses, even knowing that the operators enjoy the legally recognized right of occupation or even having presented a deployment plan. Although the sectoral legislation and the jurisprudence of the different Courts have contributed to its delimitation and application, new conflicts have recently arisen as such restrictions may impede the exercise of this economic activity.

Key words: Municipalities, information society, prior authorization or license, infrastructure deployment plan, market unity, overriding reason relating to the public interest.

SUMARIO: 1 Enfoque inicial. 2 A intervención dos concellos na instalación de infraestruturas para a sociedade da información. 2.1 Xustificación na normativa aplicable. 2.2 O papel dos concellos na súa regulación: doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo. 3 A non existencia de licenzas previas á instalación de redes como principio xeral e a recuperación da unidade de mercado. 3.1 O sometemento das comunicacións electrónicas como actividade económica á LGUM e a eliminación de autorizacións previas como regra xeral. 3.2 Cando poden substituír os concellos a existencia de autorizacións previas por declaracións responsables aos operadores? 3.3 Enténdese aprobado por silencio administrativo un plan de despregamento se transcorre o prazo máximo de resolución? 3.4 Desaprobación xudicial ás ordenanzas de infraestruturas de comunicacións electrónicas coa brida da LGUM. 3.5 Últimos informes da CNMC sobre existencia de licenza previa por concellos ao despregamento de redes. 4 Reflexión última.

1 Enfoque inicial

A sociedade da información desencadeou unha revolución do mundo no que vivimos e foi evolucionando á par das innovacións tecnolóxicas. Hoxe en día, nun contorno

² Este traballo realízase no marco do proxecto I+D+i do Plan Nacional "Las entidades locales, sus relaciones y competencias. Realidad, efectos y consecuencias de la racionalización y sostenibilidad financiera en Andalucía" (DER2016-74843-C3-3-R), do que son investigadora principal. Este proxecto intégrase no proxecto coordinado: "Las entidades locales, sus relaciones y competencias. Realidad, efectos y consecuencias de la racionalización y sostenibilidad financiera en clave nacional y europea" (DER2016-74843-C3-1-R), do que a investigadora principal é Eloísa Carbonell Porras. Pola súa vez, ambos están integrados no Grupo de Investigación PAIDI SEJ-630: "Administración Pública y Ciudadanos: régimen jurídico" (APCI).

globalizado³, polo tanto, non resulta nada desatinada a combinación concellos e comunicacións electrónicas⁴, pois vén sendo habitual que estas administracións regulasen e aprobasen ordenanzas reguladoras de instalación de infraestruturas nesta materia⁵ ou mesmo que presten determinados servizos de telecomunicacións, xa sexa por si mesmos ou a través de diferentes operadores⁶, como por exemplo o servizo wifi⁷ nas bibliotecas, nos museos, en prazas e, en definitiva, nos denominados centros de vida pública local, incluídos os espazos ao aire libre accesibles ao público en xeral, así como as zonas rurais e os lugares remotos. Nos últimos anos o impulso europeo para conseguir o despregamento de redes e servizos de comunicacións electrónicas foi crecente co obxectivo de crear un mercado único dixital no marco configurado pola Axenda Dixital 2020 para levar a banda larga básica a todos os europeos e garantir un acceso a velocidades máis altas de Internet⁸. Neste contexto, tampouco podemos perder de vista a aprobación do Código europeo das comunicacións electrónicas en

Regap



ESTUDIOS

³ JIMÉNEZ-BLANCO sostén que «a tecnoloxía (a “dixitalización”, co seu arsenal de palabras novas: *bitcoin*, *blockchain*, *smart cities*...) se aliou coa globalización para dar lugar a un mundo que (agora si) non é máis que un pano e no cal as cousas interactúan, pero no que, en desquite, volveron aparecer, esporeados polos movementos migratorios, toda sorte de nacionalismos, aldeanismos e tribalismos que chegaron mesmo aos países anglosaxóns, os *modernos*, o Reino Unido e USA, que ata agora parecían mostrarse adaiás do cosmopolitismo e estar situados a resguardo deste tipo de virus». (JIMÉNEZ-BLANCO CARRILLO DE ALBORNOZ, A., *España, Europa, Globalización: La modernización del Derecho: Estudios (2014-2019)*, Global Law Press-Editorial Derecho Global, Allen and Overy, 2019, p. 16).

⁴ Mostra diso é o traballo que se publicou en 2006, hai xa 15 anos, ao que nos remitimos: DE LA TORRE MARTÍNEZ, L., *La intervención de los Municipios en las telecomunicaciones*, Prólogo Antonio Jiménez-Blanco Carrillo de Albornoz, Tirant Lo Blanch, Valencia, 2006.

⁵ Un estudo destas ordenanzas contense en DOMÈNEC SIBINA, T., “Las ordenanzas municipales reguladoras de las instalaciones de radiocomunicación”, *Cuadernos de Derecho Local*, n. 0, 2002, pp. 146-169.

⁶ Sobre a posibilidade de que a Administración pública se erixa en operador de telecomunicacións e sobre a necesidade de comunicalo previamente e inscribirse no Rexistro de Operadores, remitímonos a DE LA TORRE MARTÍNEZ, L., “La prestación de servicios de comunicaciones electrónicas por organismos públicos: ¿nuevos operadores?”, *Revista Andaluza de Administración Pública*, n. 108, setembro-décembro 2020, pp. 19-72.

⁷ Unha monografía, a cal foi pioneira nesta materia, que aborda as cuestións xurídicas que xorden arredor das redes sen arames municipais: FUERTES LÓPEZ, M., *Redes inalámbricas municipales. Nuevo servicio público*, Marcial Pons, Madrid, 2005. Un estudo posterior atopámolo en DE LA TORRE MARTÍNEZ, L., “Municipios y servicios WiFi. Fomento europeo para la conectividad a internet en el ámbito local”, Carbonell Porras, E. e Piperata, G., (coords.), *La reforma del gobierno local en España e Italia. La riforma del governo locale in Spagna e Italia*, Editorial Científica, Nápoles, 2019, pp. 345-381.

⁸ Téñase en conta o Regulamento (UE) 2015/2120 do Parlamento Europeo e do Consello do 25 de novembro de 2015 polo que se establecen medidas en relación co acceso a unha Internet aberta e se modifica a Directiva 2002/22/CE relativa ao servizo universal e aos dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións electrónicas aprobado mediante o Regulamento (UE) n. 531/2012 relativo á itinerancia nas redes públicas de comunicacións móbiles na Unión.

2018⁹, non trasposto aínda ao ordenamento español¹⁰, aínda que se aprobou un anteproxecto de Lei xeral de telecomunicacións¹¹.

En consecuencia, a sociedade da información tamén acadou o ámbito local, como non podía ser doutro xeito, e a súa realización efectiva segue xerando algunhas in-
quedanzas, como a posibilidade de que os concellos, xeralmente mediante as súas
ordenanzas reguladoras, exixan aos operadores de telecomunicacións excesivas
autorizacións, ou licenzas previas á instalación de infraestruturas, que puidesen
na práctica supor un freo ao despregamento de redes e servizos de comunicacións
electrónicas¹². Con carácter previo, é imprescindible recordar os argumentos que

⁹ Aprobado pola Directiva (UE) 2018/1972 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, pola que se establece o Código europeo das comunicacións electrónicas (DOUE L321/36 do 17 de decembro de 2018). O prazo de transposición ao ordenamento xurídico interno do Código europeo das comunicacións electrónicas finalizou o día 21 de decembro de 2020 e a transposición levarase a cabo a través da aprobación dunha nova LXTT, que derrogará a actualmente vixente Lei 9/2014 e que está a culminar a súa tramitación. De feito, a Comisión Europea incoou procedementos de infracción contra 24 Estados membros, entre os que se atopa España, por non ter trasposto estas normas. Este código refunde as catro directivas que estaban ata ese momento vixentes en materia de comunicacións electrónicas: Directiva 2002/19/CE, do 7 de marzo de 2002, relativa ao acceso ás redes de comunicacións electrónicas e recursos asociados, e á súa interconexión (Directiva acceso) (DOUE L108/7 do 24 de abril de 2002); Directiva 2002/20/CE, do 7 de marzo de 2002, relativa á autorización de redes e servizos de comunicacións electrónicas (Directiva autorización) (DOUE L108/21 do 24 de abril de 2002); Directiva 2002/21/CE, do 7 de marzo de 2002, relativa a un marco regulador común das redes e os servizos de comunicacións electrónicas (Directiva marco) (DOUE L108/33 do 24 de abril de 2002); e Directiva 2002/22/CE, do 7 de marzo de 2002, relativa ao servizo universal e os dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións electrónicas (Directiva servizo universal) (DOUE L108/51 do 24 de abril de 2002). As citadas directivas xa foran obxecto dunha revisión en 2009 polas directivas 2009/136/CE e 2009/140/CE, do 25 de novembro de 2009. Co código, procédese á adopción dun novo acto xurídico que integra tanto modificacións de fondo ás directivas anteriormente en vigor como as disposicións dos devanditos actos normativos que permanecen inalteradas. O código consolida, por conseguinte, nun único texto as principais normas que resultarán de aplicación a nivel europeo aos servizos e redes de comunicacións electrónicas, sen prexuízo en todo caso das materias específicas que se atopan reguladas pola vía de regulamentos (directamente aplicables). O código viuse complementado coa adopción do Regulamento (UE) 2018/1971, do 11 de decembro de 2018, polo que se establecen o Organismo de Reguladores Europeos das Comunicacións Electrónicas (ORECE) e a Axencia de apoio ao ORECE (Oficina do ORECE).

¹⁰ Esta afirmación non é totalmente correcta, pois o Real decreto-lei 7/2021, do 27 de abril, de transposición de directivas da Unión Europea nas materias de competencia, prevención do branqueo de capitais, entidades de crédito, telecomunicacións, medidas tributarias, prevención e reparación de danos ambientais, desprazamento de traballadores na prestación de servizos transnacionais e defensa dos consumidores, recolle, no título IV, que consta dun único artigo noveno, unha modificación puntual e concreta do artigo 64.2 LXTT vixente, co fin de modificar a duración dos títulos habilitantes do uso do dominio público radioeléctrico con limitación de número. Como explica o preámbulo da norma, o artigo 49.2 do Código europeo das comunicacións electrónicas adopta como medida regulatoria dirixida a aumentar a previsibilidade dos investimentos para contribuir a un despregamento máis rápido das redes e a mellores servizos, a garantir a estabilidade para apoiar o comercio e o alugueiro do espectro radioeléctrico, así como a permitir a recuperación dos investimentos realizados, unha ampliación dos prazos mínimos de duración dos dereitos individuais de uso do espectro radioeléctrico con condicións harmonizadas. E o artigo 50 do dito código permite adicionalmente a renovación dos títulos habilitantes do uso do dominio público radioeléctrico. As medidas que introduce o código para incentivar a realización polos operadores de investimentos en redes de comunicacións electrónicas de alta capacidade afectan ao despregamento de redes fixas e móbiles, que requiren o uso do dominio público radioeléctrico. E, entre estas medidas regulatorias, e no que se refire de xeito particular ao uso do dominio público radioeléctrico, destaca a ampliación da duración das concesións demaniais: permite que os dereitos de uso do dominio público radioeléctrico poidan chegar a ter unha duración ilimitada e, no caso de que se fixe unha duración limitada, esta debe garantir un período mínimo inicial de 20 anos, sendo posible a súa prórroga. Como explica a propia norma, a "razón principal para incluír esta medida tan concreta e particular neste real decreto-lei e non esperar á culminación e aprobación da nova Lei xeral de telecomunicacións que traspoña na súa integridade o citado código, radica en que se vai convocar moi en breve unha nova licitación de concesións demaniais para o uso do dominio público radioeléctrico na banda de frecuencias de 700 MHz (provenientes do segundo dividendo dixital)".

¹¹ Aprobouse un anteproxecto de Lei xeral de telecomunicacións que pasou o trámite de información pública e foi obxecto de informe pola CNMC o 4 de decembro de 2020. A CNMC, no seu informe ao citado anteproxecto, en global valora de xeito positivo o seu contido e considera que incorpora de forma axeitada ao dereito español o código e outras normas ditas a nivel europeo. Erixese nun único texto integrado co fin de facilitar a aplicación da normativa sectorial de telecomunicacións a nivel nacional. Acordo da CNMC polo que se emite informe relativo ao anteproxecto de Lei xeral de telecomunicacións IPN/ CNMC/034/20.

¹² Unha evidencia de que, en ocasións, dereito e realidade levan camiños paralelos. DE LA TORRE MARTÍNEZ, L., *Derecho e incertidumbre: disputas metodológicas de ayer y hoy*, Prólogo de José Esteve Pardo, Iustel, Madrid, 2020, p. 24.

xustifican a atribución de competencias aos concellos en materia de comunicacións electrónicas. Para iso, cómpre acudir tanto á regulación de réxime local, á lexislación de telecomunicacións –como instrumentos para determinar o réxime xurídico aplicable á instalación das infraestruturas de telecomunicacións no ámbito local– como á importante doutrina xurisprudencial do TS ditada ata os nosos días¹³.

2 A intervención dos concellos na instalación de infraestruturas para a sociedade da información

2.1 Xustificación na normativa aplicable

Agora cuestionámonos a xustificación coa que contan os concellos, con carácter xeral, como Administración que goza de autonomía local constitucionalmente garantida (artigo 137 Constitución española, en diante CE), para intervir na instalación das infraestruturas necesarias en materia de telecomunicacións. Para iso, é preciso partir da análise da CE e da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), e continuar co estudo das previsións consideradas na lexislación sectorial de telecomunicacións, máis aínda cando sabemos que o artigo 149.1.21 CE lle atribúe en exclusiva ao Estado as competencias sobre “telecomunicacións”. Pola súa banda, o artigo 149.1.27 CE asignele competencia en relación coas normas básicas do réxime de prensa, radio e televisión e, en xeral, de todos os medios de comunicación social, sen prexuízo das facultades que no seu desenvolvemento e execución lles correspondan ás comunidades autónomas. O primeiro dos títulos supón unha competencia exclusiva do Estado na ordenación do réxime xeral de telecomunicacións, mentres que o segundo permite articular o réxime de radiodifusión de acordo cun sistema de competencias compartidas entre o Estado e as comunidades autónomas¹⁴. Existe unha doutrina xurisprudencial relevante do TC sobre a delimitación constitucional de competencias entre Estado e comunidades autónomas en materia de telecomunicacións e radiodifusión, pois foi unha das cuestións sobre as que máis se pronunciou¹⁵.

¹³ Algúns traballos que analizaron a xurisprudencia nesta materia: MARTI DEL MORAL, A., “La jurisprudencia del Tribunal Supremo y las competencias de los entes locales relativas a la ordenación de las instalaciones de telecomunicaciones”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 115, xullo-setembro 2002, pp. 405-431; GARCÍA GARRO, M.A., “La intervención local sobre las infraestructuras de telefonía móvil según nuestra jurisprudencia”, *Práctica urbanística: Revista mensual de urbanismo*, n. 114, 2012, pp. 36-40.

¹⁴ Deixamos a un lado o apartado 27 relativo aos medios de comunicación en xeral, ao exceder do noso obxecto de estudo, e centrámonos no apartado 21. En relación co marco constitucional das telecomunicacións: ORTEGA ÁLVAREZ, L., “Las Telecomunicaciones”, Parejo Alfonso, L., Jiménez-Blanco, A. e Ortega Álvarez, L., *Manual de Derecho Administrativo*, vol. 2, 4.ª ed., Ariel Derecho, Madrid, 1996, pp. 515 e ss.; GARCÍA DE ENTERRÍA, E. e QUADRA-SALCEDO, T. (coords.), *Comentarios a la Ley General de Telecomunicaciones (Ley 11/1998, de 24 de abril)*, Civitas, Madrid, 1999, p. 540; CARLÓN RUIZ, M., *Régimen jurídico de las telecomunicaciones. Una perspectiva convergente en el Estado de las autonomías*, La Ley, Madrid, 1999, pp. 211 e ss.; DE LA TORRE LLUCH, C. e BENZO SÁINZ, I., “Telecomunicaciones y medios de comunicación social”, Ballesteros Fernández, A. e Castro Abella, F. (coords.), *Derecho Local Especial*, vol. 2, *El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados*, Madrid, 1999, pp. 349-383.

¹⁵ Mostra diso son as sentenzas do TC: 168/1993, do 27 de maio, que desestima os recursos de inconstitucionalidade promovidos polo Goberno de Canarias, a Xunta de Galicia e o Consello Executivo da Generalitat de Cataluña, respectivamente, contra determinados preceptos da Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións; 127/1994, do 5

Facemos fincapé sobre a declaración básica contida no artigo 149.1.21 CE, que lle atribúe a competencia exclusiva ao Estado en materia de telecomunicacións. Deste xeito, constitucionalmente a posibilidade normativa dos concellos aséntase sobre dous institutos xurídicos, que actúan de forma coordinada e conxunta: a autonomía local e os intereses locais. Ambos os dous resultan imprescindibles para comprender o sistema que deseña a CE de 1978.

Doutro lado, é lóxico que os concellos poidan aprobar ordenanzas que afecten á instalación de infraestruturas para a sociedade da información, ao teren atribuídas competencias específicas nas leis estatais ou autonómicas sobre outras materias que, non sendo as telecomunicacións, están de xeito estreito relacionadas con elas, como: urbanismo, protección do medio ambiente, saúde pública e seguridade pública e tributación por ocupación do dominio público (artigos 2.1¹⁶, 4.1 e 25.2 LBRL)¹⁷.

Especial interese reviste neste estudo, como veremos, o artigo 84 bis.2.2 da LBRL, tras a reforma última operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL)¹⁸, que prevé a necesidade de norma con rango de lei para a existencia dunha autorización e a necesaria proporcionalidade.

Tampouco podemos perder de vista que os operadores de telecomunicacións, con base nos dereitos que lles outorga a lexislación sectorial de telecomunicacións, tratan de facer valer o seu dereito de ocupación do dominio público local fronte aos concellos, titulares deste. Pola súa banda, estes últimos deben velar polo pleno respecto dos intereses comúns e xerais que o concello representa e administra, e que, pola súa vez, veñen limitar ou condicionar os dereitos dos operadores que, en ningún caso son absolutos.

O seguinte paso será acudir á lexislación sectorial aplicable para lograr unha correcta interpretación do conxunto normativo que integra o noso ordenamento

de maio, en que o TC desestima os recursos de inconstitucionalidade interpostos polo Consello Executivo e o Parlamento de Cataluña, o Parlamento Vasco e 50 Deputados do Grupo Parlamentario Popular, contra diversos preceptos da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada. Na doutrina remitímonos a: MARTI DEL MORAL, A. e DE LA TORRE MARTÍNEZ, L., "La jurisprudencia constitucional sobre la distribución de competencias entre el Estado y las Comunidades Autónomas en materia de telecomunicaciones, radio y televisión", *Revista Andaluza de Administración Pública*, vol. II, IAAP, Madrid, 2003, pp. 537 a 563.

¹⁶ En idéntico modo maniféstase a Carta Europea da Autonomía Local, aprobada o 15 de outubro de 1985, cando establece o dereito das entidades locais a "exercer a súa iniciativa en toda materia que non estea excluída da súa competencia ou atribuída a outra autoridade" (artigo 4.2). Tamén contempla que as actuacións das entidades locais serán libres na determinación das súas necesidades e a súa consecución, salvo que estas materias "fosen excluídas da súa competencia ou atribuída a outra autoridade", pero non pola simple vontade do lexislador, senón sempre que esta, pola súa amplitude, natureza ou polas necesidades de eficacia ou economía, non poida ser exercida pola entidade local (artigo 4.3).

¹⁷ Dos artigos 2.1 e 25.1 LBRL deriva un recoñecemento da competencia universal dos concellos aos seus intereses. Trátase dunha cláusula xeral que consagra o principio de capacidade xeral do concello (correctamente diferenciado das súas competencias concretas). SANTAMARÍA PASTOR explica o significado da tese da "competencia universal do Concello", segundo o cal «este é unha persoa xurídica que, polo seu carácter natural, posúe unha capacidade omnicomprensiva, non susceptible de ser limitada ou circunscrita a tarefas concretas; o Concello está habilitado para facer todo, para levar a cabo calquera actividade, sempre e cando –claro está– esta tenda a satisfacer os intereses propios e específicos da respectiva comunidade local.» (SANTAMARÍA PASTOR, J.A., *Fundamentos de Derecho Administrativo*, tomo I, Centro de Estudios Ramón Areces, Madrid, 1988, pp. 1144 e 1146).

¹⁸ Sobre a reforma de réxime local, a bibliografía é inabarcable. Polo seu interese resaltamos o libro colectivo que estuda o seu impacto en España e Italia: CARBONELL PORRAS, E. e PIPERATA, G. (coords.), *La reforma del gobierno local en España e Italia. La riforma del governo locale in Spagna e Italia*, Editorial Científica, Nápoles 2019.

xurídico. Agora ben, a operación de articular a lexislación xeral de telecomunicacións e a de réxime local en relación coa ocupación do dominio público local non resultou sinxela desde o principio¹⁹. Os problemas que xorden neste punto presentan elementos comúns á intervención administrativa xeral na economía e un deles é a necesidade de encontrar os títulos concretos para a acción administrativa²⁰.

O que resulta indubidable é que as telecomunicacións constitúen unha competencia exclusiva do Estado (artigo 149.1.21 CE), o cal non pode interpretarse no sentido de que as demais administracións públicas deban absterse de actuar na citada materia, sempre e cando exerzan algunha competencia propia que teña relación co dito título competencial. As competencias con que conta o Estado, sobre a base do precepto citado, afectan á regulación e ordenación dos servizos de telecomunicacións. Esta capacidade, en relación co dereito de ocupación do dominio público e a propiedade privada en materia de telecomunicacións, exerceuna o Estado mediante a aprobación da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións (LXTT), como lei sectorial que ordena a materia no seu conxunto. En particular, os artigos 29 a 38 recollen os “Dereitos dos operadores e despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas”. En especial, os “Dereitos dos operadores á ocupación do dominio público, a ser beneficiarios no procedemento de expropiación forzosa e ao establecemento ao seu favor de servidumes e de limitacións á propiedade” (artigos 29 a 33) e a “Normativa das administracións públicas que afecte ao despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas” (artigos 34 a 36)²¹. Pola súa banda, o anteproxecto de LXTT reforza algunhas das medidas relativas aos dereitos dos operadores no despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas, que, como afirma a CNMC, demostraron ser esenciais para promover o despregamento de redes de alta velocidade en España²².

A doutrina veu denunciando a falta de conexión da lexislación de telecomunicacións coa urbanística e a de réxime local²³. De aí que, neste ámbito, tivese un papel crucial a xurisprudencia do TS ditada a partir do ano 2000, que foi recollida na LXTT –primeiro na xa derogada de 2003 e agora na vixente de 2014– e veu aclarar a

¹⁹ Esta relación hoxe en día contéplase na LXTT, pero alá polo ano 2000 era máis complexa, pois, en termos de GONZÁLEZ GARCÍA, tratábase de dous ordenamentos xurídicos que se ignoraban reciprocamente (GONZÁLEZ GARCÍA, J.V., *Infraestructuras de telecomunicaciones y corporaciones locales*, Prólogo de Carmen Chinchilla Marín, Monografía asociada a *Revista Aranzadi de Urbanismo y Edificación*, n. 7, Thomson Aranzadi, Navarra, 2003, p. 31).

²⁰ VILLAR PALASÍ mantén que «o gran problema do dereito administrativo consistiu desde os seus comezos no achado de títulos de potestade que lexitimaran a acción administrativa». Ademais, «a maior ou menor intensidade da actitude da potestade pública en relación coa economía depende non soamente de circunstancias de puro feito, do desenvolvemento natural da actividade económica, senón tamén das fórmulas políticas e da ideoloxía dominante en cada época sobre a finalidade que ao Estado incumbe» (VILLAR PALASÍ, J.L., *La intervención administrativa en la industria*, Instituto de Estudios Políticos, Madrid, 1964, pp. 15 e 121).

²¹ Con anterioridade regulábase nos artigos 26 a 29 da xa derogada Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións. E antes no artigo 47 da derogada Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, e nos artigos 47 e seguintes do Real decreto 1736/1998, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento polo que se desenvolve o título III da LXTT no relativo ao servizo universal de telecomunicacións, ás demais obrigas de servizo público e ás obrigas de carácter público na prestación dos servizos e na explotación das redes de telecomunicacións.

²² Acordo do 4 de decembro de 2020 da CNMC polo que se emite informe relativo ao anteproxecto de Lei xeral de telecomunicacións IPN/CNMC/034/20.

²³ Por exemplo, GONZÁLEZ GARCÍA, J.V., *Infraestructuras de telecomunicaciones y corporaciones locales*, cit., p. 31.

incerteza que había en canto á regulación desta materia, e, polo tanto, a súa aplicación polos tribunais de xustiza²⁴. Na actualidade, podemos afirmar que se dota o noso ordenamento xurídico dun marco normativo completo, regulador da intervención local nas telecomunicacións, mesmo cando seguen xurdindo dúbidas sobre a súa correcta aplicación e interpretación.

2.2 O papel dos concellos na súa regulación: doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo

Como afirmamos, con carácter previo á aprobación da LXTT de 2003, o panorama relativo ás posibilidades de intervención dos concellos nas telecomunicacións, e a súa potestade normativa na instalación de infraestruturas de telecomunicacións, tanto se se atendía á lexislación sectorial de telecomunicacións de 1998 como á xurisprudencia dos diversos tribunais superiores de xustiza na materia, resultaba, cando menos, incerto e pouco claro. Por iso, adquire un papel destacado a xurisprudencia do TS. En particular, as sentenzas do 24 de xaneiro de 2000, do 18 de xuño de 2001²⁵ e do 15 de decembro de 2003²⁶, que revisten especial interese, polo menos, ao seren os primeiros pronunciamentos do TS en casación ordinaria sobre a legalidade de determinadas ordenanzas locais que afectan á instalación de infraestruturas de telecomunicacións; en definitiva, sobre a potestade normativa dos concellos en telecomunicacións, e porque o TS, con esta xurisprudencia, diseña e vaticina unha

²⁴ Desde antigo, a doutrina verteu numerosas críticas sobre a regulación de telecomunicacións en 1998 relativas á escasa integración entre as lexislacións de telecomunicacións, a urbanística e a de réxime local, ao papel secundario que ocuparon as entidades locais nas ditas normas, e á imperfección técnica que a caracteriza, pois xeraba problemas polo modo en que acometeu a transposición do dereito comunitario do que traía causa GONZÁLEZ GARCÍA, J.V., *Infraestructuras de telecomunicaciones y corporaciones locales*, cit., p. 35. De igual xeito, fíxoo patente o propio TS, na Sentenza do 2 de febreiro de 2000, cando declarou a prevalencia do denominado Regulamento de Servizo Universal de 1998 (Real decreto 1736/1998, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento polo que se desenvolve o título III da Lei xeral de telecomunicacións no relativo ao servizo universal de telecomunicacións, ás demais obrigas de servizo público e ás obrigas de carácter público na prestación dos servizos e na explotación das redes de telecomunicacións) sobre a LXTT de 1998, pois adaptábase mellor ás disposicións comunitarias das cales as dúas normas traían causa. Sentenza do TS do 2 de febreiro de 2000, pola que se resolve o recurso formulado por Telefónica, S.A., contra o RSU de 1998. Un estudo crítico na doutrina desta sentenza pode consultarse en ESCOBAR ROCA, G., "El nuevo Derecho de las telecomunicaciones ante el Tribunal Supremo", *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 108, outubro-dicembro 2000, pp. 588 e ss. Malia o anterior, o certo é que, ao noso xuízo, a LXTT de 1998 continúa xa as relacións precisas dos distintos ámbitos normativos aquí implicados e contemplaba os concellos na súa xusta medida. En particular, recollía diversas mencións á lexislación urbanística e ao réxime local (artigos 44.3 e 45), aínda que non o facía de forma clara.

²⁵ Sentenza do 24 de xaneiro de 2000 (Sala Terceira, Sección Cuarta, casación n. 114/1994, relator: Fernández Montalvo), na cal o TS procede a axuizar unha ordenanza municipal aprobada polo Concello de Las Palmas de Gran Canaria do 20 de marzo de 1991 sobre calas e canalizacións, e Sentenza do 18 de xuño de 2001 (Sala Terceira, Sección Cuarta, casación n. 8603/1994, relator: Xiol Ríos), en que o TS axuiza a impugnación por Telefónica de España, S.A., da ordenanza de instalación de antenas que aprobou o Concello de Barcelona o 28 de setembro de 1990. En ambos os dous supostos, o TS confirma as sentenzas de instancia: Sentenza do TSX de Canarias do 9 de decembro de 1993, recurso n. 44/1992, e Sentenza do TSX de Cataluña do 26 de setembro de 1994, respectivamente. Na doutrina, un comentario pormenorizado destas dúas sentenzas do TS pode verse en: MARTI DEL MORAL, A., "La jurisprudencia del Tribunal Supremo y las competencias de los entes locales relativas a la ordenación de las instalaciones de telecomunicaciones", cit., pp. 405-431.

²⁶ Sentenza do TS do 15 de decembro de 2003 (Sala Terceira, Sección Cuarta, casación n. 3127/2001, relator: Fernández Montalvo), na que Telefónica Servicios Móviles, S.A., recorre contra a Sentenza do 14 de xullo de 2000, ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias, con sede en Las Palmas, no recurso n. 2916/97, en que se impugnaba unha ordenanza municipal sobre instalación de antenas, aprobada polo concello o 26 de setembro de 1997. Nesta ocasión, o TS vén ratificar e confirmar a xurisprudencia sentada coas dúas sentenzas previas (do 24 de xaneiro de 2000 e do 18 de xuño de 2001), pero non achega declaracións novas. O TS limitase a reproducir e facer remisións expresas aos pronunciamentos que la preceden.

doutrina na materia que será a que despois acolla o lexislador na LXTT de 2003, primeiro, e na de 2014, despois. Máis recentes, resaltamos as sentenzas do TS do 11 de febreiro de 2019²⁷, do 25 de xuño de 2019²⁸ e do 15 de outubro de 2019²⁹. Como veremos, os reiterados conflitos suscitados en relación con este tipo de ordenanzas municipais, desde unha perspectiva material, xiraron arredor de determinados ámbitos competenciais, imputándoselles a estas ter invadido competencias sanitarias ou de telecomunicacións propias do Estado.

En consecuencia, existe xa unha liña xurisprudencial que soluciona algunhas das controversias xurdidas e marca a actuación das administracións implicadas. O TS mantén que se trata dunha “doutrina fortemente consolidada e arraigada” (STS do 11 de febreiro de 2019, FX 4), que reconece a existencia de títulos competenciais de distinta natureza –sectoriais e transversais– que concorren ou converxen no mesmo ámbito físico entendido como territorio –solo, subsolo e voo–, con obxectos distintos e ata ás veces con distintas intensidades³⁰. Pola súa transcendencia, sintetizamos esta doutrina xurisprudencial sentada polo TS á hora de axuizar diferentes ordenanzas reguladoras destas instalacións nos seguintes dez apartados:

- Primeiro. A competencia exclusiva do Estado, en materia de telecomunicacións, refírese aos aspectos técnicos.

O Estado conta con competencia exclusiva sobre o réxime xeral das telecomunicacións (artigo 149.1.21 CE), que se cingue aos aspectos propiamente técnicos (tales como configuración e deseño técnico e despregamento da rede) e, polo tanto, non supón a regulación íntegra e global do fenómeno. O contrario suporía unha expansión estatal ilexítima doutras competencias autonómicas ou locais. Polo tanto, tampouco cabe que os concellos estendan a súa regulación a cuestións técnicas, baixo o pretexto de regular temas urbanísticos, protección do patrimonio histórico-cultural, medio ambiente ou salubridade pública. Así o reconeceu tamén o TC (SSTC 168/1993, 244/1993, 31/2010 e 8/2012), que analiza o problema da concorrencia competencial entre a competencia sectorial estatal en telecomunicacións e a autonómica noutros títulos transversais, aínda que tamén sexan exclusivos, desde o punto de vista da

²⁷ Sentenza do TS do 11 de febreiro de 2019 (Sección Quinta, casación n. 155/2019, relator: Octavio Juan Herrero Pina), na que Telefónica Móviles España, S.A., recorre contra a Sentenza do 7 de setembro de 2015, aclarada por auto do 10 de novembro de 2015, ditada polo Pleno da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Andalucía (Málaga) no recurso n. 767/2012, estimada en parte, na que se impugna a ordenanza municipal das condicións de instalación de equipos de radiocomunicación do 31 de agosto de 2012, aprobada polo Concello de Rincón de la Victoria.

²⁸ Sentenza do TS do 25 de xuño de 2019 (Sección Terceira, casación n. 2571/2016, relator: Eduardo Espín Templado), na que Vodafone España, S.A., recorre contra a Sentenza do TSX de Valencia do 25 de maio de 2016, que desestimou o recurso contencioso-administrativo 44/2013 contra a modificación da ordenanza sobre antenas de telefonía, radio e televisión do Concello de Paterna realizada por acordo do Pleno do 28 de novembro de 2012.

²⁹ Sentenza do TS do 15 de outubro de 2019 (Sección Quinta, casación n. 109/2017, relator: Fernández Montalvo), na que Vodafone España, S.A.U., recorre contra a Sentenza 757/2016, do 4 de abril de 2016, ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Andalucía (Sala de Málaga), en recurso contencioso-administrativo 800/2012, sobre aprobación polo Pleno do Concello de Rincón de la Victoria (Málaga) da ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de instalación de equipos de radiocomunicación (BOP do 31 de agosto de 2012). Vodafone esgrime varios motivos de impugnación e solicita a nulidade da ordenanza ao ter sido aprobada incumprindo o procedemento legalmente establecido, pois aprobouse sen solicitar o informe preceptivo e vinculante sectorial de telecomunicacións exixido polo artigo 26 da LXTT. Finalmente, o TS estima o recurso, anula a sentenza previa e a citada ordenanza.

³⁰ O TS refírese á liña xurisprudencial xurdida a partir das SSTS de 22 de marzo de 2011, 12 de abril de 2011 e 14 de xullo de 2011 sobre a concorrencia competencial en materia das telecomunicacións.

extensión e o alcance de cada unha das regulacións que converxen nun mesmo ámbito físico (Sentenza do TS do 11 de febreiro de 2019, FX 4).

- Segundo. A dita competencia estatal supón un ámbito infranqueable que non pode ser desvirtuado polos concellos.

A competencia exclusiva estatal no sector das telecomunicacións determina un ámbito propio infranqueable de regulación (e execución) sobre o ámbito físico, incluso cando poidan condicionarse outros títulos competenciais, mesmo tamén exclusivos doutras administracións. Esta competencia exclusiva estatal non pode pasarse por alto ou quedar desvirtuada polo exercicio que realicen as corporacións locais, logo de habilitación legal, pois existe un interese xeral subxacente na prestación do servizo de telefonía móbil que debe preservar o Estado (Sentenza do TS do 11 de febreiro de 2019, FX 4).

- Terceiro. Esta competencia estatal non anula nin exclúe a dos concellos.

A competencia do Estado en materia de telecomunicacións non anula nin exclúe a dos concellos, xa que, en calquera caso, estes teñen a xestión dos seus respectivos intereses derivados do recoñecemento legal deles, e dentro da habilitación estatal e autonómica que se lles outorgue, segundo deriva do artigo 137 CE e dos artigos 4.1.a) e 25.2 LBRL: os concellos gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. Tales intereses plásmanse en títulos competenciais transversais, como a ordenación do territorio e urbanismo, ou protección do medio ambiente, e cuxo exercicio se concreta nas condicións e exixencias que imponen para situar e establecer instalacións e infraestruturas de telefonía móbil³¹.

- Cuarto. Os concellos poden aprobar ordenanzas no ámbito de telecomunicacións para os efectos da instalación e localización das infraestruturas.

Non cabe dúbida ningunha da capacidade dos concellos de aprobar ordenanzas no sector das telecomunicacións, no exercicio das súas competencias e no marco que a lexislación estatal e autonómica prefixaron, para os efectos da instalación e localización de infraestruturas e equipos de telefonía móbil (Sentenza do TS do 11 de febreiro de 2019, FX 4).

- Quinto. Estas ordenanzas poden incluír restricións ou condicións.

Os concellos, nas súas ordenanzas, poden establecer condicións para as novas redes de telecomunicacións e contemplar exixencias para as súas instalacións, aínda que os operadores de telecomunicacións teñen recoñecido o dereito de ocupación de propiedade privada e de dominio público *ex lege*, nos artigos 29 e ss. LXIII. Estas exixencias impostas polos concellos, en atención aos intereses cuxa xestión lles encomenda o ordenamento, deben ser conformes a este, e non poden supor restricións absolutas ao dereito dos operadores a establecer as súas instalacións. De feito, o axuízamento das ordenanzas nesta materia debe facerse en cada caso á luz de principios como o de proporcionalidade, o que implica un xuízo sobre a idoneidade, utilidade e correspondencia intrínseca da limitación que se faga ao dereito do operador e sobre o interese público que se intenta preservar.

³¹ Sentenzas do TS do 11 de febreiro de 2019 (FX 4) e do 25 de xuño de 2019 (FX 3).

- Sexto. Estas ordenanzas non poden incluír normas adicionais de protección da saúde pública, pois xa están fixadas a nivel estatal.

Os concellos non contan con marxe de regulación mediante ordenanzas para adoptar normas adicionais de protección da saúde pública, ao abeiro do artigo 25.2 h) LBRL, máis estritas que as fixadas pola normativa estatal básica en relación cos límites de emisión radioelétrica e na fixación de distancias mínimas ás correspondentes infraestruturas.

O TS afirmou que o Estado xa regulou, de forma completa e esgotada, as medidas de protección sanitaria fronte aos niveis tolerables de exposición e estas emisións mediante o RD 1066/2001, do 28 de setembro, e a Orde de desenvolvemento CTE/23/2002, do 11 de xaneiro. Nas ditas normas o Estado fixa os límites de exposición ás zonas nas que poidan permanecer habitualmente persoas, con carácter básico, segundo se desprende do artigo 14.9.16 CE e dos artigos 18, 19, 41 e 40 da Lei xeral de sanidade. O Estado establece eses límites con vocación de uniformidade e xeneralidade para todo o territorio nacional e materializa o principio de precaución recollido na Recomendación do Consello da Unión Europea 1999/519 EC, relativa á exposición ao público en xeral aos campos electromagnéticos. En consecuencia, a xuízo do TS, estes límites non poden ser superados por unha pretendida competencia dos concellos para a maior protección sanitaria, pois o sistema de protección contemplado na normativa estatal xa contén os mecanismos precisos (Sentenza do TS do 11 de febreiro de 2019, FX 4).

En relación coa protección da saúde e a posible incidencia nela das antenas de telefonía e radiotelevisión, atopamos numerosas sentenzas respecto de ordenanzas municipais sobre antenas de telefonía, radio e televisión³². Nelas o TS recorda que o Estado, por medio do Real decreto 1066/2001, no exercicio das súas competencias en materia de sanidade e telecomunicacións, está a configurar un procedemento para a determinación dos niveis de emisión radioelétrica tolerable, para a súa actualización conforme o progreso científico e para o control do cumprimento polos operadores destes niveis de emisión a través dun sistema de autorización, seguimento, inspección e control en que se entrelazan aspectos sanitarios e aspectos de telecomunicacións. O TS estima que a regulación dos niveis de emisión persegue unha uniformidade que responde a un claro interese xeral, dun lado, porque os niveis tolerables para a saúde deben selo para todos os cidadáns por igual e, doutro, porque estes operan como presuposto do exercicio das competencias estatais en materia de telecomunicacións e, en concreto, do exercicio das facultades de autorización, seguimento e inspección das instalacións radioelétricas. Á vez, tales niveis de emisión fixados polo Estado funcionan como un elemento determinante do réxime xurídico dos operadores de instalacións de radiocomunicación e da funcionalidade do mercado das telecomunicacións, asegurando a súa unidade. En definitiva, a través do Real decreto 1066/2001, o Estado estableceu unha regulación que ofrece, para todo o ámbito

³² Un estudo sobre o impacto visual e as antenas pode consultarse en: MOLINA GIMÉNEZ, A., *Las antenas de telefonía móvil. Régimen jurídico: Análisis de los impactos visuales y radioeléctricos en las comunicaciones móviles*, Aranzadi Thomson Reuters, Cizur Menor, 2002.

nacional, unha solución de equilibrio entre a preservación da protección da saúde e o interese público ao que responde a ordenación do sector das telecomunicacións. O exercicio polo Estado das súas competencias neste eido (a adopción das pertinentes medidas sanitarias fronte aos riscos derivados da exposición da poboación a emisións radioelétricas) representa para os concellos un límite ao exercicio das competencias que a eles lles poderían corresponder en virtude dos artigos 25.2 h e 28 LRBRL.

En consecuencia, segundo o TS, nin o principio de autonomía local que garante o artigo 140 CE nin o principio de subsidiariedade da acción dos entes locais que recoñece o artigo 28 LRBRL, entre outros campos no da sanidade, se pode invocar cando o Estado, no exercicio das súas competencias e velando polos intereses xerais que a el lle corresponden, estableceu unha regulación sobre a mesma materia á que sen dúbida ningunha pode atribuírse unha vocación de exclusividade, como sucede co RD 1066/2001, que esgota as medidas que se poidan tomar baseadas no principio de precaución e impiden calquera actuación local adoptada con base no mesmo título habilitante.

O TS admite que nos atopamos ante unha competencia configurada como estatal e no seu exercicio o Estado procurou este réxime de intervención mínima. Polo tanto, unha intromisión dos concellos neste sentido atacaría frontalmente o principio de intervención mínima que vén auspiciado pola Administración estatal competente. Unicamente resultará lexítimo aos concellos incorporar estes elementos de control se esta intervención atopa xustificación suficiente na necesaria salvagarda ou compatibilización dunha competencia propia, pero non naqueles casos en que os elementos carezan de conexión na defensa dun interese propio ou resulten desproporcionados ao fin perseguido³³.

- Sétimo. Posibilidade de que as ditas ordenanzas fixen restricións respecto da situación xeográfica das antenas.

A posibilidade de que as ordenanzas locais establezan restricións desde o punto de vista da localización xeográfica á instalación de antenas no termo municipal foi examinada pola xurisprudencia do TS³⁴.

O TS recorda que o risco que pode ocasionar á saúde a exposición prolongada a radiacións electromagnéticas é un tema que produciu unha gran preocupación á sociedade. Nese contexto aprobouse o Real decreto 1066/2001, que establece uns límites máximos de emisión e recolle os criterios de protección sanitaria fronte a campos electromagnéticos procedentes de emisións radioelétricas, fixados na Recomendación do Consello de Europa do 12 de xullo de 1999, relativa á exposición ao público en xeral aos campos electromagnéticos. O TS advirte que o feito de que este risco, xerado polos campos electromagnéticos procedentes de emisións radioelétricas, non poida ser considerado pechado desde un punto de vista científico levou os concellos a impor medidas adicionais de protección nesta materia, ben exixindo límites ou condicións complementarios aos establecidos no citado Real decreto

³³ A Sentenza do TS do 25 de xuño de 2019 (FX 3) remite á do 11 de febreiro de 2013 (rec. 4490/2007) e a STC 8/2012, do 18 de xaneiro.

³⁴ Sentenza do TS do 11 de febreiro de 2019, FX 5.

1066/2001, ben establecendo distancias de protección fronte a determinadas zonas sensibles (colexios, hospitais, parques e xardíns públicos) fixando unhas áreas de seguridade en que non se permita a instalación de estacións emisoras de radiacións electromagnéticas, cunha finalidade preventiva.

A cuestión que xorde é qué sucede cando tal prohibición, pola súa intensidade, impide o dereito dos operadores do sector a prestar o servizo no termo municipal. Para resolvelo, o TS remite á súa doutrina anterior nesta materia³⁵ e matiza que a lei prohíbe articular unha restrición absoluta do dereito dos operadores a establecer as súas instalacións no municipio³⁶.

- Oitavo: Posibilidade de que estas ordenanzas exixan a presentación previa dun plan de implantación de infraestruturas.

O TS reitera a doutrina da sala ao respecto³⁷ e recorda que, co fin de racionalizar o uso do dominio público e reducir o impacto negativo sobre o medio ambiente, con frecuencia, numerosas ordenanzas locais exixen aos operadores a presentación ante o concello dun plan técnico de implantación, cuxa aprobación polo concello é un presuposto para que as distintas empresas poidan obter licenzas de obras ou de funcionamento. Para o TS, a exixencia deste plan técnico previo preséntase coa finalidade de garantir unha boa cobertura territorial mediante a disposición xeográfica da rede e a axeitada localización das antenas e a pertinente protección dos edificios ou conxuntos catalogados, vías públicas e paisaxe urbana. Estas materias están estreitamente relacionadas coa protección dos intereses locais citados. Por iso, o TS non considera desproporcionada a exixencia dunha planificación das empresas operadoras que examine, coordine e mesmo aprrobe o concello.

En definitiva, trátase dunha exixencia relativa á implantación do servizo, que se xustifica pola finalidade de garantir a protección dos intereses locais e, por iso, tamén resulta exixible, polas mesmas razóns e co mesmo obxecto, a comunicación da modificación do plan ao concello. E á inversa, a alteración ou modificación das circunstancias urbanísticas xustifican o requirimento polo concello á operadora para a presentación dun plan actualizado, é dicir, axeitado á situación real da ordenación municipal (Sentenza do TS do 11 de febreiro de 2019, FX 5).

- Noveno. Posibilidade de que as ordenanzas exixan a obtención de licenzas previas á ocupación ou mesmo a necesidade de acreditar a conformidade previa á ocupación do titular do terreo.

³⁵ Sentenza do TS do 11 de febreiro de 2019, FX 5, que se remite á súa doutrina previa: Sentenza do 18 de xuño de 2001, rec. 8603/1994, do 17 de novembro de 2009, rec. 5583/2007, do 14 de setembro de 2010, rec. 5475/2005 e do 4 de maio de 2010, rec. 4801/2006.

³⁶ De forma que, a xuízo do TS, "a interdicción de establecer restricións absolutas ao dereito de ocupación do dominio público ou privado dos operadores a que alude o artigo 29.5 non debe ser interpretada no sentido de que deba garantirse, sequera alternativamente, o dereito dos operadores á ocupación de cada franxa ou porción, ben do dominio público, ben do dominio privado (...). En tal caso, as competencias municipais que se proxectan sobre o campo das telecomunicacións, en especial a urbanística, sanitaria e ambiental, veríanse claramente recortadas, impedíndolle *de facto* establecer prohibicións ao establecemento de instalacións sobre zonas determinadas. Debemos entender, pola contra, que a prohibición de establecer restricións absolutas se refire, ben á imposibilidade de prestar axeitadamente o servizo en determinada zona ou lugar, ben á posibilidade de prestalo só en condicións de gravosidade desproporcionada en relación cos beneficios que a restrición poida reverter aos intereses municipais" (Sentenza do TS do 11 de febreiro de 2019, FX 5).

³⁷ Sentenza do TS do 11 de febreiro de 2019, FX 5, remítase á súa doutrina previa: Sentenza do 22 de febreiro de 2011 (rec. 4212/2008), Sentenza do 4 de maio (recurso de casación 4801/2006) e do 5 de outubro de 2010 (rec. 5973/2006).

Outra cuestión controvertida é a viabilidade de que nestas ordenanzas se estableza a suxeición a licenza das instalacións do servizo de telecomunicación, a cal foi confirmada pola xurisprudencia, como veremos separadamente, polo seu interese e complexidade, na seguinte epígrafe³⁸.

Doutro lado, algunhas ordenanzas municipais previron, para obter a licenza municipal, a necesidade de acreditar a conformidade do titular do terreo ou predio sobre o que se situará a instalación. Ao respecto, o TS afirmou que a lexislación xeral de telecomunicacións, no artigo 31 LXTT, recolle as condicións en que os operadores titulares de redes públicas de telecomunicacións poden exixir que se lles permita a ocupación da propiedade privada, cando iso resulte necesario para a instalación da rede, prevendo para iso dous instrumentos xuridicamente hábiles para a ocupación: a expropiación forzosa e a declaración de servidume forzosa de paso da infraestructura de redes públicas de telecomunicacións. Polo tanto, á luz destas previsións, o TS entende que exixir aos operadores contar coa conformidade do titular do terreo supón contradicir o carácter imperativo con que se impón a ocupación a este, de conformidade coa lexislación estatal, sen prexuízo de axeitado resarcimento mediante a expropiación forzosa. Algo similar sucede con algunhas cláusulas destas ordenanzas locais que consideran a obtención previa dun acordo da comunidade de propietarios ou dun contrato co propietario do inmovible. En definitiva, o TS estima que tales cláusulas supoñen a introdución de obstáculos ao dereito dos operadores á ocupación do dominio privado de cara á prestación do servizo (Sentenza do TS do 11 de febreiro de 2019, FX 5)³⁹.

- Décimo. Necesidade de solicitar o informe previo e vinculante do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

A LXTT, agora no artigo 35 LXTT –anterior artigo 26.2 LXTT de 2003–, recolle unha serie de mecanismos de colaboración entre o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e as administracións públicas para o despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas. Así, os órganos encargados dos procedementos de aprobación, modificación ou revisión dos instrumentos de planificación territorial ou urbanística que afecten ao despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas deberán solicitar un informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. O informe é de carácter preceptivo e vinculante e será previo á aprobación

³⁸ Sentenza do TS do 11 de febreiro de 2019, FX 5, remítese á Sentenza do 18 de xaneiro de 2011 (rec. 11220/2004), que se refire á posibilidade de que os concellos poidan someter a instalación de elementos destinados a servir ás telecomunicacións no seu termo municipal á exigencia de licenza de actividade, con remisión ás sentenzas do 4 de maio de 2010 (rec. 4801/2006) e 17 de novembro de 2010 (rec. 2345/2005).

³⁹ O TS, con motivo da análise das licenzas de funcionamento ou de utilización, nalgunhas das ordenanzas reguladoras en materia de telecomunicacións, diferenciou entre a potestade normativa do concello en materia de telecomunicacións e as súas potestades de policía, que lle permite exercer un control sobre a actividade, para preservar os cidadáns cando as instalacións ou o seu funcionamento fosen perigosos ou ameazasen selo para a seguridade ou a salubridade públicas, aínda que se atope regulada no ámbito estatal ou autonómico. O control e inspección das instalacións amparadas nas ditas licenzas terán por obxecto verificar se se seguen mantendo as condicións baixo as cales aquelas licenzas foron outorgadas. En definitiva, trátase dun control municipal da utilización da instalación conforme a licenza de obras concedida, cuxa competencia ten atribuída o concello conforme o previsto no Regulamento de disciplina urbanística da Comunidade Autónoma de Andalucía, aprobado polo Decreto 60/2010, do 16 de marzo. O TS na Sentenza do 11 de febreiro de 2019, FX 5, remítese á doutrina previa: a Sentenza do 18 de novembro de 2011 (rec. 11220/2004), a do 10 de xaneiro de 2007 (rec. 4051/2004) e a do 3 de abril de 2007 (rec. 5193/2004).

do instrumento de planificación de que se trate e versará sobre a adecuación dos ditos instrumentos de planificación coa normativa sectorial de telecomunicacións e sobre as necesidades de redes públicas de comunicacións electrónicas no ámbito territorial a que se refiran. O TS admite que o trámite de informe citado é exixible, á marxe de constituír un instrumento axeitado para a obrigada coordinación competencial.

O TS é coñecedor dos conflitos competenciais xurdidos como consecuencia do exercicio das competencias urbanísticas e ambientais, dunha parte, e das de sanidade e telecomunicacións, doutra, así como da dificultade existente para o establecemento de límites claros⁴⁰. Por iso, a xuízo do tribunal, nin a Administración xeral do Estado pode impor, sen máis, as redes de comunicación sen tomar en consideración as características urbanísticas e ambientais, á marxe das sanitarias, de cada concello, nin estes están lexitimados para establecer limitacións, ao abeiro de competencias autorizatorias, urbanísticas ou ambientais, ás redes estatais de comunicación. E iso porque tanto unhas como outras competencias van encamiñadas á protección dos intereses xerais.

Neste contexto, a exixencia do informe do ministerio competente, a xuízo do TS, preséntase como un instrumento eficaz e necesario para a coordinación das administracións implicadas. O TS rexeita unha interpretación, semántica e literal, do contido e alcance do concepto “instrumentos de planeamento e de ordenación territorial”⁴¹.

Unha vez que coñecemos os títulos que habilitan os concellos a intervir na instalación de infraestruturas de comunicacións electrónicas, pasamos a analizar se poden introducir limitacións ou restricións aos operadores exixindo, nas ordenanzas reguladoras, a obtención dunha autorización ou licenza previa.

regap



ESTUDIOS

⁴⁰ A iso contribuíu a xurisprudencia: STS do 29 de xaneiro de 2013, recurso n. 4490/2007 e STC 8/2012, do 18 de xaneiro

⁴¹ A Sentenza do 15 de outubro de 2019 (FX 6) remite ás SSTS do 9 e do 22 de marzo de 2011, recursos 3037/2008 e 1845/2006, respectivamente, e sostén que os instrumentos de planificación territorial ou urbanística deberán recoller as necesidades de establecemento de redes públicas de telecomunicacións, sinaladas nos informes elaborados nese trámite polo órgano estatal competente e atendendo á finalidade e contido da norma para proceder á interpretación do concepto instrumentos de planeamento, e tomando en consideración o denominado “realismo xurídico”. O TS admitiu que o importante, para estes efectos, non é a denominación formal do instrumento xurídico, senón a súa natureza, finalidade e contido real (Sentenza do TS do 27 de maio de 2008, recurso de casación n. 5748/2005), o determinante para requirir a emisión dese informe será que, a través da iniciativa autonómica ou municipal concernida con independencia da súa caracterización ou presentación formal, se pretenda introducir unha ordenación xurídica con repercusión sobre a ordenación territorial e urbanística, que como tal incida directamente na esfera de intereses que xustamente quere protexer e salvagardar a atribución competencial a favor do Estado en materia de telecomunicacións.

3 A non existencia de licenzas previas á instalación de redes como principio xeral e a recuperación da unidade de mercado

3.1 O sometemento das comunicacións electrónicas como actividade económica á LGUM e a eliminación de autorizacións previas como regra xeral

Tras a aprobación da Directiva servizos, Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello⁴², e as súas leis de transposición no noso ordenamento xurídico, como a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado (LGUM), non hai dúbida de que as telecomunicacións, como actividade económica, se inclúen no ámbito da citada lei⁴³. En particular, a propia LGUM recolle unha definición de “actividades económicas” como calquera actividade de carácter empresarial que supoña a ordenación por conta propia dos medios de produción, dos recursos humanos, ou ambos os dous, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou na prestación de servizos (anexo, apartado b) e establece que será de aplicación ao acceso de actividades económicas en condicións de mercado e o seu exercicio por parte de operadores legalmente establecidos en calquera lugar do territorio nacional (artigo 2 LGUM). Polo tanto, a prestación de servizos de telecomunicacións e o despregamento de redes de comunicacións electrónicas constitúen actividades económicas e como tales se inclúen no ámbito de aplicación da LGUM⁴⁴.

Nesta materia resaltamos os artigos 5 e 17 LGUM, que consagran os principios de necesidade e de proporcionalidade das actuacións das autoridades competentes, e a

⁴² Sobre a Directiva servizos e a súa transposición ao noso ordenamento xurídico, escribiuse moito. En relación coas autorizacións previas e as comunicacións previas e declaracións responsables, pode consultarse GONZÁLEZ GARCÍA, J.V., “Autorizaciones, comunicaciones previas y declaraciones responsables en la transposición de la Directiva de Servicios”, *Revista d'Estudis Autonòmics i Federals*, n. 11, outubro 2010, pp. 255-293.

⁴³ Sobre a LGUM pódense consultar numerosos traballos, entre outros: MUÑOZ MACHADO, S., “Sobre el restablecimiento legal de la unidad de mercado”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 163, 2014, pp. 11 e ss.; REBOLLO PUIG, M., “La libertad de empresa tras la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 163, 2014, pp. 23 e ss.; TORNOS MAS, J., “La Ley 20/2013, de diciembre, de garantía de la unidad de mercado. En particular el principio de eficacia”, *Revista d'Estudis Autonòmics i Federals*, n. 19, 2014, pp. 163 e ss.; CASARES MARCOS, A.B., “Mecanismos de protección de los operadores económicos en el ámbito de la libertad de establecimiento y de la libertad de circulación: procedimientos en defensa de los derechos e intereses de los operadores económicos por las autoridades competentes (artículo 26)”, Alonso Mas, M.J. (dir.), *El nuevo marco jurídico de la unidad de mercado. Comentario a la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado*, La Ley, Madrid, 2014, pp. 831-919; PADRÓS I REIG, C. e MACÍAS CASTAÑO, J.M., “Los instrumentos administrativos de garantía de la unidad de mercado”, *Revista de Administración Pública*, n. 194, 2014, pp. 113 e ss.; RUIZ PIÑEIRO, F., “Nueva Ley de Garantía de la Unidad de Mercado”, *Escritura Pública*, n. 86, 2014, pp. 42-43; SOLA TEYSSIERE, J., “Unidad de mercado y supervisión administrativa de las actividades económicas”, *Revista de Administración Pública*, n. 197, 2015, pp. 142 e ss.; REBOLLO PUIG, M., “El Estado Autonómico tras la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado y sus principios de necesidad y eficacia nacional”, *Revista Andaluza de Administración Pública*, n. 91, 2015, pp. 91-146; e CASARES MARCOS, A.B., “Reflexiones sobre el ámbito subjetivo del recurso para la defensa de la unidad de mercado”, López Ramón, F. (coord.), *Vías administrativas de recurso a debate*, AEPDA, INAP, Madrid, 2016, pp. 523 e ss.

⁴⁴ PENSADO SEIJAS, A., “Regulación jurídica actual de las antenas de telefonía móvil: de la Ley 33/2003, de 3 de noviembre, a la Ley 9/2014, de 9 de mayo, General de Telecomunicaciones”, *Revista Jurídica de Castilla y León*, n. 36, maio 2016, pp. 34-36.

súa instrumentación, como garantía ao libre establecemento e circulación. Trátase de dous preceptos esenciais, pois supoñen a limitación máis xeral a todos os poderes públicos infraestatais. Así, en canto á posibilidade de impor límites ao acceso a unha actividade económica ou ao seu exercicio, ou á existencia de requisitos para o desenvolvemento dunha actividade, o artigo 5 LGUM consagra que as autoridades competentes, no exercicio das súas respectivas competencias, motivarán a súa necesidade na salvagarda dalgunha razón imperiosa de interese xeral de entre as comprendidas no artigo 3.11 da Lei 17/2009. Ademais, calquera límite ou requisito que se fixe “deberá ser proporcionado á razón imperiosa de interese xeral invocada, e deberá ser tal que non exista outro medio menos restritivo ou distorsionador para a actividade económica”. Polo tanto, só se admitirán límites á liberdade de empresa por determinadas razóns imperiosas de interese xeral que están taxadas⁴⁵, e son as que se enumeran no artigo 3.11 da Lei 17/2009⁴⁶.

Así pois, a LGUM toma a súa base no dereito europeo, pero transfórmao: podemos afirmar que o artigo 5.1 LGUM vai máis lonxe da simple preservación da unidade de mercado, pois impón límites a calquera restrición ás liberdades económicas, e o que pretende é reforzar a liberdade de empresa ou a libre iniciativa económica, de forma que restrinxen calquera posibilidade do lexislador de limitar o seu exercicio⁴⁷.

Doutro lado, en canto ao sometemento a autorización, o artigo 17 LGUM admite a súa existencia “sempre que concorran os principios de necesidade e proporcionalidade, que se deberán motivar suficientemente na lei que estableza o dito réxime”. Ademais, cando o réxime de autorización se exixa por norma comunitaria ou tratado internacional, as autorizacións poderán estar previstas nunha norma de rango inferior á lei. A LGUM entende que concorren os principios de necesidade e proporcionalidade para a existencia dunha autorización nos seguintes supostos: 1. En relación cos operadores económicos, cando estea xustificado por razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública ou protección do medio ambiente no lugar concreto onde se realiza a actividade, e estas razóns non se poidan salvagardar

Regap



ESTUDIOS

⁴⁵ Trátase de protexer uns cantos intereses elixidos polo mesmo lexislador estatal e calquera outro interese xeral queda proscribido como posible xustificación de límites ás liberdades económicas, como posible finalidade das restricións a esas liberdades, e iso con independencia de que supoñan ou non trabas para a libre circulación ou unidade de mercado. Así pois, aínda que a lista das razóns imperiosas de interese xeral é ampla, tamén é certo que é moito o que queda fóra dela. REBOLLO PUIG, M., “La libertad de empresa tras la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado”, cit., pp. 23 e ss.

⁴⁶ Esta lei afirma que é “Razón imperiosa de interese xeral: razón definida e interpretada a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, limitadas as seguintes: a orde pública, a seguridade pública, a protección civil, a saúde pública, a preservación do equilibrio financeiro do réxime de seguridade social, a protección dos dereitos, a seguridade e a saúde dos consumidores, dos destinatarios de servizos e dos traballadores, as exixencias da boa fe nas transaccións comerciais, a loita contra a fraude, a protección do medio ambiente e do contorno urbano, a sanidade animal, a propiedade intelectual e industrial, a conservación do patrimonio histórico e artístico nacional e os obxectivos da política social e cultural” (artigo 3.11 Lei 17/2009).

⁴⁷ A xuízo de REBOLLO PUIG, o que a LGUM presenta como principio de necesidade non é ao que se lle chamou así de xeito tradicional. De forma que, segundo o autor, a necesidade de que antes se falaba era unha parte do principio de proporcionalidade e solo significaba que a medida adoptada, aínda que fose restritiva dalgunha liberdade ou da unidade de mercado, debía ser a menos restritiva das adecuadas para conseguir a finalidade perseguida. Polo tanto, a necesidade comportaba que, partindo de calquera finalidade lícita, se elixise a menos restritiva. Co principio de necesidade agora coa LGUM introduciuse unha idea nova e distinta: unha limitación ás finalidades que pode perseguir mesmo o lexislador para limitar a liberdade económica. REBOLLO PUIG, M., “La libertad de empresa tras la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado”, cit., pp. 23-33. Tamén pode consultarse, entre outros: FERNÁNDEZ FARRERES, G., “Unidad de mercado y libertades de empresa y circulación en la Ley 20/2013, de 9 de diciembre”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 163, 2014, pp. 124.

coa presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación previa; 2. Respecto ás instalacións ou infraestruturas físicas necesarias para o exercicio de actividades económicas, cando poidan xerar danos sobre o medio ambiente e o contorno urbano, a seguridade ou a saúde pública e o patrimonio histórico-artístico, e estas razóns non poidan salvagardarse mediante a presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación; 3. Cando o número de operadores económicos do mercado sexa limitado debido: á escaseza de recursos naturais, á utilización de dominio público, á existencia de inequívocos impedimentos técnicos ou en función da existencia de servizos públicos sometidos a tarifas reguladas; 4. Cando a normativa da Unión Europea ou tratados e convenios internacionais así o contemple, incluíndo a aplicación, se é o caso, do principio de precaución. Ademais, as inscricións en rexistros con carácter habilitante terán para todos os efectos o carácter de autorización.

A LGUM somete a condicións de necesidade o establecemento de declaracións responsables e de comunicacións previas. O artigo 17 prevé que se considerará que concorren os principios de necesidade e proporcionalidade para exixir a presentación dunha declaración responsable para o acceso a unha actividade económica ou o seu exercicio, ou para as instalacións ou infraestruturas físicas para o exercicio de actividades económicas, “cando na normativa se exixa o cumprimento de requisitos xustificadas por algunha razón imperiosa de interese xeral e sexan proporcionados”. Ademais, as autoridades competentes poderán exixir a presentación dunha comunicación cando, “por algunha razón imperiosa de interese xeral, tales autoridades precisen coñecer o número de operadores económicos, as instalacións ou as infraestruturas físicas no mercado”⁴⁸. Con carácter xeral, as autoridades competentes velarán por minimizar as cargas administrativas soportadas polos operadores económicos, de maneira que, unha vez aplicado o principio de necesidade e proporcionalidade de acordo co previsto no artigo 17 LGUM, elixirán un único medio de intervención, “ben sexa a presentación dunha comunicación, dunha declaración responsable ou a solicitude dunha autorización”.

En definitiva, a LGUM supón unha restrición importante para os concellos á hora de aprobar normas neste sentido. Mostra diso son as sentenzas da AN do 26 de xuño de 2018⁴⁹ e do 2 de novembro de 2018⁵⁰ nas cales se estiman recursos contencioso-administrativos contra ordenanzas⁵¹ que prevían a existencia de autorizacións pre-

⁴⁸ Parece que o que pretende o lexislador é poder contar cos datos imprescindibles para poder exercer o control *ex post* (PERNAS GARCÍA, J.J., “El principio de necesidad y de proporcionalidad en la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado”, Alonso Mas, M.J. (dir.), *El nuevo marco jurídico de la unidad de mercado. Comentario a la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado*, La Ley, Madrid, 2014, pp. 461 e ss.).

⁴⁹ Recurso contencioso-administrativo n. 204/2015 tramitado como procedemento da LGUM contra os artigos X.1.3 apartado O; X.1.5. 2-A apartado I), do título X das ordenanzas do Concello de Hernani publicadas no BOP 228 do 28 de novembro de 2014.

⁵⁰ Recurso contencioso-administrativo n. 206/15 tramitado como procedemento da LGUM contra determinados preceptos (artigos 10.5 e 6, 12.3 e 38.7) da ordenanza de paisaxe urbana de Santa Cruz de Tenerife do 6 de xuño de 2014.

⁵¹ No mesmo sentido pronúnciase a AN na Sentenza do 8 de xuño de 2019, recurso contencioso-administrativo n. 278/2016 tramitado como procedemento da LGUM. Trátase doutra sentenza de grande interese da AN, na cal aquí non nos detemos porque non impugna unha ordenanza local, senón que o seu obxecto é a revisión dun PXOU. Nela, a AN estima o recurso contra a Resolución do Conselleiro de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de Andalucía do 20 de abril de 2016, pola que se desestima a reclamación do artigo 26 LGUM da Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnoloxías da Información, Telecomunicacións e Contidos Dixitais (AMETIC) e determinados preceptos do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Jaén, na

vias á instalación de infraestruturas de comunicacións electrónicas. O feito, polo tanto, de que algunhas ordenanzas locais sometan as instalacións de infraestruturas da sociedade da información a un réxime de autorización previa veu sendo polémico⁵². Tamén suscitaron discusión as ordenanzas reguladoras de instalacións radioelétricas que fixan límites aos niveis de emisión radioelétrica⁵³.

3.2 Cando poden substituír os concellos a exigencia de autorizacións previas por declaracións responsables aos operadores?

A LXTT persegue, como un dos seus principais obxectivos, o de “recuperar a unidade de mercado no sector das telecomunicacións”. Para iso, a lei establece procedementos de coordinación e resolución de conflitos entre a lexislación sectorial estatal e a lexislación das administracións competentes, ditada no exercicio das súas competencias, que poida afectar ao despregamento de redes e á prestación de servizos. Co mesmo fin, preténdese “unha simplificación administrativa, eliminando licenzas e autorizacións, por parte da administración das telecomunicacións, para determinadas categorías de instalacións que fan uso do espectro. Na mesma liña, prevese unha revisión das licenzas ou autorizacións por parte das administracións competentes, eliminando a súa exixibilidade para determinadas instalacións en propiedade privada ou para a renovación tecnolóxica das redes, e facilítase o despregamento das novas redes permitindo o acceso ás infraestruturas doutros sectores económicos susceptibles de seren utilizadas para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas” (preámbulo da LXTT).

Todos estes criterios de liberalización do sector, libre competencia, de recuperación da unidade de mercado e de redución de cargas procuran achegar seguridade

Regap



ESTUDIOS

versión revisada publicada no *Boletín Oficial de la Junta de Andalucía* (BOJA) número 37, do 24 de febreiro de 2016, mediante Orde do 3 de febreiro de 2016 da Consellaría andaluza de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Finalmente, a AN anula a citada resolución e os preceptos impugnados do PXOU por non seren conformes a dereito.

⁵² Esta cuestión foi controvertida e así o manifestou a doutrina, entre outros: LOBO RODRIGO, A., “La ordenación del territorio y el urbanismo como medio de organización de redes de telecomunicaciones. Especial atención a las inalámbricas”, *Revista Galega de Administración Pública*, n. 31, maio-agosto de 2002, pp. 107 a 145; RODRÍGUEZ-CHAVES MIMBRERO, B., “El ámbito de regulación de la normativa municipal en materia de telefonía móvil”, *Revista de Derecho Urbanístico y Medio Ambiente*, n. 242, Madrid, 2008, pp. 177-232; PONCE SOLÉ, J., “¿Mejores normas?: Directiva 2006/123/CE, relativa a los servicios en el mercado interior, calidad reglamentaria y control judicial”, *Revista de Administración Pública*, n. 180, setembro-diciembre de 2009, pp. 217-218; RAZQUIN LIZARRAGA, M., “De la intervención administrativa previa al control a posteriori: la reforma del procedimiento administrativo común a consecuencia de la directiva de servicios”, *Revista Aranzadi Doctrinal*, n. 2, maio 2010, pp. 127-128; PÉREZ GONZÁLEZ, C., “El nuevo régimen de intervención administrativa en las Entidades locales de Galicia, tras la transposición de Directiva 2006/123/CE, relativa a los servicios en el Mercado Interior”, *Anuario da Facultade de Dereito da Coruña*, n. 14, 2010, pp. 635-663; CHOLBI CACHÁ, F. e MERINO MOLLINS, V., “Comentario crítico sobre la Directiva de servicios y de las leyes 17 y 25/2009 en aplicación de la misma: especial incidencia en el ámbito de las licencias urbanísticas y de actividad”, *El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados*, n. 7, 2010, pp. 1035-1065.

⁵³ Un estudo detallado dos informes da Secretaría do Consello para a Unidade de Mercado (en diante, SECUM) ante reclamacións realizadas por asociacións de empresarios de telecomunicacións fronte a ordenanzas reguladoras de instalacións de infraestruturas de telecomunicacións: 1) ordenanzas locais que sometan as instalacións de comunicacións electrónicas a un réxime de autorización previa (é o caso da ordenanza de Santa Cruz de Tenerife e de Hernani); 2) ordenanza reguladora de instalacións radioelétricas que fixa límites aos niveis de emisión radioelétrica (refírese á ordenanza de Vitoria-Gasteiz) pode consultarse en DE LA TORRE MARTÍNEZ, L., “Los principios de proporcionalidad y necesidad bajo el prisma de la garantía de la unidad de mercado: ¿nuevos condicionantes de las ordenanzas locales de telecomunicaciones?”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 181, outubro-diciembre 2016, pp. 190-223.

xurídica aos operadores e crear as condicións necesarias para a existencia dunha competencia efectiva.

Podemos afirmar que, en consecuencia, a LXTT de 2014 parte da non existencia de licenzas, autorizacións previas de instalación, funcionamento, de actividade ou de carácter ambiental ou outras licenzas ou aprobacións de carácter similar ás instalacións de infraestruturas de telecomunicacións. Estas licenzas foron substituídas por declaracións responsables, como deriva da lexislación sectorial aplicable, en particular do artigo 34.6 e 7 LXTT e da LGUM (disposición derradeira 9.^a LXTT).

Como xa sabemos, os operadores de telecomunicacións teñen recoñecido o dereito de ocupación de propiedade privada (artigo 29 LXTT) e do dominio público (artigo 30 LXTT). Neste sentido, a propia LXTT advirte de que a normativa ditada por calquera Administración pública que afecte ao despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas debe recoñecer os citados dereitos dos operadores (artigo 31.1 LXTT) e debe cumprir, polo menos, os requisitos contidos no artigo 31.2 LXTT. Ademais, a LXTT recolle unha serie de criterios que deben rexer a normativa das administracións públicas que afecte ao despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas nos artigos 34 a 36 LXTT, como lexislación básica estatal, e a colaboración entre administracións públicas no dito despregamento.

Detémonos no artigo 34.6 LXTT, que adquire especial relevancia no noso traballo, pois refírese de forma directa á existencia ou non de licenzas previas á instalación destas infraestruturas e distingue cando a ocupación do operador sexa de dominio público ou privado.

Primeiro, o precepto dispón que para a instalación de estacións ou infraestruturas radioeléctricas utilizadas para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público, ás cales se refire a disposición adicional terceira da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, non se poderá exixir a obtención previa de licenza de instalacións, de funcionamento ou de actividade, nin outras de clase similar ou análogas, nos termos indicados na citada lei.

Despois, respecto da ocupación do dominio privado, o artigo 34.6 LXTT prevé que, para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas ou de estacións radioeléctricas en dominio privado polas administracións públicas competentes, non se poderá exixir a obtención de licenza ou autorización previa de instalacións, de funcionamento ou de actividade, ou de carácter ambiental, nin outras licenzas ou aprobacións de clase similar ou análogas que suxeiten a autorización previa a dita instalación, no caso de que o operador presentase á Administración pública competente para o outorgamento da licenza ou autorización un plan de despregamento ou instalación de rede de comunicacións electrónicas, no cal se contemplen esas infraestruturas ou estacións, e sempre que o citado plan fose aprobado pola mencionada Administración. Con tal fin, a LXTT establece que, no citado plan de despregamento ou instalación, o operador: deberá prever os supostos en que se van efectuar despregamentos aéreos ou por fachadas, de cables e equipos; suxeitarase ao contido e deberá respectar as condicións técnicas exixidas mediante Real decreto

acordado en Consello de Ministros. En calquera caso, o artigo 34.6 LXTT substitúe as licenzas ou autorizacións previas que non poidan ser exixidas, de acordo co que acabamos de expor, por declaracións responsables, segundo se prevé na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, LPAC, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, LRXSP. Estas declaracións responsables conterán unha manifestación explícita do cumprimento dos requisitos que resulten exixibles segundo a normativa vixente.

Doutro lado, a LXTT establece que a presentación da declaración responsable, co efecto de habilitación a partir dese momento para executar a instalación, non prexulga a situación e o acomodo efectivo das condicións da infraestrutura ou estación radioelétrica á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción e, en xeral, de control que á Administración en calquera orde –estatal, autonómica ou local– lle estean atribuídas polo ordenamento sectorial aplicable en cada caso.

Pola súa parte, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable, ou a non presentación da declaración responsable, determina a imposibilidade de explotar a instalación e mesmo, se é o caso, a obriga de retirada cando se teña constancia de tales feitos, e todo iso sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Tamén, o artigo 34.6 LXTT contempla que mediante regulamento se establecerán os elementos da declaración responsable que terán ese carácter esencial.

En caso de que a infraestrutura xa estea situada en dominio público ou privado e se proceda á súa innovación tecnolóxica ou adaptación técnica, a LXTT dispón que se aplica o principio de non exixencia de licenza previa, sempre que tales actuacións supoñan a incorporación de novo equipamento ou a realización de emisións radioelétricas en novas bandas de frecuencias ou con outras tecnoloxías, sen variar os elementos de obra civil e mastro. O artigo 34.7 LXTT dispón que non se requirirá ningún tipo de concesión, autorización ou licenza nova ou modificación da existente ou declaración responsable ou comunicación previa ás administracións públicas competentes por razóns de ordenación do territorio, urbanismo ou ambientais.

Polo tanto, unha análise completa da non exixencia de licenzas ou autorizacións previas á instalación de redes ou instalacións de telecomunicacións require examinar a LXTT e a LGUM, na medida en que as dúas leis constitúen o parámetro para valorar as normas reguladoras que afectan ás infraestruturas de comunicacións electrónicas, que poden aprobar as administracións competentes, como os concellos, por distintos títulos competenciais⁵⁴.

⁵⁴ MARTI DEL MORAL, A., “La incidencia de la unidad de mercado en las telecomunicaciones: la no exigencia de licencias previas a la instalación de redes de comunicaciones electrónicas”, Guillén Caramés, J. e Cuervo Mir, M. (dirs.), *Estudios sobre la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado*, Prólogo de José M.ª Marín Quemada, Thomson Reuters Aranzadi, Navarra, 2017, p. 470.

3.3 Enténdese aprobado por silencio administrativo un plan de despregamento se transcorre o prazo máximo de resolución?

Non podemos concluír esta epígrafe sen sinalar que este precepto, o artigo 34.6 LXTT, foi obxecto dun importante pronunciamento por parte do TC, que declarou nulo o inciso relativo ao silencio administrativo positivo sobre o plan de despregamento ou instalación de rede pública de comunicacións electrónicas se transcorreron “dous meses desde a súa presentación” e a Administración pública competente non ditou resolución expresa. Referímonos á Sentenza do TC 20/2016, do 4 de febreiro de 2016⁵⁵.

Trátase dun recurso de inconstitucionalidade interposto pola Generalitat de Cataluña en relación con diversos preceptos da LXTT (sobre todo ao seu fundamento xurídico 7). A Generalitat non cuestiona a substitución das licenzas ou autorizacións previas por declaracións responsables para o caso de aprobación dos plans de despregamento⁵⁶, que prevé o artigo 34.6 LXTT, senón que considera que estes plans –e os seus efectos liberatorios da obtención de licenzas e autorizacións municipais e/ou autonómicas de carácter urbanístico ou ambiental– non teñen cobertura no artigo 149.1, apartados 1, 13 e 21 do CE, e vulneran as competencias autonómicas sobre urbanismo, ordenación do territorio e medio ambiente dos artigos 144 e 149.1 e 5 do Estatuto de autonomía de Cataluña, pois a súa aprobación non se suxeita ao cumprimento da normativa e instrumentos de ordenación territorial, urbanística e ambiental, senón á observancia das condicións técnicas que estableza unha norma estatal.

O TC afirma que os plans de despregamento ou instalación, con efectos liberatorios da obtención de licenzas e autorizacións, constitúen un mecanismo tendente a facilitar o despregamento das redes de comunicacións electrónicas de forma unitaria no territorio nacional, polo que o tribunal estima que a súa regulación no artigo 34.6 LXTT ten cobertura nos títulos competenciais do artigo 149.1.13 e 21 CE invocados polo Estado⁵⁷. Por iso, o TC aplica a doutrina previa do tribunal ao caso concreto e recorda que, dada a importancia do sector das telecomunicacións para a economía

⁵⁵ Recurso de inconstitucionalidade n. 709/2015.

⁵⁶ Sobre os plans de implantación de telefonía móbil, pode consultarse GRAJAL BLANCO, M., “La instalación de telecomunicaciones en un Municipio desde el punto de vista del impacto urbanístico”, *Revista del Instituto Universitario de Urbanística de la Universidad de Valladolid*, n. 11, 2008, pp. 139-140.

⁵⁷ O TC no FX 7 remítese á súa doutrina previa: en particular, en canto ao artigo 149.1.13 CE, como xa admitiu o TC na Sentenza 34/2013, FX 9: “reiteradamente na nosa doutrina aceptamos que, tratándose dun sector de importancia para a economía xeral (...) o Estado pode, en exercicio da competencia que lle atribúe o artigo 149.1.13 CE, fixar obxectivos de política sectorial (SSTC 80/1985, do 4 de xullo, FX 1; 188/1989, do 16 de novembro, FX 5; e STC 96/1990, do 24 de maio, FX 3). Por referirnos aos supostos máis recentes, o tribunal admitiu na STC 26/2012, do 1 de marzo, FX 5, que o Estado imponha un marco máis flexible e transparente para o acceso e exercicio de actividades no sector servizos (dispondo para o efecto que deben eliminarse todos aqueles réximes de autorización que non estean xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral); na STC 135/2012, do 19 de xuño, FX 4, que o Estado optase por un sistema económico integrado no sector do transporte e distribución de gas (fixando, para que ese obxectivo se logre dun xeito eficaz, unha serie de criterios uniformes que vinculan a autorización de instalacións); nas SSTC 170/2012, do 4 de outubro, FX 10; e 233/2012, do 13 de decembro, FFX 2 e 4, que o Estado sinala o obxectivo de favorecer unha maior competencia dentro do sector da distribución retalista de produtos petrolíferos, establecendo para a súa materialización (a) a incorporación de estacións de servizo nos establecementos comerciais de nova apertura como medio de aumentar o número de oferentes; (b) a previsión de silencio positivo respecto das licenzas municipais necesarias para a súa construción e posta en funcionamento nos centros que estivesen operativos á entrada en vigor da norma” (STC 20/2016, do 4 de febreiro de 2016, FX 7).

xeral, é conforme coa orde constitucional de competencias a articulación polo Estado dun sistema que, neste sector das telecomunicacións, libere os operadores da obtención de licenzas ou autorizacións necesarias para o despregamento das redes se é aprobado un plan de despregamento ou instalación polas autoridades municipais ou autonómicas competentes. A xuízo do TC, trátase de contribuír á consecución dos obxectivos xerais da LXTT que declara de forma expresa no seu preámbulo: garantir a unidade de mercado, facilitar a instalación e despregamento das redes e a prestación de novos servizos, incentivar os investimentos e promover a competencia efectiva mediante unha medida que é consecuenta cos obxectivos globais citados e proporcionada á importancia do sector. Por todo iso, o TC conclúe que o Estado pode perseguir eses obxectivos de forma lexítima, ao abeiro das súas competencias de ordenación xeral da economía do artigo 149.1.13 CE no sector económico das telecomunicacións sobre o que ten competencia exclusiva segundo prevé o artigo 149.1.21 CE (Sentenza do TC 20/2016, FX 7).

Agora ben, o TC tamén recoñece que, se para lograr a finalidade pretendida cos plans de despregamento e instalación, se eliminan as licenzas ou autorizacións autonómicas nos casos previstos, a norma ten incidencia sobre as competencias das comunidades autónomas invocadas pola Generalitat.

Pois ben, o TC estima que o artigo 34.6 LXTT deixa a salvo tales competencias cando contempla que os plans deberán ser aprobados pola Administración competente para o outorgamento das licenzas ou autorizacións da necesidade das cales dispensa, polo que non se produce extralimitación competencial. O precepto refírese a que o operador, ao presentar o plan, se suxeitará ao contido e condicións técnicas exixidas mediante real decreto. A xuízo do TC, isto é consecuenta coa competencia exclusiva estatal do artigo 149.1.21 CE, pero non obsta para que a aprobación do plan polas administracións competentes deba versar sobre as materias da súa competencia; polo tanto, sobre a adecuación ás normas urbanísticas, de ordenación territorial e, se é o caso, ambientais (Sentenza do TC 20/2016, FX 7)⁵⁸.

Para o TC, os plans de despregamento ou instalación configúranse no artigo 34.6 LXTT coa finalidade que lles recoñeceu na Sentenza 8/2012 ao examinar os plans territoriais de despregamento de rede en solo rústico regulados na Lei das Cortes de Castela-A Mancha 8/2001, do 28 de xuño, sobre ordenación das instalacións de radiocomunicación na dita comunidade. Neste caso, o TC afirmou que estes plans están dirixidos a “proporcionar a información necesaria para que a comunidade autónoma afectada poida realizar un control previo da conformidade das previsións de novas instalacións coa normativa sectorial que ditase no exercicio das súas competencias para a preservación de intereses públicos que lle están encomendados de forma exclusiva ou compartida co Estado (ordenación do territorio, urbanismo, medio ambiente, sanidade)”. Polo tanto, permiten o exercicio coordinado das competencias

⁵⁸ De feito, como recorda o TC, así o afirma o preámbulo da LXTT: “nesta lei establécese que para o resto de actuacións de despregamento de redes en dominio privado se poidan substituír igualmente as licenzas por unha declaración responsable naqueles casos en que previamente o operador presentase ante as administracións competentes un plan de despregamento e este fose aprobado, xa que, nestes casos, a Administración competente xa analizou e ponderou os intereses inherentes ao exercicio das súas propias competencias” (apartado IV). Sentenza do TC 20/2016, FX 7.

estatais e autonómicas concorrentes neste ámbito en que “deben buscarse aquelas solucións con que se consiga optimizar o exercicio de ambas as dúas competencias” (Sentenza do TC 20/2016, FX 7).

En consecuencia, o TC afirma que, se entendemos que o artigo 34.6 LXTT, en canto contempla os plans de despregamento ou instalación con efectos liberatorios de autorizacións e licenzas autonómicas ou municipais, se ampara no artigo 149.1.13 e 21 CE e non vulnera as competencias autonómicas sobre urbanismo, ordenación do territorio e medio ambiente, xa que os ditos plans deben ser aprobados, en exercicio desas competencias, pola Administración autonómica ou municipal correspondente, o silencio positivo que recolle o artigo 34.6 LXTT debe ter apoio nos mesmos títulos competenciais estatais. Por iso, o tribunal entende que esta previsión, por un lado, é unha medida dirixida a dotar de plena virtualidade ou eficacia o sistema e a garantir que a eliminación das autorizacións e licenzas que se pretende ten realmente lugar, e, por outro, que non condiciona ilexítimamente as competencias autonómicas, xa que as comunidades autónomas poden exercelas sen limitación ningunha dentro do prazo máximo para resolver o procedemento, polo que se trata, unicamente, de eliminar a incerteza asociada á falta de resposta ao vencemento do prazo, dando ao silencio o efecto estimatorio da aprobación dos plans.

Segundo o TC, os artigos 149.1.13 e 21 CE non amparan a fixación do prazo específico de dous meses que prevé o artigo 34.6 LXTT para a aprobación dos plans e considera que esta previsión “non é necesaria ou imprescindible para garantir a virtualidade do sistema e invade as competencias autonómicas que determinan que a aprobación dos plans sexa realizada por estas administracións e non polo Estado. Distinto sería o establecemento polo Estado dun prazo máximo de resolución que lles permitise ás administracións competentes marxe suficiente de modulación en exercicio das súas competencias e atendendo ás circunstancias de cada caso, modulación que, na redacción actual do precepto e dada a brevidade de prazo previsto, non resulta posible” (FX 7). Por iso, o TC afirma que o parágrafo quinto do artigo 34.6 LXTT é inconstitucional e nulo.

Tras a Sentenza do TC do 4 de febreiro de 2016, podemos afirmar que: primeiro, o silencio segue sendo positivo ás solicitudes de aprobación dun plan de despregamento, na medida en que coa dita aprobación non se transfiran ao solicitante facultades relativas ao dominio público (artigo 24.1 LPAC); a natureza positiva do silencio que tamén xerou polémicas e sobre ela volveremos. Segundo, en ausencia dun prazo específico, aplicarase o prazo de 3 meses establecido con carácter xeral na LPAC. Como consecuencia desta sentenza, os operadores que presenten plans de despregamento e non obteñan resolución expresa da Administración, terán que someterse ao prazo xeral supletorio de 3 meses, en lugar de 2 meses, para que actúe o silencio administrativo.

3.4 Desaprobación xudicial ás ordenanzas de infraestruturas de comunicacións electrónicas coa brida da LGUM

Agora detémonos na análise de dúas ordenanzas locais que contemplan a existencia de licenzas previas á implantación de infraestruturas de telecomunicacións e que son obxecto de impugnación mediante dous recursos contencioso-administrativos ante a AN, tramitados como procedementos da LGUM.

Referímonos ás sentenzas da AN do 26 de xuño de 2018⁵⁹ e do 2 de novembro de 2018⁶⁰, que son dous primeiros pronunciamentos deste tribunal polos que se estiman os recursos e se anulan determinados preceptos de ordenanzas reguladoras de telecomunicacións ao ser contrarios aos principios de necesidade e proporcionalidade da LGUM.

A Sentenza da AN do 26 de xuño de 2018 resolve e estima un recurso contencioso-administrativo no que se impugnan determinados preceptos das ordenanzas do Concello de Hernani. Con carácter previo, o 2 de xaneiro de 2015, a CNMC emitiu o seu Informe UM/76/14 e nas conclusións indica que: a existencia de autorización ou licenza municipal para a implantación en dominio privado de canalizacións, equipos, cableados ou antenas (artigo X.1.3, letra O) do apartado 2) e a existencia de autorización ou licenza municipal previa á implantación de antenas en dominio privado (artigo X.1-5, apartado 2.i)⁶¹ eran contrarias ao principio de necesidade e proporcionalidade dos artigos 5 e 17 LGUM.

Para a resolución do recurso, a AN parte da análise da LGUM e da súa propia xurisprudencia previa. En particular, remítese ao recurso 50/2015 referido á aplicación da LGUM, onde para explicar a razón de ser e os obxectivos da lei trae a colación a propia exposición de motivos da norma⁶² e recorda que é preciso ter en conta a experiencia solicitada durante o proceso de transposición da Directiva servizos, pois o feito de que expresamente se indique que a LGUM non supón un exercicio de transposición de normativa europea fai que revista unha importancia especial a análise detallada da xurisprudencia do TXUE. En consecuencia, a implementación plena da LGUM dependerá do seu grao de identificación coa xurisprudencia do TXUE. Tamén resulta

Regap



ESTUDIOS

⁵⁹ Recurso contencioso-administrativo n. 204/2015 contra os artigos X.1.3, apartado O; X.1.5. 2-A apartado I, do título X das ordenanzas do Concello de Hernani do 28 de novembro de 2014. Relator: José Guerrero Zaplana.

⁶⁰ Recurso contencioso-administrativo n. 206/15 contra determinados preceptos (artigos 10.5 e 6, 12.3 e 38.7) da ordenanza de paisaxe urbana de Santa Cruz de Tenerife do 6 de xuño de 2014. Relator: Santiago Pablo Soldevila Fragoso.

⁶¹ O contido dos preceptos impugnados é o seguinte: o artigo X.1-3.2 prevé que, en todo caso, quedarán suxeitas tamén á obtención previa de autorización municipal as actuacións seguintes: O. A execución de obras e construcións e a implantación de canalizacións, equipos, cableado, antenas, paneis solares, ou fotovoltaicos, etc., asociados ben aos servizos urbanos (telecomunicación, gas, electricidade, saneamento, auga, etc.), ben ás instalacións de servizo das edificacións, con independencia da súa localización respecto do terreo (sobre, ou baixo rasante), ou dos propios edificios (interior, en fachada ou sobre cuberta), e sempre que non formen parte doutras actuacións que deban ser obxecto de autorización municipal específica. O artigo X.1.5 2 dispón que: Grupo 1- Execución de obras. A. Son obras maiores as que corresponden a actuacións de: i) A implantación de antenas e equipos das redes de infraestruturas (repetidores, cassetas de telecomunicacións, centros de transformación, etc.).

⁶² Segundo esta, a transposición da Directiva servizos realizouse no noso ordenamento xurídico a través da Lei 17/2009, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Por iso, a LGUM, segundo se manifesta aquí, pretende establecer un réxime máis favorable en actividades que van máis alá do ámbito da directiva citada e aplícase tamén á libre circulación de produtos e a determinadas actividades excluídas da Directiva de servizos, á luz da xurisprudencia do TXUE sobre os principios de necesidade, eficacia nacional, proporcionalidade e non discriminación.

esencial determinar o encaixe da LGUM no sistema constitucional español e a súa compatibilidade co Estado das autonomías⁶³.

A continuación, a AN detense no exame do principal motivo de impugnación da resolución obxecto de recurso, que se refire á existencia da obtención de autorización administrativa para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas e para a instalación de estacións radioeléctricas ao entender que a dita existencia é contraria á disposición adicional terceira da Lei 12/2012 en relación co artigo 3 (relativo á inexhibibilidade de licenza) e ao artigo 34.6 en relación co artigo 34.4 LXTT (FX 5).

Por último, a AN estima o recurso e anula os preceptos impugnados da ordenanza ao considerar que o propio Concello de Hernani asumiu que os artigos impugnados da ordenanza son contrarios á lexislación aplicable pola súa conduta⁶⁴ e afirma que “é claro que o sometemento a autorización previa da instalación de elementos é contrario ás exigencias da Lei de unidade de mercado e deben deixarse sen efecto” (FX 6).

Na Sentenza do 2 de novembro de 2018, a AN estima o recurso contencioso-administrativo que trae causa da impugnación da ordenanza de paisaxe urbana de Santa Cruz de Tenerife. Tras a aprobación desa ordenanza, a Asociación Multisectorial de Empresas de Electrónica, Tecnoloxías da Información e Comunicación, das Telecomunicacións e dos Contidos Dixitais (Ametic) presentou unha reclamación ante a Secretaría do Consello da Comisión Nacional da Competencia e dos Mercados SECUM, o 5 de decembro de 2014, contra o disposto nos artigos 10.5 e 10.6, 12.3 e 38.7 da ordenanza⁶⁵. Seguidamente, a CNMC remitiu ao concello un requirimento previo á

⁶³ O tribunal recorda que xa existe un corpo de xurisprudencia constitucional consolidado sobre esta materia, ao que deberá adaptarse a LGUM; desde a inicial STC 37/1981, o concepto de unidade de mercado ten carta de natureza no noso ordenamento xurídico e foise perfilando á luz de dous principios irrenunciabiles: a igualdade das condicións básicas de exercicio da actividade económica (artigo 149.1.1CE) e o de que ningunha autoridade poderá adoptar medidas que directa ou indirectamente obstaculicen a liberdade de circulación e establecemento das persoas e a libre circulación de bens en todo o territorio español (artigo 139.2 CE) (FX 3). A AN, na Sentenza do 26 de xuño de 2018, no seu FX 3 recolle os pronunciamentos máis relevantes do TC na materia. Así, remítase, primeiro, á STC 88/1986, en que o TC afirma que tal unidade “non significa uniformidade, xa que a mesma configuración do Estado español e a existencia de entidades con autonomía política, como son as comunidades autónomas, supón necesariamente unha diversidade de réximes xurídicos. A compatibilidade entre a unidade económica da nación e a diversidade xurídica que deriva da autonomía debe buscarse, pois, nun equilibrio entre os dous principios”; que se reitera na STC 87/1987 (FX 6). Segundo, a AN refírese á STC 64/1990, en que reconece que a unidade de mercado é compatible co sistema autonómico sempre que as disposicións dos ditos entes resulten proporcionadas aos fins perseguidos e non cree obstáculos innecesarios que veñan cuestionar os principios fundamentais en que se asenta o concepto de unidade de mercado (FFXX 5 e 6). Terceiro, a AN refírese á reiteración desta doutrina nas SSTC 210/2012, 34/2013, 96/2013.

⁶⁴ O concello solicitou a suspensión do procedemento para non instar, despois, a prosecución; non contestou á demanda; e manifestou no seu último escrito de alegacións que se atopaba en trámite unha modificación dos preceptos da ordenanza impugnada.

⁶⁵ Polo seu interese, recollemos o disposto nos preceptos impugnados da ordenanza local de Santa Cruz de Tenerife. O artigo 10.5 establecía que “en xeral non se admite a colocación de condutos, aparatos e outros elementos das instalacións, individuais ou comunitarias, sobre as fachadas dos edificios, como, por exemplo, instalacións de aire acondicionado, chemineas de extracción de fumes, etc. Non obstante, poderá exceptuarse esta condición, debidamente xustificada e sempre en edificacións existentes, logo da presentación dun proxecto de integración global en composición arquitectónica do edificio que terá que será aceptado por servizos técnicos municipais mediante a correspondente licenza. Entre estas excepcións poderán admitirse tamén a instalación dos elementos mencionados en patios de parcela pechados, debidamente xustificada e realizado de modo que se cumpra cos requirimentos de illamento e integración arquitectónica e non se invada en ningún caso a dimensión mínima do patio. No caso de que o patio de parcela pechado quede visible desde a vía pública, unicamente se admitirá a instalación destes elementos integrándose esteticamente no conxunto, de xeito que se minimize o impacto visual, nestas circunstancias podendo adoptarse outras medidas correctoras (...)”. O artigo 10.6 dispuña que “as instalacións ou conducións xerais exteriores serán subterráneas, e nunca sobre as fachadas das edificacións, salvo que se xustificase cabalmente á súa improcedencia. As compañías de subministración son responsables do mantemento, seguridade e decoro destas instalacións, e teñen a obriga de impedir en todo momento as provisionalidades, desordes, abandonos, e a súa visibilidade

interposición do recurso contencioso-administrativo que foi contestado polo concello recoñecendo que debía proceder a efectuar determinados cambios na ordenanza.

A continuación, a CNMC interpuxo recurso contencioso-administrativo contra a ordenanza no cal se solicitaba a anulación dos citados preceptos por non seren conformes a dereito por varios motivos: Primeiro, pola inadecuación da ordenanza aos principios da LXTT. Segundo, respecto ao réxime de canalizacións, a LXTT impón as canalizacións subterráneas permitindo de forma excepcional os despregamentos aéreos ou en fachada; deste xeito, prohíbense de forma absoluta só no suposto de edificacións do patrimonio histórico-artístico ou que afecten á seguridade pública; por outra banda, non pode exixirse licenza nin autorización previa para as instalacións radioeléctricas que ocupen unha superficie inferior a 300 metros cadrados, o que é aplicable ao resto de instalacións, substituíndose a obriga de solicitar licenza por unha declaración responsable. Terceiro, a exixencia de licenzas pola ordenanza impugnada para a instalación de comunicacións electrónicas é contraria ao principio de proporcionalidade e ao de necesidade, de acordo tamén co informe da SECUM (artigos 5 LGUM e 34.3 LXTT), pois entende que os preceptos da ordenanza que imponen limitacións á instalación de infraestruturas de comunicacións son máis restritivos que a normativa sectorial aplicable e, polo tanto, contrarios aos principios de proporcionalidade e necesidade. A CNMC conclúe que a normativa impugnada vulnera o principio de libre iniciativa económica do artigo 16 LGUM, pois tales restricións impedirían o exercicio dunha actividade económica como o despregamento e a explotación de redes de comunicacións electrónicas (antecedente de feito 2).

A AN resalta que, neste suposto, o Concello de Santa Cruz de Tenerife aceptou plenamente todas as peticións formuladas pola CNMC con carácter previo (FX 2). Finalmente, a AN estima o recurso e declara a nulidade dos preceptos impugnados da ordenanza local.

ostensible. No caso de que haxa sobre as fachadas existentes condutos ou instalacións, como por exemplo cables de subministración de servizos (telefonía, iluminación, etc.) que pola súa situación ou falta de mantemento ou restauración prexudiquen a percepción da fachada, estes elementos serán eliminados ou reconducidos". O artigo 12.3 consideraba respecto da instalación de antenas que: "1. A instalación de todo tipo de antenas e os seus elementos auxiliares de conexión ao exterior teñen que someterse a esta ordenanza. Inclúense tanto as antenas de recepción como de emisión de ondas electromagnéticas de radiodifusión, televisión, telecomunicacións, telemando, etc., en calquera das súas formas posibles: de filamento, de piar ou torre, parabólicas, por elementos ou calquera outra que a tecnoloxía actual ou futura faga posible. 2. A instalación de antenas nas edificacións queda expresamente prohibida nas fachadas, a excepción daquelas instalacións minimalistas que necesariamente deban instalarse nesta situación e que deben quedar plenamente integradas no seu deseño. 3. Nas azoteas e cubertas inclinadas das edificacións tenderase á racionalización e colectivización do espazo, refundindo as instalacións de antenas no menor número posible. 4. Nos proxectos de construción de edificios de nova planta e de rehabilitación integral preverase a instalación de antenas, definindo a súa situación. Necesariamente terán que situarse nas azoteas ou cubertas inclinadas, garantir a menor percepción posible desde a vía pública e non prexudicar a imaxe histórica dos edificios incluídos no catálogo de Patrimonio Histórico ou dos Conxuntos Históricos. Todo iso enmarcado nas condicións establecidas nesta ordenanza, no artigo 34, Normas comúns aos Conxuntos Históricos, da Lei de Patrimonio Histórico de Canarias, nas directrices específicas ao respecto das telecomunicacións e no Código de Boas Prácticas para a instalación de infraestruturas de telefonía móbil da FEMP". O artigo 38.7.7 prevía que "se admite a colocación dunha soa antena para a función de TV de radio e de comunicación na azotea ou cuberta dun edificio, que non se fixará en elementos ou partes singulares deste e será o menos visible posible desde os espazos públicos inmediatos. As antenas non poden incorporar, en ningún caso, lendas ou anagramas visibles de carácter identificador nin publicitario".

3.5 Últimos informes da CNMC sobre exigencia de licenza previa por concellos ao despregamento de redes

Neste apartado centrámonos no exame de dous casos recentes similares de reclamacións presentadas por operadores, ao abeiro do artigo 26 LGUM, en relación coa exigencia de licenza urbanística previa no despregamento de fibra óptica imposta polo Concello de Aldeamayor de San Martín, no primeiro, e contra a exigencia imposta polo Concello de Boecillo dunha licenza urbanística previa para a instalación dun enlace *backhaul* entre os concellos de Boecillo e Tudela de Duero, no segundo⁶⁶.

Con carácter xeral, a CNMC nestes informes conclúe que a exigencia dunha licenza urbanística previa ao despregamento de infraestruturas a un operador, tras ter presentado plan de despregamento, pode vulnerar os principios de necesidade e proporcionalidade dos artigos 5 e 17 LGUM, en relación co artigo 34.6 LXTT.

A CNMC parte de que a aprobación dos plans de despregamento por silencio administrativo positivo considerada no artigo 34.6 LXTT non exonera da obriga de respectar a normativa urbanística aplicable. Ademais, a CNMC recorda que, no suposto de ocupación de dominio público para o despregamento de redes, aínda que os operadores contan co dereito á ocupación (artigo 30 LXTT), deben solicitar a correspondente autorización ou licenza á Administración titular do dominio público de acordo co artigo 84 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e co artigo 77 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL). A dita autorización ou licenza, en calquera caso, outorgarase ou denegarase tendo en conta os principios de necesidade e proporcionalidade do artigo 5 LGUM. Para o suposto de que se denegue de forma xustificada, a Administración deberá ofrecerlle outras alternativas viables para poder levar a cabo a instalación, de acordo co principio de menor distorsión posible da actividade económica do artigo 5 LGUM e o dereito á ocupación do artigo 30 LXTT.

No primeiro caso, o operador denuncia a exigencia indebida de licenza urbanística para despregar o enlace para interconectar as redes de fibra óptica ata o fogar no citado municipio, pois aprobárase un plan de despregamento por silencio administrativo positivo, en aplicación do artigo 34.6 LXTT. Por iso, o operador estima que o requirimento de licenza neste suposto sería contrario aos principios de necesidade e proporcionalidade do artigo 5 LGUM.

A CNMC, tras facer referencia á normativa urbanística aplicable, realiza unha análise das limitacións previstas na normativa sectorial aplicable en materia de telecomunicacións, que se centra, primeiro, no exame conxunto do artigo 34.6 LXTT e a Sentenza do TC 20/2016, do 4 de febreiro de 2016, e, segundo, na aplicación do

⁶⁶ Referímonos a dous informes da CNMC: Informe da CNMC do 10 de xuño de 2020 sobre a reclamación presentada, ao abeiro do artigo 26 da LGUM, contra as limitacións ao despregamento de redes de comunicacións electrónicas en relación coa presentación de plans de despregamento (UM/022/20); Informe da CNMC do 17 de marzo de 2021 sobre a reclamación presentada, ao abeiro do artigo 26 da LGUM, con referencia á exigencia por parte do Concello de Boecillo dunha licenza urbanística previa para a instalación dun enlace de *backhaul* necesario para despregar unha rede de fibra óptica ata o fogar (FTTH) entre as poboacións de Boecillo e Tudela de Duero (Valladolid), tras ser aprobado o plan de despregamento de rede presentado polo operador (UM/017/21).

citado precepto e da doutrina fixada pola citada Sentenza do TC polos tribunais superiores de xustiza (TSX). Non obstante, este precepto, como xa sabemos, incluía un inciso (“transcorridos dous meses desde a súa presentación”) que se declarou inconstitucional e nulo pola STC 20/2016, do 4 de febreiro de 2016, aínda que mantivo o silencio administrativo positivo do precepto. O TC afirma que “a previsión silencio positivo que o precepto contempla ten amparo nos mesmos títulos competenciais estatais” (FX 7, STC 20/2016).

A CNMC recorda que esta doutrina do TC xa a aplicaron algúns TSX, como mostra a Sentenza do TSX de Murcia 245/2019, do 16 de abril de 2019 (recurso 246/2018). Neste caso, rexítase a aplicación directa do prazo xeral de 3 meses do artigo 21.3 LPAC para entender aprobados os plans de despregamento por silencio administrativo positivo se, como consecuencia, se outorgan ao solicitante dereitos ou facultades que resulten contrarios ao ordenamento urbanístico. O TSX considera que non pode entenderse aprobado o plan técnico de implantación e as súas actualizacións por silencio administrativo positivo e non considera aplicable neste caso o artigo 42.3 da antiga Lei 30/1992, pois non é que a norma non fixe un prazo máximo de resolución, senón que este foi declarado inconstitucional. Para o efecto, o TSX recorda a xurisprudencia reiterada que declara que “non cabe entender obtidas por silencio administrativo positivo licenzas ou autorizacións en contra do disposto no ordenamento xurídico” (STS do 17 de outubro de 2007)⁶⁷.

Neste sentido, a CNMC recorda que o artigo 25 da LPAC vixente foi redactado de forma similar ao antigo artigo 43 da Lei 30/1992 e, en consecuencia, os plans de despregamento deben entenderse aprobados por silencio positivo sempre que neles non se outorguen facultades sobre o dominio público ou afecten ao medio ambiente. Agora ben, a súa aprobación non exonera da obtención das licenzas de carácter urbanístico que resulten necesarias, pois a simplificación administrativa do artigo 34.6 LXTT refírese ás licenzas ou autorizacións previas de instalacións, ás de funcionamento ou de actividade, ou a aquelas de carácter ambiental, polo que o operador, aínda que teña aprobado o plan de despregamento, terá que solicitar as licenzas urbanísticas ou de obras oportunas.

Seguidamente, a CNMC revisa as limitacións previstas á luz da LGUM. En particular, refírese aos artigos 5, 7 e 17.1 LGUM. O artigo 17.2 LGUM dispón que “se considerará que concorren os principios de necesidade e proporcionalidade para exixir a presentación dunha declaración responsable para as instalacións ou infraestruturas físicas para o exercicio de actividades económicas cando na normativa se exixa o cumprimento de requisitos xustificadas por algunha razón imperiosa de interese xeral e sexan xustificadas”. Polo tanto, considerárase que concorren os principios de necesidade e proporcionalidade para a exixencia dunha autorización ou licenza previa, entre outros supostos: “respecto das instalacións ou infraestruturas físicas necesarias para o exercicio de actividades económicas, cando sexan susceptibles de

⁶⁷ Sobre o silencio administrativo e a prohibición de obter licenzas contrarias ao ordenamento urbanístico, a doutrina é abundante. Pode consultarse SANZ RUBIALES, I., “Silencio administrativo y prohibición de adquirir licencias contrarias al ordenamiento urbanístico”, *Revista de Administración Pública*, n. 171, Madrid, setembro-décembro 2006, pp. 181-214.

xerar danos sobre o medio ambiente e o contorno urbano e estas razóns non poidan salvagardarse mediante a presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación”, e en caso de “utilización do dominio público”, o cal si concorre neste suposto, ao discorrer por camiños rústicos o despregamento de rede. A CNMC advirte que o discutido non é a existencia de licenza, senón o requisito adicional da autorización excepcional de uso en solo rústico que, de conformidade coa normativa urbanística autonómica, debe outorgar a Comisión Territorial de Medio e Urbanismo da Junta de Castela e León. Neste punto, a CNMC fai referencia ao artigo 84 bis.2. 2 LBRL, tras a reforma operada pola LRSAL. Este precepto prevé que só se someterán a un réxime de autorización as instalacións ou infraestruturas físicas para o exercicio de actividades económicas cando o estableza unha lei que defina os seus requisitos esenciais e as ditas instalacións sexan susceptibles de xerar danos sobre o medio ambiente, o contorno urbano, a seguridade, a saúde pública ou o patrimonio histórico e que ese réxime de autorización resulte proporcionado. Por iso, a avaliación deste risco débese determinar en función das características das instalacións, entre as que estarán as seguintes: a) a potencia eléctrica ou enerxética da instalación; b) a capacidade da instalación; c) a contaminación acústica; d) a composición das augas residuais que emita a instalación e a súa capacidade de depuración; e) a existencia de materiais inflamables ou contaminantes; f) as instalacións que afecten a bens declarados integrantes do patrimonio histórico.

A CNMC considera que en todos estes artigos se exige a aplicación dos principios de necesidade, proporcionalidade e mínima distorsión á actividade económica afectada pola restrición imposta pola Administración. Ademais, recorda que a observancia da normativa sectorial de telecomunicacións foi considerada como unha garantía da unidade de mercado polo TS⁶⁸ e trae a colación algúns informes anteriores da CNMC e da SECUM⁶⁹.

⁶⁸ En particular, refírese ás súas sentenzas do 22 de marzo e do 14 de xullo de 2011 (recursos de casación n.1845/2006 e 31/2007). O Tribunal Supremo afirma que “no ámbito das telecomunicacións, a unidade de mercado é un obxectivo xurídico requirido polo tan citado artigo 149.1.21 da Constitución, porque esa unidade é tamén, e antes que iso, un imperativo de política económica, que o xurista non pode desdenñar desde o momento en que a través desa unidade se trata de impedir a fragmentación do espazo económico nacional e garantir unha economía de escala, esencial nun ámbito como este en que a dimensión do mercado se erixe como un parámetro fundamental do seu desenvolvemento económico, perspectiva socioeconómica que non pode eludirse no proceso de interpretación e aplicación das normas examinadas, que, en canto instrumentos ao servizo dunha política de telecomunicacións única conformadora dun modelo económico común, deben ser interpretadas non só desde unha perspectiva xurídico-formal, senón tamén desde un punto de vista finalista, teleolóxico, que teña en conta o contexto en que se enmarcan e o fin que persegue. En consecuencia, no ámbito da ordenación técnica das telecomunicacións non nos situamos ante unha tarefa para realizar conxuntamente polo Estado e as comunidades autónomas, senón ante o exercicio dunha competencia exclusiva do Estado ex artigo 149.1.21 da Constitución, que se enmarca na existencia da unidade da orde económica en todo o ámbito do Estado, e que exige un mínimo normativo como orzamento necesario para que a repartición de competencias entre o Estado e as distintas comunidades autónomas en materias económicas non conduza a resultados disfuncionais ou disgregadores (véxanse sentenzas do Tribunal Constitucional 96/1984, do 19 de outubro, fundamento xurídico terceiro, e 133/1997, do 16 de xullo, fundamento xurídico sétimo)”.

⁶⁹ No Informe da SECUM 26/17014 do 16 de febreiro de 2017 (acceso web: https://www.mineco.gob.es/stfls/mineco/economia/gum/casos_gum/26.108TELECOMUNICACIONESDespliegueRedWIFIBeniganim.pdf), a CNMC entende que o feito de non aprobar un plan xeral de despregamento obriga o operador a solicitar autorización para cada unha das infraestruturas e instalacións contidas nel, desvirtuando así a preferencia pola declaración responsable como medio de intervención establecida na norma sectorial. Unhas conclusións similares alcanzáronse no Informe 26/1636, do 25 de maio de 2016 (acceso web: <https://www.mineco.gob.es/stfls/mineco/economia/gum/ficheros/26.49TELECOMUNICACIONESAntenasChiclana.pdf>). Neste suposto, a CNMC estima que á luz do artigo 34.6 LXTT só se podería exixir unha licenza en caso de estar ante instalacións con impacto no patrimonio histórico-artístico ou no uso privativo e ocupación dos bens de dominio público, no caso de que se trate de instalacións de superficie superior a 300 metros cadrados, ou no caso de instalacións de nova construción

Por último, a CNMC conclúe que a actuación administrativa impugnada podería vulnerar os principios de necesidade e proporcionalidade nos termos previstos nos artigos 5 e 17 LGUM, en relación co artigo 34.6 LXTT, sen prexuízo do deber do concello de resolver de forma expresa a solicitude do reclamante de aprobación do seu plan de despregamento e de considerala aprobada por silencio unha vez transcorrido o prazo xeral de tres meses do artigo 21.3.b) LPAC, salvo que se trate de actividades que transferisen ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público ou que impliquen o exercicio de actividades que poidan danar o medio ambiente (artigo 24.1 LPAC). En calquera caso, para a CNMC está claro que a aprobación dos plans de despregamento por silencio administrativo positivo, segundo recolle o artigo 34.6 LXTT, non exonera os operadores da obriga de respectar a normativa urbanística aplicable.

No segundo suposto, no Informe do 17 de marzo de 2021 formúlase un caso similar: trátase dunha reclamación do artigo 26 LGUM presentada por un operador de comunicacións electrónicas contra a exigencia imposta por un concello (o de Boecillo) dunha licenza urbanística previa para a instalación dun enlace *backhaul* entre dous municipios (Boecillo e Tudela de Duero).

Ante esta situación, o concello incoou un procedemento sancionador por infracción da Lei 33/2003, de patrimonio das administracións públicas, con medida cautelar de obriga de retirar os cables enterrados e repor o camiño ao estado anterior⁷⁰.

O operador estima que a exigencia de licenza urbanística previa é contraria ao artigo 18 LGUM, pois, ao seu xuízo, supón engadir un requisito adicional non incluído no artigo 34.6 LXTT, unha vez aprobado o plan de despregamento, nin na normativa urbanística autonómica aplicable [artigo 105 bis letras e) e g) da Lei 5/1999, do 8 de abril, de urbanismo de Castela e León]. En canto á normativa urbanística local, o

que teñan impacto en espazos naturais protexidos. É máis, aínda estando nalgún destes tres supostos, se a instalación da rede pública se efectuou en dominio privado, a *xuízo* da Comisión, debe terse en conta que o operador presentou un plan de despregamento ou instalación de rede ante a Administración. A autoridade competente debería manifestarse de forma expresa ante a solicitude do reclamante, motivando, se é o caso, a súa denegación conforme os principios establecidos na LGUM e na normativa sectorial de aplicación. De igual modo, maniféstase a CNMC no Informe UM/024/17 do 19 de febreiro de 2017 sobre a reclamación presentada ao abeiro do artigo 26 LGUM contra a denegación presunta da aprobación do plan de despregamento dunha rede de comunicacións electrónicas no municipio de Benigànim. Neste caso, a *xuízo* da CNMC, a actuación administrativa impugnada vulnera os principios de necesidade e proporcionalidade e a *súa* instrumentalización nos termos do artigo 17 LGUM en relación co artigo 34.6 LXTT, sen prexuízo do deber do concello de resolver de forma expresa a solicitude do reclamante de aprobación do seu plan de despregamento e de considerala aprobada por silencio positivo unha vez transcorrido o prazo xeral previsto na normativa de aplicación. No Informe da Sala de Supervisión Regulatoria, do 26 de xullo de 2018 –Informe sobre o borrador de Anteproxecto de Lei autonómica para a ordenación de instalacións de radiocomunicación en Castela-A Mancha (IPN/CNMC/008/18)–, a CNMC recorda a importancia das reformas estruturais introducidas na LXTT para facilitar o despregamento das redes de alta velocidade e a prestación de servizos aos usuarios finais cunha maior calidade e cobertura. En particular, a Comisión indica que “para cumprir o dito obxectivo se prevé que a normativa elaborada polas administracións públicas no exercicio das súas competencias, que afecte ao despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas (...) respecte o disposto na lexislación sectorial de telecomunicacións, resultando aplicable ao presente caso o establecido no artigo 34.3 da LXTel, de conformidade co cal, esa normativa non poderá establecer restricións absolutas ou desproporcionadas ao dereito de ocupación do dominio público e privado dos operadores, nin impor solucións tecnolóxicas concretas, itinerarios ou localizacións concretas en que instalar infraestruturas de rede de comunicacións electrónicas”. Ademais, o informe engade que nos supostos en que as restricións estivesen debidamente xustificadas, estas deben acompañarse de alternativas que garantan o dereito de ocupación dos operadores e o seu exercicio en igualdade de condicións, recomendándose, para tal efecto, a previsión de solucións alternativas para a ocupación do dominio público de forma eficiente e viable para os operadores.

⁷⁰ A *xuízo* do concello, tales obras estarían suxeitas a varias autorizacións: para uso común especial de ocupación de dominio público, de uso excepcional de solo rústico, licenza urbanística de obra e comunicación ambiental.

PXOU de Boecillo do 22 de febreiro de 2002 remítese á Lei de urbanismo de Castela e León e recolle un réxime de seis tipos de licenzas, pero non contén unha previsión especial sobre despregamento de instalacións de telecomunicacións, nin existe unha ordenanza municipal que regule especificamente o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en Boecillo. A normativa urbanística autonómica –sobre todo a Lei 5/1999, do 8 de abril, de urbanismo de Castela e León– prevé que determinadas actuacións deste tipo están suxeitas a declaración responsable (artigo 105bis.1. 1)71; polo tanto, non están suxeitas a licenza72.

A continuación, a CNMC efectúa unha análise das limitacións previstas á luz da normativa sectorial aplicable e parte do artigo 34.6 LXTT. A CNMC recorda que a simplificación administrativa prevista neste precepto se refire ás licenzas ou autorizacións previas de instalacións, as de funcionamento ou de actividade, ou aquelas de carácter ambiental, polo que o operador, mesmo co plan de despregamento aprobado, debe solicitar as licenzas urbanísticas ou de obras oportunas se estas fosen necesarias segundo o ordenamento urbanístico. Ademais, para a CNMC, ao estar ante unha ocupación de bens de dominio público, é preciso ter en conta o artigo 3.1 RBEL e o artigo 30 LXTT, pois, aínda que exista un recoñecemento legal do dereito de ocupación do dominio público a favor dos operadores, a ocupación concreta do dominio público debe ser autorizada expresamente pola entidade titular do dominio público afectado, como se desprende do artigo 84 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas. Ademais, o artigo 77 RBEL exige a solicitude de licenza salvo cando o uso sexa privativo, caso en que se aplica o réxime de concesión.

Seguindo unha estrutura de análise idéntica ao suposto anterior, ao que nos remitimos, a CNMC estuda este caso desde a perspectiva da LGUM. Por iso, primeiro refírese aos artigos 5, 7, 17 LGUM, 4 LRXSCP e 84bis da LBRL nos que se exige a aplicación dos principios de necesidade, proporcionalidade e mínima distorsión á actividade económica afectada pola restrición imposta pola Administración, e, despois, á observancia da normativa sectorial de telecomunicacións, en que o Estado ten competencia exclusiva *ex* artigo 149.1.21 CE, que foi considerada polo TS como unha garantía da unidade de mercado: sentenzas do TS do 22 de marzo de 2011 e 14 de xullo de 2011⁷³.

⁷¹ En concreto refírese ás seguintes operacións: instalación de tendidos eléctricos, telefónicos e similares; execución de obras e instalacións no subsolo, cando non teñan entidade equiparable ás obras de nova planta ou ampliación nin afecten a elementos estruturais.

⁷² Así o xustifica a Lei 7/2014, do 12 de setembro, de medidas sobre rehabilitación, rexeneración e renovación urbana, e sobre sustentabilidade, coordinación e simplificación en materia de urbanismo na súa exposición de motivos (apartado VIII): especial mención merece a reforma da licenza urbanística, o instrumento ordinario de intervención no uso do solo. En sintonía coa evolución xeral das técnicas de control administrativo no contexto europeo, a licenza como tal resérvase para os actos de uso do solo máis relevantes, regulándose para os demais o réxime de declaración responsable, lóxicamente máis sinxelo, sen prexuízo de permitir a reacción do concello ante eventuais incumprimentos da normativa. Así mesmo, o artigo 23.2.c) da Lei de urbanismo de Castela e León permite a instalación en solo rústico de infraestruturas, aínda que a somete a autorización autonómica previa, que deberá considerar o interese público do proxecto, a súa conformidade coa natureza rústica dos terreos e a súa compatibilidade cos valores (naturais) protexidos pola lexislación sectorial.

⁷³ A CNMC trae a colación outros informes previos da CNMC e a SECUM sobre esta cuestión. Remítese aos informes da SECUM 26/17014 do 16 de febreiro de 2017; 26/1636 do 25 de maio de 2016; e o Informe UM/024/17 do 19 de febreiro de 2017.

4 Reflexión última

O impulso comunitario, a lexislación sectorial de telecomunicacións e a xurisprudencia, todos eles, foron perfilando os contornos da intervención dos concellos no desenvolvemento e instalación de infraestruturas da chamada sociedade da información. Non obstante, o noso estudo evidencia que aínda seguen xurdindo aspectos conflictivos en tal intervención, como son a existencia de autorizacións ou licenzas previas á instalación ou ao establecemento das ditas infraestruturas, pois conflúen un conxunto de intereses públicos variados –mesmo económicos que subxacen–, de administracións públicas competentes e de dereitos diversos, así como os relativos á delimitación das facultades e das potestades que asisten os concellos en materia de infraestruturas necesarias para a sociedade da información.

O certo é que atopamos unha correcta delimitación dos títulos competenciais de distinta natureza –sectoriais e transversais– en telecomunicacións, nunha “doutrina fortemente consolidada e arraigada” pola xurisprudencia do TS (STS do 11 de febreiro de 2019, FX 4). Segundo esta doutrina xurisprudencial, nin a Administración do Estado pode impor, sen máis, as redes de comunicación sen tomar en consideración as características urbanísticas e ambientais, á marxe das sanitarias, de cada concello, nin estes están lexitimados para establecer limitacións, amparándose en competencias autorizatorias, urbanísticas ou ambientais, ás redes estatais de comunicación. E iso porque tanto unhas como outras competencias van encamiñadas á protección dos intereses xerais.

Por outra banda, en definitiva, está claro que o réxime de autorización ou licenza previa neste ámbito, ao tratarse de instalacións ou infraestruturas físicas, á luz do artigo 17.1 letra b) LGUM, debería estar xustificado por razóns de protección do medio ambiente e do contorno urbano, a seguridade ou a saúde pública e o patrimonio histórico-artístico, sen que estes intereses sexan susceptibles de protección mediante outros medios menos gravosos, como a comunicación previa ou a declaración responsable. Estas previsións víronse reforzadas co artigo 84.bis.2 LBRL, que prevé a necesidade de norma con rango de lei para a existencia dunha autorización e a necesaria proporcionalidade.

Neste traballo resaltamos dúas ordenanzas locais que recollen a existencia de licenzas previas á implantación de infraestruturas de telecomunicacións e que son obxecto de impugnación mediante dous recursos contencioso-administrativos ante a AN, tramitados como procedementos da LGUM. Teñen especial interese ao ser os dous primeiros pronunciamentos deste tribunal polos que se estiman os recursos e se anulan determinados preceptos de ordenanzas reguladoras de telecomunicacións por seren contrarios aos principios de necesidade e proporcionalidade da LGUM.

Por todo iso, unha vez máis, corresponde á xurisprudencia ordinaria aclarar a interpretación normativa do artigo 34.6 LXTT en relación co artigo 17.1 LGUM sobre o réxime de licenzas ou declaracións responsables que sexan aplicables a estas instalacións.

Regap



ESTUDOS

Bibliografía

- ALONSO MAS, M.J. (dir.), *El nuevo marco jurídico de la unidad de mercado. Comentario a la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado*, La Ley, Madrid, 2014.
- CARBONELL PORRAS, E. e PIPERATA, G. (coords.), *La reforma del gobierno local en España e Italia. La riforma del governo locale in Spagna e Italia*, Editorial Científica, Nápoles, 2019.
- CARLÓN RUIZ, M., *Régimen jurídico de las telecomunicaciones. Una perspectiva convergente en el Estado de las autonomías*, La Ley, Madrid, 1999.
- CASARES MARCOS, A.B., “Mecanismos de protección de los operadores económicos en el ámbito de la libertad de establecimiento y de la libertad de circulación procedimientos en defensa de los derechos e intereses de los operadores económicos por las autoridades competentes (artículo 26)”, Alonso Mas, M.J. (dir.), *El nuevo marco jurídico de la unidad de mercado. Comentario a la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado*, La Ley, Madrid, 2014.
- CASARES MARCOS, A.B., “Reflexiones sobre el ámbito subjetivo del recurso para la defensa de la unidad de mercado”, López Ramón, F. (coord.), *Vías administrativas de recurso a debate*, AEPDA, INAP, Madrid, 2016.
- CHOLBI CACHÁ, F. e MERINO MOLLINS, V., “Comentario crítico sobre la directiva de Servicios y de las leyes 17 y 25/2009 en aplicación de la misma: especial incidencia en el ámbito de las licencias urbanísticas y de actividad”, *El Consultor de los ayuntamientos y de los juzgados*, n. 7, 2010.
- DE LA TORRE LLUCH, C. e BENZO SÁINZ, I., “Telecomunicaciones y medios de comunicación social”, Ballesteros Fernández, A. e Castro Abella, F. (coords.), *Derecho Local Especial*, vol. 2, El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados, Madrid, 1999.
- DE LA TORRE MARTÍNEZ, L., *La intervención de los Municipios en las telecomunicaciones*, Prólogo Antonio Jiménez-Blanco Carrillo de Albornoz, Tirant Lo Blanch, Valencia, 2006.
- DE LA TORRE MARTÍNEZ, L., “Los principios de proporcionalidad y necesidad bajo el prisma de la garantía de la unidad de mercado: ¿nuevos condicionantes de las ordenanzas locales de telecomunicaciones?”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 181, outubro-diciembre 2016.
- DE LA TORRE MARTÍNEZ L., “Municipios y servicios WiFi. Fomento europeo para la conectividad a Internet en el ámbito local”, Carbonell Porras, E. e Piperata, G. (coords.), *La reforma del gobierno local en España e Italia. La riforma del governo locale in Spagna e Italia*, Editorial Científica, Nápoles, 2019.
- DE LA TORRE MARTÍNEZ, L., *Derecho e incertidumbre: disputas metodológicas de ayer y hoy*, Prólogo de José Esteve Pardo, Iustel, Madrid, 2020.
- DE LA TORRE MARTÍNEZ, L., “La prestación de servicios de comunicaciones electrónicas por organismos públicos: ¿nuevos operadores?”, *Revista Andaluza de Administración Pública*, n. 108, setembro-diciembre 2020.

- DOMÈNEC SIBINA, T., “Las ordenanzas municipales reguladoras de las instalaciones de radiocomunicación”, *Cuadernos de derecho local*, n. 0, 2002.
- ESCOBAR ROCA, G., “El nuevo Derecho de las telecomunicaciones ante el Tribunal Supremo”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 108, octubre-diciembre 2000.
- FERNÁNDEZ FARRERES, G., “Unidad de mercado y libertades de empresa y circulación en la Ley 20/2013, de 9 de diciembre”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 163, 2014.
- FUERTES LÓPEZ, M., *Redes inalámbricas municipales. Nuevo servicio público*, Marcial Pons, Madrid, 2005.
- GARCÍA DE ENTERRÍA, E. e QUADRA-SALCEDO, T. (coords.), *Comentarios a la Ley General de Telecomunicaciones (Ley 11/1998, de 24 de abril)*, Civitas, Madrid, 1999.
- GARCÍA GARRO, M.A., “La intervención local sobre las infraestructuras de telefonía móvil según nuestra jurisprudencia”, *Práctica urbanística: Revista mensual de urbanismo*, n. 114, 2012.
- GONZÁLEZ GARCÍA, J.V., *Infraestructuras de Telecomunicaciones y Corporaciones Locales*, Prólogo de Carmen Chinchilla Marín, Monografía asociada a Revista Aranzadi de urbanismo y edificación, n. 7, Thomson Aranzadi, Navarra, 2003.
- GONZÁLEZ GARCÍA, J.V., “Autorizaciones, comunicaciones previas y declaraciones responsables en la transposición de la Directiva de Servicios”, *Revista d’Estudis Autònoms i Federals*, n. 11, outubro 2010.
- GRAJAL BLANCO, M., “La instalación de telecomunicaciones en un Municipio desde el punto de vista del impacto urbanístico”, *Revista del Instituto Universitario de Urbanística de la Universidad de Valladolid*, n. 11, 2008.
- JIMÉNEZ-BLANCO CARRILLO DE ALBORNOZ, A., *España, Europa, Globalización: La modernización del Derecho: Estudios (2014-2019)*, Global Law Press-Editorial Derecho Global, Allen and Overy, 2019.
- LOBO RODRIGO, A., “La ordenación del territorio y el urbanismo como medio de organización de redes de telecomunicaciones. Especial atención a las inalámbricas”, *Revista Galega de Administración Pública*, n. 31, maio-agosto de 2002.
- MARTI DEL MORAL, A., “La jurisprudencia del Tribunal Supremo y las competencias de los entes locales relativas a la ordenación de las instalaciones de telecomunicaciones”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 115, xullo-setembro 2002.
- MARTI DEL MORAL, A., “La incidencia de la unidad de mercado en las telecomunicaciones: la no exigencia de licencias previas a la instalación de redes de comunicaciones electrónicas”, Guillén Caramés, J. e Cuerdo Mir, M. (dirs.), *Estudios sobre la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado*, Prólogo de José M.^a Marín Quemada, Thomson Reuters Aranzadi, Navarra, 2017.
- MARTI DEL MORAL, A. e DE LA TORRE MARTÍNEZ, L., “La jurisprudencia constitucional sobre la distribución de competencias entre el Estado y las Comunidades Autónomas en materia de telecomunicaciones, radio y televisión”, *Revista Andaluza de Administración Pública*, vol. II, IAAP, Madrid, 2003.

- MOLINA GIMÉNEZ, A., *Las antenas de telefonía móvil. Régimen jurídico: Análisis de los impactos visuales y radioeléctricos en las comunicaciones móviles*, Aranzadi Thomson Reuters, Cizur Menor, 2002.
- MUÑOZ MACHADO, S., “Sobre el restablecimiento legal de la unidad de mercado”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 163, 2014.
- ORTEGA ÁLVAREZ, L., “Las Telecomunicaciones”, Parejo Alfonso, L., Jiménez-Blanco, A. e Ortega Álvarez, L., *Manual de Derecho Administrativo*, vol. 2, 4.ª ed., Ariel Derecho, Madrid, 1996.
- PADRÓS I REIG, C. e MACÍAS CASTAÑO, J.M., “Los instrumentos administrativos de garantía de la unidad de mercado”, *Revista de Administración Pública*, n. 194, 2014.
- PENSADO SEIJAS, A., “Regulación jurídica actual de las antenas de telefonía móvil: de la Ley 33/2003, de 3 de noviembre, a la Ley 9/2014, de 9 de mayo, General de Telecomunicaciones”, *Revista Jurídica de Castilla y León*, n. 36, maio 2016.
- PÉREZ GONZÁLEZ, C., “El nuevo régimen de intervención administrativa en las Entidades locales de Galicia, tras la transposición de Directiva 2006/123/CE, relativa a los servicios en el Mercado Interior”, *Anuario da Facultade de Dereito da Coruña*, n. 14, 2010.
- PERNAS GARCÍA, J.J., “El principio de necesidad y de proporcionalidad en la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado”, Alonso Mas, M.J. (dir.), *El nuevo marco jurídico de la unidad de mercado. Comentario a la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado*, La Ley, Madrid, 2014.
- PONCE SOLÉ, J., “¿Mejores normas?: Directiva 2006/123/CE, relativa a los servicios en el mercado interior, calidad reglamentaria y control judicial”, *Revista de Administración Pública*, n. 180, setembro-diciembre de 2009.
- RAZQUIN LIZARRAGA, M., “De la intervención administrativa previa al control a posteriori: la reforma del procedimiento administrativo común a consecuencia de la directiva de servicios”, *Revista Aranzadi Doctrinal*, n. 2, mayo 2010.
- REBOLLO PUIG, M. “La libertad de empresa tras la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 163, 2014.
- REBOLLO PUIG, M., “El Estado Autonómico tras la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado y sus principios de necesidad y eficacia nacional”, *Revista Andaluza de Administración Pública*, n. 91, 2015.
- RODRÍGUEZ-CHAVES MIMBRERO, B., “El ámbito de regulación de la normativa municipal en materia de telefonía móvil”, *Revista de Derecho Urbanístico y Medio Ambiente*, n. 242, Madrid, 2008.
- RUIZ PIÑEIRO, F., “Nueva Ley de Garantía de la Unidad de Mercado”, *Escritura pública*, n. 86, 2014.
- SANTAMARÍA PASTOR, J.A., *Fundamentos de Derecho Administrativo*, tomo I, Centro de Estudios Ramón Areces, Madrid, 1988.
- SANZ RUBIALES, I., “Silencio administrativo y prohibición de adquirir licencias contrarias al ordenamiento urbanístico”, *Revista de Administración Pública*, n. 171, Madrid, setembro-diciembre 2006.

- SOLA TEYSSIERE, J., “Unidad de mercado y supervisión administrativa de las actividades económicas”, *Revista de Administración Pública*, n. 197, 2015.
- TORNOS MAS, J., “La Ley 20/2013, de diciembre, de garantía de la unidad de mercado. En particular el principio de eficacia”, *Revista d’Estudis Autonòmics i Federals*, n. 19, 2014.
- VILLAR PALASÍ, J.L., *La intervención administrativa en la industria*, Instituto de Estudios Políticos, Madrid, 1964.

Regap



ESTUDIOS



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 61_xaneiro-xuño 2021 | pp. 113-138
Santiago de Compostela, 2021
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i61.4723>
© Francisco Javier Carro Castro
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371
Recibido: 02/03/2021 | Aceptado: 16/06/2021

Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

As edificacións tradicionais do artigo 40 da Lei do solo de Galicia: concepto, evolución e análise

Las edificaciones tradicionales del artículo 40 de la Ley del suelo de Galicia: concepto, evolución y análisis

Traditional buildings of the article 40 in the Galician urban Law: concept, evolution and analysis

61 Regap

Regap



ESTUDIOS

FRANCISCO JAVIER CARRO CASTRO
Graduado en Dereito
Graduado en Enxeñaría de Edificación
Arquitecto técnico
Subinspector urbanístico

<https://orcid.org/0000-0001-6643-0247>

francisco.javier.carro.castro@xunta.gal

Resumo: A regulación das edificacións tradicionais na lexislación urbanística de Galicia é un feito consolidado no tempo, logo da súa contemplación na anterior LOUGA e na actual Lei do solo de Galicia. Así e todo, esta continuidade é máis aparente que real, xa que os cambios introducidos con esta última norma son significativos.

Este traballo constitúe unha análise e unha reflexión sobre os conceptos que integran a norma e os efectos que provocan os cambios introducidos nos últimos anos, que marcan un cambio de tendencia.

Palabras clave: Edificacións tradicionais, Lei 19/1975, do 2 de maio, patrimonio, características, recuperación, grao de conservación, rehabilitación, reconstrución, ampliación, modificacións.

Resumen: La regulación de las edificaciones tradicionales en la legislación urbanística de Galicia es un hecho consolidado en el tiempo, tras su contemplación en la anterior LOUGA y en la actual Ley del suelo de Galicia. No obstante, esta continuidad es más aparente que real, ya que los cambios introducidos con esta última norma son significativos.

Este traballo constitúe un análise y una reflexión sobre los conceptos que integran la norma y los efectos que provocan los cambios introducidos en los últimos años, que marcan un cambio de tendencia.

Palabras clave: Edificaciones tradicionales, Ley 19/1975, de 2 de mayo, patrimonio, características, recuperación, grado de conservación, rehabilitación, reconstrucción, ampliación, modificaciones.

Abstract: The regulation of traditional buildings in the urban planning legislation in Galicia is a fact consolidated over time, after its treatment in the previous LOUGA and in the current Galician urban Law. However, this continuity is more apparent than real since changes introduced by this last rule are significant. This paper constitutes an analysis and a reflection on the concepts that make up the law and the effects caused by changes introduced in recent years, which determine a change in trend.

Key words: Traditional buildings; Law 19/1975, of May 2, heritage, characteristics, recovery, conservation degree, rehabilitation, reconstruction, enlargement, modifications.

SUMARIO: 1 Enfoque. 2 O concepto consolidado de edificación tradicional. 3 A norma e a súa evolución. 3.1 O novo título. 3.2 Edificacións existentes. 3.3 O mantemento das características esenciais. 3.4 Grao de conservación. 3.5 Aplicación ao solo de núcleo rural. 3.6 Novos usos permitidos. 3.7 A competencia. 3.8 Os parámetros urbanísticos. 3.9 A reforma. 3.10 A xustificación das razóns da ampliación. 3.11 Incremento do 50% do volume orixinal. 3.12 Anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio. 4 A interacción coas previsións establecidas nas normativas sectoriais. 5 Fomento da recuperación do patrimonio construído. 6 A prohibición de demolición de edificacións de valor histórico ou etnográfico. 7 Conclusión.

1 Enfoque

As edificacións tradicionais galegas foron amplamente estudadas desde mediados do século XX¹. Non obstante, no ámbito da lexislación urbanística, o punto de partida da regulación das edificacións existentes “de carácter tradicional ou *de singular valor arquitectónico*” atopámolo na Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)². Dentro dunha estratexia de conservación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural e cultural do noso territorio, esta norma modifica o contido do artigo 40 da LOUGA, que deixa de dedicarse ao “*solo rústico de protección de espazos naturais*” para regular as “*edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico*”.

O contido deste artigo mantívose inalterado durante a vixencia da LOUGA, pero coa Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), introducíronse numerosos conceptos novos. Esas sucesivas incorporacións achegaron complexidade á norma e xeraron certas tensións internas que pola súa vez provocaron –e seguen provocando– a necesidade de novas modificacións aclaratorias.

¹ Os inicios dos estudos da cultura en Galicia asóciase ao Seminario de Estudos Galegos, fundado en 1923, aínda que o primeiro estudo das construcións populares se considera que é a obra *Etnografía. Cultura material*, de Xaquín LORENZO FERNÁNDEZ, xestada na emigración galega en Bos Aires no ano 1962.

² No ano 1997 o conselleiro Cuiña Crespo propuxérase crear unha lei de protección da arquitectura popular. O que finalmente se aprobou foi a Lei 9/2002, que, a pesar de que se ocupaba da “*protección do medio rural*”, contiña escasas referencias a esta particular arquitectura.

Atopámonos ante unha norma xurídica que utiliza numerosos conceptos técnicos –algún dos cales redefine– e que é o resultado dun proceso de incorporacións sucesivas.

A transformación que sufriu a norma desde as súas orixes ata a actualidade é considerable e as modificacións lamentablemente non estiveron acompañadas dunha exposición de motivos que axude a dirixir as necesarias interpretacións para a súa aplicación. Por este motivo, faise necesaria unha análise minuciosa do seu contido, acompañada de interpretacións autorizadas non exentas de crítica. Só así se poderá acadar unha aplicación correcta da norma.

2 O concepto consolidado de edificación tradicional

O tipo de arquitectura a que nos estamos a referir tivo múltiples acepcións ao longo do século XX. Algunhas delas son “indíxena”, “espontánea”, “anónima”, “inmutable”, “inculta”, “folclórica”³, “popular”, “vernácula”, “rural”, “tradicional”, “autóctona”, “típica”, “autoconstruída”, “sen arquitectos”⁴, “rexional”, “rústica”, “primitiva”, “pintoresca”, “corrente”, “común” ou “local”⁵.

Trátase dunha mostra de manifestación popular que comezou a estudarse en España a principios do século XX⁶, como parte integrante do patrimonio histórico e cultural, a través de obras de Manuel BARTOLOMÉ COSSÍO, Vicente LAMPÉREZ Y ROMEA, Leopoldo TORRES BALBÁS ou Fernando GARCÍA MERCADAL⁷.

O Plan Nacional de Arquitectura Tradicional⁸ publicado no ano 2015 como parte integrante dos Plans Nacionais de Patrimonio Cultural, con fundamento na Lei de patrimonio histórico, define a arquitectura tradicional como o “conxunto de construcións que xorden da implantación dunha comunidade no seu territorio e que manifestan na súa diversidade e evolución a súa adaptación ecolóxica, tanto aos condicionantes e recursos naturais, como aos procesos históricos e modelos socioeconómicos que se desenvolveron

³ ASENSIO RODRÍGUEZ, A., DOMÍNGUEZ VIÑAS, R. e RUIZ TRUEBA E., *Miradas a la arquitectura Popular Española. Colección fotográfica de Carlos Flores*, Fundación Siglo para el Turismo y las Artes de Castilla y León, Valladolid, 2017, p. 11.

⁴ ALMARCHA NÚÑEZ-HERRADOR, E., “El descubrimiento y la puesta en valor de la arquitectura popular: de Fernando García Mercadal a Luis Feduchi”, Biel Ibáñez, M.P. e Hernández Martínez, A. (coords.), *Lecciones de los maestros. Aproximación histórico-crítica a los grandes historiadores de la arquitectura española (Seminario Celebrado en Zaragoza los días 26, 27 y 28 de noviembre de 2009)*, Instituto Fernando El Católico, Universidade de Zaragoza, Zaragoza, 2011, p. 186.

⁵ CERQUEIRA, F., “Estudios da arquitectura lusa. Das Arquitecturas Populares Tradicionais”, *Observe Magazine*, n. 13, xaneiro 2020, p. 40.

⁶ Asíciase este proceso co fenómeno da alfabetización, coa prensa, a fotografía, a creación en 1876 da *Institución Libre de Enseñanza* ou a perda das últimas colonias (Cuba, Puerto Rico e Filipinas) no ano 1898.

⁷ MUÑOZ COSME, A., “La Arquitectura Tradicional. Paisaje cultural, historia social y patrimonio inmaterial”, Muñoz Cosme, A. (dir.), *Libro colectivo: Patrimonio Cultural de España. N. 8. Arquitectura Tradicional. Homenaje a Félix Benito*, Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, Madrid, 2014, p. 11.

⁸ É un dos plans máis recentes dunha serie que comeza no ano 1990, co *Plan de Catedrais*, ao que lle seguiron o de *Protección do Patrimonio Arqueolóxico Subacuático* (2007), *Patrimonio Industrial* (2011), *Abadías, Mosteiros e Conventos* (2012), *Arquitectura Defensiva* (2012), *Paisaxe Cultural* (2012), *Conservación do Patrimonio Cultural do Século XX* (2014), *Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial* (2011), *Investigación en Conservación do Patrimonio Cultural* (2011), *Conservación Preventiva* (2011) e *Educación e Patrimonio* (2012). Despois deste plan aprobáronse o de *Conservación do Patrimonio Fotográfico* (2015) e *Emerxencias e Xestión de Riscos en Patrimonio Cultural* (2015).

en cada lugar”⁹. Constitúen así “un destacado referente entre os sinais de identidade culturais da comunidade que a xerou, e é o resultado de experiencias e coñecementos compartidos, transmitidos e enriquecidos dunha xeración a outra”.

No caso concreto de Galicia, as orixes do estudo das construcións populares remontáanse a mediados do século XX coa obra *Etnografía. Cultura material* do etnógrafo ourensán LORENZO FERNÁNDEZ¹⁰. Pero máis recentemente os profesores LLANO¹¹ e CAAMAÑO SUÁREZ¹² realizaron extensos traballos relativos a este tipo de arquitectura. Non obstante, TORRES BALBÁS xa describira perfectamente a edificación tradicional galega, que identificaba con casas con “muros de grandes perpiaños graníticos, ben aparelados algunhas veces e postos a espello; rudamente labrados, outras, con aparencia ciclópea, ou de cachotaría, reservando entón os perpiaños para os ángulos. Fortemente sinaladas adoitan quedar as xuntas, en ocasións por un rexuntado de cal; outras, branqueáanse totalmente os muros, mesmo cando sexan de cantaría”¹³.

O profesor CAAMAÑO SUÁREZ entende que a característica predominante da casa-vivenda tradicional é a súa funcionalidade, dando servizo á economía agraria ou mariñeira, así como tamén residencia ao agricultor ou mariñeiro e á súa familia¹⁴. Entende tamén que a parte construtiva máis importante é o muro¹⁵, cuns grosos que varían entre os 50 e os 80 centímetros¹⁶. A pesar diso, existe unha gran variedade de tipoloxías que levou diversos autores a realizar unha clasificación. A máis comunmente aceptada en canto á diversidade das edificacións tradicionais é a dos seis tipos diferenciados que establece o profesor LLANO na súa obra *Arquitectura popular en Galicia*. Trátase da arquitectura da casa redonda ou palloza, a das serras orientais, a da Terra Chá, as das agras coruñesas, a meridional e a mariñeira¹⁷.

3 A norma e a súa evolución

A Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da LOUGA, estableceu a regulación das edificacións existentes “de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico”, que se mantivo inalterada ata a aprobación da vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG); o seu contido foi o seguinte:

⁹ CARRIÓN GÚTIEZ, A. (coord.), *Plan Nacional de Arquitectura Tradicional*, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, Madrid, 2015, p. 7.

¹⁰ LORENZO FERNÁNDEZ, X., *Etnografía. Cultura material*, Ediciones Boreal, A Coruña, 2013.

¹¹ LLANO CABADO, P. de, *Arquitectura popular en Galicia*, Publicacións do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Santiago de Compostela, 2019 (ed. rev.).

¹² CAAMAÑO SUÁREZ, M., *As construcións da arquitectura popular*, Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, A Coruña, 2003.

¹³ TORRES BALBÁS, L., *La vivienda popular en España*, 1930, p. 142. Acceso web: <http://oa.upm.es/34265/> p. 260.

¹⁴ CAAMAÑO SUÁREZ, M., *A casa popular*, Cadernos do Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, 1999, p. 18.

¹⁵ Non en van é un dos elementos que adoita permanecer en pé nas múltiples edificacións tradicionais en ruína, dispersas polo noso territorio, que foron perdendo paulatinamente elementos como balcóns, carpintarías, forxados ou a cuberta. A robusta construción de moitos deles é mostra dunha técnica depurada tras séculos de utilización.

¹⁶ CAAMAÑO SUÁREZ, M., *A casa popular*, cit., p. 23.

¹⁷ Cada unha destas arquitecturas diferénciase das demais baseándose nunhas características morfoloxías concretas e no emprego dunhas técnicas e materiais determinados.

“Permitirase en calquera categoría de solo rústico, logo de autorización autonómica conforme o procedemento establecido polo artigo 41, a reconstrución e rehabilitación das edificacións tradicionais ou de singular valor arquitectónico, que poderán ser destinadas a vivenda e usos residenciais, a actividades turísticas e artesanais ou a equipamentos de interese público. A reconstrución ou rehabilitación deberá respectar o volume edificable preexistente e a composición volumétrica orixinal. Así mesmo, logo de autorización autonómica, poderá permitirse por razóns xustificadas a súa ampliación, mesmo en volume independente, sen superar o 10 % do volume orixinario da edificación tradicional. Excepcionalmente, a ampliación poderá alcanzar o 50 % do volume da edificación orixinaria cumprindo as condicións establecidas polos artigos 42 e 44 desta lei”.

Posteriormente, a vixente LSG estableceu unha nova redacción, empezando polo título, que pasou a ser *“edificacións existentes de carácter tradicional”*.

A redacción inicial do artigo 40 da LSG foi a seguinte:

“As edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos.

Logo da obtención de título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos de aplicación salvo o límite de altura, permitirase a súa rehabilitación e reconstrución e, por razóns xustificadas, a súa ampliación mesmo en volume independente, sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional.

En calquera caso, deberán manterse as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.

Para os efectos do previsto neste artigo, consideraranse edificacións tradicionais aquelas existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana”.

O texto que estableceu a LSG para o artigo 40 puidese parecer a simple vista unha continuidade coa regulación que xa existía. Mesmo a propia Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU) o manifesta así nos informes que emite, como resposta ás consultas formuladas por diversos concellos, en cumprimento da competencia da Secretaría Xeral para o *“asesoramento e a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de urbanismo”*¹⁸. Así se entende cando afirma que *“o artigo 40 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, fai extensible o réxime previsto na normativa anterior para as edificacións tradicionais en solo rústico ás existentes en solo de núcleo rural”*¹⁹. Ademais, na exposición de motivos da Lei 2/2016 non atopamos ningunha referencia ao apartado que regula as edificacións tradicionais²⁰, o que puidese entenderse como unha ausencia de necesidade de explicación

¹⁸ Artigos 10.1.q do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, e 13.1.q) do Decreto 42/2019, do 28 de marzo.

¹⁹ Expediente CP-19/..., sobre o cal a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe o 16.04.2019.

²⁰ Convén recordar aquí a relevancia das exposicións de motivos da norma á hora de realizar unha interpretación xenética e histórica que nos permita concretar a proposición xurídica. Esa exposición de motivos faise aínda máis necesaria cando se

por non existir nada novo que explicar. Pero iso non é así, xa que entre as versións do artigo 40 da LOUGA e o artigo 40 da actual LSG existen importantes diferenzas²¹.

A actual LSG incorporou substanciais novidades que na práctica teñen consecuencias relevantes sobre o patrimonio arquitectónico tradicional. Debullaremos os múltiples conceptos que conforman a regulación e prestaremos a debida atención a esas novidades, o que nos permitirá darnos conta do cambio de rumbo que están a provocar estas últimas incorporacións.

3.1 O novo título

Na redacción dada pola actual LSG ao artigo 40, é de destacar a omisión no título da referencia ao concepto de edificacións “*de singular valor arquitectónico*”. Deste xeito, o título refírese soamente ao concepto de “*edificacións existentes de carácter tradicional*”. Veremos máis adiante que esta omisión vai na liña dunha recoñecida intención de garantir a seguridade xurídica, neste caso eliminando un dos dous conceptos do título, a pesar de que no corpo do artigo seguen existindo numerosos conceptos xurídicos indeterminados²².

BERMÚDEZ FERNÁNDEZ considera que a redacción orixinaria do artigo, do ano 2004, facía mención, por un lado, ás edificacións de carácter tradicional e, por outro, ás edificacións de singular valor arquitectónico²³. Faino afirmando que “*a versión do ano 2004 abrangúa non só as tradicionais senón tamén as edificacións «de singular valor arquitectónico»*”. Consideramos que esta interpretación non é a máis correcta, xa que entendemos que o emprego da conxunción “ou” na expresión “*edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico*” vén supor unha forma alternativa de referirse ao mesmo elemento identificado de distinta forma. Cremos que iso é así porque as dúas expresións se integran dentro do concepto de patrimonio arquitectónico tradicional que se pretende recuperar, segundo se indica no apartado IV.e) do preámbulo da Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da LOUGA.

3.2 Edificacións existentes

O concepto de edificación “*existente*” indicado na lei precisa o regulamento que a desenvolve, ao sinalar no artigo 63 que “*por edificación existente se entende aquela que estivese rematada na data indicada*” e que, así mesmo, “*deberá presentar un grao de conservación tal que permita apreciar as súas características esenciais*”.

incorporan tantas e tan substanciais novidades como as que afectan á norma analizada.

²¹ BERMÚDEZ FERNÁNDEZ, A.L., “Las edificaciones tradicionales en el artículo 40 de la Ley del Suelo de Galicia 2/2016, de 10 de febrero. Reflexiones sobre su interpretación”, *REDAS: Revista de Derecho, Agua y Sostenibilidad*, n. 2, 2018, p. 6.

²² A maiores da pretendida seguridade xurídica, parece que a omisión da referencia ás edificacións “*de singular valor arquitectónico*” vén condicionada pola novedosa identificación das edificacións tradicionais en relación cun momento temporal concreto do ano 1975 e a dificultade para apreciar o singular valor arquitectónico en edificacións próximas a esta data.

²³ BERMÚDEZ FERNÁNDEZ, A.L., “Las edificaciones tradicionales en el artículo 40 de la Ley del Suelo de Galicia 2/2016, de 10 de febrero. Reflexiones sobre su interpretación”, cit., p. 6.

A necesidade de apreciar as súas características esenciais atopa xustificación no feito de que é requisito necesario para permitir a súa reconstrución²⁴. Se a edificación conta con partes arruinadas que, aínda así, permiten no seu conxunto apreciar as características esenciais da edificación, esas partes arruinadas poden computar para o volume orixinario. Se, pola contra, algunha das partes xa non existe ou os restos non permiten apreciar as súas características esenciais, esas partes non se poden computar para o volume orixinario²⁵.

3.3 O mantemento das características esenciais

O artigo 63 do RLSG incorpora o requisito de que as edificacións tradicionais existentes deben presentar un grao de conservación tal que permita apreciar as súas características esenciais.

Así mesmo, o artigo 40 da LSG, tras facer mención ás múltiples actuacións permitidas nestas edificacións, incorpora, como non podía ser doutro xeito, o requisito de que *“se deberán manter as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria”*.

A DXOTU, en resposta a unha consulta formulada²⁶, indica, en relación coas características esenciais, que *“ao tratarse dun concepto xurídico indeterminado e que non se concreta desde a normativa urbanística, é a través da xurisprudencia e a doutrina cando se perfila o que debe entenderse por características esenciais, cuestión esta que corresponde determinar ao concello, no exercicio da súa competencia municipal no outorgamento da licenza urbanística e no ámbito do correspondente expediente, á vista dos datos existentes neste”*. Un exemplo da análise do mantemento das características esenciais da tipoloxía orixinaria do edificio atopámolo na recente Sentenza 28/2021, do 19 de febreiro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.1 de Ourense, que analiza un caso dunha edificación orixinaria de planta baixa con cuberta a catro augas que acabou sendo unha edificación de planta baixa e planta alta con cuberta a dúas augas²⁷.

²⁴ Consideramos que esas características esenciais deben seguir sendo identificables, ao longo de toda a edificación, tras as obras de *“reforma”, “rehabilitación”, “reconstrución”* ou mesmo *“ampliación”*. No caso contrario, en que nos poñamos diante da edificación resultante e non sexamos capaces de identificar a edificación tradicional orixinaria, estaremos ante unha actuación distinta non subsumible nesta norma, que naceu co obxectivo claro e inequívoco de *“conservar”* e *“recuperar”* unha parte concreta do noso patrimonio cultural.

²⁵ Expediente CP-19/..., sobre o cal a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe o 16.04.2019.

²⁶ Expediente CC-18/..., sobre o cal a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe o 25.04.2018.

²⁷ Sentenza 28/2021, do 19 de febreiro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.1 de Ourense (Procedemento Ordinario 64/2019). No seu fundamento de dereito segundo indícase que *“da proba practicada se acreditou, tal como se expuxo anteriormente, unha transformación da tipoloxía construtiva, isto é, dunha edificación orixinaria de tipoloxía de planta baixa e mais cuberta a catro augas, mudouse por unha edificación de planta baixa á que se incorporou unha planta primeira e mais unha cuberta a dúas augas”*.

Do mesmo xeito, indícase que *“descendendo ao caso en concreto, hase de partir que a edificación orixinaria era de tipoloxía de planta baixa, e mais cuberta a catro augas, e, non obstante, atopáramonos cunha edificación resultante de planta baixa, e mais planta primeira, e mais cuberta a dúas augas. Así e tal como se reflicte no informe, non se realizou unha reconstrución do espazo arruinado, senón que nese espazo preexistente se executou unha obra nova. Deste modo, a destrución da cuberta a catro augas, tal e como se aprecia na documental fotográfica, unida á transformación da súa tipoloxía orixinal ao incorporar unha nova planta e unha nova cuberta a dúas augas impide que se poida computar o volume orixinario dos faldróns da cuberta orixinal como se se tratase dunha ‘reconstrución’. Estas novas obras non se corresponderían coas obras de reconstrución tal como se define no artigo do Regulamento anteriormente transcrito”*.

O informe 136/2018 do Consello Consultivo de Galicia (CCG)²⁸, no cal se interpreta o artigo 40 da Lei 2/2016, concreta este aspecto e indica que “*as características esenciais poden ser definidas como aquelas que, a maiores das que conforman a tipoloxía edificatoria e da catalogación patrimonial dunha construción ou dalgún dos seus elementos, singularizan a edificación e definen a súa esencia. Como exemplos podemos citar as seguintes: distribución interior, forxados, sistema construtivo ou todos estes elementos no seu conxunto conformando a morfoloxía da edificación*”²⁹. Trátase dunha definición bastante acertada que incorpora unha serie de elementos considerados clave na nosa arquitectura tradicional³⁰.

O informe continúa dicindo que “*debe exixírselle ao promotor unha motivación suficiente de calquera afastamento ou non conservación dos elementos orixinais e tipoloxía antes relacionados. Así, a regra xeral será o mantemento, e a excepción a non conservación dalgún ou algúns dos elementos que, por non singularizar nin definir a edificación, permita a súa substitución sen afectar a características esenciais do edificio.*”

Esta motivación poderá considerarse suficiente ou idónea, cando veña acompañada dunha descrición detallada do estado do edificio, tanto escrita como gráfica, e prestarlle especial atención aos elementos que sexan obxecto de substitución por outros diferentes dos orixinais, ás razóns que determinen estas substitucións e á súa consideración de accesorios, así como ao xuízo expreso, razoable e razoado de por que, a pesar da súa alteración, se está a manter a tipoloxía orixinal e características esenciais do edificio.

Así, ten que constar no expediente unha xustificación expresa, cuantitativa e cualitativamente suficiente, de todo aquel elemento esencial ou da característica tipolóxica orixinal do edificio que pretenda substituírse ou non conservarse desde a perspectiva de que non é unha característica esencial deste”.

A DXOTU, con posterioridade á consulta en que se fai mención ao carácter de concepto xurídico indeterminado do termo, estableceu un criterio³¹, que mantén en

²⁸ CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA, “Doutrina do ano 2018 da Sección de Estudos e Informes, Informe CCG 136/2018”, *Consello Consultivo de Galicia. Memoria 2018*, Consello Consultivo de Galicia, Santiago de Compostela, 2019, p. 65.

²⁹ Consideramos que existen moitos outros elementos esenciais, como poden ser os patíns exteriores de acceso á planta alta, os corredores, as solainas, os soportais ou as galerías. A maiores, unha parte fundamental da morfoloxía da edificación, e que polo tanto forma parte das características esenciais desta, é a cuberta, sobre todo no que se refire a número de faldróns ou pendente destes, como vemos na Sentenza 28/2021, do 19 de febreiro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Ourense. No seu fundamento de dereito segundo indícase que “*a edificación resultante aumenta o volume en altura eliminando unha das súas características orixinais que é a cuberta a catro augas e substitúese por unha cuberta a dúas augas que parte dunha nova planta*”. Por iso, as alteracións na configuración da cuberta deben ser as estritamente necesarias para realizar as actuacións permitidas, o cal facilita o recoñecemento da edificación tradicional tras as obras realizadas. Do mesmo modo, o número de plantas da edificación tradicional orixinaria tamén é un elemento esencial desta, polo que non debería variar, na procura do mantemento da morfoloxía da edificación, como parte das características esenciais desta. Consideramos por iso que a cifra do incremento do 10% do volume se estableceu pensando en casos en que era recomendable incrementar a edificación en altura, no caso de que exista a necesidade de adaptala aos estándares actuais –executando unha nova cuberta lixeiramente máis elevada–, e que o incremento do 50% do volume, de moita maior entidade que o suposto anterior, se estableceu pensando na creación de novos corpos independentes ou, como moito, acaroados nos laterais, cuxa execución apenas altera as características da edificación orixinaria e permite seguir identificándoa.

³⁰ A finais dos anos 90 do século pasado existía certo desexo de elaborar unha norma de protección da arquitectura popular en Galicia, nas súas distintas manifestacións, ao longo das diversas áreas de estudo con características máis ou menos homoxéneas. Aquela norma concreta non chegou a ver a luz, pero consideramos que un aspecto que non podía faltar naquel texto, en forma de identificación dos elementos característicos de cada unha das distintas arquitecturas, se converte en necesario na actualidade para dar cumprimento ao mandato de mantemento das “*características esenciais*”, que son unhas concretas e non as que cada un podamos considerar.

³¹ Expediente CC-19/..., sobre o cal a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe o 01.10.2019.

parte esta liña, ante unha nova consulta relativa a este concepto de “*características esenciais*”. Neste informe indícase que “*a configuración deste precepto está referida principalmente ao concepto de edificación tradicional herdado da normativa anterior (non referida a unha data concreta), o que implica que a existencia de que se manteñan as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria se deba entender referida, fundamentalmente, a aquelas edificacións tradicionais que polas súas características e tipoloxía teñan esa natureza, dado que poden existir edificacións anteriores á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, que non teñan tecnicamente esa consideración de tradicional*”.

Con este criterio véñse indicar que a súa aplicación é soamente para unha parte das edificacións que son obxecto do artigo 40 da LSG, en concreto para as edificacións puramente tradicionais. Este criterio é moi significativo da necesidade de reflexionar acerca da anomalía que supón seguir regulando dentro do mesmo artigo situacións claramente diferenciadas, para as que se está a interpretar que a norma non lles debe afectar da mesma forma.

Para concluír con esta análise, facemos nosa a recomendación final que o CCG realiza no seu Informe 136/2018. Esta recomendación consiste en que, “*co obxecto de evitar actuacións contraditorias, é recomendable que os concellos, e por extensión as deputacións que lles prestan asistencia neste campo, aproben instrucións técnicas de unificación de criterios que lles faciliten o labor dos profesionais e dos funcionarios, que reduzan a enorme discrecionalidade existente e que doten de seguridade xurídica un procedemento (o outorgamento de licenza) que en esencia debe ser regulado. Estas instrucións poden actualizarse periodicamente, en función dos precedentes establecidos nos asuntos que se resolvan, e poden complementarse coa xurisprudencia que eventualmente poida ditarse ao analizar a aplicación dos preceptos debatidos*”.

Regap



ESTUDIOS

3.4 Grao de conservación

Lamentablemente, moitas das edificacións tradicionais ás que lles é de aplicación o artigo 40 da LSG atópanse en avanzado estado de deterioración, cando non en situación ruínosa³².

A existencia dun grao de conservación tal que permita apreciar as características esenciais da edificación pode parecer unha exixencia sen demasiada importancia. En realidade, ten unha especial relevancia no sentido de funcionar como un incentivo para conservar as edificacións e non perder a oportunidade de poder acollerse a este réxime urbanístico excepcional. Por iso, se o grao de conservación non alcanza o mínimo exixido, esa realidade non debe poder ser subsumida no ámbito de aplicación do artigo 40 da LSG³³.

³² Esta penosa realidade agrávase aínda máis cos múltiples casos no contorno inmediato dos cales existen outras edificacións máis recentes a medio construír, con ladrillo á vista, sen tella, sen ventás ou mesmo sen chanzos, creando unha situación de dobre deterioración da paisaxe, tanto por parte da edificación abandonada como por parte da nova edificación.

³³ Do mesmo modo que tampouco o pode ser un resultado en que non se poidan apreciar as características esenciais da edificación tradicional orixinaria, cuxo máximo expoñente é a situación en que sexa imposible identificar xa a edificación orixinaria.

Neste sentido, é moi clarificador o criterio sentado pola DXOTU³⁴, polo que pasamos a reproducir a resposta á consulta formulada.

“A existencia duns mínimos de conservación do inmovible debe contextualizarse na aplicación deste réxime excepcional, constituíndo un dos mecanismos que a normativa urbanística contempla entre as medidas para fomentar a recuperación do patrimonio construído e o mantemento das edificacións existentes, fronte á proliferación das novas edificacións. Polo tanto, en ningún caso, debe entenderse que a aplicación do artigo 40 pode dar lugar a unha obra nova, aínda que sexa co mesmo volume que a orixinaria.

Para tal efecto a lei establece no artigo 40 un réxime aberto onde as únicas limitacións paramétricas se refiren á escala das edificacións (altura e volume), de forma que se prime a súa recuperación sempre e cando a ampliación proposta garde uns mínimos de proporcións con respecto ao volume orixinario da edificación tradicional, eximindo do cumprimento doutros parámetros de implantación como parcela mínima, recuamentos, porcentaxe de ocupación [...] que imposibilitarían a recuperación de moitas edificacións.

En resumo, para a aplicación deste artigo debe existir unha edificación que, aínda que dispoña de partes arruinadas, sexa susceptible de reconstrución (acción destinada a completar un estado previo do inmovible arruinado utilizando como base partes orixinais deste cuxa autenticidade se poida acreditar), rehabilitación e mesmo reforma sempre e cando se manteñan as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.

Deste xeito, o grao de conservación necesario debe analizarse en cada caso concreto desde o punto de vista arquitectónico e técnico, cuestión que corresponde determinar ao concello correspondente, no exercicio da súa competencia municipal no outorgamento da licenza urbanística e no ámbito do correspondente expediente, á vista dos datos que constan nel, sen poder ser cuantificado nunha lei”.

Á marxe da consideración xeral, repetimos aquí a importantísima reflexión de que *“en ningún caso debe entenderse que a aplicación do artigo 40 pode dar lugar a unha obra nova, aínda que sexa co mesmo volume que a orixinaria”*. Considerámola enormemente acertada, pero lamentamos que non forme parte do texto da LSG ou, polo menos, do decreto que a desenvolve. A súa inclusión dunha forma explícita sen dúbida permitiría salvar do derrubamento un número considerable de edificacións tradicionais.

3.5 Aplicación ao solo de núcleo rural

Unha das novidades na actual regulación é a súa aplicación tamén ás edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo. A súa inclusión crea certa complexidade na repartición competencial en canto a aspectos vinculados se refire, como o que vemos na recente Sentenza 29/2021, do 22 de xaneiro, do TSX de Galicia³⁵.

³⁴ Expediente CP-19/..., sobre o cal a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe o 16.04.2019.

³⁵ Sentenza 29/2021, do 22 de xaneiro, da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2.ª, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada no recurso de apelación n.4149/2018 (ECLI:ES:TSXGAL:2021:981). Nesta sentenza conclúese, no fundamento de dereito terceiro, que *“á vista do desenvolvemento construtivo que se constata das fotografías que constan no expediente poderíase ter encaixe a dita reconstrución co ditado do art. 40 da LSG; por iso, a competencia para examinar a legalización ou non desa reconstrución devén municipal. Tampouco está acreditado dos autos a demolición total da edificación xa que debemos convir que a*

A xeito de exemplo, un uso residencial en solo rústico é competencia autonómica, mentres que en núcleo rural é competencia municipal. A redacción actual do artigo 40 asigna a competencia sobre unha edificación tradicional en solo rústico aos concellos, pero a regra xeral da competencia, en canto a usos residenciais en solo rústico, é que é autonómica, polo que a liña divisoria nalgúns casos será difusa. Aínda así, a inclusión das edificacións tradicionais “*en calquera categoría de solo de núcleo*” parece un acerto. O solo de núcleo rural é unha parte absolutamente fundamental do medio rural e, polo tanto, do patrimonio natural e cultural do noso territorio, polo que non tiña sentido que esta clase de solo non tivese cabida no artigo pensado para a recuperación do noso patrimonio arquitectónico tradicional.

3.6 Novos usos permitidos

A nova regulación incorpora como novidade a posibilidade de dedicar estas edificacións a usos terciarios ou produtivos, así como a pequenos talleres. Amplíanse así as posibilidades de uso en coherencia coa propia historia das edificacións tradicionais en Galicia. O medio rural tiña unha importancia enorme na época preindustrial, polo que os asentamentos de poboación se caracterizaban, entre outras cousas, por teren unha gran riqueza de usos, o que permitía cubrir en boa parte as necesidades da poboación que o habitaba.

Na actualidade, como sucede en moitos aspectos da vida, volvemos retomar certas cousas do pasado, redefinímolos e convertemos aquela complexidade de usos no medio rural no que hoxe coñecemos por “*cidade de proximidade*” ou “*cidade dos 15 minutos*”, na que temos preto unha gran variedade de servizos.

En liña con esa admisibilidade de múltiples usos está o informe da DXOTU do 1 de febreiro de 2019³⁶, que indica que “*nada obsta a que poida desenvolverse máis dun uso na mesma edificación, sen prexuízo doutras consideracións*”. Esta previsión pasou recentemente a formar parte do texto do artigo 63 do RLSG.

Para entender un pouco mellor os novos usos posibles, acudimos de novo ás consultas sobre as que informou a DXOTU. Nunha delas³⁷ vemos que, ante unha consulta acerca da posibilidade de encaixe dentro do uso produtivo, “*o uso de almacenamento de produtos fitosanitarios e axentes do medio ambiente*” consistiría nun “*uso industrial*” e “*non se pode considerar que o uso de almacenamento de produtos fitosanitarios e axentes de medio ambiente teña encaixe nos usos previstos no artigo 40 da Lei 2/2016*”.

Atrévémonos respectuosamente a discrepar desta postura partindo da base desa multiplicidade de usos en tempos pretéritos no medio rural. Argumentámolo

APLU parte sempre dunha presunción de demolición de dúas fachadas, pero non contrastadas. Discrepamos respectuosamente deste razoamento. En primeiro lugar, porque “*podería*” ten un significado moi distinto ao termo “*pode*”, pero en segundo lugar porque non debemos perder de vista a edificación tradicional e o mantemento das súas características esenciais, da protección das cales se encarga o citado artigo. Ante unha actuación edificatoria que dificulta a identificación da edificación tradicional orixinaria, ata o punto de imposibilitala, resulta xa irrelevante o feito de que se acreditase a total demolición de dúas paredes ou das catro. O resultado simplemente non debe ser subsumido na norma ao non formar parte da súa *ratio legis*.

³⁶ Expediente CC-19/..., sobre o cal a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe o 01.10.2019.

³⁷ Expediente CC-19/..., sobre o cal a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe o 22.04.2019.

apoiándonos en que tanto o uso produtivo como o de almacenaxe os atopamos no artigo 21 do Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBA), en ambos os dous casos como usos pormenorizados dentro do uso global industrial. E o mesmo sucede nas definicións do anexo I do RLSG, nas que vemos que os usos produtivo e de almacenaxe son usos industriais pormenorizados dentro do uso global industrial.

Por un lado, como vimos anteriormente, o artigo 40 é de aplicación tamén como non podía ser doutro modo, no solo de núcleo rural, e o artigo 25.1 da LSG reconece o uso produtivo como complementario do uso residencial, característico desta clase de solo.

Por outro lado, o artigo 22.3 do PBA, relativo ao uso produtivo dentro do uso global industrial, considera dúas categorías, sendo a primeira “*industrial compatible residencial*” e a segunda o resto de actividades industriais. O artigo detalla un pouco máis e indica que a primeira categoría engloba “*aquelas actividades industriais compatibles co uso de vivenda dentro da mesma edificación ou terreo, sendo este o uso característico en zonas urbanas ou de núcleo rural*”.

En liña co anterior informe da DXOTU relativo á consulta acerca do almacenamento de produtos fitosanitarios, temos outra consulta sobre a que se emitiu informe o 01 de outubro de 2019³⁸ que considera unha carpintaría de madeira como un uso industrial e, polo tanto, non admisible nin en núcleo rural nin en solo rústico baseándose na regulación xeral para estas clases de solo.

De novo atrevémonos respectuosamente a discrepar empregando para iso o argumento de que a profesión da carpintaría estivo moi estendida polo noso territorio desde tempos ancestrais. Pero non xa só a carpintaría de pequena escala, senón a que puido ser considerada de escala intermedia, como puideren ser as tradicionais carpintarías de ribeira nas cales se fabricaban e reparaban as embarcacións que ían ao mar.

Entendemos con estes argumentos que determinados usos industriais, en certo modo próximos a unha actividade artesanal, deben ser admisibles nas edificacións tradicionais en coherencia co funcionamento histórico dos asentamentos de poboación no medio rural, así como cos novos paradigmas aplicables á configuración urbanística dos asentamentos humanos por excelencia, que son as cidades.

No que respecta á referencia aos “*pequenos talleres*”, esta última consulta obxecto de informe pola DXOTU³⁹ acláranos que “*o vocábulo taller se refire aos establecementos nos que se realizan traballos artesanais ou manuais*” e que, ante a falta de fixación na norma duns parámetros cuantitativos ou cualitativos determinados, “*infírese que as dimensións e a configuración dos talleres non deben superar nin alterar de forma substancial as que corresponden ás edificacións tradicionais que lles serven de soporte físico*”.

³⁸ Expediente CC-19/..., sobre o cal a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe o 01.10.2019.

³⁹ Expediente CC-19/..., sobre o cal a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe o 01.10.2019.

3.7 A competencia

O elemento máis interesante de toda a produción popular é a casa⁴⁰, e a regulación orixinaria do artigo 40 da LSG era aplicable soamente ao solo rústico. Con estes datos de partida, a competencia autonómica neste tipo de actuacións era fundamental, tanto para o outorgamento da autorización autonómica previa como ante actuacións de protección da legalidade urbanística.

Coa nova redacción, as actuacións permitidas neste tipo de edificacións pódense realizar, en liñas xerais, simplemente co título habilitante municipal de natureza urbanística, cuxa administración pasa a ter un papel determinante no control das obras a realizar neste tipo de edificacións, tanto en solo de núcleo rural como en solo rústico. Isto confirmámolo coas consultas sobre as cales a DXOTU emitiu informe o 7 de marzo de 2019, ao indicar que “*as cuestións formuladas en relación á aplicación do artigo 40 [...] corresponden, exclusivamente, ao concello*”; o 16 de setembro de 2019, coa mención á innecesariedade de “*autorización autonómica previa ao título habilitante municipal*”; ou o 20.12.2019 indicando que “*corresponde exclusivamente ao concello [...] valorar [...] se a actuación prevista encaixa no suposto regulado no artigo 40 da Lei 2/2016*”⁴¹.

3.8 Os parámetros urbanísticos

A redacción orixinaria do artigo permitía a reconstrución e a rehabilitación das edificacións sen necesidade de ter que cumprir ningún parámetro urbanístico. A maiores permitía, por razóns xustificadas, as ampliacións de ata o 10 % do volume, tamén sen necesidade de xustificar o cumprimento de ningún parámetro urbanístico⁴². Só no caso de que a ampliación fose de entre o 10 % e o 50 % do volume era necesario xustificar o cumprimento dunha serie de parámetros urbanísticos tales como superficie mínima de parcela ou recuamentos a lindes.

Na actualidade, as obras permitidas de reforma, rehabilitación, reconstrución e ampliación, de ata o 50 % do volume orixinario, poden realizarse sen necesidade de xustificación da ampliación e sen que sexa preciso xustificar o cumprimento de ningún parámetro urbanístico, salvo o límite de altura⁴³. Iso si, deixando a salvo a

⁴⁰ CAAMAÑO SUÁREZ, M., *A casa popular*, cit., p. 5.

⁴¹ Atrévemonos respectuosamente a achegar un matiz a esta interpretación para limitar a competencia municipal á actuación de comprobación do cumprimento dos límites concretos establecidos para as actuacións concretas permitidas, que son “*reforma*”, “*rehabilitación*”, “*reconstrución*” e “*ampliación*”. Entendemos que calquera actuación edificatoria que non poida ser subsumida en ningunha destas catro actuacións non está dentro da *ratio legis* da norma e, polo tanto, non é competencia municipal.

⁴² Entendemos que esta regulación concreta era coherente coa exposición de motivos da norma, que pretendía “*conservar*” e “*recuperar*”. Mesmo nos aventuramos a indicar que a posibilidade de incremento do 10 % do volume se estableceu pensando en adaptar a altura das edificacións aos parámetros actuais, lixeiramente superiores aos tradicionais. Tratábase dunha ampliación que dificilmente podería alterar a esencia da edificación tradicional.

⁴³ O límite de altura de dúas plantas non debera levar á conclusión de que unha edificación dunha única planta pode ser obxecto de obras de ampliación coa adición dunha segunda planta, xa que iso entra en colisión co mantemento de, polo menos, unha das características esenciais da edificación, que é o número de plantas desta.

servidume de luces e vistas que figuran nos artigos 581, 582 e 585 do Código civil⁴⁴, como deixa claro a Sentenza 30/2016, do 15 de xaneiro, do TSX de Castela e León⁴⁵.

Como se pode apreciar, a actual regulación, en relación coa orixinaria, fai máis atractiva a intervención neste tipo de edificacións polas actuacións que se permiten, pero sobre todo polas escasas exixencias de cumprimento normativo ou de xustificación de ningún tipo.

Deixando a un lado o incremento máximo de volume permitido, esta falta de exixencia de cumprimento de parámetros urbanísticos, salvo o límite de altura, vese confirmada en varias respostas que a DXOTU dá ás respectivas consultas⁴⁶.

En relación co cumprimento do límite da altura, son varias as consultas⁴⁷ formuladas á DXOTU nas que a resposta é que “o límite de altura resulta exixible ás obras que se pretendan levar a cabo, non sendo impedimento que a edificación tradicional exceda tal parámetro”. En realidade, este pronunciamento podería chegar a parecer innecesario, porque a gran maioría de edificacións tradicionais no medio rural contan cunha ou dúas plantas e non adoitan superar os sete metros de altura, xa que estaban construídas en coherencia coas limitacións propias da técnica construtiva da época e os materiais empregados. Non obstante, esta previsión concreta pasou recentemente a formar parte do texto do artigo 63 do RLSG.

3.9 A reforma

Tanto a redacción orixinal da LOUGA como a da LSG contaban na súa redacción coas palabras rehabilitación, ampliación e construción, pero na súa redacción actual, tras a reforma introducida polo artigo 13.seis da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, incorporouse tamén o concepto de reforma. Iso xa o avanzou a DXOTU en resposta a varias consultas⁴⁸, ao indicar que “*unha interpretación integrada e coherente da dita regulación debe considerar incluídas tamén as obras de reforma*”.

⁴⁴ PRIMO LLÁCER, A.M., *La servidumbre de luces y vistas*, tese de doutoramento (G. Guizzi / titor, M.E. Clemente Meoro / titor e director, e J. Estruch Estruch / director), Universidade de Valencia e Università Degli Studi di Napoli Federico II, Valencia, 2015, p. 206. “*A servidume legal de luces e vistas é unha manifestación do dereito de propiedade que non pode quedar coartado por un plan urbanístico ou unha licenza de obras. No caso da licenza de obras, o infractor non pode escudarse nunha autorización ou licenza municipal outorgada precisamente deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro porque ese documento expresa unicamente a inexistencia de obstáculos administrativos sen atender á imposición dunha carga á propiedade contigua*”.

⁴⁵ Sentenza 30/2013, do 15 de xaneiro, do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León, Sala do Contencioso, ditada no recurso de apelación número 827/2011 (ECLI:ES:TSXCL:2013:441). Esta sentenza confirma a sentenza contra a que se apelou que estima o recurso presentado fronte á actuación constitutiva de vía de feito da Deputación demandada, consistente na execución das obras de rehabilitación e ampliación do teatro Ramos Carrión, en canto ao corpo acaroado ao inmoble do recorrente, por vulnerar a servidume perpetua de luces e vistas constituída ao seu favor, con prohibición de edificación nunha franxa de tres metros. Deixa claro que este dereito non pode quedar coartado por unha norma administrativa ou un acto se non media expropiación dese dereito de propiedade, con base no artigo 33.3 da Constitución española.

⁴⁶ Expedientes CC-18/..., CC-18/... e CP-17/..., sobre os cales a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informes o 19.03.2018, 31.07.2018 e 17.11.2017 respectivamente.

⁴⁷ Expedientes CC-18/..., CC-19/... e CP-19/..., sobre os cales a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informes o 26.03.2018, 07.03.2019 e 16.04.2019 respectivamente.

⁴⁸ Expedientes CC-19/... e CP-19/..., sobre os cales a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informes o 07.03.2019 e 16.04.2019 respectivamente.

3.10 A xustificación das razóns da ampliación

Recordamos aquí que a redacción orixinaria establecida coa Lei 15/2004 indicaba que se permitirá “a reconstrución e rehabilitación” e que “poderá permitirse por razóns xustificadas a súa ampliación”, mesmo en volume independente”.

Posteriormente, a redacción orixinaria da LSG indicaba que “se permitirá a súa rehabilitación e reconstrución e, por razóns xustificadas, a súa ampliación mesmo en volume independente”. Esta mesma redacción é a que posteriormente se incorporou ao RLSG no artigo 63.

Como vemos, as dúas primeiras redaccións requirían xustificar as razóns da ampliación. No caso concreto da redacción orixinaria da LSG, así o entendeu tamén o CCG no seu informe 136/2018 en relación coa interpretación de certos conceptos xurídicos indeterminados, como é o de “razóns xustificadas”. A interpretación que propuxo o CCG era a seguinte:

“Debe entenderse que non hai un límite legal, cualitativo ou cuantitativo, para as razóns que poidan invocarse, de forma que estas poderían ser de calquera índole sempre que se xustifiquen apropiadamente.

Polo tanto, e de acordo coa literalidade tanto da lei como do regulamento que a desenvolve, poden ser razóns xustificadas tanto as estritamente técnicas (accesibilidade, habitabilidade) como outras de carácter social e totalmente independentes da normativa urbanística. Non obstante, en ningún caso as razóns xustificadas poden depender de razóns de oportunidade, irracionais ou arbitrarias.

Sentado o anterior, o que si exige a lei é que calquera que sexa a razón ou razóns invocadas estean debidamente xustificadas, polo que, en función da causa, se deberá exixir unha acreditación suficiente da concorrencia desta, e deberá constar no expediente unha motivación, expresa e suficiente, da concorrencia destas razóns xustificadas. A sensu contrario, non será suficiente a mera invocación destas, e deberán ser causas reais e, como tales, acreditables, non meras hipóteses, futuras ou conxecturas”.

Este mesmo criterio xa o establecera o CCG no ditame 253 do ano 2016⁴⁹ en relación co Proxecto de decreto de Regulamento da Lei 2/2016 ao indicar que “debe entenderse que a exigencia de xustificación que contempla o artigo 4o da lei se refire a toda ampliación, e non só á que se faga en volume independente”.

Non o entendeu así a DXOTU ante consultas sobre a interpretación da redacción orixinaria da LSG. Os informes emitidos⁵⁰ estableceron o criterio de que “a expresión «por razóns xustificadas» debe entenderse referida á posibilidade de que a ampliación se materialice nun volume independente, pero non como requisito para permitir esa ampliación”. Efectivamente, a necesidade de ocupar máis solo debora requirir algún tipo de xustificación. Non obstante, a ampliación do propio volume da edificación

⁴⁹ Ditame 253/2016, do Consello Consultivo de Galicia en relación co Proxecto de decreto do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

⁵⁰ Expedientes CC-19/... e CP-19/..., sobre os cales a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informes o 07.03.2019 e 16.04.2019 respectivamente.

debera requirir unha xustificación polo menos similar á previa, xa que este tipo de ampliación é a que máis pode alterar a morfoloxía orixinaria da edificación tradicional, sobre todo se é en altura⁵¹. A pesar de que esta ampliación en altura adoita ser unha das alternativas máis habituais para incrementar a superficie útil, o profesor GONZÁLEZ-CEBRIÁN TELLO reconece que a edificación tradicional non admite con facilidade este tipo de intervención⁵².

Esta interpretación dada pola DXOTU, igual que no caso anterior do concepto “*reforma*” parece obedecer máis a un desexo (o de establecer un punto de inflexión que marque o cambio de tendencia por vir) que á interpretación histórica tendo en conta os antecedentes do texto precedente. O tempo confirmou esta segunda hipótese e na actualidade, tras a reforma introducida polo artigo 13.seis da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, o texto indica que “*se permitirá a súa reforma, rehabilitación e reconstrución e a súa ampliación, mesmo en volume independente*”. Deste xeito, desapareceu a referencia á necesaria xustificación, facilitando un pouco máis o proceso de ampliación e resolvendo o debate da súa interpretación.

BERMÚDEZ FERNÁNDEZ entendía que o requisito legal de “*razóns xustificadas*” estaba en contradición coa consolidada xurisprudencia do Tribunal Supremo que reiteradamente afirma que a licenza urbanística é un acto administrativo regulado, o que impide que o ordenamento conteña preceptos vagos que introduzan elementos discrecionais na decisión de outorgar a licenza⁵³. Podemos compartir este razoamento en liñas xerais, pero con matices xustificadas pola especificidade do obxecto de análise.

Por un lado, falamos aquí de intervencións sobre un tipo concreto de patrimonio arquitectónico que o fai portador dunha serie de valores culturais. A cultura ten, pola súa propia natureza, un difícil encaixe no estreita armazón dos textos normativos, o que fai que moitas das actuacións que lle afecten deban pasar necesariamente polo filtro de decisións discrecionais, que non arbitrarias.

Por outro lado, resulta sinxelo establecer unha serie de aspectos concretos sobre os que acoutar a posible xustificación da necesidade da ampliación da edificación, como poden ser os avanzados polo CCG ou outros que o lexislador considere oportunos.

Establecer algún tipo de control sobre a posibilidade de ampliación deste tipo de edificacións é unha actuación perfectamente xustificable desde o punto de vista da protección do patrimonio, xa que esas ampliacións adoitan supor unha alteración do ben a protexer. O filtro da xustificación viría a achegar un equilibrio entre a estrita protección da edificación tradicional e a considerable alteración que pode supor a ampliación sobre esta.

⁵¹ Recordemos aquí que a edificación tradicional debe “*presentar un grao de conservación tal que permita apreciar as súas características esenciais*”. Con maior xustificación, o resultado das obras acometidas debera permitir que se sigan identificando as características esenciais da edificación tradicional orixinaria e que non quede esvaecida dentro dunha nova realidade construtiva.

⁵² GONZÁLEZ-CEBRIÁN TELLO, J. e FERREIRA VILLAR, M., *Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2013, p. 217.

⁵³ BERMÚDEZ FERNÁNDEZ, A.L., “Las edificaciones tradicionales en el artículo 40 de la Ley del Suelo de Galicia 2/2016, de 10 de febrero. Reflexiones sobre su interpretación”, cit., p. 10.

3.11 Incremento do 50% do volume orixinal

Xa vimos que na redacción actual a ampliación que se permite é de ata o 50% do volume orixinal, sen necesidade de xustificación de ningún tipo para iso. Trátase dunha modificación de gran transcendencia, polo que consideramos que a parte fundamental desta ampliación debe ser en volume independente ou, como moito, nun corpo acaroadado a unha das fachadas. No suposto de que o groso da ampliación deste volume se realizase en altura, sería doado que a forma final da edificación tivese moi pouco que ver coa forma orixinaria. Se iso chegase a suceder, estaríamos ante unha alteración substancial do patrimonio arquitectónico tradicional á custa da mera vontade dos promotores das obras, sen ningún tipo de control que o puidese impedir.

Aínda que non do mesmo modo, a enorme transcendencia tamén existe no caso de que a ampliación se realice *“mesmo en volume independente”*. Neste caso non se vería alterado o elemento concreto e individualizado, como pode ser unha vivenda tradicional, pero podería verse enormemente alterada a estrutura do asentamento no que esta se encontre, o que sucedería se se producise unha ampliación simultánea de gran número de edificacións tradicionais nun asentamento de poboación tradicional. E mesmo máis alá do aspecto físico, tanto individual dunha edificación como colectivo dun asentamento, este tipo de actuación pode supor unha importante alteración dos parámetros urbanísticos definidos no planeamento xeral para un determinado asentamento.

En liña con estas facilidades para ampliar a edificación, a DXOTU entende que non é un obstáculo⁵⁴, para seguir ampliando, o feito de que a edificación tradicional xa fose ampliada, aínda que sen esgotar o incremento do 50%. Así o expresa ao indicar que *“nada obsta para que, no caso das edificacións que non esgotasen con anterioridade a posibilidade ampliatoria ata o 50% do volume orixinario da edificación tradicional permitido pola norma, o poidan facer tamén, mesmo a posteriori, como resposta ás novas necesidades de espazo que xurdisen”*⁵⁵. Esta previsión concreta pasou recentemente a formar parte do texto do artigo 63 do RLSG.

Nesta interpretación estíbese a vincular a ampliación cunha *“nova necesidade de espazo”*, pero o actual texto legal, ao omitir a expresión *“por razóns xustificadas”*, está a eximir por completo do requisito de xustificar a razón da ampliación.

A DXOTU tamén entendeu no seu momento que *“non se computarán as construcións ou instalacións baixo rasante”* como incremento do volume da edificación tradicional orixinaria⁵⁶, aínda que pareza máis unha cuestión teórica que de aplicación práctica⁵⁷. Utilizou para iso un razoamento sobre a definición de *“volume”* establecida no anexo

⁵⁴ Expediente CP-19/..., sobre o cal a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe o 16.04.2019.

⁵⁵ Expediente CC-19/..., sobre o cal a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe o 07.03.2019.

⁵⁶ Expediente CP-19/..., sobre o cal a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe o 16.04.2019.

⁵⁷ As edificacións tradicionais adoitan estar a nivel de rasante, polo que un incremento de volume por debaixo da propia edificación requiriría desmontar a edificación para logo volver montala no mesmo lugar, tras realizar unha memoria de cantaría que asegure volver colocar cada elemento na súa posición orixinaria. Certo é que a evolución da tecnoloxía pode chegar a permitir a ampliación de edificacións en profundidade sen desmontar a propia edificación, pero trátase de casos absolutamente excepcionais cuxa complexidade técnica, risco e custo económico fan que se desaconselle en situacións con alternativas técnicas máis razoables.

I do RLSG, que ademais concreta unha serie de supostos que non computan como aumento de volume, entre os que non se atopan as instalacións baixo rasante. O RLSG sufriu varias modificacións despois do pronunciamento sobre esta interpretación e ningunha delas incorporou o dito nela, polo que se xeran dúbidas relativas á súa toma en consideración, como se indica na Sentenza 28/2021, do 19 de febreiro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.1 de Ourense⁵⁸.

En relación co “*volume orixinario*” da edificación, o criterio establecido na LSG para considerar unha edificación como tradicional é que estivese rematada antes da entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; isto é, o 25 de maio de 1975. Por iso, ante unha edificación tradicional que tivese sido obxecto de obras de ampliación, tamén rematadas antes do 25 de maio de 1975, estas ampliacións tamén se deben considerar dentro do volume orixinario que cómpre ter en conta para os efectos de aplicación do artigo 40⁵⁹.

Tamén vimos previamente, ao tratar o concepto de edificación existente (que é o obxecto de cálculo do volume para determinar o máximo ampliable) que esta debe atoparse nun estado de conservación tal que permita apreciar as súas características esenciais. No caso contrario, non estaremos ante un suposto que poida ser subsumido nesta norma.

3.12 Anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio

Para os efectos do previsto no artigo 40 da LSG, a redacción orixinal considerou edificacións tradicionais todas as edificacións existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma sobre o réxime do solo e ordenación urbana; isto é, con anterioridade ao 25 de maio de 1975.

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato Otero, pronunciouse sobre este aspecto no debate de totalidade do Proxecto de lei do solo de Galicia⁶⁰, indicando que a referencia ao ano 1975 se establecía “*para clarificar a definición de edificación tradicional*”, achegando así seguridade xurídica.

A elección deste momento temporal non foi pacífica, xa que o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda de modificación coa que propuña que a mención á

A pesar desta interpretación de non computar o volume baixo rasante, trátase dunha actuación claramente de “*ampliación*” e a desmontaxe da edificación tradicional non entraría dentro do suposto de demolición parcial asociada á demolición dos elementos “*estrictamente necesarios*” para realizar as actuacións de “*conservación*”, “*rehabilitación*”, “*reforma*” e “*reconstrución*”, que son os únicos catro conceptos cuxas obras de demolición asociadas están excluídas da definición de “*obras de demolición*” establecida no anexo I do RLSG. Estaríamos polo tanto ante unha obra de “*demolición*” coa subseguinte “*reedificación*”.

⁵⁸ Na Sentenza 28/2021, do 19 de febreiro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Ourense (Procedemento Ordinario 64/2019), indícase, no seu fundamento de dereito segundo, que “*con carácter posterior*” á emisión do informe da Dirección Xeral que *consta incorporada ás actuacións, se modificou o RLSG (Decreto 92/2019, do 11 de xullo) e non se estableceu a exclusión do cómputo dese volume baixo rasante, polo que se entende que si debe computarse ese volume*”.

⁵⁹ Expedientes CC-17/... e CP-19/..., sobre os cales a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informes o 12.09.2017 e 16.04.2019 respectivamente.

⁶⁰ *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* n.131, IX Lexislatura. Sesión plenaria do 24 de novembro de 2015, p. 13. (“*Outro dos instrumentos que a lei fomenta para darlle un impulso ao rural e a rehabilitación; é dicir, rehabilitar construcións axuda a frear a dispersión e contribúe a aproveitar o xa construído e, en definitiva, revitalizar o rural. E con este obxectivo a nova lei clarifica a definición de edificación tradicional, pasando así a considerarse como edificación tradicional aquela anterior ao ano 1975*”).

Lei 19/1975, do 2 de maio, se substituíse pola mención á Lei do 12 de maio de 1956⁶¹. Pola súa banda, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego propuxo directamente a supresión do último parágrafo⁶², que establece, para os efectos deste artigo, esta forma concreta de identificación da edificación tradicional. Fíxoo tras o debate de totalidade do Proxecto de lei do solo de Galicia en que se pronunciou no sentido seguinte: *“Consideramos que non ten ningún sentido que sexan consideradas como construcións tradicionais todas aquelas construídas antes do ano 1975, porque, se facemos un inventario de moitas das vivendas que se construíron antes do ano 1975, non teñen nada que ver coa nosa tipoloxía tradicional. A tipoloxía terá que ver coas características da construción, non co ano. Moitas destas vivendas descontextualizadas que hai polo noso rural foron precisamente construídas antes do ano 1975, e vostedes queren consagrar ese modelo”*⁶³.

Neste debate celebrado o 24 de novembro de 2015, xa o Grupo Parlamentario Socialista, a través do deputado SÁNCHEZ BUGALLO, reprochou a falta dunha maior concreción do precepto que impedise considerar tradicional *“casas de estilo tirolés”* construídas por emigrantes retornados de Suíza⁶⁴.

Non faltaron tampouco os intentos de aumentar aínda máis o número de edificacións consideradas tradicionais para os efectos deste precepto. Neste sentido, podemos citar a emenda á totalidade do Proxecto de Lei do solo de Galicia, presentada polo Grupo Parlamentario Mixto, que propuña que *“debería ampliarse as edificacións que poden considerarse de carácter tradicional, tendo en conta a coincidencia das construídas con posterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, pero que respecten a tipoloxía orixinaria do lugar”*⁶⁵. Non obstante, esta postura choca lixeiramente coa mantida polo propio Grupo Parlamentario Mixto no debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de Lei do solo de Galicia. Nesta ocasión a deputada MARTÍNEZ GARCÍA reprochoulle ao Grupo Parlamentario Popular a imposición da súa definición unilateral do concepto de edificación tradicional, construída antes de 1975, para o que utiliza o argumento de que *“existen auténticas animaladas e aberracións construídas antes do ano 1975 que non teñen nada que ver co noso país e que, non obstante, o Partido Popular as vai considerar tradicionais”*⁶⁶. Este reproche ía na liña do reproche xa manifestado no debate de totalidade do Proxecto de lei do solo de Galicia, en que advertiu que faltaba, *“como xa dixemos todos os grupos da oposición, a definición da vivenda tradicional, que non pode estar ligada simplemente ao ano de construción”*⁶⁷.

⁶¹ Boletín Oficial do Parlamento de Galicia n. 563, IX Lexislatura, do 1 de decembro de 2015, p. 131280.

⁶² Boletín Oficial do Parlamento de Galicia n. 563, IX Lexislatura, do 1 de decembro de 2015, p. 131302.

⁶³ Diario de Sesións do Parlamento de Galicia n. 131, IX Lexislatura. Sesión plenaria do 24 de novembro de 2015, p. 19.

⁶⁴ Diario de Sesións do Parlamento de Galicia n. 131, IX Lexislatura. Sesión plenaria do 24 de novembro de 2015, p. 24.

⁶⁵ Boletín Oficial do Parlamento de Galicia n. 550, IX Lexislatura, do 11 de novembro de 2015, p. 128819.

⁶⁶ Diario de Sesións do Parlamento de Galicia n. 140, IX Lexislatura. Sesión plenaria do 9 de febreiro de 2016, p. 12.

⁶⁷ Diario de Sesións do Parlamento de Galicia n. 131, IX Lexislatura. Sesión plenaria do 24 de novembro de 2015, p. 30.

BERMÚDEZ FERNÁNDEZ considera que esta definición da edificación tradicional feita exclusivamente con referencia a unha data aleatoria se fai dunha forma inmotivada e sen a xustificación axeitada⁶⁸. Este déficit xa o apreciaba e puña de manifesto o deputado SÁNCHEZ BUGALLO no debate de totalidade do Proxecto de lei do solo de Galicia cando lle preguntaba á conselleira: “*Non é posible dicir algo máis sobre isto concretando algo máis, dalgunha forma?*”⁶⁹

A referencia final á Lei 19/1975, do 2 de maio, foi unha das novidades máis destacables e controvertidas na nova redacción do artigo, xa que ata o momento as edificacións subsumidas no artigo eran as consideradas tradicionais baseándose nos coñecementos técnicos dos profesionais expertos en edificación fundamentalmente residencial, isto é, principalmente arquitectos ou arquitectos técnicos. Pero esa controversia acentuouse aínda máis coa aprobación do RLSG, ao indicar no artigo 33.1, como un dos requisitos para determinar a tipoloxía tradicional das edificacións, que estas sexan identificables nas fotografías aéreas do “*voo americano*” do ano 1956.

A inclusión na lei da referencia ao ano 1975 para establecer o carácter tradicional das edificacións supuña en moitos casos, con toda seguridade, certa contradición co concepto xa consolidado de edificación tradicional. Por iso, o artigo 13.seis da Lei 7/2019, do 23 de decembro, introduciu o inciso final “*con independencia da súa tipoloxía*”, para aclarar a contradición existente, de raíz dentro do propio texto legal pero sobre todo posteriormente, entre a lei e o regulamento que a desenvolve.

Este cambio na forma de identificación das edificacións tradicionais leva consigo un cambio nos medios de acreditación. O artigo 63 do RLSG regula as edificacións existentes de carácter tradicional e no seu parágrafo último indica que por edificación se entende aquela que estivese rematada na data indicada, podendo acompañarse, para acreditar tal extremo, calquera medio de proba admisible en dereito.

O artigo 77.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, indica que os feitos relevantes para a decisión dun procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba admisible en dereito, cuxa valoración se realizará de acordo cos criterios establecidos na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil. Nesta norma, no artigo 299, atopamos os medios de proba dos que se pode facer uso en xuízo, que son interrogatorio das partes, documentos públicos, documentos privados, ditame de peritos, recoñecemento xudicial e interrogatorio de testemuñas.

Estes son os medios de proba que a DXOTU estima como válidos segundo as respostas a varias consultas realizadas en relación coa interpretación do artigo 40 da LSG⁷⁰.

⁶⁸ BERMÚDEZ FERNÁNDEZ, A.L., “Las edificaciones tradicionales en el artículo 40 de la Ley del Suelo de Galicia 2/2016, de 10 de febrero. Reflexiones sobre su interpretación”, cit., p. 6.

⁶⁹ *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* n. 131, IX Lexislatura. Sesión plenaria do 24 de novembro de 2015, p. 24.

⁷⁰ Expedientes CC-16/... e CP-19/..., sobre os cales a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informes o 09.01.2017 e 16.04.2019 respectivamente.

O pretendido anhelado de clarificar a definición de edificación tradicional non fixo máis que abrir novas incertezas, como a que formula BERMÚDEZ FERNÁNDEZ⁷¹ en relación cunha edificación de tipoloxía tradicional en núcleo rural tradicional, con licenza de obras anterior ao 25 de maio de 1975, pero sen alcanzar a total terminación antes desta data.

4 A interacción coas previsións establecidas nas normativas sectoriais

O artigo 8.un da recente Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, modificou o artigo 40 da LSG coa adición dun novo parágrafo final. A súa redacción é a seguinte: “O previsto neste artigo entenderase sen prexuízo das previsións establecidas nas normativas sectoriais que resulten de aplicación”.

A redacción deste novo parágrafo ben podería facernos crer que se encadra na liña expansiva da última modificación que sufriu este artigo coa adición da frase “con independencia da súa tipoloxía” (introducida polo artigo 13.6 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), que viña confirmar a liña marcada no ano 2016 coa referencia ao ano 1975 para a identificación das edificacións tradicionais, á marxe de calquera valor patrimonial. Iso é así porque a expresión “sen prexuízo das previsións establecidas nas normativas sectoriais” nos recorda enormemente á cláusula “sen prexuízo de terceiros” utilizada tradicionalmente nas licenzas de obra.

Como indica o profesor LÓPEZ MENUDO, esta cláusula “operou historicamente como unha garantía implícita –unha «conditio iuris»– a favor dos que teñen títulos outorgados ou dereitos recoñecidos, fronte á concesión de novos dereitos, autorizacións ou privilexios que veñen perturbar as situacións consolidadas con anterioridade. Paulatinamente, o sentido desa garantía foi transformándose ata o punto de terse convertido nunha escusa liberatoria que lle facilita á Administración evadirse de mediar no conflito «interprivatos» xerado, precisamente, polo outorgamento do novo título administrativo e mesmo nunha pretendida causa de exoneración de responsabilidade”.

Deste xeito, puidese parecer que algo similar sucede coa adición deste novo parágrafo final do artigo 40 da LSG, coa redacción do cal, lonxe de garantir a unidade de acción con outras normas referidas á protección do patrimonio arquitectónico tradicional, pretenderíase marcar distancia con elas para non ter que afrontar a falta de harmonía entre conceptos similares de normas distintas. Trataríase dunha interpretación pouco razoable nunha norma que mesmo provocou modificacións noutras normativas sectoriais, como é o caso da disposición derradeira primeira do Decreto 92/2019, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Esta disposición derradeira modificou o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, cuxo artigo 143

⁷¹ BERMÚDEZ FERNÁNDEZ, A.L., “Las edificaciones tradicionales en el artículo 40 de la Ley del Suelo de Galicia 2/2016, de 10 de febrero. Reflexiones sobre su interpretación”, cit., p. 7.

permite, como regra xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación de edificacións existentes entre a calzada e a liña límite de edificación, pero só en casos excepcionais (en supostos de interese público ou social) as obras de rehabilitación estrutural. Pois ben, esta disposición derradeira primeira do Decreto 92/2019, do 11 de xullo, engade un parágrafo a este artigo en que se di que terán a consideración de supostos de interese social as obras de rehabilitación estrutural nas edificacións existentes de carácter tradicional definidas no artigo 40 da LSG.

Pola contra, coa inclusión desta cláusula, “*sen prexuízo das previsións establecidas nas normativas sectoriais que resulten de aplicación*”, o lexislador pretendeu acoutar os límites do seu ámbito de aplicación nunha “*mostra de respecto a outra normativa sectorial que poida ser de aplicación, tanto estatal como autonómica*”. Esta é a interpretación que se acordou no seo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, que se constituíu o 22 de xullo de 2020 co obxectivo de analizar as discrepancias competenciais tras a modificación do artigo 40 da LSG polo artigo 13.6 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Esta última cláusula incorporada ao artigo 40 da LSG veu motivada por un posible conflito competencial coa Administración xeral do Estado, en concreto coa normativa estatal de costas. Non obstante, as explicacións dadas indican expresamente que a correcta interpretación dentro do respecto a outra normativa sectorial que poida ser de aplicación é aplicable tanto para a normativa estatal como á autonómica. Deste modo, poderíamos estar ante un punto de inflexión –aínda que forzado– nas modificacións de carácter expansivo que se incorporaran desde a entrada en vigor da actual LSG. Iso podería significar certo achegamento á liña de actuación marcada tempo atrás pola Xunta de Galicia no *Libro branco da cultura en Galicia*, do ano 1994, que pretendía que as distintas administracións se estruturasen nunha dinámica común de protección do patrimonio etnográfico⁷².

5 Fomento da recuperación do patrimonio construído

Nos distintos aspectos que estivemos a analizar neste artigo puidemos apreciar unha flexibilización dos requisitos relacionados coas obras a realizar nas edificacións tradicionais. Esta flexibilización é vista na actualidade como unha forma de fomentar a recuperación do patrimonio construído e o mantemento das edificacións existentes fronte á proliferación de novas edificacións.

Este punto de vista é o que se desprende de numerosas consultas⁷³ resoltas pola DXOTU. A modo de exemplo, traemos aquí un extracto dunha desas respostas, do 16 de abril de 2019, que indica que “*este réxime excepcional, que difire do réxime xeral que se prevé para as novas edificacións en solo rústico ou en solo de núcleo rural, constitúe un dos mecanismos que a nova normativa urbanística contempla entre as medidas para*

⁷² VV. AA., *A cultura en Galicia. 1994-1997*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1994, p. 79.

⁷³ Expedientes CC-18/..., CC-19/..., CC-19/..., CC-19/... e CP-19/... sobre os cales a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informes o 26.03.2018, 07.03.2019, 22.04.2019, 01.10.2019 e 16.04.2019 respectivamente.

fomentar a recuperación do patrimonio construído e do mantemento das edificacións existentes, fronte á proliferación das novas edificacións”.

A citada flexibilización de requisitos tivo lugar á vez que se ampliou o ámbito de aplicación do artigo 40 da LSG. Esta nova función que se lle asigna ao artigo 40 da LSG xa non é exactamente a mesma para a que foi creado coa aprobación da Lei 15/2004, que era a de “*conservar, recuperar e pór en valor o patrimonio natural e cultural do noso territorio*”.

Todo este proceso de cambio realizouse sen unha explicación na exposición de motivos da nova norma, cousa que tería sido moi desexable para comprender e interpretar con máis fundamento a actual regulación. O caso mereceo, xa que se trata dun artigo de moita relevancia para o medio rural, que ten moitas posibilidades de futuro se se acerta nas medidas que cómpre tomar.

6 A prohibición de demolición de edificacións de valor histórico ou etnográfico

Trátase dunha previsión moi relacionada co artigo 40 da LSG, aínda que se atopa fóra del. Non obstante, esa íntima vinculación fai que pague a pena analizar as modificacións que tamén sufriu.

No texto orixinal da LOUGA a mención de maior relevancia, relativa ás edificacións tradicionais, era a prohibición de demolición de edificacións de valor histórico ou etnográfico, que atopamos nos artigos 26 e 42 referidos ao solo de núcleo rural e ao solo rústico.

Coa aprobación da LSG a previsión mantívose para o núcleo rural, no artigo 26.1.g), e mesmo se incorporou a prohibición de demolición de muros tradicionais, no artigo 26.1.e), pero desapareceu a referencia establecida para o caso do solo rústico. Esta apreciación xa a realizou a deputada PONTÓN MONDELO, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, no debate de totalidade do Proxecto de lei do solo de Galicia. A súa reflexión concreta foi a seguinte: “*Desprótxese unha parte moi importante do noso patrimonio arquitectónico tradicional. Nós cremos que a previsión que había na lexislación, que non permitía derrubar moito do noso patrimonio tradicional, permitiu conservar xoias do noso patrimonio, e vostedes eliminan esta previsión*”⁷⁴.

Chama así a atención que, á vez que se fai extensiva a regulación do artigo 40 para o núcleo rural (inicialmente só o era para o solo rústico), se elimine a prohibición de demolición de edificacións de valor histórico ou etnográfico no solo rústico⁷⁵.

⁷⁴ *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* n. 131, IX Lexislatura. Sesión plenaria do 24 de novembro de 2015, p. 19.

⁷⁵ Debemos recordar aquí que a demolición non é unha das actuacións permitidas polo artigo 40 da LSG. O que se permite é “*a demolición dos elementos estritamente necesarios para realizar as actuacións de conservación, rehabilitación, reforma e reconstrución, sempre que se realicen simultaneamente no mesmo proxecto de obra*”, xa que nestes casos a actuación non ten a consideración de demolición parcial segundo a definición de “*obras de demolición*” do anexo 1 do RLSG.

7 Conclusión

O artigo 40 da LSG conta con numerosos conceptos indeterminados ou de difícil determinación. Tras a análise de moitos deles, destacamos a importancia de que a edificación conte cun estado de conservación tal que permita apreciar as súas características esenciais, é dicir, as propias da tipoloxía edificatoria que singularizan o edificio e definen a súa esencia. Trátase dun requisito que funciona como unha garantía de que as edificacións se conserven –no posible– para poder beneficiarse deste réxime excepcional. Pero tamén é un requisito de cara ás futuras actuacións sobre a edificación, xa que calquera intervención que supoña a retirada de partes esenciais desta debe contar necesariamente cunha xustificación. O máximo expoñente deste requisito é a prohibición de substitución da edificación antiga por unha nova, aínda que sexa do mesmo volume. Por iso, lamentamos que esta prohibición non figure expresamente no texto da lei, xa que sen dúbida axudaría a evitar a destrución do patrimonio arquitectónico tradicional.

Unha cuestión relevante de entre as analizadas é a posibilidade de ampliación da edificación, que pode ser tanto no mesmo corpo como en volume independente. Entendemos que a ampliación en volume independente é claramente a máis respectuosa coa edificación tradicional, debido á porcentaxe de volume que se pode incrementar (ata o 50 %), a drástica alteración que iso pode supor para a morfoloxía orixinaria e a ausencia de necesidade de xustificación de ningún tipo para a súa execución. Consideramos, neste sentido, que o incremento en altura debe estar relacionado coa necesidade de aumentar a altura libre entre solo e teito, pero non coa adición de novas plantas altas.

Moitos dos conceptos da actual redacción son novidosos en relación co texto orixinario. É o caso da extensión dos seus efectos ás edificacións en solo de núcleo rural, o traspaso de competencias da Administración autonómica á Administración local ou a incorporación de novos usos permitidos, como son os usos terciarios, produtivos ou pequenos talleres, para equiparalos cos usos que xa estaban sendo permitidos no solo de núcleo rural. Esta equiparación é a que nos permite soste a afirmación de que están permitidos certos usos industriais, en concreto os industriais compatibles con residencial. Trátase dunha combinación de usos nada allea á nosa historia, como pode ser a íntima vinculación que existía antano entre vivendas, muíños, fraguas ou carpintarías de ribeira, por exemplo. Por outro lado, trátase dunha combinación de usos que nos vai seguir acompañando no futuro no medio rural, en consonancia cos pretendidos modelos ideais de “*ciudades de proximidade*” ou “*ciudades dos 15 minutos*”.

Algún novo concepto pasou case desapercibido, como a incorporación da “*reforma*” entre as actuacións permitidas. Pola contra, a referencia a data de entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, xerou unha gran confusión a pesar de que se xustificou nunha pretendida seguridade xurídica. Non obstante, a confusión está relacionada coa ruptura que supón coa tradición –nunca mellor dito– e cos criterios empregados nos numerosos traballos realizados por expertos na materia para identificar as

edificaci3ns tradicionais da nosa terra. Esta referencia ao ano 1975 en realidade foi unha soluci3n intermedia de entre as xurridas nos debates parlamentarios, cuxas propostas se moveron entre a volta 3 referencia ao ano 1956 ou a ampli3n a3nda m3is para amparar edificaci3ns posteriores ao ano 1975 pero que “*respecten a tipolox3a orixinaria do lugar*”.

De ser necesario o establecemento dunha data concreta para identificar as edifi- caci3ns tradicionais, son m3ltiples as raz3ns que fan m3is aconsellable a referencia ao ano 1956 que a do ano 1975.

Unha cuesti3n de especial relevancia, a pesar de que non pertence ao concre- to artigo 40 da LSG, 3 a desaparici3n no texto da lei da prohibici3n de demolici3n das edificaci3ns tradicionais en solo r3stico. Mantense para o n3cleo rural pero a previsi3n para o solo r3stico pasa a estar contemplada no RLSG, o que sup3n unha diferenciaci3n inxustificada.

A conclusi3n final da an3lise destes conceptos –tanto dos orixinarios como dos numerosos que incorporan cambios en relaci3n coa regulaci3n orixinaria– 3 que se procedeu a flexibilizar as medidas de protecci3n e recuperaci3n do patrimonio ar- quitect3nico tradicional para dar lugar a unha regulaci3n centrada na recuperaci3n do patrimonio construido. Telo feito sen unha explicaci3n, cunha redacci3n bastante parecida 3 precedente e utilizando o mesmo ordinal, 3 unha suma de factores ideal para provocar unha multiplicidade de interpretaci3ns, o que xoga en contra dunha real e efectiva protecci3n do patrimonio arquitect3nico tradicional.

Non son poucas as interpretaci3ns desta norma nas cales ten cabida a destruci3n total da edificaci3n tradicional existente para construir no seu lugar unha edificaci3n completamente nova. LLANO xa se pronunciou sobre este fen3meno no ano 1982, no n3mero 11 do *Bolet3n* da Comisi3n de Cultura do Colexio de Arquitectos de Galicia, dicindo que “*falar de destruci3n do patrimonio art3stico, da lingua ou das tradici3ns e costumes populares non 3 novidade en Galicia. Todos aqueles elementos sobre os que se asenta a nosa identidade nacional ve3nen sendo sistematicamente agredidos, sen que ningu3n faga nada por evitalo*”.

Bibliograf3a

- ALMARCHA N3ÑEZ-HERRADOR, E., “El descubrimiento y la puesta en valor de la arquitectura popular: de Fernando Garc3a Mercadal a Luis Feduchi”, Biel Ib3ñez, M.P. e Hern3ndez Mart3nez, A. (coords.), *Lecciones de los maestros. Aproximaci3n hist3rico-cr3tica a los grandes historiadores de la arquitectura espa- ñola (Seminario Celebrado en Zaragoza los d3as 26, 27 y 28 de noviembre de 2009)*, Instituto “Fernando El Cat3lico”, Universidad de Zaragoza, Zaragoza, 2011.
- ASENSIO RODR3GUEZ, A., DOM3NGUEZ VIÑAS, R. e RUIZ TRUEBA E., *Miradas a la arquitectura Popular Espa ñola. Colecci3n fotogr3fica de Carlos Flores*, Fundaci3n Siglo para el Turismo y las Artes de Castilla y Le3n, Valladolid, 2017.

REGAP



ESTUDIOS

- BERMÚDEZ FERNÁNDEZ, A.L., “Las edificaciones tradicionales en el artículo 40 de la Ley del Suelo de Galicia 2/2016, de 10 de febrero. Reflexiones sobre su interpretación”, *REDAS: Revista de Derecho, Agua y Sostenibilidad*, n. 2, 2018.
- CAAMAÑO SUÁREZ, M., *A casa popular*, Cadernos Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, 1999.
- CAAMAÑO SUÁREZ, M., *As construcións da arquitectura popular*, Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, A Coruña, 2003.
- CARRIÓN GÚTIEZ, A. (coord.), *Plan Nacional de Arquitectura Tradicional*, Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, Madrid, 2015.
- CERQUEIRA, F., “Estudios da arquitectura lusa. Das Arquitecturas Populares Tradicionais”, *Observa Magazine*, n. 13, xaneiro 2020.
- CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA, “Doutrina do ano 2018 da Sección de Estudos e Informes, Informe CCG 136/2018”, *Consello Consultivo de Galicia. Memoria 2018*, Consello Consultivo de Galicia, Santiago de Compostela, 2019.
- GONZÁLEZ-CEBRIÁN TELLO, J. e FERREIRA VILLAR, M., *Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2013.
- LLANO CABADO, P. de, “Pedre catro ano despois”, *Boletín da Comisión de Cultura do Colexio de Arquitectos de Galicia*, n. 11, 1982.
- LLANO CABADO, P. de, *Arquitectura popular en Galicia*, Publicacións do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Santiago de Compostela, 2019 (ed. rev.).
- LORENZO FERNÁNDEZ, X., *Etnografía. Cultura material*, Ediciones Boreal, A Coruña, 2013.
- MUÑOZ COSME, A., “La Arquitectura Tradicional. Paisaje cultural, historia social y patrimonio inmaterial”, Muñoz Cosme, A. (dir.), *Libro colectivo: Patrimonio Cultural de España. N. 8. Arquitectura Tradicional. Homenaje a Félix Benito*, Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, Madrid, 2014.
- PRIMO LLÁCER, A.M., *La servidumbre de luces y vistas*, tese de doutoramento (G. Guizzi / titor, M.E. Clemente Meoro / titor e director, e J. Estruch Estruch / director), Universidade de Valencia e Università Degli Studi di Napoli Federico II, Valencia, 2015.
- TORRES BALBÁS, L., *La vivienda popular en España*, 1930. Acceso web: <http://oa.upm.es/34265/>.
- VV.AA., *A cultura en Galicia. 1994-1997*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1994.



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 61_xaneiro-xuño 2021 | pp. 139-159
Santiago de Compostela, 2021
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i61.4759>
© Sabela Pardo Rodríguez
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371

Recibido: 13/05/2021 | Aceptado: 16/06/2021
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

Os condominios no Dereito comparado e no Dereito urbanístico galego

Los condominios en el Derecho comparado y en el Derecho urbanístico gallego

Condominiums in comparative law and in Galician urban law

61 Regap

Regap



ESTUDIOS

SABELA PARDO RODRÍGUEZ

Funcionaria do Corpo Superior da Administración Xeral
Xunta de Galicia

sabela.pardo.rodriguez@xunta.gal

Resumo: As urbanizacións pechadas naceron nos Estados Unidos e en poucos anos comezaron a proliferar por toda América Latina. En España o momento álxido dos condominios foron os anos 60 do século XX, ao abeiro da Lei do solo de 1956. En Galicia, aínda que existen varios exemplos de condominios, o máis paradigmático é o da illa de Toralla en Vigo, autorizado nesa época. Na actualidade é posible atopar na nosa comunidade autónoma normas urbanísticas de ámbito local e carácter regulamentario que permiten expresamente a construción de condominios.

Palabras clave: Condominios, urbanizacións privadas, urbanizacións pechadas, complexos inmobiliarios privados, vías públicas, vías privadas, equipamentos comúns.

Resumen: Las urbanizaciones cerradas nacieron en los Estados Unidos y en pocos años comenzaron a proliferar por toda América Latina. En España el momento álgido de los condominios fueron los años 60 del siglo XX, al amparo de la Ley del suelo de 1956. En Galicia, aunque existen varios ejemplos de condominios, el más paradigmático es el de la isla de Toralla, autorizado en esa época. En la actualidad

es posible encontrar en nuestra comunidad autónoma normas urbanísticas de ámbito local y carácter reglamentario que permiten expresamente la construcción de condominios.

Palabras clave: Condominios, urbanizaciones privadas, urbanizaciones cerradas, complejos inmobiliarios privados, viales públicos, viales privados, equipamientos comunes.

Abstract: Gated communities were born in the United States of America and in a few years began to proliferate throughout Latin America. In Spain their peak was the 60s of the 20th century, under the Land Use Act of 1956. In Galicia, although there are several examples of gated communities, the most paradigmatic is the island of Toralla in Vigo, authorized at that time. Nowadays it is possible to find in our Autonomous Community urban planning regulations of a local and regulatory nature that expressly allow the construction of gated communities.

Key words: Private communities, gated communities, walled communities, public roads, private roads, shared amenities.

SUMARIO: 1 Introducción. 2 Os condominios no Dereito comparado. 2.1 As *gated communities* estadounidenses. 2.2 Os condominios horizontais pechados e os *loteamentos fechados* no Brasil. 2.3 Os condominios en Chile. 2.4 Os *countries* na Arxentina. 2.5 Principais reflexións extraídas da análise da figura dos condominios no Dereito comparado. 3 Perspectiva histórica dos condominios no ordenamento xurídico de España con especial mención ao caso galego. 3.1 Os anos cincuenta do século XX. 3.2 Os anos sesenta do século XX. 3.3 Os anos setenta do século XX. 3.4 Os anos oitenta do século XX. 3.5 Os anos noventa do século XX. 3.6 As dúas primeiras décadas do século XXI. 4 Os condominios no ordenamento xurídico galego. 5 Conclusións.

1 Introducción

O termo condominio atopa as súas raíces no Dereito privado, definindo a situación na que varios propietarios comparten un ben común indivisible de forma física ou tanxible que, non obstante, se divide de forma legal coas denominadas cotas que corresponden a cada propietario¹. O concepto pasou ao Dereito público, en concreto ao Dereito administrativo na súa especialidade de urbanismo, para designar as urbanizacións privadas.

A forma paradigmática dos condominios vén constituída polas *gated communities* estadounidenses², fórmula que se estendeu a boa parte de América Latina e que en menor medida chegou tamén a España, aínda que neste último caso mediante interpretacións da lexislación aplicable non exentas de polémica. No caso galego existen normas urbanísticas administrativas de rango reglamentario e ámbito local que recoñecen expresamente a figura do condominio, coas matizacións que se explicarán ao longo deste artigo tras unha análise previa á regulación dos condominios no Dereito comparado. Asemade, ademais de centrar a atención no Dereito administrativo, farase unha breve mención á súa regulación no dereito civil, xa que ambos os aspectos se atopan estreitamente interrelacionados, considerando que a legalización

¹ A palabra "condominio" procede dos termos latinos *cum* (conxuntamente) e *dominium* (dominio).

² Aínda que *gated community* é a denominación máis frecuente na literatura xurídica das urbanizacións pechadas estadounidenses, tamén se emprega o termo *condominium*. Porén, este último é máis habitual para denominar os edificios en altura en réxime de propiedade horizontal con equipamentos en común (como ximnasio ou piscina).

e regulación dos condominios desde o dereito civil condicionou en boa parte que o lexislador tamén os tivese en conta desde a perspectiva do Dereito administrativo.

2 Os condominios no Dereito comparado

2.1 As *gated communities* estadounidenses

– A edificabilidade e ocupación correspondentes serán as aplicables ao conxunto da suma das superficies das dúas partes diferenciadas da parcela.

N.º 2. As vivendas en réxime completo de condominio sen parcelación da finca de orixe, no que as vivendas están repartidas no conxunto e a elas se accede de forma peonil, ou con acceso ocasional de vehículos, e comparten os espazos libres como espazos comúns.

Poderán realizar garaxes comúns ou independentes, baixo rasante, ou ao bordo da aliñación do viario público ao que dea fronte a parcela.

A realización destas vivendas exixirá a redacción dun proxecto unitario sometido á obtención dunha única licenza.

O número máximo de vivendas será o número enteiro resultante de dividir a superficie da finca obxecto de condominio, pola superficie mínima establecida na zona de ordenanza e grao correspondente, e non poderá superar o de 10 vivendas por condominio.

A edificabilidade será a que corresponda aplicar ao número de parcelas teóricas calculadas segundo o parágrafo anterior, segundo ordenanza e grao.

En todo os supostos dos condominios anteriores, a separación a lindeiros será a da ordenanza e grao correspondente”.

O PXOM de Vigo foi anulado por unha Sentenza do Tribunal Supremo do 10 de novembro de 2015 polo único motivo de terse incumprido o trámite de avaliación de impacto ambiental estratéxica. Tras a anulación recobrou vixencia o anterior planeamento, de 1993, un instrumento de ordenación municipal en exceso sucinto, que non menciona os condominios ou figura equivalente nin en sentido positivo nin negativo. En abril de 2017 os técnicos municipais de Vigo comezaron a redactar un Instrumento de Ordenación Provisional (en diante, IOP), en cumprimento do disposto na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

O IOP foi aprobado con carácter definitivo, tras contar cos informes preceptivos, polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 24 de xullo de 2019 (DOG do 26 de agosto de 2019 e BOP do 20 de setembro de 2019). A regulación dos condominios foi copiada

palabra por palabra do PXOM de 2008, estando vixente a día de hoxe mentres non se aprobe o novo PXOM en tramitación³⁹.

A regulación viguesa dos condominios non considera que os camiños interiores das urbanizacións construídas ao abeiro desta normativa sexan verdadeiras estradas ou rúas, de aí que non lles apliquen as mesmas normas que ás novas vías⁴⁰ (para os efectos de anchura, conexión de subministracións, beirarrúas, cesión ao dominio público, etc.), senón que lles confire a condición de accesos rodados privados equivalentes aos que pode facer a persoa propietaria dunha vivenda unifamiliar na súa parcela ou a aquel co que conta un edificio multifamiliar para acceder ao portón do garaxe común. Trátase dunha cuestión discutible, pero o que resulta un perigoso antecedente de cara a unha eventual proliferación das urbanizacións privadas é o feito de que se considere que non sexa preciso que cada unha das vivendas integrantes do condominio dea fronte á vía pública, senón que sexa suficiente con que o faga a parcela global (co símil de que nun edificio multifamiliar o que dá fronte á vía pública é o portal, non cada unha das vivendas, volvendo outra vez a xustificar as urbanizacións privadas desde a normativa civil, en concreto das normas de propiedade horizontal, e non desde a normativa administrativa).

Resulta un paradoxo, por outra banda, a existencia desta normativa sobre condominios e a denegación por parte do Concello de Vigo dunha licenza de parcelación na illa de Toralla por non dar a parcela fronte á vía pública. O oportuno desta denegación foi ratificado pola Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 6 de outubro de 2020. Esta decisión xudicial marca un fito inédito na nosa comunidade autónoma, ao ratificar, nunha urbanización privada xa existente, a denegación da licenza porque a vía á que dá fronte non é de titularidade pública. Inédita resulta igualmente a decisión adoptada pola Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo nesta ocasión. Esta nova sentenza reafirma o criterio establecido pola Sentenza do 9 de outubro de 2008 comentada con anterioridade neste escrito (pero non sobre unha urbanización futura, senón xa construída, de aí a súa novidade), ao dispor que *“fica constatado o carácter privado da vía de xeito dificilmente refutable, sen prexuízo de advertir que certamente as actuacións precedentes en relación con outras edificacións existentes na Illa non repararon nesta circunstancia coa precisión que o fixo nesta ocasión a resolución denegatoria da licenza de parcelación”*.

5 Conclusións

As urbanizacións pechadas en Galicia non supoñen un problema urbanístico, como si acontece noutros lugares, debido ao seu escaso número, non apropiándose de

³⁹ Prevese a aprobación inicial do novo PXOM na segunda metade do ano 2021.

⁴⁰ A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, unicamente fai mención expresa á prohibición da apertura de camiños que non estean grafados no planeamento en solo rústico e mais en solo de núcleo rural, pero nada di do solo urbano consolidado. Para este último cómpre acudir ao artigo 117 do seu regulamento, cuxa redacción non é tan contundente como a lei nas dúas clases de solo comentadas, ao limitarse a sinalar que os plans xerais deben establecer o trazado e mais a aliñación de toda a rede viaria pública en solo urbano consolidado. Non obstante, como se está a explicar, no caso dos condominios o Concello de Vigo non considera que se trate de verdadeiras vías, senón de camiños interiores de servizo.

demasiado espazo que podería ser público nin chegando a constituír verdadeiros guetos. Non obstante, non debería consentirse a súa existencia, por contraviren os principios básicos en que se sustenta o noso sistema urbanístico.

No que atinxe aos condominios xa construídos, non existen moitas solucións para facer públicas as vías existentes (a desprivatización do resto das zonas comúns é un asunto moito máis complexo que habería que analizar caso por caso), posto que se no seu día non foron cedidas á Administración local, hoxe só poderían obterse grafándoa no planeamento urbanístico como sistemas locais e obténdoa mediante expropiación forzosa, convenio ou permuta forzosa⁴¹ e, para tal efecto, habería que valorar se paga a pena este procedemento, tanto desde o punto de vista de interese xeral como económico. Asemade, cómpre ter en conta que a maior parte das urbanizacións pechadas existentes en Galicia foron edificadas con todos os permisos municipais correspondentes sen ningunha oposición ni por parte doutras administracións públicas nin por parte de particulares, o que leva a pensar que a aplicación do procedemento sinalado implicaría a interposición por parte dos copropietarios dos correspondentes recursos en vía xudicial, cun resultado incerto. Non obstante, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 6 de outubro de 2020 marca un horizonte optimista de cara a atopar unha solución satisfactoria sen custo para as arcas públicas, dado que atopala se vai converter nun dos obxectivos primordiais daquelas persoas propietarias en condominios que desexen obter licenzas municipais de demolición, obras, reformas e parcelacións, entre outras.

Por outra banda, no que se refire á posibilidade de construír novos condominios, cómpre ter en conta que esta figura urbanística pode ser unha solución –sen necesidade de acudir a un procedemento de normalización de predios– para determinados soares (é dicir, para aqueles terreos que teñan de forma indubidable esta condición e, xa que logo, non poidan ser clasificados e categorizados doutro xeito que non sexa solo urbano consolidado) dunha superficie considerable pero que pola súa forma dispoñen de pouca fronte á vía pública para realizar parcelacións e resultan demasiado grandes para unha ou dúas vivendas unifamiliares, en especial naqueles situados en lugares onde o prezo do metro cadrado de solo é moi elevado. Unha solución a esta problemática que conxugue os intereses públicos cos particulares podería ser outorgarlle a esta figura dos condominios, nos escasos soares en que as ordenanzas municipais aplicables os permitan por estes motivos comentados, a singularidade de posibilitar abrir novos camiños en solo urbano consolidado, incluso con requisitos inferiores aos previstos para as vías ordinarias no que atinxe a anchura e outras cuestións, sempre que sexan cedidas á Administración local para formar parte do dominio público.

⁴¹ Artigo 129.1 da LSG 2016.

Bibliografía

- CALLEJA DÍEZ, L., *Gated communities. Adaptación del modelo al entorno de Madrid*, traballo fin de grao na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade Politécnica de Madrid, Madrid, 2018.
- CALLIES, D.L., FRANZESE, P.A. e GUTH, H.K., “Urbanizaciones ‘encerradas’, pactos y problemas”, *Ciudad y Territorio*, n. 133-134, 2002.
- CANOSA ZAMORA, E., “Las urbanizaciones cerradas de lujo en Madrid: una nueva fórmula de propiedad y de organización territorial”, *Ciudad y Territorio*, n. 133-134, 2002.
- CASTRO SILVA, G., GOMES REIS LOPES, W. e LIRA MONTEIRO, M.S., “Presença de condomínios horizontais e loteamentos fechados nas cidades contemporâneas: expansão e transformações do espaço urbano”, *Geosul*, n. 30(59), 2015.
- DAL MORO, T.F. e GOMES, D., “A (i)legalidade dos condomínios fechados frente às normas de direito urbanístico”, *Revista de Estudos Jurídicos UNESP*, n. 7(26), 2013. Acceso web: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4816088> (9 de maio de 2021).
- GARCÍA CARBALLO, A., “Urbanizaciones de lujo y segregación residencial de las clases altas en Somosaguas, Pozuelo de Alarcón (Madrid)”, *Ería*, n. 94, 2014.
- GONZÁLEZ PÉREZ, J.M. e LÓPEZ GONZÁLEZ, A., “La dinámica demográfica y el planeamiento urbano en Vigo desde 1960. Impacto del proceso de industrialización desarrollista”, *Anales de Geografía de la Universidad Complutense*, n. 23, 2003.
- HIDALGO DATTWYLE, R., SALAZAR BARROWS, A. e ÁLVAREZ CORREA L., “Los condomínios y urbanizaciones cerradas como nuevo modelo de construcción del espacio residencial en Santiago de Chile (1992-2000)”, *Scripta Nova (Revista Electrónica de Geografía y Ciencias Sociales)*, n. 7, 2003. Acceso web: [http://www.ub.es/geocrit/sn/sn-146\(123\).htm](http://www.ub.es/geocrit/sn/sn-146(123).htm) (9 de maio de 2021).
- LE LOUARN, P., “Las ciudades privatizadas o la impotencia del derecho”, *Ciudad y Territorio*, n. 133-134, 2002.
- LIBERTUN DE DUREN, N., “Barrios cerrados como estrategia de desarrollo municipal”, *Apuntes de investigación/Tema central: Conurbano*, n. 16/17, 2009-2010.
- MALIZIA, M. e PAOLASSO, P., “Countries y barrios privados en Yerba Buena, Gran San Miguel de Tucumán, Argentina: nuevas formas de expansión urbana”, *Estudios Demográficos y Urbanos*, vol. 24, n. 3(72), 2009.
- ONU-HÁBITAT, “Urbanization and development. Emerging futures”, *World Cities Report*, 2016. Acceso web: <https://unhabitat.org/world-cities-report> (9 de maio de 2021).
- ORIOLANI, F.A. e CANESTRATO, M.L., “Precariedad jurídica y políticas habitacionales. Conflictos y disputas en el caso del conjunto habitacional «Lomas del Golf» (Mar del Plata, Argentina)”, *Revista Cis*, n. 25, 2018.
- ORIOLANI GARCÍA, F.A., “Configuración socio-espacial del barrio Lomas del Golf (Mar del Plata). Una aproximación a partir de su génesis constitutiva y la percepción de los actores sociales”, *Quid* 16, n. 10, 2019.

- ORREGO ACUÑA, J.A., *Ley n. 19.537, sobre copropiedad inmobiliaria*. Acceso web: <https://www.juanandresorrego.cl/publicaciones/> (9 de maio de 2021).
- PARDO RODRÍGUEZ, S., “La isla de Toralla”, traballo final do Máster de Política Territorial e Urbanística da Universidade Carlos III de Madrid, Madrid, 2004.
- PAVÓN, H., “Entrevista a Zygmunt Bauman. El Estado benefactor volvió para los ricos”, *Revista Ñ*, n. 303, 2009. Acceso web: https://www.clarin.com/ideas/entrevista-zygmunt-bauman_o_HJjEXpds7l.html (9 de maio de 2021).
- PRIORE, E.R., VELOZO, C.R.M., HIKAZUDANI, P.I. e ANDRADE, Z.R.M., “A importância do planejamento e orçamento: um estudo de caso sobre o uso da ferramenta de orçamento em um condomínio”, *Revista ENIAC Pesquisa*, n. 4(1), 2015.
- REDACCIÓN, “Toralla salta a la red”, *Atlántico Diario*, 11 de agosto de 2010. Acceso web: <https://www.atlantico.net/articulo/vigo/toralla-salta-red/20100812093756092511.html> (9 de maio de 2021).
- RITTER, C., “O Alphaville no aglomerado metropolitano de Curitiba”, *Revista Paranaense de Desenvolvimento*, n. 119, 2010.
- RODRIGUES, A.M., “Propriedade fundiária urbana e controle socioespacial urbano”, *Scripta Nova (Revista Electrónica de Geografía y Ciencias Sociales)*, n. 493(23), 2014. Acceso web: <https://revistes.ub.edu/index.php/ScriptaNova/article/view/15012> (9 de maio de 2021).
- RODRÍGUEZ-TARDUCHY, M.J., *Forma y Ciudad. En los límites de la arquitectura y el urbanismo*, Editorial Cinter Divulgación Técnica, Madrid, 2017.
- ROJO MENDOZA, F., JARA ROJAS, T. e FRICK RAGGI, J.P., “Las urbanizaciones cerradas en la ciudad intermedia. El caso de Temuco (Chile), 2005-2014”, *Bitácora Urbano Territorial*, n. 29(1), 2018.
- SANTOS DOS, M.A.M. e AMORA, Z.B., “Os enclaves residenciais: fragmentação e mercantilização do espaço urbano na RMF”, *Revista Casa da Geografia de Sobral (RCGS)*, vol. 17, n. 2, 2015.

Regap



ESTUDOS

Regap

Comentarios e crónicas

2



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 61_xaneiro-xuño 2021 | pp. 163-173
Santiago de Compostela, 2021
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i61.4726>
© Víctor José Barbeito Pose
© Julián Bustelo Abuín
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371
Recibido: 27/03/2021 | Aceptado: 16/06/2021
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

As deficiencias das ferramentas de xeolocalización dos xacementos arqueolóxicos e as súas consecuencias sobre a protección do patrimonio cultural de Galicia

Las deficiencias de las herramientas de geolocalización de los yacimientos arqueológicos y sus consecuencias sobre la protección del patrimonio cultural de Galicia

The deficiencies of the geolocation tools of archaeological sites and their consequences on the protection of the cultural heritage of Galicia

VÍCTOR JOSÉ BARBEITO POSE
Centro Arqueolóxico do Barbanza

<https://orcid.org/0000-0001-7414-2085>

centroarqueoloxicobarbanza@gmail.com

JULIÁN BUSTELO ABUÍN
Investigador do Grupo de Estudos para a Prehistoria do NW Ibérico. Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio
Universidade de Santiago de Compostela

julianbustelo17@gmail.com

61 Regap

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Resumo: Analízanse algunhas problemáticas da xeolocalización de xacementos arqueolóxicos en relación cos aproveitamentos forestais a partir dunha serie de cambios normativos. A posta en marcha dun portal web corporativo destinado á tramitación dos procedementos relativos a aproveitamentos fores-

tais pon en evidencia unha serie de disfuncións na clasificación dos bens, a delimitación de áreas afectadas, a localización dos bens e a calidade do rexistro arqueolóxico.

Palabras clave: Patrimonio arqueolóxico, protección, xeolocalización, información arqueolóxica, fiabilidade.

Resumen: Se analizan algunas problemáticas de la geolocalización de yacimientos arqueológicos en relación con los aprovechamientos forestales a raíz de una serie de cambios normativos. La puesta en marcha de un portal web corporativo destinado a la tramitación de los procedimientos relativos a aprovechamientos forestales pone en evidencia una serie de disfunciones en la clasificación de los bienes, la delimitación de áreas afectadas, la localización de los bienes y la calidad del registro arqueológico.

Palabras clave: Patrimonio arqueológico, protección, geolocalización, información arqueológica, fiabilidad.

Abstract: Some problems of the geolocation of archaeological sites are analyzed in relation to forest exploitation as a result of a series of regulatory changes. The launch of a corporate web portal for the processing of procedures related to forest exploitation highlights a series of dysfunctions in the classification of archaeological assets, the delimitation of affected areas, the location of archaeological sites and the quality of archaeological information.

Key words: Archaeological heritage, protection, geolocation, archaeological information, reliability.

SUMARIO: 1 Introducción. 2 Delimitación de áreas afectadas polo patrimonio arqueolóxico. 2.1 Os contornos de protección no visor de aproveitamentos. 2.2 A clasificación dos bens arqueolóxicos. 2.3 Ubicuidade dos bens. 2.4 A xeolocalización e o rexistro arqueolóxico. 3 Conclusións.

1 Introducción

A Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, introduciu dous cambios substanciais respecto da xeolocalización de espazos suxeitos a algún réxime de protección e de ámbitos de protección do dominio público que afectou directamente á Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), e á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Como consecuencia, os distintos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia deben colaborar coa dirección xeral competente en materia de protección do patrimonio cultural para que se publique nunha ferramenta xeográfica corporativa a información xeolocalizada dos xacementos arqueolóxicos que lles permita, ao resto das administracións públicas e operadores económicos, unha planificación respectuosa co patrimonio cultural de Galicia.

Neste mesmo sentido, o Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia, incorpora na súa disposición adicional quinta o visor de información xeolocalizada¹ dos espazos suxeitos a algún réxime de protección ou afectados por algunha lexislación de protección do dominio público, en permanente actualización ata garantir a súa total, exacta e efectiva implementación.

¹ Acceso web: <https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/> (27 de novembro de 2020).

Neste contexto, en marzo de 2018 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade anunciaba a licitación do contrato de servizos de xeolocalización e delimitación de xacementos arqueolóxicos coñecidos na Comunidade Autónoma de Galicia en 25 lotes² por un importe total de 1.100.000 euros (IVE incluído), e cun prazo de execución de 5 meses.

O servizo responsable do patrimonio arqueolóxico da Administración autonómica redactou un proxecto arqueolóxico en que se fixaban as condicións nas cales se debían realizar os traballos, acompañado dun prego de prescricións técnicas particulares³, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que complementaba as condicións do traballo.

Entre as condicións destacaban tres: a primeira, relacionada coa precisión dos datos, ao ser necesario empregar un GPS ou sistema de posicionamento global con precisión submétrica, argumentando que moitas das entidades arqueolóxicas (xacementos, achados...) se rexistraran durante os anos oitenta e noventa do século pasado cunha tecnoloxía e cartografía que non son compatibles coas necesidades dos tempos actuais; a segunda era a consulta de bibliografía sobre a zona de actuación e documentación administrativa; e a terceira estaba relacionada coa representación espacial das entidades arqueolóxicas.

Atendendo ás modificacións legislativas antes sinaladas, a información obtida durante os traballos arqueolóxicos foi incorporada ao visor da información xeolocalizada da consellería competente en materia de montes que se atopa operativo⁴.

O visor contén un aviso legal (*disclaimer*) proporcionado pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Xunta de Galicia, en que se advirte que, á hora de determinar a responsabilidade dos actos derivados dos aproveitamentos forestais realizados polas persoas titulares dos terreos, se terá en conta a información, que terá carácter oficial, contida nese visor no momento da solicitude de autorización ou declaración responsable.

En cambio, a web oficial de Información Xeográfica de Galicia⁵, dependente da Administración autonómica, anuncia que a información relativa ao patrimonio cultural só é fiable para os datos que constan nos plans xerais de ordenación municipal aprobados e incorporados á devandita información, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan solicitarlle á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural un pronunciamiento específico sobre a protección concreta dalgún ben do patrimonio cultural e o alcance das medidas de protección que cómpre desenvolver nun determinado predio segundo o tipo de actividade. Ademais, prevén sobre a información xeolocalizada que será obxecto de actualización permanente na procura dunha certeza dos datos xeorreferenciados.

² Resolución do 1 de marzo de 2018 pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto con pluralidade de criterios, do contrato de servizos, suxeito a regulación harmonizada, de xeolocalización e delimitación dos xacementos arqueolóxicos que se coñecen na Comunidade Autónoma de Galicia (25 lotes), DOG n. 47, do 7 de marzo de 2018.

³ Acceso web: <https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?OP=50&N=283450&lang=gl> (27 de novembro de 2020).

⁴ Acceso web: <http://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/> (1 de febreiro de 2021).

⁵ Acceso web: <http://mapas.xunta.gal/actualidade?content=actualidade0066.html> (1 de febreiro de 2021).

Como se pode observar, existen diferenzas notables entre as informacións proporcionadas por distintos departamentos da Administración autonómica referidos a un mesmo ámbito, o patrimonio cultural. Non obstante, isto non pasaría de ser anecdótico se non tivese implicacións que consideramos de grande interese, non pola diferenza de información achegada, senón pola rede xurídica, administrativa e patrimonial que diso deriva.

A solicitude de autorización, declaración responsable ou comunicación de aproveitamentos madeireiros debe presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (art. 9.1 do Decreto 73/2020). A aplicación web ou ferramenta corporativa (visor de aproveitamentos) detecta automaticamente se a solicitude está afectada polo réxime de protección do patrimonio cultural. A problemática xorde na delimitación destas áreas afectadas e na permanente actualización en busca dunha certeza dos datos xeorreferenciados.

2 Delimitación de áreas afectadas polo patrimonio arqueolóxico

A lenda que acompaña o visor de aproveitamentos distingue entre elementos BIC, contorno de protección dos elementos BIC, xacementos catalogados, ámbito de protección de xacementos catalogados, xacementos censados e ámbito de xacementos censados, entre outros.

Pero realmente estamos ante contornos de protección?, e existen bens arqueolóxicos censados?

2.1 Os contornos de protección no visor de aproveitamentos

Como xa sinalamos, delimitáanse tres tipos de contornos: os relativos aos BIC, aos catalogados e aos censados. Coa excepción dos contornos para Bens de Interese Cultural de natureza arqueolóxica, e non están todos, procedeuse a delimitar os contornos a partir dun xeoide cun raio de 200 metros de diámetro a partir da delimitación exterior do ben arqueolóxico sen ter en conta, por exemplo, os contornos de protección definidos para cada ben nos instrumentos ou catálogos de planeamento urbanístico, dándose unha duplicidade de contornos non coincidentes, xerando inseguridade xurídica. Asemade, imposibilita que aqueles espazos suxeitos a autorización autonómica por prescrición das ordenanzas municipais queden nun escurecemento legal⁶, dado que a aplicación web non detecta esta particularidade, quedando sen tutela patrimonial aquelas parcelas afectadas por un contorno de protección no ámbito urbanístico e que queden fóra dese xeoide de 200 metros de diámetro, ou aquelas outras

⁶ Normalmente, as percepcións urbanísticas relativas a actuacións ou usos en ámbitos de protección de bens arqueolóxicos remiten á preceptiva autorización autonómica; se agora a aplicación web non permite detectar estes espazos (sobre todo aqueles que contan con ámbitos de protección específicos e adaptados á realidade de cada ben) e a solicitude só é posible realizala por medios electrónicos, impide que estes espazos queden suxeitos a tutela autonómica por interese do patrimonio cultural.

parcelas que carecían de protección legal, pero agora, por se atoparen dentro deses 200 metros, se ven suxeitas a unha nova tutela.

Dada a dualidade normativa de protección que afecta aos bens culturais, como son o planeamento urbanístico (e ordenación do territorio) e a propia normativa sectorial do patrimonio cultural⁷, entraría dentro do aceptable que nun determinado ámbito físico se poidan exercer varias competencias sobre un mesmo espazo e con análoga finalidade, aínda que con distinto fundamento, podendo coexistir títulos competenciales diversos e complementarios⁸.

Entón, poderíamos considerar que os contornos de protección de xacementos catalogados e censados que aparecen no visor se corresponden con contornos de protección subsidiarios? A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, recolle no seu artigo 38 a posibilidade, de xeito excepcional, de establecer un contorno de protección dun ben por remisión a franxas xenéricas con carácter subsidiario de 200 metros para bens integrantes do patrimonio arqueolóxico. Porén, non parece ser o caso, xa que a propia disposición fixa unha redución desta distancia a 50 metros cando se trate de solos urbanos ou de núcleo rural común, e esta redución non aparece recollida na información xeolocalizada no visor de aproveitamentos; polo tanto, debemos descartar que se trate de contornos subsidiarios.

Tampouco consta que se regulamentasen os criterios de delimitación tal como recolle o artigo 12.3 da LPCG, nin se instrúise ningún procedemento administrativo ao respecto, e, consecuentemente, se puidesen conculcar os dereitos das persoas interesadas ao impedir a presentación de alegacións ou achegar os documentos que considerasen oportunos, tal como establece o artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Polo tanto, podemos considerar que os contornos que aparecen representados no visor de aproveitamentos son unha ficción sen amparo legal; trátase dun ámbito tutelar contrario a dereito e que, ademais de evadir a propia normativa do patrimonio cultural de Galicia e a de procedemento administrativo, está inzado de inseguridade xurídica.

2.2 A clasificación dos bens arqueolóxicos

Advertiamos máis arriba que dentro dos xacementos arqueolóxicos se diferencia unha categoría de xacementos censados; esta categoría debería estar en relación con aqueles bens incorporados ao Censo do Patrimonio Cultural a que se alude no artigo 14 da LPCG, que sinala que aqueles bens do patrimonio cultural de Galicia, mentres non fosen declarados ou catalogados, se incluírán no Censo do Patrimonio Cultural de Galicia. A incorporación ao censo prodúcese por resolución da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural, e o censo será obxecto de continua actualización e as súas incorporacións serán anunciadas no *Diario Oficial de Galicia*; non obstante, actualmente, só consta publicada unha resolución no *Diario Oficial de Galicia* pola que se inclúe no Censo do Patrimonio Cultural a técnica tradicional da

⁷ BARRERO RODRÍGUEZ, C., *La ordenación urbanística de los Conjuntos Históricos*, Lustel, Madrid, 2006, p. 104.

⁸ GARCÍA CALDERÓN, J.M., *La defensa penal del patrimonio arqueológico*, Dykinson, Madrid, 2016, p. 65.

construción da pedra en seco como manifestación do patrimonio cultural inmaterial⁹, e, en cambio, o número de bens censados que aparecen no visor pode roldar os 4.000.

Dado o incumprimento normativo que sinalamos, debemos considerar que os xacementos arqueolóxicos identificados como censados no visor carecen xuridicamente de tal clasificación¹⁰. Ademais, nalgún caso¹¹ perderon a categoría de bens catalogados sen que para iso se procedese de acordo cos procedementos de modificación ou de exclusión de bens do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia conforme os mecanismos recollidos na LPCG.

Por outra banda, a incorporación de xacementos arqueolóxicos inéditos no visor unicamente os protexe no sector forestal, e máis concretamente nos procedementos vinculados aos aproveitamentos madeireiros, deixándoos desprovistos de protección para outros sectores. Non existe ningún acto constitutivo con suficientes garantías sobre os bens arqueolóxicos, incorporándoos baixo a esfera xurídica do patrimonio cultural de Galicia consonte os mecanismos recollidos na LPCG, e que, ademais, garante os dereitos das persoas interesadas no procedemento como titulares de parcelas que poidan verse afectadas pola inclusión destas nun novo réxime de protección como consecuencia do descubrimento de novos xacementos arqueolóxicos. Obviouse o trámite de información pública e audiencia aos interesados, imposibilitando a presentación de alegacións ou a achega de argumentos que considerasen oportunos, que permitisen modificacións ou rectificacións de erros materiais.

Unha última consideración, e que xa tratamos noutra ocasión¹², é a relativa a aqueles bens que por ministerio da lei teñen consideración de bens de interese cultural, pero que aparecen clasificados como bens catalogados, concretamente referímonos ás manifestacións de arte rupestre (art. 94.2 LPCG), creando unha subcategoría de bens con características propias de arte rupestre pero que xuridicamente se afastan da consideración de bens de interese cultural, dando lugar a unha *contradictio in terminis*.

2.3 Ubicuidade dos bens

Unha das consecuencias da xeolocalización de xacementos arqueolóxicos foi o desprazamento xeográfico de moitos bens. Tal como se argumentaba no proxecto de prospección arqueolóxica¹³ destinado a definir cada unha das 25 intervencións arqueolóxicas, moitas das entidades arqueolóxicas rexistráranse durante as décadas

⁹ DOG n. 186, do 29 de xullo de 2016, Resolución do 31 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se inclúe no Censo do Patrimonio Cultural a técnica tradicional da construción da pedra en seco como manifestación do patrimonio cultural inmaterial.

¹⁰ Deberíamos referirnos a preclasificación, dado que o artigo 8 da LPCG establece que os bens do patrimonio cultural poderán ser declarados de interese cultural ou catalogado, e os censados son aqueles que non fosen declarados ou catalogados (art. 14.1) atendendo á literalidade da norma, que indica que forman parte do censo os bens e manifestacións inmateriais do patrimonio cultural de Galicia mentres non fosen declarados de interese cultural ou catalogados.

¹¹ Só por citar un exemplo: Mámoea de Ventín 5 (GA15073045) no termo municipal de Ribeira (A Coruña).

¹² BARBEITO POSE, V.J. e BUSTELO ABUÍN, J., "Los entornos de protección en la Ley 5/2016 y en el Plan básico autonómico", *Revista Galega de Administración Pública*, n. 60, 2021, p. 455.

¹³ Proxecto de prospección arqueolóxica para xeolocalizar e delimitar os xacementos arqueolóxicos que se coñecen na Comunidade Autónoma de Galicia. Acceso web: <https://www.contratosdeg Galicia.gal/licitacion?OP=50&N=283450&lang=gl> (1 de febreiro de 2021).

de 1980 e 1990 cunha tecnoloxía e cartografías que non son compatibles coas necesidades actuais.

A priori, e dadas as condicións establecidas, tanto o proxecto de intervención arqueolóxica como o prego de prescricións técnicas particulares fixaban a necesidade de utilizar un sistema de posicionamento global ou GPS de precisión submétrica. Polo tanto, a marxe de erro na localización (que non de delimitación) dos xacementos debería estar por debaixo do metro de erro.

Para realizar os traballos de xeolocalización, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade adxudicou un total de 25 contratos a distintas empresas. Á fronte de cada un dos 25 contratos atopábase un director/a arqueólogo/a que foi autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de acordo co proxecto de intervención arqueolóxica; os pregos de prescricións; o Decreto 199/1997, do 10 de xullo, que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia; a propia LPCG, e o resto de normativa estritamente administrativa.

Os traballos desenvolvéronse baixo a coordinación e seguimento da Administración autonómica, sometidos a un control de calidade, tanto interno como externo, a validación dos resultados presentados polo servizo autonómico correspondente e posterior aboamento da contía acordada. Dada a sucesión de eventos descritos, podemos considerar que os resultados teñen un carácter cualificado.

De acordo co artigo 92.8 da Lei 7/2012, de montes de Galicia, ou a disposición adicional quinta do Decreto 73/2020, a información xeolocalizada dos espazos suxeitos a algún tipo réxime de protección son subministrados polos respectivos organismos competentes. Consecuentemente, debemos entender que a información dispoñible no visor de aproveitamentos é a proporcionada pola *consellería* competente en materia de patrimonio cultural. Chegados a este punto, xorde o seguinte tema que consideramos de gran transcendencia. A localización real dun número importante de bens, que non podemos valorar cuantitativamente, variou de xeito significativo, nalgún caso superior ao centenar de metros; non obstante, non se instruíu ningún procedemento para solucionar esta situación, o que podería derivar na exixencia de responsabilidades ás autoridades que, por imprudencia grave ante a súa inactividade, lles xerasen danos ao patrimonio cultural.

Mención á parte merece a cuestión da «certeza» aludida no Decreto 73/2020, referida aos espazos suxeitos a algún réxime de protección ou afectados por algunha lexislación de protección do dominio público, que estará en permanente actualización ata garantir a súa total, exacta e efectiva implementación, pero fuxiuse dos procedementos administrativos necesarios que garantan os dereitos dos administrados, o que deixa o campo proclive á contenda xudicial para resolver estas cuestións.

Ademais, cómpre ter en conta que o proxecto arqueolóxico que sostén as proxeccións para a xeolocalización dos bens sinala a necesidade de rexistrar unha porcentaxe determinada de elementos inéditos¹⁴ aos cales se protexe no ámbito dos

¹⁴ Non deixa de ser curioso que se fixe unha porcentaxe de novos xacementos a rexistrar. O que descoñecemos son os criterios fixados para determinar as ditas porcentaxes; e, ademais, implicitamente a Administración reconece a existencia destes sen que procedese ata a actualidade a resolver esta cuestión, ou ben se está incentivando ao rexistro de bens que puidesen carecer de suficientes valores para a súa conservación, iniciando (ou continuando) unha escalada inflacionaria de bens a protexer.

aproveitamentos forestais, pero carecen de xeito fidedigno dun acto constitutivo que recoñeza amplamente os seus valores e interese, e consecuentemente que queden baixo o paraugas normativo do patrimonio cultural. É dicir, un ben arqueolóxico inédito recollido no visor non ten garantida a súa protección para outras actividades como a urbanística; unicamente queda suxeito a unha protección residual derivada de mecanismos xurídicos como o achado casual ou, quizais, á suspensión de obras en bens do patrimonio cultural non catalogados ou declarados (disposición adicional undécima LPCG).

Non deixa de ser paradoxal que unha gran cantidade de actos administrativos que se están a ditar, e que someten a interesada ou interesado a unha tutela administrativa por existiren presuntamente valores arqueolóxicos, limitando, en consecuencia, o dereito de propiedade protexido constitucionalmente e lesionando os dereitos ou interese lexítimos nalgúns casos, teñen a súa orixe nunha localización que non se axusta á realidade. É dicir, están situados xuridicamente nun sitio e fisicamente noutro, e sen ter en conta o prexuízo que se lle pode estar a causar á conservación do patrimonio arqueolóxico.

2.4 A xeolocalización e o rexistro arqueolóxico

Non estamos en condicións de analizar o conxunto de datos arqueolóxicos recollidos no visor, polo que nos centraremos nunha pequena mostra que sirva de chamada de atención sobre a calidade e certeza dos datos arqueolóxicos dispoñibles. Seleccionáronse un total de 12 bens arqueolóxicos situados no termo municipal de Boiro, e cuxas dimensións espaciais son discretas (ocupan superficies inferiores aos 50 m²).

Os datos de localización proceden de documentos de traballo da Administración local de distinta natureza, que teñen una precisión próxima ao metro. Como medida de seguridade, estas coordenadas de comprobación foron verificadas mediante o uso de xeo-visores para comprobar as marxes de erro. A táboa recolle a denominación do ben, seguida de varios códigos intercalados co nivel de certeza, as coordenadas X e Y que figuran no visor de aproveitamento, e as obtidas con procedementos propios. A última columna recolle a distancia entre a localización do ben no visor e a localización comprobada.

BEN	IDE_COPRA	NIVEL_CERT	IDE_ARQUEO	ID_PBA	X (Visor app)	X (Visor app)	X (comprobación)	Y (comprobación)	DISTANCIA	
1	Pedra da Bouza	40033785	BAI	GA15011098	52832	510895.4085	4720300,067	510937,14	4720398,154	106,5945
2	Petróglifo de Monte Gorita	40029607	BAI	GA15011092	54229	510826,6399	4718000,809	510954,2057	4718229,067	261,4859
3	Petróglifo de Monte Furado 1	40017560	BAI	GA15011069	1369	511307,6824	4723716,024	511232,2054	4723375,795	159,2518
4	Petróglifo de Monte Furado 3	40024343	BAI	GA15011087	52830	511412,5192	4723353,667	511248,5201	4723350,721	256,3706
5	Petróglifo de Monte Furado 2	40017582	BAI	GA15011086	52829	511392,872	4723344,221	511223,177	4723602,351	308,9129
6	Mámoa de Porto Traveso 3	40017538	ALT	GA15011047	1401	505026,6922	4726994,145	504987	4726949	60,1125
7	Petróglifo de Río Barbanza 1	40017558	BAI	GA15011066	1416	504736,9896	4726380,856	504705,33	4726342,52	49,7192
8	Mámoa de Pedra da Xesta 4	40017543	MED	GA15011050	1386	505410,9748	4727420,433	505422	4727438	20,7406
9	Petróglifo de Braña de Prados	40017557	BAI	GA15011065	1398	505246,1499	4726558,162	505181,25	4726549,28	65,5048
10	Mámoa de Chans de Sabucedra 8	40017524	ALT	GA15011059	1411	505919,3284	4726593,764	505908	4726583	15,6268
11	Mámoa de Chans de Sabucedra 6	40017522	MED	GA15011041	1409	505936,1249	4726673,449	505943	4726625	48,9344
12	Mámoa de Chans de Sabucedra 4	40017520	ALT	GA15011039	1407	505942,6858	4726626,958	505919	4726595	39,7783
									Error medio	116,086

Como se pode observar, o erro medio ou desviación entre as coordenadas oficiais e as nosas coordenadas supera os 100 metros lineais, con desviacións máximas que superan os 300 metros e mínimas de algo máis de 15 metros. Pero, ademais, se atendemos ao código NIVEL_CERT, que é un indicador do grao de fiabilidade, podemos comprobar que un dos bens con nivel alto (ALT) presenta unha desviación de máis de 60 metros, o que xera as suficientes dúbidas para desconfiar dos protocolos de rexistro postos en marcha durante a xeolocalización.

Seguindo co grao de fiabilidade, chama a atención o nivel de éxito na localización de bens arqueolóxicos identificados nalgúns áreas atendendo aos datos dispoñibles no visor, tendo en conta o propio carácter oculto dunha parte substancial do patrimonio arqueolóxico e a robusta foresta que crece en Galicia, ambos os dous condicionantes difíciles ou imposibles de solucionar nalgúns casos. Detectáronse situacións curiosas como, por exemplo, un xacemento escavado a principios dos anos noventa por atoparse no medio do trazado dunha vía de alta capacidade, actividade financiada pola dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural; non obstante, tras os traballos de xeolocalización, foi identificado xa non no trazado, senón nunha parcela estremeira.

O caso anterior non deixa de ser anecdótico, pero a partir deste xorde unha cuestión que non é menor, e que adoita afectar aos traballos cuxos obxectivos son a localización e delimitación de xacementos arqueolóxicos como, por exemplo, as prospeccións arqueolóxicas que se realizan como consecuencia do desenvolvemento de instrumentos de planeamento urbanístico. Non é inusual que as fichas dos catálogos incorporen bens arqueolóxicos dos cales nalgún momento se soubo da súa existencia pero que non foron localizados durante os traballos de prospección, e tampouco consta a súa destrución. Nalgúns casos, serve para clasificar solos de especial protección, ou mesmo se someten espazos a protección integral sen evidencia certa da existencia do ben que se quere protexer.

Esta situación, ao noso modo de ver, suscita un interesante debate, xa que os catálogos teñen unha dobre natureza: son instrumentos técnico-científicos e xurídicos¹⁵, e presentan implicacións nos dous ámbitos. Así, no ámbito xurídico, os actos que se ditan en aplicación do dereito do patrimonio cultural implican, polo xeral, unha restrición importante do dereito de propiedade, polo que, debido a un elemental principio de seguridade xurídica, se exige unha motivación suficiente e razoada que lle permita á persoa interesada coñecer cales son os valores que amparan a limitación dos seus dereitos¹⁶.

Entón, se non se confirma a existencia do xacemento arqueolóxico, poderíase considerar un deber antixurídico imposto pola Administración ao titular do predio onde presumiblemente estaba localizado cando non existe constancia fidedigna da súa existencia. A Administración ten os medios e a responsabilidade de constatar

¹⁵ FERNÁNDEZ GUTIÉRREZ, M.F., "El registro de bienes inmuebles como actividad profesional: una aproximación teórica y una reflexión sobre la práctica. El caso asturiano", Alonso Ibáñez, M.R. (coord.), *Los catálogos urbanísticos. Aspectos jurídicos, metodológicos y de gestión*, Servizo de Publicacións da Universidade de Oviedo, Oviedo, 2004, p. 56.

¹⁶ BARRERO RODRÍGUEZ, C., *La ordenación urbanística de los Conjuntos Históricos*, cit., p. 279.

de forma fidedigna a existencia dos bens arqueolóxicos e os seus valores, dado que son estes os que determinan que existe unha función social ou utilidade pública evidente e indiscutible que xustifican a limitación do dereito á propiedade consagrado constitucionalmente.

O legislador pode establecer límites ou cargas sempre que atenda ao destino normal do ben de forma proporcionada. É dicir, delimitase o contido do dereito sobre a propiedade atendendo á función social, mantendo a compatibilidade dos límites sociais co aproveitamento privativo dos bens, pero cando os límites establecidos non se adecúen ao fin ou este non exista, ou cando interfira na capacidade de dominar o contido do seu titular, entón serán supostos de privación do dereito de propiedade e, consecuentemente, indemnizables¹⁷.

A incorporación ao planeamento urbanístico de zonas con parcelas delimitadas polo seu interese arqueolóxico produce unha perda do valor económico destas e, de demostrarse a súa inexistencia, poderíase exixir responsabilidade patrimonial á Administración pola lesión sufrida nos seus bens e dereitos como consecuencia da aplicación de actos legislativos de natureza non expropiatoria de dereitos que non teñan o deber xurídico de soportar.

Seguindo este mesmo argumento, pero atendendo á propia normativa do patrimonio cultural de Galicia, na cal non existe unha figura de presunción, os xacementos ou zonas arqueolóxicas defínense como «o lugar en que existen evidencias de bens mobles ou inmobles susceptibles de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica, de interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, sempre que estea relacionado coa historia humana, ou antropolóxico». Por iso, é crucial que se cumpran as premisas de “lugar” e “evidencias de bens materiais ou inmateriais”. Se non se cumpren as dúas premisas, non poderíamos considerar que o definido como xacemento ou zona arqueolóxica non localizada entre a formar parte do Patrimonio Cultural de Galicia.

Constatouse que numerosas “referencias” ou “topónimos”, que son entidades de rexistro usadas na práctica arqueolóxica, supoñen unha sobrerrepresentación de entidades arqueolóxicas como consecuencia dun problema de uso de datos herdados, procedentes das bases de datos existentes¹⁸. Moitas veces estas “referencias” fan alusión a noticias de achados antigos sen unha localización espacial definida e concreta. No caso dos topónimos, poden facer alusión a lugares con probabilidade (pero sen certeza) de conter evidencias de ocupación humana pasada¹⁹. Deixando á marxe as implicacións xurídicas, esta situación pon de manifesto unha inflación

¹⁷ BERMÚDEZ SÁNCHEZ, J., *El derecho de propiedad: límites derivados de la protección arqueológica*, Editorial Montecorvo, S.A., Madrid, 2003, p. 39.

¹⁸ Algúns autores detectaron esta mesma problemática para a recompilación de datacións por carbono 14 no ámbito arqueolóxico (CONTRERAS, D. e MEADOW, J., “Estudios paleo demográficos basados en conjuntos de dataciones radiométricas. Una revisión crítica”, Barcelo, J.A. e Morell, B. (eds.), *Métodos cronométricos en arqueología, prehistoria y paleontología*, Dextra Editorial, S.L., Madrid, 2020, p. 510).

¹⁹ GARCÍA SANJUAN, L., *Introducción al reconocimiento y análisis arqueológico del territorio*, Ariel, Barcelona, 2005.

do número de xacementos e zonas arqueolóxicas en Galicia e que podería roldar os 2.000 elementos²⁰.

Esta inflación incrementaríase coa incorporación de gravados, como son cruces de termo, ou elementos delimitadores de xurisdicións diversas (coutos, parroquias, deslindes de propiedades, etc.) que tuitivamente se afastan do considerado como manifestacións de arte rupestre de acordo co artigo 40.2 da Lei 16/1985, do Patrimonio Histórico Español, e artigo 94.2 da LPCG.

Outro dos condicionantes recollidos no proxecto de intervención arqueolóxica que definiu as 25 intervencións de prospección era o relativo á consulta de bibliografía sobre a zona de actuación e documentación administrativa. Pois ben, á parte do xacemento que fora escavado por estar afectado polo trazado dunha vía de alta capacidade e se localizou de novo, detectamos numerosas ausencias de xacementos (por exemplo, bisbarra da Barbanza) que figuran publicados, algúns desde a década de 1980, e outros máis recentes; do mesmo xeito que tamén foron obxecto de varios expedientes administrativos, ou que figuran incluídos nos catálogos dos plans urbanísticos, e que aínda existen e presentan notables valores arqueolóxicos, non foron incorporados e, consecuentemente, están desprotexidos de cara aos aproveitamentos forestais, dado que ao non estaren recollidos na aplicación non serán detectados no momento en que se instrúa o procedemento de autorización única²¹.

Outras disfuncións detectadas son cambios de denominación a determinados bens sen que exista motivo aparente, ou a suplantación de identidade duns bens por outros.

Malia que se intúe un esforzo (tímido) por realizar un rexistro arqueolóxico crítico e discriminar determinados elementos ou erros, non se conseguiu alcanzar ese obxectivo, nin patrimonial nin xuridicamente, de xeito satisfactorio. Atribuímos este esforzo ao cambio que sufriron determinados bens que aparecen no visor como censados; non obstante, e lonxe de ser elementos xuridicamente censados, como xa analizamos con anterioridade, non se obxectivizan os criterios seguidos para tal cambio, e só a confirmación de datos cientificamente demostrados que acrediten a perda de valores culturais permitiría operar a desprotección dun ben²².

Resulta obvio que nós só analizamos unha parte ínfima dos resultados da xeolocalización, e que, dado que traballaron 25 equipos en todo o territorio galego, os resultados non son homoxéneos e deben existir distintos graos de rigorosidade.

Debemos facer nosa a reflexión de ALONSO IBÁÑEZ²³ en relación coa catalogación: *«as causas polas que as continuas apelacións do lexislador á necesidade de catalogar e inventariar o patrimonio existente se incumpriron pavorosamente non poden ser*

²⁰ O proxecto de intervención arqueolóxica que deu soporte ao contrato de xeolocalización de xacementos arqueolóxicos estimaba en máis de 2.000 os topónimos e referencias. O proxecto está dispoñible na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia. Acceso web: <https://www.contratosdeg Galicia.gal/licitacion?OP=50&N=283450&lang=gl> (28 de novembro de 2020).

²¹ A autorización única integra os informes sectoriais, entre eles os arqueolóxicos, que incorporan as condicións a que debe someterse o aproveitamento.

²² SORO MATEO, B., "La desclasificación de bienes culturales. Pérdida de valores, error o desviación de poder", *Revista Aragonesa de Administración Pública*, n. 41-42, 2013, p. 283.

²³ ALONSO IBÁÑEZ, M.R., "Los aspectos jurídicos de la actividad de catalogación protectora", Alonso Ibáñez, M.R. (coord.), *Los catálogos urbanísticos. Aspectos jurídicos, metodológicos y de gestión*, Servizo de Publicacións da Universidade de Oviedo, Oviedo, 2004, pp. 22-23.

atribuídas só á magnitude da tarefa, á dispersión dos elementos a protexer, ás negligencias da Administración chamada a asumir a súa elaboración, nin sequera á precariedade de medios económicos predispostos para tal fin. Todo iso sen dúbida que contribuíu ao resultado final, pero, no fondo, o problema deriva da falta dunha concepción xeral sobre a propia actividade administrativa de catalogación, o que se traduciu nunha permanente ausencia de normas específicas que atendan a este labor e permita configurar unha infraestrutura profesional e eficaz».

3 Conclusións

En cuanto a la alusión al artículo 154 de la Ley del Suelo de Galicia, su invocación es inane respecto al plazo de recurso contra los actos expresos de otorgamiento de las licencias por parte de quien pretenda ejercitar la acción pública, ya que dicho precepto lo que regula es la atribución de la potestad administrativa de suspensión de las licencias para su ulterior impugnación en vía jurisdiccional, y en su apartado segundo se remite a los procedimientos de revisión de oficio de la legislación básica. De dicho precepto no se desprende que el ciudadano interesado en impugnar una licencia de la que tiene conocimiento pueda prescindir del plazo legalmente establecido para la interposición de su recurso. Cuestión distinta es que, si concurre causa de nulidad de pleno derecho, pueda instar su revisión por esa causa por el cauce previsto en la legislación básica (actualmente artículo 106 de la Ley 39/2015) sin sujeción a un plazo preclusivo, en cualquier momento –siempre respetando los límites del artículo 110 de la Ley 39/2015– pero, repetimos, la desestimación presunta de una solicitud de revisión no es el objeto de este procedimiento, sino de otro recurso contencioso-administrativo, promovido por el mismo recurrente. Por lo demás, el hecho de que la Administración pueda declarar lesivo un acto en el plazo de cuatro años en nada afecta a la extemporaneidad del recurso formulado por un particular en ejercicio de una acción impugnatoria: cuatro años es el plazo del que dispone la Administración para la declaración de lesividad y

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

posteriormente proceder a la impugnación en vía contencioso-administrativa, no el plazo del que dispone el particular que ejercita la acción pública impugnando los actos de otorgamiento de dos licencias urbanísticas».

4.4 Disciplina urbanística. A APLU non pode ordenar directamente a demolición dunha edificación amparada en licenza urbanística municipal en vigor. Antes debe conseguir a súa anulación ou declaración de nulidade

A Sentenza do TSXG do 2 de novembro de 2020 (rec. 4163/2019, relator: Martínez Quintanar) confirma a anulación dunha orde de demolición dunha vivenda ditada pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Xunta de Galicia (APLU), ao se ter erixido de conformidade cunha licenza urbanística municipal en vigor. Afirma o tribunal o seguinte:

«(...) la sentencia apelada concluye que “la tesis sostenida por la APLU de considerar que puede ordenar directamente la demolición de una edificación construida conforme a la licencia municipal de obras previamente otorgada (vigente y eficaz), con el subterfugio de que en su opinión adolece de un vicio de nulidad, sin impugnarla, ni revisarla de oficio, es incompatible con los principios más básicos de nuestro Derecho urbanístico y administrativo antes reseñados, generando además una grave inseguridad jurídica en el tráfico inmobiliario”. Compartimos esta conclusión de la sentencia apelada. (...)

(...) si existe licencia, la acción de la reposición de la legalidad urbanística solo puede ser ejercitada en el supuesto de que las obras no se ajusten plena y fielmente a la licencia otorgada, y no en otro caso. La contravención del ordenamiento urbanístico por obras realizadas ajustándose a la licencia otorgada no es un supuesto contemplado por el artículo 209 de la LOUGA 9/2002, que solo contempla la orden de demolición para las obras que no fuesen legalizables por ser incompatibles con el ordenamiento urbanístico, y ese juicio de legalizabilidad solo puede recaer sobre obras sin licencia, ya que si son obras ejecutadas al amparo de una licencia no cabe hablar en puridad de no legalizabilidad o legalizabilidad, ya que está otorgado el título habilitante que consideró en sentido favorable la legalizabilidad. Lo que está en cuestión cuando hay licencia es el ajuste de la obra a la licencia, y la demolición solo procederá en ese caso cuando estando ordenado ese ajuste, no se acabe produciendo.

Ello no desapodera a la APLU de su potestad de verificar que no se otorga licencia a un uso prohibido en suelo rústico. Lo que sucede es que si las obras se ajustan a la licencia y a pesar de ello la APLU considera que son incompatibles con el ordenamiento urbanístico, en tal caso la incompatibilidad con el ordenamiento urbanístico se origina en el propio acto municipal de otorgamiento indebido de la licencia, al legitimar un uso residencial prohibido en suelo no apto para el mismo, y ello obliga inexcusablemente a que si la infracción se comete con

el acto de otorgamiento de la licencia –que se concede de forma indebida– la APLU deba ejercitar sus potestades instando la revisión de la licencia, al amparo del artículo 212.2 de la LOUGA 9/2002, y los artículos 65 y 66 de la Ley de Bases de Régimen Local.

(...) si efectivamente se da por supuesta la invasión del suelo rústico, lo que procede no es la adopción de medidas de reposición de la legalidad urbanística conducentes a la demolición, sino precisamente la revisión de la licencia. Esta revisión, de conducir a la declaración de nulidad de la licencia, abocaría a la demolición de las construcciones que invadan suelo rústico, demolición cuya procedencia no se derivará de esas ligeras variaciones de lo ejecutado, sino de la invasión de suelo no urbanizable, invasión que no cabe dar por supuesta en este procedimiento, sino que debe probarse en el procedimiento conducente a revisar la licencia otorgada, porque tal invasión por las dos construcciones se originaría en el proyecto autorizado por la licencia, y no por un emplazamiento distinto de las edificaciones que se apartase del proyecto.

Este es el motivo por el cual procedía anular igualmente la orden de demolición respecto a la edificación auxiliar, ya que la contravención urbanística en que se basa dicha orden en realidad es un vicio que, de existir, afectaría a la licencia, y los cambios entre lo proyectado y lo ejecutado son irrelevantes en orden a justificar la demolición acordada, ya que serían en todo caso legalizables, sin que proceda condenar a la APLU a exigir esa legalización porque solo tiene competencia para ordenar la reposición de la legalidad si se considera probada la invasión del suelo rústico, y entonces lo que procedería no es la legalización, sino la demolición por esa invasión, pero no como medida derivada de un expediente de reposición de la legalidad, sino como efecto inherente a la declaración de nulidad de la licencia, previa tramitación del procedimiento de revisión correspondiente, ya que esa invasión derivaría de lo proyectado, y por tanto debe alegarse y probarse en el procedimiento de revisión de la licencia.

En suma, no estamos hablando de edificaciones distintas a las proyectadas, ni en emplazamiento diferente, ni de naturaleza y características que se aparten de forma relevante respecto a lo proyectado, ni la orden de demolición de las construcciones deriva de un desajuste de lo edificado respecto a lo proyectado, sino de una posible invasión parcial de suelo no urbanizable con construcciones residenciales que están efectivamente emplazadas en el lugar indicado en el proyecto autorizado por la licencia, lo que significa que la forma de remediar esa posible contravención urbanística consistente en la materialización de un uso prohibido en suelo no urbanizable de protección de espacios naturales es la revisión de la licencia que ha autorizado el proyecto que permitió esa posible invasión, al grafiar, según la tesis de la APLU, de forma incorrecta la línea separadora de las clasificaciones. Esa revisión de la licencia debe ser instada por los procedimientos administrativos y/o judiciales establecidos por nuestro ordenamiento jurídico y solo en el caso de que efectivamente se declare su nulidad o se anule podrá prescindirse de los efectos autorizatorios de la licencia municipal, y sería la consecuencia indeclinable de esa

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

declaración de nulidad –derivada de la invasión de suelo no urbanizable con un uso prohibido– precisamente la demolición de lo construido, consecuencia que no puede apreciar unilateralmente la APLU prescindiendo del procedimiento de revisión de dicho acto autorizador, al dimanar el vicio apreciado no de un desajuste de lo ejecutado con lo autorizado sino de un posible vicio del proyecto autorizado. Sobre este posible vicio del proyecto la sentencia apelada no se pronuncia categóricamente y tampoco lo debe hacer esta sentencia de segunda instancia, ya que no cabe prejuzgar ni anticipar el resultado de un eventual expediente de revisión de la licencia que no ha sido instado, sino simplemente constatar que ese era el procedimiento adecuado para conseguir el efecto pretendido por la APLU. Ello no supone vaciar de competencias a la Administración autonómica, sino concretar el procedimiento a través del cual deben ser ejercidas, debiendo recordarse que dentro de las funciones de la APLU se encuentra no solo la tramitación de los expedientes de reposición de la legalidad, sino también, entre otras, “el requerimiento para la anulación de licencias urbanísticas contrarias a la normativa reguladora del urbanismo, la ordenación del territorio y del litoral” (artículo 3.h) del Decreto 213/2007, de 31 de octubre, por el que se aprueban los Estatutos de la APLU) (...)».

5 Persoal

5.1 Carreira profesional do persoal interino

O TSXG, na súa Sentenza do 17 de marzo de 2021 (rec. 193/2019, relator: López González), anula a Orde da Consellería de Facenda do 28 de marzo de 2019, pola que se publica o Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CC. OO. e UXT, para a implantación do réxime extraordinario de acceso ao grao I do sistema de carreira profesional do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal laboral fixo do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, «en la medida en que excluye al personal laboral temporal y a los funcionarios interinos del régimen de carrera profesional establecido». Incide a sentenza en que:

«La Sala 3ª del Tribunal Supremo ha tenido ocasión de pronunciarse recientemente sobre acuerdos y resoluciones análogos al impugnado, concluyendo que la carrera profesional forma parte de las condiciones de trabajo de la cláusula 4ª del Acuerdo Marco incorporado a la Directiva 1999/70/CE, referida al principio de no discriminación, y que, en consecuencia, no procede excluir de ella al personal no permanente.

Así lo ha hecho en sus sentencias de 18 de diciembre de 2018 (recurso de casación 3723/2017), 21 de febrero de 2019 (RC 1805/2017), 25 de febrero de 2019 (RC

4336/2017) y 6 de marzo de 2019 (RC 2595/2917), versando las tres últimas sobre personal estatutario sanitario del Instituto Catalán de Salud.

Dicha jurisprudencia, a su vez, ha tomado base en la doctrina del Tribunal de Justicia de la Unión Europea en la materia, que se ha pronunciado recientemente con nitidez en relación a la carrera profesional en el Auto de 22 de marzo de 2018, dictado en el asunto C-315/1, originado por una cuestión prejudicial planteada por el Juzgado de lo Contencioso administrativo n. 2 de Zaragoza, en un procedimiento referido a la exclusión de la carrera profesional horizontal de una funcionaria interina de la Universidad Pública de Zaragoza. (...)

De la doctrina del Tribunal de Justicia de la Unión Europea y del Tribunal Supremo expuesta se deduce que resulta discriminatorio, y vulnerador del artículo 14 de la Constitución española, el trato que se otorga al personal laboral temporal, al resultar excluido, de la posibilidad de acceso al grado I de la carrera profesional, pues así se deriva de la exigencia en el artículo 6 de la Orden impugnada. (...)

Resulta evidente la diferencia de trato que establece el sistema de carrera diseñado entre, por un lado, los funcionarios de carrera y el personal laboral fijo y, por otro, los funcionarios interinos y el personal laboral temporal que prestan servicios en el marco de una relación de servicio de duración determinada, ello en la medida que excluye a los segundos de la carrera profesional horizontal que reserva para los primeros.

Y no existen razones objetivas que justifiquen esa diferencia de trato, porque lo determinante de la carrera profesional es el desempeño de las funciones propias de la categoría desde la que se pretende acceder y no el carácter fijo o temporal del nombramiento mediante el cual se desarrolla la actividad profesional de que se trate, resultando indiscutible la identidad del trabajo realizado por el personal fijo y el temporal de la correspondiente categoría. En efecto, si la carrera profesional se vincula al desempeño de las funciones propias de la categoría profesional, el personal laboral temporal no puede quedar, sin más, excluido del acceso a la carrera profesional, dado que su nombramiento le permite ejercer las funciones propias de la categoría profesional a la que pertenece, en idénticos términos que el personal laboral fijo.

Hay que pensar que, de cara al régimen de carrera horizontal, según el artículo 17.b) del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, han de valorarse “la trayectoria y actuación profesional, la calidad de los trabajos realizados, los conocimientos adquiridos y el resultado de la evaluación del desempeño. Podrán incluirse asimismo otros méritos y aptitudes por razón de la especificidad de la función desarrollada y la experiencia adquirida”. Todo ello es perfectamente evaluable para el personal temporal al igual que para el fijo, por lo que si se excluye al primero cabe apreciar una discriminación injustificada.

Por otra parte, de la doctrina emanada de la jurisprudencia del Tribunal de Justicia de la Unión Europea y del Tribunal Supremo español se desprende que, en cuanto al sistema extraordinario de carrera que se regula, ha de ser unitario el régimen

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

del personal fijo (sea funcionario de carrera o personal laboral fijo) y el temporal (sea funcional o laboral), pues, al tratarse de una condición de trabajo, la regulación ha de ser pareja y homogénea, a fin de evitar el riesgo de generar un trato dispar vulnerador de la cláusula 4ª del Acuerdo Marco incorporado a la Directiva 1999/70/CE referida al principio de no discriminación, así como del artículo 14 de la Constitución española.

Cierto es que, según el artículo 82 de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia, “La carrera profesional y la promoción del personal laboral se harán efectivas a través de los procedimientos previstos en la legislación laboral y en los convenios colectivos”, pero ya hemos visto que, conforme a la jurisprudencia comunitaria, no cabe que ni la normativa laboral ni los convenios colectivos establezcan un régimen de carrera profesional horizontal diferente para el personal laboral fijo y temporal».

5.2 Persoal sanitario temporal. Nomeamento fraudulento para praza estrutural

A Sentenza do TS do 17 de febreiro de 2021 (rec. 3321/2019, relator: Requero Ibáñez) revoga a do TSXG impugnada –que lle atribuíra a condición de “persoal indefinido non fixo” a un médico con vínculo temporal prolongado no Servizo Galego de Saúde de Galicia–, concluíndo finalmente que:

«(...) en un caso como el que enjuiciamos, en que se ha producido una utilización abusiva de los nombramientos de personal estatutario eventual ex artículo 9.3 Estatuto Marco del Personal Estatutario la misma solución jurídica aplicable no es la conversión del personal estatutario temporal de carácter eventual de los servicios de salud en personal indefinido no fijo, aplicando de forma analógica la jurisprudencia del orden social, sino, más bien, la subsistencia y continuación de tal relación de empleo, con todos los derechos profesionales y económicos inherentes a ella, hasta que la Administración sanitaria cumpla en debida forma lo que ordena la norma de carácter básico establecida en el art. 9.3, último párrafo, de la Ley 55/2003, de 16 diciembre, del Estatuto Marco del Personal Estatutario de los Servicios de Salud. (...)».

5.3 Acceso por sindicatos a documentación e información do departamento de persoal da Administración. Protección de datos

A Sentenza do TS do 9 de febreiro de 2021 (rec. 1229/2020, relator: Teso Gamella) confirma o pronunciamento do TSXG desfavorable á petición formulada por varios sindicatos ao Sergas de información relativa aos nomeamentos estatutarios de todos os facultativos por servizo, especificando o tipo e data de inicio de prestación do servizo, incluíndo nese rexistro tanto os nomeamentos por “cúmulo de tarefas” como as “substitucións” e outras prazas “non estruturais”. Considera o alto tribunal que:

«En el caso examinado el límite al derecho fundamental de la libertad sindical, respecto del acceso a documentación e información, se produce por el reconocimiento constitucional de otro derecho fundamental, el de la protección de datos de carácter personal. (...) De modo que debemos averiguar si los preceptos invocados – artículos 40.1.a) del TR de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, y 10.3.1ª de la Ley Orgánica de Libertad Sindical –, suponen una excepción a la exigencia del consentimiento. Teniendo en cuenta que la documentación solicitada supone un volcado masivo de datos, en los términos transcritos en los fundamentos anteriores. Pues bien, ni el expresado artículo 10.3.1ª, por lo que se refiere a la equiparación, a estos efectos, de los delegados sindicales, con los órganos de representación que se establezcan en las Administraciones públicas, respecto del “acceso a la misma información y documentación”, ni el citado artículo 40.1.a) que señala como función de los delegados de personal “recibir información, sobre la política de personal, así como sobre los datos referentes a la evolución de las retribuciones, evolución probable del empleo en el ámbito correspondiente y programas de mejora del rendimiento”, describen un supuesto legalmente previsto que exceptione el consentimiento de los interesados a los efectos del artículo 11.2.a) de la Ley de 1999, en un caso como el examinado en el que se solicita una cuantiosa e indiscriminada cesión de datos, sin proporcionar una mínima explicación, al tiempo de su solicitud, de la necesidad o relevancia de esos datos para el ejercicio de sus labores sindicales.

Resulta relevante, por tanto, que medie la debida relación entre los datos personales del personal estatutario que se solicitan, con la importante función sindical que se desarrolla. De modo que únicamente cuando estos datos personales son necesarios para el ejercicio de las labores sindicales, podrían considerarse exceptuados del consentimiento, pero no cuando se encuentran desvinculados o se desconozca su relación, al no haberse puesto de manifiesto su conexión con dichas funciones sindicales. (...)

En relación con al carácter no íntimo de los datos solicitados, que se invoca por la parte recurrente, conviene tener en cuenta que el derecho fundamental a la protección de datos se refiere a cualquier dato de la persona en las esferas en las que se desenvuelve. Recordemos que el ámbito de la protección de los datos tiene que ver con concepto de “privacidad”, que va más allá que la “intimidad” alegada. De modo que los datos relativos al nombre y apellidos, tipo de puesto de trabajo, o el inicio de la prestación no disociados de aquél, son datos, que, aunque no sean íntimos, están protegidos por la citada Ley Orgánica de Protección de datos de carácter personal de 1999.

Viene al caso traer a colación la definición del “dato” que establece el artículo 3.a) de la mentada Ley Orgánica de Protección de datos de carácter personal, como “cualquier información concerniente a personas físicas identificadas o identificables”. A estos efectos, debemos citar la STC 292/2000, de 30 de noviembre, pues aunque los datos que se solicitan son datos profesionales, lo cierto es que la protección de datos “no se reduce a los datos íntimos de la persona, sino a

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

cualquier tipo de dato personal, sea o no íntimo, cuyo conocimiento o empleo por terceros puede afectar a sus derechos, sean fundamentales o no, porque su objeto no es solo la intimidación individual”, toda vez que tiene su amparo en el artículo 18.4 CE, y no en el artículo 18.1 CE, relativo a protección de los datos personales».

5.4 Complementos de produtividade fixos e regulares. Desnaturalización. Equivalen realmente a complemento específico, polo que deben aboarse en períodos de vacacións e permisos

Examina o TSXG, na súa Sentenza do 10 de marzo de 2021 (rec. 407/2020, relator: Seoane Pesqueira), o peculiar réxime dos axentes facultativos ambientais da Xunta de Galicia, que perciben durante 4 meses do ano un “complemento de produtividade” lineal e fixo. Determina a procedencia do seu aboamento durante os períodos de vacacións, permisos retribuídos e baixas desfrutadas durante ese intervalo, como se formase parte do complemento específico. Considera o tribunal que:

«(...) En orden a determinar la auténtica naturaleza de dicha retribución hay que tener en cuenta que las cosas son lo que son, al margen de la denominación que se le otorgue, por lo que el hecho de que en el artículo 7 de la Orden de 21/3/2005 se denomine como complemento de productividad ni resuelve la controversia ni despeja las dudas.

A la vista de los mencionados artículos 2 y 7 de la Orden de 21/3/2005, si la necesidad de realizar guardias de 12 horas en épocas de alto riesgo forestal se asocia prioritariamente al desempeño de la actividad propia del puesto de trabajo en esos períodos, no cabe duda de que no se trata propiamente de un complemento de productividad, que se caracteriza por su naturaleza subjetiva, sino de un complemento objetivo anudado a las características del puesto en esas épocas del año. Por ello, no puede compartirse el criterio de la Xunta de Galicia de que la retribución tiene carácter personalista y subjetivo, pues no es cierto que se abone en función de una concreta actividad extraordinaria, sino de una característica del puesto en esas determinadas épocas del año. La única peculiaridad es que esa condición del puesto no es permanente para todo el año, sino que se ciñe al período extraordinario en que se incrementa el riesgo de incendios forestales, pero ello no deja de constituir una peculiaridad del puesto que se identifica con una de las condiciones en que se desarrolla el trabajo, tal como exige el artículo 24.b) del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, para uno de los grupos de las retribuciones complementarias, en concreto las ligadas a las condiciones del puesto, y el artículo 137.2.b) de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia, para el complemento de puesto de trabajo.

En definitiva, en esa época del año de mayor riesgo forestal se altera una de las características del puesto desempeñado, cual es el horario y los días de prestación del servicio, pues han de realizarse guardias de 12 horas durante todo el mes en lugar

de turnos de 7 horas, no se realiza trabajo nocturno y se produce una disminución de días de trabajo en festivo y fines de semana, por lo que no cabe duda de que la retribución que remunera esa diferente condición en que se desarrolla el trabajo ha de incardinarse entre las retribuciones complementarias de carácter objetivo. Coadyuva a la anterior conclusión el hecho de que no se percibe la retribución tras un análisis individualizado sobre el especial rendimiento, actividad extraordinaria, interés o iniciativa con que el funcionario desempeña el trabajo, parámetros relevantes para el complemento de productividad, según la disposición transitoria 10ª de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia.

Además, se trata de una retribución fija en su cuantía y periódica en su devengo, pues está predeterminada en aquel artículo 7 con los incrementos establecidos en la Ley de presupuestos para las retribuciones de los funcionarios de la Xunta de Galicia a partir del ejercicio de 2006, lo cual constituye un argumento más para deducir su carácter objetivo y descartar la naturaleza subjetiva que es propia del complemento de productividad, de modo que, aunque se le denomine así en aquel artículo 7 de la Orden de 21/3/2005, aparece claramente desnaturalizado.

Dado ese carácter objetivo de la remuneración contenida en el artículo 7 de la Orden de 21 de marzo de 2005, necesariamente ha de regir el principio de neutralidad salarial en períodos vacacionales o de disfrute de permisos, pues no puede exigirse la efectiva prestación de servicios para cobrar esos conceptos, debido a que son ordinarios, no subjetivos ni extraordinarios.

En el mismo sentido se ha pronunciado el Tribunal Supremo en sus sentencias de 4 de diciembre de 2019 (recurso 101/2019) y 21 de julio de 2020 (recurso 2616/2019), al tratar de la compensación durante las vacaciones anuales de la cantidad que perciben los funcionarios policiales por prestar servicios en turnos rotatorios, descartando que se trate de una gratificación y concluyendo que estamos ante una retribución complementaria que, por tanto, debe percibirse también durante las vacaciones anuales retribuidas. La STS de 1 de octubre de 2020 incide asimismo en el carácter objetivo de la retribución, también llamada impropia-mente complemento de productividad, que percibe el personal de servicio de extinción de incendios, al ser una remuneración ordinaria por los servicios que se prestan regularmente.

Respaldan la misma postura las sentencias del Tribunal de Justicia de la Unión Europea de 15 de septiembre de 2011 (asunto C-155/10) y de 22 de mayo de 2014 (asunto C-539/12), que interpretan el artículo 7 de la Directiva 2003/88/CE, y entienden que dicho precepto se opone a una normativa nacional que en las vacaciones anuales solamente retribuye al trabajador con su salario base y no, también, con los complementos».

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

6 Tributos

6.1 Xestión do imposto sobre o valor engadido. Autonomía financeira das comunidades autónomas

O TS, na súa Sentenza do 23 de abril de 2021 (rec. 231/2020, relator: Bandrés Sánchez-Cruzat), estima en parte o recurso contencioso-administrativo interposto pola Xunta de Galicia fronte á desestimación presunta da reclamación que dirixiu ao Consello de Ministros de adopción das medidas necesarias para compensar a Comunidade Autónoma de Galicia polo desfasamento financeiro producido na liquidación do imposto sobre o valor engadido correspondente ao exercicio de 2017, condenando a Administración xeral do Estado á dita compensación, «que vendrá determinada por la diferencia entre el resultado de la liquidación practicada por el Ministerio de Hacienda y la que habría resultado de computar en dicha liquidación la recaudación del IVA correspondiente a doce mensualidades, incluyendo, por tanto, la correspondiente el mes de noviembre de 2017, a la que deberá añadirse el abono de los intereses legales».

Nesta sentenza o alto tribunal conclúe:

«(...) en los mismos términos que hemos expuesto en la sentencia de esta Sala de 19 de abril de 2021, resolviendo el recurso contencioso-administrativo 286/2020, que el desequilibrio derivado de la aplicación de la metodología instaurada por el Real Decreto 596/2016, de 2 de diciembre, determinó la vulneración del derecho a la autonomía financiera de la Comunidad Autónoma, pues es notoria la disfunción que se deriva del hecho de que las entregas a cuenta se le abonasen en doce mensualidades y, en cambio, en la liquidación definitiva se atendiese únicamente a la recaudación de IVA correspondiente a once mensualidades, derivándose de ello un resultado anómalo.

En la mecánica del sistema regulado en la Ley 22/2009, de 18 de diciembre, por la que se regula el sistema de financiación de las Comunidades Autónomas de régimen común y Ciudades con Estatuto de Autonomía, y en concreto, en lo que se refiere a la recaudación por IVA (artículo 13), es innegable que la liquidación final pueda variar en relación con las entregas a cuenta; pero, como señala la parte demandante, tal discordancia únicamente debe reflejar la diferencia que pueda existir entre las estimaciones que sirven de base para el cálculo de las entregas a cuenta y las cantidades que luego resultan efectivamente recaudadas. Lo que constituye una anomalía es que la diferencia a florada en la liquidación definitiva venga dada, en todo o en parte, no porque la recaudación efectiva se aparte de las estimaciones iniciales sino porque las entregas a cuenta se calcularon y se abonaron para doce mensualidades y, en cambio, al practicar la liquidación definitiva se atendió a la recaudación de sólo once mensualidades.

De este modo, la aplicación de una norma reglamentaria –Real Decreto 596/2016, de 2 de diciembre– trajo consigo una alteración en las reglas del sistema de financiación autonómico establecido legalmente, produciendo un desequilibrio

que es necesario corregir, al haberse producido un quebranto financiero para la Comunidad Autónoma demandante y, correlativamente, un enriquecimiento indebido para la Administración del Estado.

De este resultado anómalo que venimos describiendo se mostró persuadida la Administración del Estado antes del inicio de este proceso, como pusieron de manifiesto aquellas iniciativas de arreglo extraprocesal a las que antes nos hemos referido y que a la postre resultaron fallidas. Por ello, el principio de lealtad institucional en la actuación de las administraciones públicas (artículo 3.1.e) de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público) puesto en relación con el artículo 103.1 de la Constitución habría exigido que por parte de dicha Administración se diese a la reclamación de compensación una respuesta muy distinta a la desestimación presunta que constituye el objeto de este proceso. Al respecto, resulta relevante poner de manifiesto los intentos fallidos emprendidos por la Xunta de Galicia para tratar de solucionar el desequilibrio financiero (...)».

6.2 Imposto de sucesións e doazóns. Valoración do ben transmitido. Doutrina do “dobre tiro”

Na Sentenza do 11 de marzo de 2021 (rec. 80/2019, relator: Díaz Delgado) o TS estima o recurso interposto contra unha terceira liquidación do imposto de sucesións da Xunta de Galicia e anúlaa aplicando o criterio xurisprudencial do “dobre tiro”. Practicáranse anteriormente, sobre o mesmo obxecto e período impositivo, dúas liquidacións tributarias sucesivas que foron anuladas por falta de motivación da valoración dos bens transmitidos. O TS incide nesta sentenza en que:

«(...) Es designio, pues, del legislador que lo comprobado (o inspeccionado) limitadamente, y que ha dado lugar a una liquidación provisional, no pueda ser objeto de nueva regularización, con la excepción expresada de que se obtengan nuevos hechos en actuaciones distintas de las que fueron objeto de la comprobación limitada. Este concepto, el de “actuaciones distintas”, sólo puede ser integrado atendiendo a la propia disciplina del procedimiento de comprobación limitada, en el que se trata de comprobar hechos y elementos de la obligación tributaria mediante, en lo que ahora interesa, el examen de los datos proporcionados por los obligados tributarios y de los que se encuentran en poder de la Administración. Es decir, el objeto es “los hechos, actos, elementos, actividades, explotaciones y demás circunstancias determinantes de la obligación tributaria” y el medio es el “examen de los datos” consignados por los obligados o a disposición de la Administración. Siendo así, lleva toda la razón la Sala de instancia cuando, en el segundo fundamento jurídico de su sentencia (antepenúltimo párrafo), afirma que el ámbito de la comprobación limitada se ha de predicar del “concepto impositivo” que determina la práctica de una “liquidación provisional” (...). Haría padecer la seguridad jurídica proclamada por nuestra Constitución al más alto nivel (artículo 9.3) que, realizada una comprobación limitada de un determinado

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

elemento de la obligación tributaria (v.gr.: la deducción por reinversión de beneficios extraordinarios), pese a tener a su disposición todos los datos precisos (por haberlos suministrado el obligado o por contar ya con ellos), la Administración se concentre a su albur sólo en alguno de ellos, aprobando la oportuna liquidación provisional, para más adelante regularizar y liquidar de nuevo atendiendo al mismo elemento de la obligación tributaria, pero analizando datos a los que no atendió cuando debía, pese a poder hacerlo por disponer ya de ellos. (...) haría padecer la seguridad jurídica proclamada por nuestra Constitución (artículo 9.3) que contando la Administración con toda la documentación precisa para regularizar la obligación tributaria, o pudiendo haber contado con ella de haber sido requerida, se limite a su “albur” a comprobar algún elemento de la obligación tributaria, dictando resolución expresa aprobatoria de una liquidación provisional o, en su caso, manifestando que no procede realizar regularización alguna como consecuencia de la comprobación, como ocurrió en el caso examinado, para más adelante regularizar de nuevo por el mismo concepto impositivo y periodo, solicitando documentación distinta a la que fue requerida en el primero, sin que existan nuevos hechos o datos que la Administración no pudiera haber solicitado a la contribuyente en la primera comprobación realizada».

6.3 Indebida inclusión do canon da auga na base imponible do imposto do valor engadido

A Sentenza do TS do 3 de marzo de 2021 (rec. 6493/2019, relator: Córdoba Castroverde) estima o recurso interposto polo Concello de Bóveda (Lugo) contra liquidacións do imposto do valor engadido relacionadas co “canon da auga”, concluíndo que a interpretación de:

«los artículos 7.8º.F).b’) y 78.Dos.4º de la Ley del Impuesto sobre el Valor Añadido debe ser que el consumo de agua no puede equipararse a la prestación del servicio de suministro de agua, por lo que el canon del agua no se puede incluir en la base imponible del Impuesto sobre el Valor Añadido».

7 Universidades

7.1 Recoñecemento de sexenios. Silencio administrativo negativo

O TS, na súa sentenza do 7 de abril de 2021 (rec. 4086/2019, relator: Díez- Picazo Giménez), rectifica o criterio precedente de varios TSX (incluído o de Galicia), concluíndo que no procedemento administrativo de recoñecemento de sexenios ao persoal docente universitario a superación do prazo máximo para resolver xera un silencio negativo, desestimatorio da solicitude do sexenio:

«(...) esta Sala estima conveniente comenzar por el sentido del silencio en el procedimiento administrativo de evaluación de la actividad investigadora, destacando que no puede por menos de estar plenamente de acuerdo con las razones aducidas por la Abogada del Estado: la disposición final 26ª de la Ley 22/2013 es una norma legal en vigor; es una norma legal que modificó el sentido del silencio en este tipo de procedimiento administrativo, estableciendo que en adelante sea negativo; y, por ello mismo, es una norma legal que recoge una regla especial. Más aún, no tendría sentido, como muy razonablemente dice la Abogada del Estado, interpretar la derogación del anterior régimen del silencio operada por la mencionada disposición final 26ª de la Ley 22/2013 de tal manera que el sentido del silencio acabara siendo el mismo que antes de dicha derogación. Ello privaría a esta norma legal de cualquier efecto útil, transformándola en un enunciado vacío de significado jurídico. Así las cosas, forzoso es concluir que el sentido del silencio en el procedimiento aquí examinado se rige por una *lex specialis*, que lo configura como negativo (...)».

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Regap

Recensiones

3



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 61_xaneiro-xuño 2021 | pp. 241-243
Santiago de Compostela, 2021
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i61.4756>
© Mercedes Fuertes López
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371
Recibido: 13/05/2021 | Aceptado: 16/06/2021

Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

Administración y doctrina de los actos propios. Incoherencias aplicativas

61 Regap

Regap



RECENSIONES

MERCEDES FUERTES LÓPEZ
Catedrática de Dereito Administrativo
Universidade de León

<https://orcid.org/0000-0002-3347-622X>

mercedes.fuertes@unileon.es

BOTO ÁLVAREZ, A.: *Administración y doctrina de los actos propios. Incoherencias aplicativas*, Tirant Lo Blanch, Valencia, 2021, 317 pp. ISBN: 978-84-1355-940-7.

Venire contra factum proprium non valet é un brocardo que apunta unha sinxela coherencia no comportamento. Non obstante, a profesora Alejandra Boto proponnos que a sigamos nunha análise sosegada a través desta nova monografía, cuxa lectura recomendo, a pesar de que sucesivas reformas normativas pouco meditadas reclaman a nosa atención. Resulta máis formativo asentarse de xeito sólido as figuras xurídicas e, sobre todo, advertir ata que punto son eficaces para facilitar as relacións xurídicas ou resolver conflitos existentes, máxime cando os avances tecnolóxicos están a abrir novas portas que dan a campos sementados de moitas interrogantes.

Contar cun firme coñecemento é o que permite advertir os cambios necesarios de perspectivas e, mesmo, de paradigmas. Ata a tan atractiva “intelixencia artificial” aparece mencionada neste libro. Sen dúbida é necesario reflexionar ante as decisións automatizadas e, sobre todo, ao que realmente constitúe esa “intelixencia artificial”, isto é, a que ofrecerá outras resolucións distintas ás inicialmente programadas.

Pero, antes de quedar atrapados polas novas tecnoloxías, atendamos a este libro que constitúe un bo exemplo de reflexión xurídica e de madurez de pensamento, unha madurez que parte na súa primeira liña co agradecemento ao seu mestre, ao profesor Leopoldo Tolivar. É na escoita, no enriquecedor diálogo entre mestre e discípulo, onde xorden esas luces atractivas que levan ao inicio de novos estudos.

Os fitos que nos propón a autora para seguir a súa exposición están nitidamente sinalados, o que consegue que as sucesivas etapas de capítulos e epígrafes aparezan como lóxicas e a lectura sexa áxil.

Cómpre empezar polas referencias clásicas do *Dixesto* e dos glosadores, pola obra tan substanciosa da doutrina privatista, polas achegas que construíron con rigor os publicistas, uns estudos que lle permiten á autora, co seu fino estilete, recordarnos o esencial que ese brocardo alberga e explicar os matices con outras asociacións de ideas que xorden, como son os tópicos, as máximas ou as regras. Con rigor xurídico separa e diferencia ese presuposto de coherencia, de primeira vinculación voluntaria que mostra ese *venire contra* con outras situacións en que hai que dilucidar sobre a torpeza ou a boa fe. Do mesmo xeito, debe diferenciarse de sólidos principios xurídicos, da natureza dos cales carece, como a seguridade, a interdición da arbitrariedade, a protección da confianza lexítima... E é que as relacións xurídicas son ricas de ingredientes e perspectivas e non hai que reducilas á simplicidade dun brocardo latino.

Tras esas páxinas consistentes, a excursión avanza por numerosas dependencias xudiciais e administrativas. A reflexión non se fai unicamente baixo un flexo, como lle gustaba lembrar a Ramón Martín Mateo, senón que cómpre mirar pola ventá e saír e observar a plena luz do día como se aplica o dereito, que eficacia ten tanta doutrina, no que sempre insiste outro gran mestre, Alejandro Nieto.

O concienciado estudo de Alejandra Boto lévanos ás altas instancias europeas. Primeiro achéganos a Estrasburgo para coñecer a xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, chamándonos a atención sobre algúns votos particulares certamente ilustrativos. Logo trasládanos a Luxemburgo para resaltar a esgrima existente no Tribunal da Unión e os problemas de harmonización do dereito europeo, unha viaxe que continúa con tres etapas enriquecedoras polo dereito inglés, francés e italiano, onde a invocación a fórmulas –non sempre similares– conta con peculiares matices.

Coñecidas estas pautas de dereito comparado, a ruta céntrase no dereito español: en que casos se invoca este brocardo?, atopa acollida nos nosos tribunais de xustiza? A análise xurisprudencial é extensa. O anteollos de Alejandra vai xirando sobre un amplo mapa para que poidamos coñecer moitos ámbitos ao repasar a súa invocación en diferentes actuacións e procedementos administrativos. A súa exposición é froito do gran traballo realizado. Dános noticia das consecuencias reais ante a súa invocación

na discusión de sancións administrativas, no coidado ambiental, na disciplina urbanística, nas actuacións de contratación, na revisión de subvencións... Páxinas que mostran argumentacións onde este brocardo concorre con apelacións á incoherencia, á torpeza e erros, á inseguridade, á quebra da confianza, etc. Os avogados atoparán numerosas pistas argumentais nesta minuciosa análise.

E o texto continúa. A autora non pode disimular a súa ampla curiosidade e notable ambición por saber. Unha universitaria que quere realmente afondar no estudo e non simplemente contar con outra publicación para encher un formulario ante a axencia correspondente. Porque a actuación administrativa é rica en escenarios e en protagonistas. De aí o interese maiúsculo dos seguintes capítulos, nos cales resume substanciosos ditames de órganos consultivos con precisións suxestivas, xa que foi tradicionalmente na análise da revisión de oficio onde algúns aloxamos as explicacións deste brocardo para facilitarlle o estudo ao alumnado.

O interese das decisións doutros órganos atopa acollida no seguinte capítulo. En concreto, a posición que mantén a Axencia Española de Protección de Datos ante os comportamentos privados que consentiron de xeito previo; ou as resolucións dos órganos que resolven os recursos especiais en materia de contratación cos comportamentos, por exemplo, das mesas ou dos licitadores.

O libro conclúe cunhas reflexións en que a autora exhibe de novo a súa madurez xurídica ao sinalar os fitos máis relevantes para facilitar unha reconsideración da utilidade práctica deste sinxelo brocardo. En fin, un estudo coherente que corrobora que quen xa desde hai anos valoramos o traballo de Alejandra Boto non nos vexamos obrigados a *venire contra iudicium proprium*.

REGAP



RECENSIONES



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 61_xaneiro-xuño 2021 | pp. 245-247
Santiago de Compostela, 2021
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i61.4714>
© Noel Armas Castilla

ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371

Recibido: 05/02/2021 | Aceptado: 16/06/2021

Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

El derecho de acceso a la información pública

61 Regap

Regap



RECENSIONES

NOEL ARMAS CASTILLA
Universidade de Sevilla

<https://orcid.org/0000-0002-3171-3279>

noel.armas@outlook.es

GUICHOT, E. y BARRERO RODRÍGUEZ, C.: *El derecho de acceso a la información pública*, Tirant Lo Blanch, Valencia, 2020, 872 pp. ISBN: 978-84-1378-234-8.

Este libro expón o froito das investigacións que realizaron os catedráticos en Dereito Administrativo da Universidade de Sevilla Emilio Guichot Reina e Concepción Barrero Rodríguez. Os autores, ademais de reputados estudosos na materia, formaron parte de varios proxectos de investigación relacionados coa transparencia, de cuxas conclusións se nutre este libro.

Con este traballo, os autores estudan que repercusión comportou a aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, Lei 19/2013), así como o labor do Consello Estatal de

Transparencia e as súas réplicas autonómicas. O libro recolle os aspectos claves que configuran a transparencia no noso ordenamento e, en xeral, analiza desde un punto de vista xurídico-crítico o estado da dita materia en España e a súa evolución nos últimos anos. As bondades deste libro son moitas: en primeiro lugar, pódese comprobar doadamente que o estudo trata de xeito moi completo e profuso o estado da cuestión; permite coñecer como se fraguou o dereito de acceso á información pública da man de investigadores que seguiron a traxectoria desta normativa desde a propia concepción da lei, o que reviste o traballo de bastante autoridade. E o que é aínda máis importante: o libro achega uns datos moi interesantes de cara á formación de doutrina, tan necesaria para a interpretación e comprensión dunha materia que, como esta, aínda está a dar os seus primeiros pasos no noso ordenamento xurídico.

Para iso, os autores estruturaron a obra, cun criterio bastante lóxico, en cinco capítulos, dos cales a continuación se fai unha recensión.

- No primeiro capítulo, abórdanse as cuestións xerais en materia de transparencia. Serve de contexto para comprender os antecedentes en que se aproba a lei estatal e o réxime de competencias con que se desenvolve nas comunidades autónomas, cuestión esta última nada banal tendo en conta as particularidades organizativas do Estado español. Os autores teorizan sobre o dereito de acceso á información pública e compáranlo co dereito de publicidade activa.

- Xa no capítulo segundo pormenorízanse algúns dos elementos da transparencia, como os seus ámbitos subxectivo e obxectivo. No que concirne ao eido subxectivo da norma, prodúcese grande interese a fonda análise a que se somete a lista de suxeitos obrigados que incardina o artigo 2 da Lei 19/2013. Aínda que na obra recensionada non se segue exactamente a orde que o lexislador deu na redacción do dito artigo, si se extraen e comentan estas entidades segundo a súa tipoloxía. Algúns destes suxeitos son as administracións públicas, as sociedades mercantís participadas en máis do 50 % por suxeitos previstos no artigo 2 da lei, as fundacións públicas, a Casa Real e outros suxeitos como o Congreso dos Deputados ou o Senado (cando actúan dentro das marxes do dereito administrativo), corporacións de dereito público como comunidades de regantes, colexios profesionais e consellos de colexios profesionais (tamén cando actúan dentro dos límites do dereito administrativo), así como as asociacións constituídas polas administracións e organismos descritos neste mesmo artigo da norma.

Tamén se contribúe a acoutar unha definición doutrinal do concepto de información pública, cuxas vicisitudes, como se desprende do libro, presentan certas complexidades meritorias de estudo.

- O capítulo terceiro examina o réxime dos límites no acceso á información. Tipifícanse estes límites en varias grandes ramas: os relativos ao interese público (seguridade nacional, defensa, relacións exteriores, seguridade pública, política económica e monetaria, medio ambiente), os vinculados á integridade dos procedementos administrativos e xudiciais, os conectados coa protección de dereitos e intereses de contido económico (comerciais, segredo profesional, propiedade intelectual e propiedade industrial) e os relacionados coa privacidade (aquí son de especial

interese os conflitos e a ponderación de intereses que se produce na fronteira entre os datos persoais e os de interese público). O alto grao de completude dos supostos considerados no capítulo fai moi útil a súa lectura.

- A continuación, o cuarto capítulo, que afonda en aspectos procedementais, inspecciona o xeito en que se pode accionar o dereito de acceso á información previsto no artigo 17 da Lei 19/2013. En concreto, estúdase a iniciación do procedemento (suxeitos, contidos, medios de presentación), supostos de inadmisión de solicitudes, tramitación da solicitude (emenda, audiencia...) e a resolución. Afóndase de xeito moi expresivo en cada un destes estadios do procedemento, o que se enriquece co estudo do réxime de impugnacións (arts. 23 e 24 da Lei 19/2013), do que tamén se refiren as consideracións que se deben ter en conta ao longo do procedemento, así como a tramitación das impugnacións (requisitos de presentación, trámites, resolución, etc.).

- O quinto capítulo, a xeito de peche, revisa as regulacións especiais a que se refire a disposición adicional primeira da Lei 19/2013, ao establecer que "(...) se rexerán pola súa normativa específica, e por esta lei con carácter supletorio, aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso á información". É moi interesante porque permite que o libro remate sen esquecer aqueles supostos que, pola súa natureza, estean suxeitos a normas específicas. Resultan de especial atención as mencións que se realizan á normativa en materia de segredos oficiais e a súa proximidade cos límites a que se refire o artigo 14 da Lei 19/2013 referentes á seguridade nacional, defensa, relacións exteriores e seguridade pública.

En conxunto, e para concluír, podemos determinar que a obra obxecto de recensión ofrece unha visión moi interesante sobre o estado en que se atopa o dereito ao acceso á información pública en España. A autoría do libro é sen lugar a dúbidas unha garantía da calidade da obra, ao estar asinada por dous catedráticos de Dereito Administrativo de recoñecido prestixio e cuxas investigacións estiveron vinculadas á transparencia; en calquera caso, o que fai especialmente atractivo este libro é o grao con que contempla e desenvolve tantos aspectos previstos na Lei 19/2013. Dada a xuventude desta lei, estes aspectos están aínda por asentar, co que a obra é un importante pulo para achegar doutrina á materia que, como se anuncia no libro e na data de redacción desta recensión, aínda queda pendente de desenvolvemento no seu correspondente regulamento.

Regap



RECENSIONES



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 61_xaneiro-xuño 2021 | pp. 249-254
Santiago de Compostela, 2021
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i61.4720>
© Anxo Varela Hernández
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371
Recibido: 07/04/2021 | Aceptado: 16/06/2021
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

Buen gobierno y buena administración. Cuestiones clave

61 Regap

Regap



RECENSIONES

ANXO VARELA HERNÁNDEZ
Universidade de Santiago de Compostela
anxovarelahernandez@gmail.com

ZAMBONINO PULITO, M. (dir.): *Buen gobierno y buena administración. Cuestiones claves*, Editorial Iustel, Madrid, 2019, 271 pp. ISBN: 978-84-9890-374-4.

Nesta recensión trataremos de abordar dun xeito sintético pero amplo e claro (aínda que deténdonos en capítulos concretos pola súa transcendencia xurídica e sociolóxica) o contido do libro *Buen gobierno y buena administración. Cuestiones claves*, dirixido pola catedrática de Dereito Administrativo da Universidade de Cádiz María Zambonino Pulito, que, ademais de contar cunha ampla traxectoria docente e de xestión, realiza unha profusa actividade investigadora. É precisamente no seo do Proxecto I+D+i do

Ministerio de Economía e Competitividade¹ *Los retos de la Gobernanza para el Derecho Administrativo: buen gobierno y buena administración. Su proyección en las políticas públicas (DER2016-77513-R)*, financiado pola Axencia Estatal de Investigación (AEI) e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), onde xorde a obra colectiva agora analizada, que se constitúe como o porto de chegada dunha complexa tarefa investigadora que se comezou a desenvolver no ano 2016 e que ten como obxectivo, en palabras da autora, revisar institucións básicas da disciplina relacionadas coa organización e a actividade formal da Administración.

O precitado texto, partindo casualmente da análise semántica do seu título, divídese en dúas partes: bo goberno e boa administración, estrutura que pretende, sen máis, permitir ao lector especializado na materia e a aquel que unicamente pretende afondar nos seus coñecementos de dereito público e, polo tanto, reforzar a súa posición como cidadán, inferir o concepto de gobernanza².

Este termo constitúese como o fundamento lóxico deste libro e do proxecto de que forma parte. A súa abordaxe recóllese dun xeito pormenorizado (tal como se indica na presentación do libro agora examinado), na Comunicación da Comisión do 25 de xullo de 2001 *La gobernanza europea. Un libro blanco*, que pretende abrir o continuo deseño da Unión Europea á súa cidadanía, partindo de principios como o de transparencia, para chegar a conseguir non só unha maior vinculación das persoas coa propia organización internacional, senón tamén para alcanzar unha resposta máis eficaz que reforce un dos piares da Unión recollido en forma de valor fundamental no artigo 2 do Tratado de Lisboa³: a democracia. De feito, xa no artigo precedente se indica que “o presente tratado constitúe unha nova etapa no proceso creador da Unión (...) en que as decisións serán tomadas da forma máis aberta e próxima aos cidadáns posible”. Nun sentido semellante pronúncianse outras normas que integran o acervo comunitario, así como os dereitos estatais dos diferentes Estados que integran a UE, destacando en España a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ou mesmo na Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno⁴.

Para afondar no significado do termo gobernanza, analizado desde o particular prisma do dereito administrativo (aínda que tamén, puntualmente, desde a análise sociolóxica que lle permite ao lector adquirir unha visión omnicompreensiva da

¹ Denominado Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital desde o 13 de xaneiro de 2020 a partir da publicación no BOE do Real decreto 8/2020, do 12 de xaneiro, polo que se nomean ministros do Goberno. Acceso web: https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2020-416.

² Termo xurdido do francés *gouvernance* e traducido, entre outros, ao español como *gobernanza*, ao inglés como *governance* e ao portugués como *governança*. Así mesmo, diferenciado, por exemplo, de conceptos recollidos na Real Academia Galega como gobernabilidade, que, pola contra, non recolle a existencia de gobernanza. Acceso web: <https://aplicacions.usc.es/buscatermos/publica/buscas/busca.htm#127542>.

³ Instrumento de Ratificación do Tratado polo que se modifican o Tratado da UE e o Tratado Constitutivo da CE, feito en Lisboa o 13 de decembro de 2007. Acceso web: <https://www.boe.es/eli/es/ai/2007/12/13/1>.

⁴ Esta corrente, que parece pretender a maior participación cidadá das persoas no desenvolvemento social, económico e lexislativo, entre outros, dos seus países, non só arraigou en Europa nesta segunda década do século XXI, senón tamén noutros países do mundo, como en América Latina, tal como se pode comprobar tras a lectura de diferentes documentos oficiais creados no seo da Organización dos Estados Americanos (OEA) e do Departamento para a Xestión Pública Efectiva. Acceso web: <http://www.oas.org/es/sap/dgpe/default.asp>.

devandita idea, que sitúe facticamente a súa conceptualización xurídica), cada unha das partes divídese en catro capítulos, abordándose en cada un destes temáticas moi concretas e específicas que, pola contra, permiten unha ampla análise xa non só da propia noción de gobernanza, senón tamén dos valores, principios e consecuencias prácticas que encarna para o Estado español no seu conxunto e, en particular, para a Administración pública nos seus diferentes niveis.

No primeiro capítulo, elaborado polo tamén catedrático de Dereito Administrativo Severiano Fernández Ramos, estúdase o referendo⁵ municipal desde un punto de vista crítico e científico, xa que, ademais de facer unha síntese da regulación autonómica existente, abórdanse os dous posibles xeitos de ordenar a citada consulta e as minuciosidades que se deben respectar á hora de facelo. Este capítulo elaborábase tendo como eixe a Lei orgánica 2/1980, do 18 de xaneiro, de regulación das distintas modalidades de referendo, que vai mais alá da Constitución española de 1978 e dá cabida á consulta celebrada polos concellos en relación con asuntos relevantes de índole municipal, enmarcando a ordenación das precitadas consultas na lexislación de réxime local, aínda que, na medida en que se alude ás consultas especificamente referendarias, exíxese a autorización estatal.

Xa nas primeiras páxinas ponse de manifesto a pouca experiencia lexislativa que neste sentido hai no Estado español, destacando a Lei 8/1987, do 15 de abril, existente na Comunidade Autónoma de Cataluña, e seguidamente a de Navarra, Andalucía e, por último, a das Illas Baleares. Así mesmo, faise fincapé no feito de que a regulación se aborde mediante leis, o que se estima procedente partindo do desenvolvemento case primario (debido á escasa amplitude da LRBRL) dun dereito fundamental contido no artigo 23, parágrafo primeiro, da nosa carta magna. Con todo, este catedrático de Dereito Administrativo vai mais alá e indaga na iniciativa da propia consulta, no procedemento da iniciativa popular, así como nos obxectos e límites dela. Finalmente, abórdase a epígrafe relativa á autorización da consulta polo Goberno, existindo no abano xurídico autonómico diferentes postas en práctica do proceso. Emporiso, decántase o autor pola opción de que sexa o propio concello quen directamente dirixa tal solicitude ao Goberno da nación, máxime nun momento en que as administracións públicas están obrigadas a relacionarse por medios electrónicos, resultando inútil e ilóxica a necesidade de que sexa o Goberno autonómico correspondente quen se constitúa como intermediario.

No segundo dos capítulos, a profesora María Eugenia Teijeiro Lillo explica o proceso de implantación da transparencia na Administración local. De feito, resulta especialmente importante abordar neste nivel o concepto de transparencia no seu sentido xurídico por ser esta a Administración territorial que máis preto se atopa dos problemas, necesidades e conflitos dos cidadáns e, polo tanto, a que mellor pode facilitar as canles de comunicación e control sen que se esvaeza o parecer directo da cidadanía. Seguindo este eixe vertebrador, é a propia Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTBG), a que alude ao portal de transparencia municipal, así como á carta de servizos, que se

⁵ Concepto recollido na Sentenza do Tribunal Constitucional 12/2008, do 29 de xaneiro, entre outras.

constitúe como o instrumento a través do que a Administración informa a cidadanía sobre os servizos, dereitos e compromisos establecidos⁶. Porén, nas seguintes páxinas noméase o posible enfrontamento co deber legal de confidencialidade, existindo, para velar polos dereitos da cidadanía enumerados na precitada lei, o Consello de Transparencia e Bo Goberno⁷, que, segundo se manifesta nesta obra, ten unha cuádrupla función, que, sen máis, se resume na avaliación do grao de cumprimento da lei. Neste sentido, convén salientar que este elaborará unha memoria anual que se presenta nas Cortes Xerais e se publica no BOE, na cal, como dicíamos, se analiza en sentido amplo a existencia dun dereito efectivo da cidadanía de gozar non só da posibilidade de pedir información (dereito de acceso á información pública), senón tamén da exixencia de tela á disposición sen necesidade de petición previa (publicidade activa)⁸. Así mesmo, remata o capítulo cun estudo casuístico sobre a valoración da transparencia desde o ano 2015 ata o ano 2018.

Seguidamente, José María Pérez Monguió e Jacinto M. Porro Gutiérrez analizan, respectivamente, os instrumentos de participación cidadá e a participación cidadá enfocada na orientación deliberativa dos gobernos locais. Ambos son profesores titulares da Universidade de Cádiz: o primeiro de Dereito Administrativo e o segundo de Socioloxía. Este feito achega un matiz interesante e permite unha análise ampla e interdisciplinaria desta temática concreta. Podemos afirmar, tras a lectura do capítulo terceiro e cuarto, que existen, cando menos, cinco instrumentos de participación cidadá recollidos non só en distintas disposicións autonómicas, senón tamén en diferentes estatutos de autonomía, como no artigo 71.27 da Lei orgánica 5/2007, do 20 de abril, referente ao Estatuto de autonomía de Aragón. Enuméranse entón unha serie de instrumentos que lles imponen ás diferentes administracións a obriga de respectar principios como o de igualdade, pluralidade ou corresponsabilidade, tal como indica o autor logo de sinalar nunha sintética táboa a existencia de cada un deles e a súa correlativa plasmación normativa nos diferentes textos legais que se atopan recollidos no ordenamento xurídico español. Estes son: as audiencias públicas, as enquisas, os foros de participación e os paneis e os xurados cidadáns. Pechando o capítulo, abórdase a temática referente aos suxeitos lexitimados para participaren. Ademais, ponse de manifesto a posibilidade de que non só participe o pobo de xeito directo, senón que se poida producir a representación a través de entidades cidadás⁹, sempre e cando estas desenvolvan a súa actividade na comunidade autónoma en que se vai producir a devandita participación, artellada por exemplo a través dalgún dos instrumentos nomeados e sempre que se atopen inscritas no rexistro de participación, tal como se expón no capítulo de José María Pérez Monguió. Non obstante, tal como pensa fundamentamente o autor e recolle algún texto legal, como a Lei 8/2015, do 25 de marzo, de transparencia da

⁶ Definición completa na web: https://sede.administracion.gob.es/PAG_Sede/CartaServicios.html.

⁷ Organismo público e independente que non se crea *ad hoc* para o control da exixencia de transparencia respecto das administracións locais, senón que é o encargado de promover a transparencia pública en termos xerais. Acceso web: https://www.consejodetransparencia.es/ct_Home/index.html.

⁸ Artigos 12 e ss. da LTBG para o dereito de acceso á información pública, e artigos 5 e ss. para a publicidade activa.

⁹ Respecto destas, non se exige personalidade xurídica e, de feito, tal como se indica na obra, recoñéceselles esta condición a distintos tipos de entidades, incluso privadas, así como a redes cidadás ou plataformas, entre outras.

actividade pública e participación cidadá de Aragón, o non cumprimento desta última exigencia formal non debería impedir o exercicio do dereito. Alén do afirmado, o autor afonda na imprescindible deliberación á hora de gobernar e no concepto de gobernanza, constituíndose esta como a idea dun goberno compartido, onde conflúen o goberno tradicional e os actores da sociedade civil, superando deste modo a exclusividade das institucións e actores estatais na xestión dos asuntos públicos.

Tras a abordaxe dos diferentes presupostos participativos e dunha análise práctica da diversidade política ou territorial en España, iníciase o artigo da profesora María Isabel Rivas Castillo, que versa sobre as relacións electrónicas entre administracións públicas, así como a interesante análise da directora desta obra colectiva, María Zambonino Pulito, que estuda a posición do interesado ante o trámite. Afírmase entón a necesidade de dar unha plasmación normativa a un tanxible crecemento fáctico da utilización do contorno virtual para dotar a Administración dunha serie de límites e facultades que permitan unha correcta interconexión no seo desta. Aparellado a este feito nace a inevitable análise do interesado ante o trámite, que poderá ocupar diferentes status en función das obrigas da Administración, existindo a obriga de tramitar o procedemento, a de non tramitalo e a obriga de ditar resolución expresa; ademais, danse outras situacións pasivas do interesado no procedemento, como o caso en que a obriga orixinaria de tramitar o procedemento se enerva, en todo caso, pola concorrencia de diversas circunstancias unha vez iniciado o procedemento administrativo que fai xurdir igualmente a súa oposta ou a casuística prevista no artigo 95.4 da Lei 39/2015. Con todo, as autoras agora nomeadas inciden na normativa de protección de datos e no consentimento do administrado para rematar coa ineludible alusión á Comisión Sectorial de Administración Electrónica, que se presenta, segundo María Isabel Rivas Castillo, como o órgano técnico de cooperación entre as administracións territoriais e entidades locais en materia electrónica, creado conectando a disposición novena e mais o artigo 152 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O broche final, logo dunha extensa análise doutrinal e normativa, achégao o capítulo desenvolto por Mercedes Silva López, que afonda na perspectiva xurisprudencial sobre un tema específico e que trata minuciosamente situacións que están a día de hoxe no imaxinario colectivo, como o dereito dos menores residentes no domicilio en caso de, por exemplo, vivendas ocupadas ilegalmente, casuística recoñecida na STS do 23 de novembro de 2017 (RX 2017/5339)¹⁰.

Con carácter previo a este capítulo de peche, reflexiona Yolanda Torres Barquilla sobre o réxime de control da Administración nas declaracións responsables, así como na materialización do control *a posteriori*. Para iso, somérxese na inescrutible posibilidade do inexistente ou tardío control por parte da propia Administración que, pola súa vez, non conta coa dita obriga, aínda que, *a contrario sensu*, si que pode derivar na exigencia de responsabilidade patrimonial das administracións públicas¹¹,

¹⁰ Acceso web: <https://www.poderjudicial.es/search/AN/openCDocument/47c54a4d73e1a19608edc0d7f106b1b1e622f5ee316774a>.

¹¹ Recollida nos artigos 32 e ss. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

xa que o inicio dunha actividade sen intervención administrativa xera unha maior posibilidade de causar danos.

En definitiva, trátase dunha obra que acolle unha penetrante análise sobre os aspectos administrativos da boa Administración e o bo goberno grazas á abordaxe de temáticas máis xeneralistas e outras máis concretas. Isto permite seguir camiñando cara á utopía dunha sociedade democrática na que o cidadán se constituía como o eixe vertebrador e na cal as relacións coa Administración, especialmente as novas maneiras de comunicación con ela e as novidosas formas de intercomunicación no seo desta se democratizen. Para conseguilo avógase polo impulso de principios básicos da actividade administrativa que permitan deixar atrás a democracia representativa para afondar en matices que lembren a democracia deliberativa acuñada por Joseph M. Bessette a finais do século XX.



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 61_xaneiro-xuño 2021 | pp. 255-260
Santiago de Compostela, 2021
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i61.4729>
© Emma Vioque Martínez
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371
Recibido: 30/03/2021 | Aceptado: 16/06/2021
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

Mujer y desarrollo sostenible en el medio rural

61 Regap

Regap



RECENSIONES

EMMA VIOQUE MARTÍNEZ
Avogada
e.vioque@me.com

GONZÁLEZ BUSTOS, M.^a Á.: *Mujer y desarrollo sostenible en el medio rural*, Atelier Libros Jurídicos, Barcelona, 2020, 170 pp. ISBN: 978-84-18244-21-6.

A autora desta obra é, na actualidade, profesora titular do Departamento de Dereito Administrativo, Financeiro e Procesual da Facultade de Dereito de Salamanca. Entre as súas múltiples liñas de investigación, merece especial atención a súa preocupación pola igualdade, sen deixar de lado outros campos como son o seu interese polo medio ambiente e o cambio climático.

Neste libro recolleuse, afondouse e abordouse a gran problemática existente para a muller no medio rural, desagregándose e analizándose as políticas actualmente existentes tendentes á implantación nun plano de igualdade da muller no ámbito

rural, destacándose a importancia do seu papel neste medio, todo iso de cara a erradicar o despoboamento, a España baleira.

Estructurado en catro capítulos, no primeiro deles a autora céntrase na conceptualización do principio de igualdade e a súa situación dentro do marco legal, considerándose este como un principio de carácter universal. Realízase todo o estudo sobre unha acomodada e perfecta referencia tanto histórica como comparada sobre as ancoraxes e o intento de configuración deste principio como un pilar sólido, eliminándose ou, polo menos, intentando eliminar calquera estereotipo de xénero. A importancia da muller no medio rural, entendida esta non como o xeral estereotipo que temos dela, senón como a dunha muller nova, con estudos superiores, fai necesaria, como ben acerta a indicar, a implantación e a busca de políticas modernizadoras, políticas sociais que abrangan tanto a asistencia sanitaria, políticas de conciliación, promocións da igualdade, oportunidades laborais, acceso a TIC, etc., todo iso co fin de dar o máximo cumprimento aos presupostos dos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable) das Nacións Unidas. E é que non é ata 1983 cando son recoñecidos os dereitos das mulleres como inherentes aos dereitos humanos. Cómpre destacar as mencións tan concisas que a autora realiza das metas dos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable, nas cales fai fincapé no dereito de titularidade da terra polas mulleres, dereito que ata hai escasos anos non era recoñecido. O seu estudo comparativo analiza os diferentes tratados da Unión Europea, para afondar nas políticas que se aplican en España e nas comunidades autónomas (CC. AA.). Baixo o Marco Nacional de Desenvolvemento Rural, cada comunidade autónoma ten o seu propio proxecto de desenvolvemento rural, e son elas as competentes para legislar de xeito específico (como, por exemplo, o Estatuto das mulleres traballadoras do País Vasco). A autora é hábil e consciente na detección de que estas políticas deben ir ligadas e vencelladas á situación xeográfica que cada poboación teña dentro do territorio nacional; así, por exemplo, na Comunidade Autónoma de Andalucía distínguense liñas de actuación diferentes para o campo e para o mar.

Baixo a denominación principal de “Muller e desenvolvemento sustentable”, o seu capítulo II iníciase con definicións conceptuais; por exemplo, qué debe entenderse por medio rural e sustentabilidade.

Os diferentes conceptos que se extraen de “medio rural” por parte do Instituto Nacional de Estatística e da Lei 45/2007, de desenvolvemento sustentable do medio rural (LDSMR), fan que finalmente a autora centre o seu estudo nos hábitats rurais intermedios e nos hábitats “a revitalizar”, por ser onde os problemas de envellecemento e despoboación se ven máis acentuados e precisan de políticas eficaces. Faise constatar o feito de que a desagrarización ameaza o patrimonio histórico-artístico e, polo tanto, iso debe ser obxecto de protección.

Aínda que inicialmente o concepto de sustentabilidade ía ligado en exclusiva ao dereito ambiental, hoxe en día, coa Axenda de Desenvolvemento das Nacións Unidas, non só se concibe como un principio xurídico universal, senón que alcanza a tipificación de ser un completo dereito humano.

Especialmente interesante resulta o estudo que aborda dos Plans de Zona que se desenvolven nos Programas de Desenvolvemento Rural Sustentable (que xiran arredor de 5 eixes), creados pola propia LDSMR, sendo estes os que requiren a máxima participación da muller, con igualdade de trato e oportunidades, e mal cabe falar de incorporar estes principios se se distinguen actuacións dirixidas exclusivamente a mulleres. Participo plenamente desta idea, sendo necesario un cambio neste enfoque, pois realmente non fai máis que crear desigualdade no intento de alcanzar a igualdade: requírese, polo tanto, como acertadamente indica a autora, incorporar o principio de igualdade de todas as actuacións do medio rural, porque a igualdade de xénero non é exclusiva das mulleres. Igualmente propón que, para iniciar o proceso de acadar esta meta, cómpre unha maior degradación e precisión nos parámetros estatísticos que sexan xeradores dun verdadeiro impacto de xénero.

Afondando nas tipoloxías de mulleres no medio rural, realízase un exhaustivo estudo das vantaxes para a promoción da cotitularidade (Lei 35/2011, sobre titularidade compartida das explotacións agrícolas). Fronte á falta de información que actualmente existe sobre este tipo de unidades económicas –que non deixan de ser unha comunidade de bens–, carentes por si de personalidade xurídica propia, álzanse as súas numerosas vantaxes á hora de obter subvencións, actividades formativas, axilidade de tramitación... Queda establecida outra opción xurídica á que acollerse, como é a sociedade limitada. Ao respecto, débese matizar que non se realiza mención á figura da cooperativa, opción, ao meu entender, con moitas vantaxes sociais, bonificacións fiscais..., sendo a actividade cooperativizada especialmente idónea no medio rural.

As referencias á violencia de xénero existentes no medio rural son moi acertadas na obra, pois aos problemas consabidos da muller rural e o seu contorno engádense este tipo de actos delituosos que fan mesmo máis palpables a falta de servizos sociais, de atención, de información, carencia de medios axeitados de desprazamento... Este “illamento” é nefasto para a globalidade que xa de seu envolve o tipo penal específico. A creación do Rexistro Unificado de Violencia de Xénero pode paliar, en parte, este desequilibrio existente.

No seu capítulo III, explícase con sumo detalle e especificácase que actuacións son requiridas para mellorar as condicións de vida no medio rural das mulleres. Pártese da premisa de que, hai escasos anos, o concepto de vida no campo se equiparou a calidade de vida. Pero está claro que quen elixe esta forma de vida o fai como opción, non por imposición. O que si se fai necesario é loitar contra o envellecemento e o despoboamento, e para iso son un total de catro os eixes sobre os que cómpre actuar: inserción laboral das mulleres; conciliación e corresponsabilidade; mellora das infraestruturas; e participación activa das mulleres na toma de decisións dos diferentes órganos.

Deixar á marxe a correspondencia “muller = coidadora” é primordial. Este estereotipo de muller, con traballo non remunerado, non pode optar a dar o salto ao mundo laboral se non é cunha oferta de oportunidades laborais. E iso non é posible sen programas de axuda conciliadora, facilidades de transporte, acceso axeitado a

regap



RECENSIONES

TIC... Os novos empregos que van xurdindo son capaces de lograr unha conciliación laboral; exemplo diso é o turismo rural ou a transformación e comercialización de produtos artesanais. Non obstante, requírese maior promoción destas actuacións emprendedoras que favorezan e dinamicen o mercado laboral. En definitiva, o fomento de plans de igualdade. A necesidade dun salario, unida á flexibilidade horaria –conciliadora– sen dúbida son piares básicos, así como un maior número de axudas e accesos a microcréditos. É mesmo necesaria, como apunta a nosa autora, a flexibilización burocrática en aspectos urbanísticos á hora de establecer actuacións en solos que, inicialmente non considerados polos seus plans xerais de ordenación urbanística para tales fins (hospedaxes, deportivas, industriais...), poidan ser obxecto da súa reclasificación ou recualificación –se é o caso–.

O rol da muller no medio rural é aínda moi forte, e debe debilitarse este concepto co fin de que a conciliación poida chegar a bo porto. Hai iniciativas que xa se puxeron en práctica, como son os pactos locais pola conciliación encamiñados ao cambio de mentalidade, cuestión esta que, baixo o meu criterio, é o principal chanzo co que a conciliación se topa. Mentres esta mentalidade non se modifique, dificilmente as actuacións serán eficaces. Non obstante, como ben se indica na obra, estas políticas son máis eficaces nos traballos de familias temporeiras, que, coa posta en marcha de gardarías, residencias de centros de día, se puido comprobar que a empregabilidade vai en aumento.

A introdución nas nosas vidas do teletraballo, debido á COVID-19, supuxo un cambio radical na vida laboral, sen distinción de xénero. Demostrouse que é non só viable, senón ata aconsellable, tal como apunta a autora. As ferramentas, as TIC, tiveron que crecer a ritmos vertixinosos para adaptarse a esta situación que a todos nos colleu por sorpresa. Debe dársele igualdade ao traballador que o fai fisicamente como ao que teletraballa e cómpre elaborar sen présa, pero sen pausa, un marco xeral que dea a mesma protección a uns que a outros (aínda estando en vigor o RD Lei 28/2020 de traballo a distancia, foi de moi rápida creación e presenta, baixo o meu criterio, algunhas lagoas). As TIC son primordiais para o desenvolvemento local, de produtos, de servizos, etc. Polo tanto, requírese que o seu acceso sexa garantido. Este acceso é instrumento clave non só para dar a coñecer os produtos e servizos, como indicamos, senón para socializar, interactuar... xente nova, mulleres. As campañas de prevención, como “Estamos contigo, a violencia de xénero parámola todos”, deben ter cobertura total (Plan Nacional de Territorios Intelixentes).

É indubidable que outra das medidas urxentes pasa pola mellora das infraestruturas e dos servizos públicos, de tal sorte que se garanta o acceso digno a estes servizos. O intento quedou parcialmente paralizado coa crise de 2008. A busca de novas fórmulas que permitan unha maior accesibilidade aos servizos e infraestruturas repercutirá nunha maior calidade de vida, sendo así mesmo directamente proporcional á mellora da mobilidade, ao desenvolvemento económico e á creación e acceso ao emprego. Do mesmo xeito, é importante a optimización dos recursos naturais, tales como auga e electricidade, con medidas moi favorecedoras ao impacto ambiental, sen esquecer as

enerxías renovables, cuxa potenciación se prevé nos Programas de Desenvolvemento Sustentable do Medio Rural.

Outro dos aspectos claves que acertadamente son obxecto de estudo é a necesidade de potenciar a participación política da muller do medio rural, hoxe por hoxe escasa. Fomentar e promover o seu protagonismo neste eido faise necesario; o arrastre da súa participación das áreas de lecer e actividades culturais a áreas de organizacións sindicais, profesionais, agrarias. O paradoxo prodúcese, non obstante, en vilas máis pequenas onde o rol da muller é máis arraigado, onde hai máis alcaldesas e concelleiras, debéndose iso á súa activa participación en asociacións culturais, sociais... De potenciarse o asociacionismo de microempresas levadas por mulleres, iríanse incorporando a estes órganos de decisión política, por iso deben realizarse campañas de información das vantaxes deste tipo de agrupacións, xa sexan cooperativas ou sociedades agrarias de transformación; cómpre fomentar o liderado feminino. Aínda que se consideraron estas medidas no Programa de Desenvolvemento Rural Sustentable, estas non tiveron os efectos desexados.

A permanencia da muller no mundo rural dependerá de dous factores clave: os servizos que se presenten e as posibilidades de traballo que existan. Só se consegue que as zonas rurais poidan ofrecer mellores servizos e maiores oportunidades laborais se logrará evitar a despoboación. Non se requiren novas políticas para mellorar as condicións de vida das mulleres no medio rural e a súa participación na vida política, social e económica, senón reformar as que teñen maior impacto positivo. Requírese maior concentración de núcleos rurais, tal como recolle a Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, de tal sorte que, coa fusión de concellos, haxa maior prestación de servizos que contribuirían a un desenvolvemento de infraestruturas e servizos de calidade. O problema é que os concellos non queren perder a súa identidade. Por iso, o enfoque da autora pasa por buscar unha fórmula pola que non se perda esta identidade.

A Lei de desenvolvemento do medio rural non tivo o efecto desexado: os fondos da UE non se destinaron a evitar a despoboación e a igualdade. Así o detalla con precisión a autora nun conciso repaso polas iniciativas (tanto públicas como privadas) para favorecer e promover a igualdade –pp. 142 e 143–. Pero están todas faltas dun compromiso serio por parte dos poderes públicos. Requírese máis intervencionismo da Administración e un cambio no xeito de afrontar o problema, pois se os obxectivos non foron alcanzados con éxito hai que algo se está a facer mal (mala planificación, xestión ou execución). A muller é “o piar estratéxico desta batalla”, polo que debe estar presente na planificación, na xestión e na avaliación de todas estas políticas públicas.

No seu capítulo IV aborda os mecanismos para conseguir a igualdade. A autora detalla que, para a consecución destes obxectivos, se precisa dunha rede institucional que compaxine o desenvolvemento sustentable do medio rural coa igualdade e non discriminación da muller: intervención de axentes sociais, económicos e políticos, públicos e privados. Administración e sector empresarial deben ir da man. A reactivación do Ministerio de Igualdade como parte do Goberno (RD 816/2018), as funcións

regap



RECENSIONES

do Instituto da Muller (pp. 150); entidades específicas para a Igualdade (Observatorio para a Violencia sobre a Muller, Delegación para a Violencia de Xénero; Observatorio da Igualdade de Oportunidades, Comisión Interministerial de Igualdade entre Mulleres e Homes, Consello de Participación da Muller, Unidades de Igualdade...), todos eles dirixidos á estabilización da igualdade, sen prexuízo da existencia dos específicos: Comisión Interministerial para o Medio Rural, Consello para o Medio Rural, Mesa de Asociacións de Desenvolvemento Rural... ou a Mesa das Mulleres concibidas como organizacións de mulleres rurais de ámbito estatal, espazo de encontro para a elaboración de plans e estratexias. A nivel autonómico e a nivel local, representan un papel importante os Grupos de Acción Local ou Grupos de Desenvolvemento Rural.

Nesta obra a autora chega ás conclusións de que, para lograr a igualdade da muller no medio rural, loitar contra a despoboación e acadar unha mellor calidade de vida, todas as medidas que cómpre adoptar deben pasar por: recoñecemento do traballo profesional e doméstico realizado por elas; maior participación nas actividades socioeconómicas e produtivas, máis presenza na toma de decisións; reforzo da formación profesional; apoio ao carácter emprendedor; mellora das infraestruturas e servizos sociais, defensa das políticas sociais que garantan a conciliación laboral, persoal e familiar, erradicación da violencia doméstica, incorporación da muller ao desenvolvemento rural sustentable. E é que, como acertadamente indica a nosa autora, “o equilibrio de sexos fai unha sociedade xusta”.

A obra analizada é de moi áxil, doada e rápida lectura e, asemade, presenta unha exhaustiva concreción de datos estatísticos, poboacionais, lexislativos, e cunha referencia bibliográfica de grande interese. Indubidablemente, non está dirixida á muller, senón a toda a poboación. Deixa atrás a vulgar linguaxe inclusiva, que non obedece máis que a veos, pero que non atacan a raíz do problema. Dela despréndense ideas tan sinxelas de entender pero quizais difíciles de aplicar que debería ser de lectura obrigada para algúns políticos e políticas que neste momento gobernan este país. A exclusión do home non erradica o problema: os programas deben ir pensados, ser elaborados e executados sen distinción de xénero, pois de nada serve atacar a desigualdade creando roles diferenciadores.



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 61_xaneiro-xuño 2021 | pp. 261-265
Santiago de Compostela, 2021
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i61.4741>
© María Victoria Álvarez Buján
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371

Recibido: 18/04/2021 | Aceptado: 16/06/2021
Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

La responsabilidad patrimonial en tiempos de pandemia (Los poderes públicos y los daños por la crisis de la COVID-19)

61 Regap

Regap



RECENSIONES

MARÍA VICTORIA ÁLVAREZ BUJÁN

Doutora en Dereito

Universidade de Vigo

Avogada (colexiada 2.523 I.C.A Ourense)

Profesora na UNIR

<https://orcid.org/0000-0001-5858-8984>

victoriaalvarezbujan@gmail.com

BLANQUER CRIADO, D.V.: *La responsabilidad patrimonial en tiempos de pandemia (Los poderes públicos y los daños por la crisis de la COVID-19)*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2021, 787 pp. ISBN: 978-84-1378-384-0.

A monografía obxecto de comentario é da autoría individual de D. David Vicente Blanquer Criado, doutor en Dereito pola Universidade de Alcalá de Henares en 1994 e catedrático de Dereito Administrativo desde o ano 2009, na Universitat Jaume I.

Con carácter preliminar debemos sinalar que, aínda que o autor presenta, á vista da súa traxectoria profesional, un perfil esencialmente académico, iso non obsta para que a obra, ademais de rigorosa desde o punto de vista científico e investigador, resulte práctica e de utilidade para os diferentes operadores xurídicos. En efecto,

trátase dun traballo de plena actualidade e singularmente novidoso, que xira arredor dun dos problemas fundamentais derivados da crise sanitaria, causada polo virus da COVID-19, que deu lugar á adopción dos estados de alarma no noso país e que non é outro que a responsabilidade patrimonial que dimana precisamente desas medidas e restricións excepcionais adoptadas, as cales puideron provocar (e de feito provocaron) danos e perdas á cidadanía que non tiña o deber xurídico de soportalos.

O libro está perfectamente estruturado en once capítulos que abordan todos os aspectos fundamentais da responsabilidade patrimonial. Así, contextualízase este instituto no marco da crise sanitaria existente, “tendo en conta, entre outras premisas, que o artigo 116.6 da nosa carta magna preconiza que a declaración dos estados de alarma, de excepción e de sitio non modificarán o principio de responsabilidade do Goberno e dos seus axentes recoñecidos na Constitución e nas leis”.

No capítulo primeiro o autor parte, para determinar o sentido e alcance da responsabilidade patrimonial, da idea (e así centra e titula o dito capítulo) de que a Administración non é a aseguradora universal de todas as desgrazas que nos sucedan, para continuar explicitando no capítulo segundo os danos que quedan fóra da órbita da responsabilidade patrimonial. Nesta orde de composición, cómpre ter claro que non todos os pagamentos, axudas, compensacións ou indemnizacións que satisfagan as administracións por razón da crise da enfermidade COVID-19 se realizan nin se deben realizar sempre a título de responsabilidade patrimonial, como con acertado criterio apunta o propio autor no resumo da obra¹.

Dentro dese mesmo capítulo, realízase unha aproximación ao estado de alarma sanitaria, aludindo á diversidade de danos sufridos a partir das medidas gobernamentais impostas durante a vixencia do estado de alarma, a distinción entre o sacrificio de dereitos e intereses lexítimos e as indemnizacións a título de responsabilidade patrimonial.

Igualmente, concentra a súa atención na medida relativa á intervención de empresas no sector sanitario e o que o autor denomina a ordenación xeral dun dereito que non dá lugar ao pagamento dunha indemnización a título de responsabilidade patrimonial. Nesta orde de composición, como non podía ser doutro xeito, fai referencia, entre outros extremos, á liberdade constitucional de empresa e á suspensión de actividade durante a vixencia do estado de alarma, a suspensión xeneralizada de actividades económicas durante a vixencia do estado de alarma e os rebotes de contaxios despois do estado de alarma e o peche de discotecas e outros establecementos, á vez que plasma reflexións de interese acerca das axudas e situacións de catástrofe ou calamidade, tomando en consideración as axudas ás empresas e autónomos/as implementadas no noso país para paliar os efectos da crise económica derivada da crise sanitaria.

Pola súa banda, o capítulo terceiro versa sobre algúns dos danos que poden estar dentro da órbita da responsabilidade patrimonial, e céntrase, singularmente, no

¹ Pensemos así, a título de exemplo, nos supostos de reintegro de gastos por determinados servizos sanitarios privados ao servizo de saúde da comunidade autónoma correspondente cando nunha determinada situación (que podería acusarse de urxente) non se facilitou un servizo/tratamento concreto, que de ordinario se vén proporcionando a través do Sistema Público de Saúde, como consecuencia das medidas adoptadas co estado de alarma e a crise sanitaria.

ámbito da saúde pública (sen esquecer aspectos relevantes concernentes ao eido dos centros sanitarios privados). Así, examínase o persoal sanitario e o que presta servizos sociais nunha residencia para a terceira idade, os pacientes ingresados nun hospital público e en xeriátricos, a actividade da Administración en relación con estes centros e persoas e a perda de oportunidade.

Quizais a parte máis importante do capítulo sexa aquela en que se analiza o dano causado ao imporse unha prestación persoal de carácter forzoso ou obrigatorio e o dano xerado por unha sanción administrativa despois invalidada por ser contraria a dereito e, en especial, o peche de bares e outros establecementos abertos ao público que incumpren a capacidade máxima permitida. Ademais, dedícase un apartado específico a examinar unha cuestión tan relevante e que tantas dúbidas e suspicacias, ademais de polémica, está a suscitar, como é o dano causado por unha vacina que se impón de xeito forzoso ou obrigatorio. O autor contrapón os conceptos de vacina recomendada pero voluntaria e vacina ordenada con carácter forzoso, pondo a cuestión en relación co *soft law* e o *hard law*, e en sintonía con estas ideas examina, en definitiva, a constitucionalidade da vacina obrigatoria e a oposición do paciente á vacina obrigatoria e a necesidade de obter autorización xudicial.

No capítulo cuarto, seguindo o fío da esfera sanitaria, pon atención no persoal sanitario e nos empregados públicos danados pola COVID-19, tomando en consideración a normativa aplicable vixente especialmente en materia de prevención de riscos laborais e a conflitividade xurdida.

A continuación, no capítulo quinto realiza un encomiable e clarificador estudo da figura da responsabilidade patrimonial no marco do estado de dereito, partindo da súa orixe histórica para chegar a debullar as súas principais funcións e os valores protexidos (xustiza, seguridade xurídica), así como os requisitos que deben concorrer para determinar que procede declarar a responsabilidade patrimonial da Administración. Á luz destes extremos, examina as particularidades do estado de alarma e mesmo dedica unha epígrafe á eventual derivación por parte da Administración da responsabilidade a unha compañía de seguros.

No capítulo sexto complementa o contido do anterior capítulo, centrándose na análise do concepto de dano indemnizable, onde trata a efectividade da lesión, a lesión individualizada, a lesión susceptible de valoración económica e a antixuridicidade da lesión, para afondar deseguido no estudo, por unha banda, da antixuridicidade do resultado lesivo e o estado de coñecementos da ciencia fronte ao coronavirus e, por outra banda, da antixuridicidade do resultado e a invalidación das medidas formais adoptadas durante a pandemia.

O capítulo sétimo é o dedicado ao nexo causal ou relación de causalidade, *conditio sine qua non* para poder determinar que existe responsabilidade patrimonial. Examínanse aquí as principais teorías sobre a relación de causalidade de forma moi ilustrativa, para proceder despois a trasladar o significado e alcance da relación de causalidade á Administración sanitaria e a pandemia pola COVID-19.

O capítulo oitavo dedícase a outro dos elementos ineludibles que integran a responsabilidade patrimonial, como é a imputación subxectiva do dano ou resultado

Regap



RECENSIONES

lesivo (neste caso a unha persoa xurídica), referíndose na última epígrafe á responsabilidade das autoridades e funcionarios e á acción de regreso (en que consiste e como se pode exercer).

Correlativamente, o capítulo noveno céntrase no exame da imputación obxectiva do dano, partindo da premisa da mala xestión dos riscos para a saúde. Desenvolve o autor o fundamento obxectivo da atribución a unha persoa xurídica do resultado danoso, a creación ou a xestión de riscos como títulos de imputación obxectiva, o principio de prevención (tomando en conta a precavida creación de reservas estratéxicas de produtos sanitarios), o principio de precaución e a xestión dos riscos sanitarios.

O penúltimo capítulo, décimo, debulla de forma práctica e meridiana o procedemento administrativo en materia de responsabilidade patrimonial, a súa regulación, as fases de que se compón e o seu contido, o prazo (as regras para o seu cómputo, suspensión, prescrición e interrupción da prescrición), a lexitimación e o fondo. Así mesmo, fai referencia a determinados danos específicos, isto é, o dano prolongado, pero inicialmente oculto, os danos materiais continuados, os danos causados por un acto administrativo inválido, as lesións físicas continuadas e os danos físicos ou psíquicos de carácter permanente.

Finalmente, o último capítulo, undécimo, refírese á indemnización ou resarcimentos, ás súas clases, aos conceptos indemnizables e ao cálculo do seu valor, á débeda de valor e á actualización de valores, así como aos xuros de mora.

En resumidas contas, tras salientar sucintamente o contido da monografía, podemos comprobar como o autor aglutina o estudo de todos os elementos que integran a responsabilidade patrimonial, proxectándoos ao marco da situación excepcional relativa aos estados de alarma, á crise sanitaria e á súa regulación e peculiaridades. Como colofón desta recensión, non podemos senón aconsellar a lectura desta obra tan completa, que nos proporciona claves de suma importancia para poder enfrontar moitos dos problemas xurídicos (e mesmo procesuais) que se suscitaron xa e que continuarán a facelo nos próximos tempos en relación con distintos eidos administrativos, por exemplo o sanitario.

A obra, que goza dunha técnica xurídica excelsa e que é reflexo dun manexo rico de fontes (doutrina e xurisprudencia), resulta práctica e de amena lectura, presentándose non só apta, senón de suma utilidade para todos os operadores xurídicos, ao facilitar pautas e despexar dúbidas no que concirne a un tema de máximo interese, urxente para a sociedade (non só española, senón a escala global) dos nosos días e que, lamentablemente, terá moita aplicación no presente e no futuro próximo, xa que os estragos orixinados na sociedade a causa da COVID-19, o estado de alarma e as restricións adoptadas por mor da pandemia non fixeron nada máis que comezar.

Nin o Goberno nin os diferentes organismos públicos/administracións se atopaban nin se atopan preparados para xestionar unha situación imprevista e extraordinaria como foi a da crise sanitaria. Ademais, a normativa existente e a que se foi aprobando sobre a marcha revisten notables defectos, lagoas e deficiencias. Todo iso leva consigo que na praxe se xerasen e continúen a xerarse supostos de responsabilidade

patrimonial, sendo primordial que saibamos non só detectalos, senón saber como e que podemos/debemos reclamar, e a tales fins responde precisamente a obra deste autor.

regap



RECENSIONES

Revista Galega de Administración Pública

ISSN-L: 1132-8371

Núm. 61, enero-junio 2021 \ Number 61, January-June 2021

Sumario/Summary

1 ESTUDIOS / STUDIES

Agustí Cerrillo i Martínez

Robots, asistentes virtuales y automatización de las administraciones públicas.....271
Robots, virtual assistants and automation of public administrations

Fernando Rey Martínez

El organismo español para la igualdad: claves para su convergencia con el modelo europeo.....311
The Spanish body for equality: keys to its convergence with the European model

Lourdes de la Torre Martínez

Los municipios y las infraestructuras de la sociedad de la información343
Municipalities and infrastructures of information society

Francisco Javier Carro Castro

Las edificaciones tradicionales del artículo 40 de la Ley del suelo de Galicia: concepto, evolución y análisis.....381
Traditional buildings of the article 40 in the Galician urban Law: concept, evolution and analysis

Sabela Pardo Rodríguez

Los condominios en el Derecho comparado y en el Derecho urbanístico gallego.....409
Condominiums in comparative law and in Galician urban law

Víctor José Barbeito Pose y Julián Bustelo Abuín

Las deficiencias de las herramientas de geolocalización de los yacimientos arqueológicos y sus consecuencias sobre la protección del patrimonio cultural de Galicia. 433
The deficiencies of the geolocation tools of archaeological sites and their consequences on the protection of the cultural heritage of Galicia

2 COMENTARIOS Y CRÓNICAS / COMMENTS AND CHRONICLES

Patricia Iglesias Rey

Ideas fuerza en clave jurídica para la captación de los fondos europeos de recuperación: Next Generation EU 447
Strong legal ideas for attracting European recovery funds: Next Generation EU

Daniel Neira Barral

Los efectos de la Directiva ECN+ en el sistema de competencia español. . . . 467
The effects of the ENC+ Directive in the Spanish legal system

Francisco de Cominges Cáceres

Jurisprudencia contencioso-administrativa. 477
Contentious-administrative jurisprudence

3 RECENSIONES / REVIEWS

Mercedes Fuertes López

Administración y doctrina de los actos propios. Incoherencias aplicativas. . . 513

Noel Armas Castilla

El derecho de acceso a la información pública 517

Anxo Varela Hernández

Buen gobierno y buena administración. Cuestiones claves. 521

Emma Vioque Martínez

Mujer y desarrollo sostenible en el medio rural 527

María Victoria Álvarez Buján

La responsabilidad patrimonial en tiempos de pandemia. 533

Proceso de selección e avaliación dos orixinais
Normas de publicación 555

Proceso de selección y evaluación de los originales
Normas de publicación 559

Selection and evaluation process of originals
Publication requirements 563

Regap

Estudios

1



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 61_enero-junio 2021 | pp. 271-309
Santiago de Compostela, 2021
<https://doi.org/10.36402/regap.v0i61.4791>
© Agustí Cerrillo i Martínez
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371
Recibido: 02/06/2021 | Aceptado: 16/06/2021
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License

Robots, asistentes virtuais
e automatización das
administracións públicas

Robots, asistentes virtuales y automatización de las administraciones públicas

61 Regap

Robots, virtual assistants
and automation of public
administrations

Regap



ESTUDIOS

AGUSTÍ CERRILLO I MARTÍNEZ
Catedrático de Derecho Administrativo
Universitat Oberta de Catalunya

<https://orcid.org/0000-0002-1577-4194>

acerrillo@uoc.edu

Resumo: Os robots software son dispositivos utilizados para automatizar tarefas ou para interactuar con dispositivos. Nos últimos tempos, algúns robots software están a utilizar intelixencia artificial para poder desenvolver tarefas complexas ou aprender da experiencia. Todo iso xa está a ter aplicacións nas administracións públicas.

Neste artigo analízase como a automatización das administracións públicas incide nos principios da Administración dixital. Así mesmo, estúdase a regulación da actuación administrativa a través de robots e os límites que impón a normativa de protección de datos. Ademais, expónse o impacto que o uso de robots pode ter no emprego público. Finalmente, identifícanse os procedementos que utilizan as administracións públicas para incorporar robots software.

